



ACTA XUNTA DE GOBERNO
SESIÓN ORDINARIA DE VINTE E CATRO DE MAIO DE DOUS MIL DEZANOVE
(ACTA NÚMERO 27)

Presidente:

D. Darío Campos Conde

Sres. Deputados:

D. Argelio Fernández Queipo

D. Álvaro Santos Ramos

D. Lino Rodríguez Ónega

D^a. Sonsoles López Izquierdo

Secretaria:

D^a. María Esther Álvarez Martínez

Interventora:

D^a. Rosa Abelleira Fernández

No Salón de Comisións do Pazo Provincial, sendo as once horas do día **vinde e catro de maio de dous mil dezanove**, baixo a Presidencia do titular do cargo, Ilmo. Sr. D. Darío Campos Conde, reúnen os Sres. Deputados á marxe relacionados, co obxecto de celebrar, en segunda convocatoria, sesión ordinaria convocada para o efecto, para tratar os asuntos incluídos na Orde do Día regulamentariamente remitida, en virtude das facultades delegadas que lle confire á Xunta o artigo 59 do vixente Regulamento Orgánico desta Corporación.

Actúa de Secretaria D^a. María Esther Álvarez Martínez, e asiste a Interventora D^a. Rosa Abelleira Fernández.

Non asisten os señores Deputados D. Pablo Rivera Capón, D^a. M^a. del Pilar García Porto, D^a. Mayra García Bermúdez e D. Eduardo Vidal Baamonde.

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA O DÍA QUINCE DE MAIO DE DOUS MIL DEZANOVE E DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O DÍA VINTE DE MAIO DE DOUS MIL DEZANOVE.

Por parte do Sr. Presidente pregúntase aos Sres. Deputados, membros da Xunta de Goberno, se teñen que formular algunha observación á acta da sesión extraordinaria celebrada o día quince de maio de dous mil dezanove e da sesión ordinaria celebrada o vinte de maio de dous mil dezanove, que foi distribuída entre os mesmos; e ao non presentarse ningunha emenda, foi aprobada por unanimidade dos asistentes.

2.- PROPOSTA EN RELACIÓN COS ESCRITOS DAS ALCALDÍAS DOS CONCELLOS DE GUITIRIZ E TABOADA, SOLICITANDO A APLICACIÓN DE REMANENTES PRODUCIDOS NA ADXUDICACIÓN DE INVESTIMENTOS INCLUÍDOS NO PLAN ÚNICO DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS 2018.

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Visto o informe do Servizo de Contratación e Fomento, no que, entre outros se conteñen os seguintes extremos:

“En relación cos escritos das Alcaldías dos Concellos de Guitiriz e Taboada no que solicitan a aplicación de remanentes producidos na adxudicación de investimentos incluídos no Plan Único de Cooperación cos Concellos 2018, infórmase o seguinte:



Polo Pleno da Deputación Provincial, na sesión ordinaria que tivo lugar o 27 de febreiro de 2018 acordouse a aprobación das Bases do Plan Único de Cooperación cos Concellos 2018. Ditas Bases foron publicadas no BOP nº 051 do sábado 3 de marzo de 2018, fixándose, na base 18, o prazo do 31 de outubro de 2018 para adxudicar e formalizar, de proceder, os contratos referentes ás actuacións incluídas no Plan. Nas devanditas bases, concretamente na base 13ª, establecece “As baixas obtidas nas licitacións será investidas por cada concello na mesma finalidade, e sempre que non supoña modificación orzamentaria (...), previa proposta do Concello ...”

Segundo o establecido na base 18, “Unha vez adxudicados os investimentos, o concello deberá presentar nesta deputación, de forma individual para cada investimento, a seguinte documentación: A certificación do acordo ou resolución de adxudicación do contrato ou do acordo de execución por administración. (Anexo III ou Anexo IV)”.

O Plan Único de Cooperación cos Concellos 2018 foi aprobado polo Pleno desta Deputación en sesión ordinaria, en data 29 de maio de 2018, figurando incluídas as obras que se sinalan e nas cales se produce remanente na adxudicación. Os concellos indicados achegaron os correspondentes anexos III ou IV, nos que se concretan as baixas producidas nas licitacións dos investimentos incluídos no Plan único, así como solicitude de aplicación destas nas actuacións que se relacionan:

Concello de Guitiriz

O Concello de Guitiriz presentou Anexo III de obras incluídas no plan único, relacionando os importes de baixas que se indican a continuación, e relación coas aplicacións orzamentarias detalladas pola intervención e que se sinalan seguidamente:

Nº obra	IDENTIFICACIÓN	APLICACIÓN	BAIXA € DEPUTACIÓN
102	OBRAS DE MANTEMENTO NO CAMIÑO DE ACCESO A PARROQUIA DE SANTA LOCAIA DE PARGA: DENDE PR-21-01 A EIREXE, P.K. 0+000 - 0+700	2018 1531 762	500,20€
103	OBRAS DE MANTEMENTO NO CAMIÑO DE ACCESO A PARROQUIA DE SANTA CRUZ DE PARGA E SAN SALVADOR DE PARGA: CAMIÑO DENDE PR-23-06 Á LU-170 E CAMIÑO A BASCUAS, P.K 0+000 - 0+800	2018 1531 762	10.602,57
105	ACONDICIONAMENTO E MELLORA DO PARQUE INFANTIL SETE MUÍÑOS	2018 1711 762	15.403,95€

Así mesmo, por escrito de data 15 de maio de 2019, o concello solicita a aplicación destas baixas, tendo en conta o sinalado na base 13 “ ... na mesma finalidade, e sempre que non supoña modificación orzamentaria, previa proposta do Concello...” nas seguintes actuacións relacionadas; constátase que a aplicación dos remanentes se destina á mesma finalidade que as actuacións inicialmente propostas e nas que se ten producido a baixa respectiva, polos importes e financiamento que se indican:

IDENTIFICACIÓN	APLICACIÓN	FINANCIACIÓN DEPUTACIÓN	FINANCIACIÓN CONCELLO	TOTAL INVESTIMENTO
REPARACIÓN DE CAMIÑO EN AS AMEIXEIRAS-LABRADA	1531 76255	11.102,77€	992,27€	12.095,04€
PARQUE INFANTIL “CASA DA AUGA”	1711 76255	15.403,95€	65,00€	15.468,95€

Concello de Taboada

O Concello de Taboada presentou Anexo III de obras incluídas no plan único, relacionando os importes de baixas que se indican a continuación, e en relación coas aplicacións orzamentarias detalladas pola intervención e que se sinalan seguidamente:

Nº obra	IDENTIFICACIÓN	APLICACIÓN	BAIXA € DEPUTACIÓN
279	PAVIMENTACIÓN CON REGOS ASFÁLTICOS EN VILAMEÑE, FONTEBOA E TOMADE, (segundo coordenadas UTM)	2018 1531 762	168,85€
280	REXENERACIÓN DO PAVIMENTO DE VILAR DE CABALOS E SEIXAS, (segundo coordenadas UTM)	2018 1531 762	10.675,23€
281	ACONDICIONAMENTO E REXENERACIÓN DO ALTO DO TORRÓN A VILAR DE CABALOS, (segundo coordenadas UTM)	2018 1531 762	200,65€
282	REHABILITACIÓN DE FIRMES NOS ACCESOS VILELA-CAMPO DA FESTA, SISTO, ESPAILDE, O SEIXO, SUSÁ, CAXÍN E BOUZO, (segundo coordenadas UTM)	2018 1531 762	110,00€
283	MANTENIMENTO E MELLORA DOS ACCESOS A FRIAMONDE, SAN XIÁN DE INSUA, TOLDAO E MUIÑAS, (segundo coordenadas UTM)	2018 1531 762	150,00€
284	OPTIMIZACIÓN ENERXÉTICA DE INSTALACIÓNS DE ALUMEADO PÚBLICO EN RÚA FENOSA E RÚA AVIACIÓN ESPAÑOLA	2018 1650 762	2.467,48€

Así mesmo, por escrito de data 16 de maio de 2019, o concello solicita a aplicación destas baixas, tendo en conta o sinalado na base 13 “ ... na mesma finalidade, e sempre que non supoña modificación orzamentaria, previa proposta do Concello...” nas seguintes actuacións relacionadas; constátase que a aplicación dos remanentes se destinan á mesma finalidade que as actuacións inicialmente propostas e nas que se ten producido a baixa respectiva, polos importes e financiamento que se indican:



IDENTIFICACIÓN	APLICACIÓN	FINANCIACIÓN DEPUTACIÓN	FINANCIACIÓN CONCELLO	TOTAL INVESTIMENTO
REXENERACIÓN DO PAVIMENTO DO ACCESO A PACIOS, ESPERANTE E RUA MUÍÑOS	1531 76255	11.304,73€	0,00€	11.304,73€
MELLORA DA EFICIENCIA ENERXÉTICA NAS INSTALACIÓNS DE ALUMEADO PÚBLICO EN CARUDE	1650 76255	2.467,48€	0,00€	2.467,48

Tendo en conta as solicitudes dos sinalados concellos, de ser vontade desta Corporación acceder ao solicitado, o órgano que deberá adoptar o devandito acordo é a Xunta de Goberno desta Deputación, de conformidade co establecido na base 13 das reguladoras do Plan único 2018, “Os investimentos así financiados con cargo a baixas de licitación someteranse a aprobación da Xunta de Goberno da Deputación Provincial...”. Invócase a aplicación dos principios establecidos nos artigos 3 e 4 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, sobre principios xerais a respectar nas actuacións da administración e de intervención das administracións públicas para o desenvolvemento da súa actividade.

Polo que va dito, infórmase favorablemente a financiación dos investimentos identificados polos importes indicados, con cargo aos remanentes producidos na adxudicación de investimentos incluídos inicialmente polos respectivos concellos, no Plan único 2018, debendo estar xustificada a súa execución no mesmo prazo que o establecido para os investimentos incluídos inicialmente.

A vista do anterior, propónse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Acceder ao solicitado polas Alcaldías dos Concellos de Guitiriz e Taboada e incluír como investimentos financiados con cargo aos remanentes producidos en adxudicacións dos investimentos incluídos inicialmente, os investimentos que deseguido se indican co financiamento que se detalla, e que deberá estar xustificado a súa execución no mesmo prazo que os investimentos incluídos inicialmente.

IDENTIFICACIÓN	APLICACIÓN	CONCELLO	FINANCIACIÓN DEPUTACIÓN	FINANCIACIÓN CONCELLO	TOTAL INVESTIMENTO
REPARACIÓN DE CAMIÑO EN AS AMEIXEIRAS-LABRADA	1531 76255	GUITIRIZ	11.102,77€	992,27€	12.095,04€
PARQUE INFANTIL “CASA DA AUGA”	1711 76255		15.403,95€	65,00€	15.468,95€
REXENERACIÓN DO PAVIMENTO DO ACCESO A PACIOS, ESPERANTE E RUA MUÍÑOS	1531 76255	TABOADA	11.304,73€	0,00€	11.304,73€
MELLORA DA EFICIENCIA ENERXÉTICA NAS INSTALACIÓNS DE ALUMEADO PÚBLICO EN CARUDE	1650 76255		2.467,48€	0,00€	2.467,48

2º.- Dar traslado do presente aos Concellos indicados para ao seu coñecemento e aos efectos expresados no acordo”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

3.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN E DO PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES E DE PRESCRICIÓNS TÉCNICAS PARA A CONTRATACIÓN POR LOTES DOS GRUPOS MUSICAIS PARA O III FESTIVAL BLUES DE LUGO “BLUES MUSEUM”.

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Visto o Informe Xurídico- Administrativo, no que se recollen as seguintes consideracións:

Incoase expediente administrativo coa finalidade de proceder á contratación por lotes dos grupos musicais para o III Festival Blues de Lugo “BLUES MUSEUM”.

A contratación divídese nos lotes que se detallan a continuación, constituíndo o obxecto de cada lote unha unidade funcional susceptible de realización independente.

LOTES
I) CHRIS O’LEARY BAND
II) WATERMELON SLIM
III) IZO FITZROY
IV) YOLANDA BROWN
V) BEN POOLE BAND
VI) ARETHA SOUL DIVAS

O obxecto do contrato non está excluído do ámbito de aplicación da LCSP xa que non figura en ningún dos supostos recollidos no seu art. 4 e 11, como negocios xurídicos excluídos.



Ao contrato élle de aplicación a LCSP, xa que a Excma. Deputación provincial de Lugo, é unha das entidades recollidas no seu artigo 3.1.a.

O contrato ten carácter privado de conformidade co disposto nos artigos 25 e 26 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (en adiante LCSP), que se aplicará en canto a súa preparación e adxudicación (art. 26 da LCSP).

Os pregos de condicións elaborados para disciplinar a licitación e o contrato recollen as esixencias legais sinaladas e adáptase á normativa aplicable. Recollen, con carácter xeral, os aspectos que son de contido obrigatorio, segundo o disposto no artigo 122 da LCSP, en relación co punto 7 do artigo 67 do RXLCAP, salvo os que non son procedentes tendo en conta a modalidade de contrato elixida.

O contrato adxudicarase mediante procedemento negociado sen publicidade, de acordo co establecido nos artigos 116.4.a), 131.2, 168, e 170 da LCSP, nos termos do artigo 131 da citada lei; de conformidade coa aplicación dos criterios que se detallan para a determinación da mellor oferta e de acordo cos artigos 145, 146 e 166.2 da LCSP (sobre aspectos económicos e técnicos que han de ser obxecto de negociación), criterios que figuran na cláusula 12 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Motívase a elección do procedemento e sistema indicados en atención a que para os concertos a celebrar para o festival de “BLUES MUSEUM” dos Lotes I, II e III, D. Eduardo Núñez-Torrón Caballero, ostenta os dereitos de representación en exclusiva, como produtor local para as actuacións de CHRIS O’LEARY BAND, WATERMELON SLIM, e de IZO FITZROY. No caso das actuacións relacionadas para os Lotes IV, V e VI, a empresa EIDÓN MÚSICA, S.L. ostenta os dereitos de representación en exclusiva como produtor local para as actuacións de YOLANDA BROWN, BEN POOLE BAND, e de ARETHA SOUL DIVA.

A maior abastanza pódese facer mención, entre outros, ao contido Informe 8/2017, do 21 de xuño de 2017, da Xunta Consultiva de Contratación Administrativa da Comunidade Autónoma de

Aragón, no que se analiza a posibilidade de empregar o procedemento negociado para a contratación de espectáculos musicais. Informe que se ben fai referencia ao articulado do Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP), disposición actualmente derogada, o seu contido pode ser aplicable á presente licitación naquelas cuestións que a actual LCSP regula en termos similares ao TRLCSP:

“(…)

IV. La contratación de espectáculos musicales.

(…)

Por cuanto respecta a la posibilidad de utilizar el procedimiento negociado, el art. 170.1.d TRLCSP habilita tal posibilidad:

“d) Cuando, por razones técnicas o artísticas o por motivos relacionados con la protección de derechos de exclusiva el contrato sólo pueda encomendarse a un empresario determinado.”

Hay que recordar que el previsto en dicho precepto es un procedimiento excepcional que solo puede utilizarse en los supuestos taxativamente previstos en la ley, debiendo ser objeto de interpretación restrictiva. En este sentido en un reciente Informe 2/2016, de 6 de abril, la Junta Consultiva de Contratación Administrativa de la Generalitat de Cataluña, señala que la circunstancia esencial que permite la utilización de este procedimiento es que no exista la posibilidad de promover la concurrencia. Y en nuestra Recomendación 1/2016, de 20 de abril, relativa a la utilización del procedimiento negociado ya señalábamos que la utilización de este supuesto exige la constatación y acreditación clara e irrefutable, de que concurre una situación de exclusividad.

Tal exclusividad, como precisa la Directiva 2014/24/UE en su considerando 50, debe de ser una exclusividad objetiva, que no haya sido creada por el propio poder adjudicador con vistas al futuro procedimiento de contratación. Actualmente, el artículo 32.2 b de la Directiva 2014/24/UE precisa que resultará posible acudir a este supuesto cuando las obras, los suministros o los servicios



solo puedan ser proporcionados por un operador económico concreto por alguna de las siguientes razones:

“i) que el objetivo de la contratación sea la creación o adquisición de una obra de arte o actuación artística única,...” (1)

La cuestión que se debe resolver es qué se entiende en el caso de espectáculos musicales por “actuación artística única”. Sobre la subsunción de la contratación de servicios de espectáculos musicales en el supuesto al que se refiere el art. 170.1.d TRLCSP la Junta Consultiva de Contratación Administrativa del Estado, en su Informe 41/96, de 22 de julio de 1996, en el que expresamente se le preguntaba por el procedimiento de adjudicación de contratos que tuvieran por objeto “la contratación de un artista o grupo artístico que aporta su labor creativa al espectáculo (orquestas)”, se manifestó conforme con el criterio de que «las razones artísticas son suficientes para considerar que sólo puede encomendarse el objeto del contrato a un único empresario, pues una interpretación contraria dejaría vacío de sentido el precepto u obligaría a una labor ímproba de determinar cuándo una obra artística puede ser llevada a cabo o no por otro artista o empresario, introduciendo un elevado grado de inseguridad jurídica”.

(...)”

Tal e como se expón no Informe 7/2018, da Xunta Consultiva de Contratación Pública do Estado:

El recurso al contrato negociado sin publicidad regulado en el artículo 168 tiene unas causas tasadas muy estrictas derivadas de la necesidad intrínseca de proteger el principio básico de la libre competencia a través de la publicidad de los contratos. La causa a la que se refiere la consulta se refiere específicamente a los casos en que el contrato tenga por objeto la creación o adquisición de una obra de arte o representación artística única no integrante del Patrimonio Histórico Español.

En nuestro Informe 41/96, de 22 de julio, señalábamos lo siguiente:

“Desarrollando más concretamente aquella conclusión la Junta Consultiva de Contratación Administrativa se manifiesta conforme con el criterio manifestado por el Instituto consultante de que las razones artísticas son suficientes para considerar que sólo puede encomendarse el objeto del contrato a un único empresario, pues una interpretación contraria dejaría vacío de sentido el precepto u obligaría a una labor ímproba de determinar cuándo una obra artística puede ser llevada a cabo o no por otro artista o empresario, introduciendo un elevado grado de inseguridad jurídica.” Por tanto, las razones artísticas justificaban el recurso al procedimiento negociado sin publicidad.

A la luz de la nueva Ley 9/2017 podemos apreciar que el artículo 168 a) 2º alude a esta causa nuevamente, por lo que podemos llegar a la conclusión de que resulta posible seguir recurriendo al procedimiento negociado sin publicidad para contratos de carácter artístico en que la prestación tenga la peculiaridad de su carácter único, sin perjuicio de que cuando resulte procedente en función del valor estimado del contrato también se pueda utilizar el contrato menor.

Remata o Informe 7/2018 coa seguinte conclusión a este respecto: 3. Sería posible recurrir al procedimiento negociado sin publicidad con base en las causas del artículo 168 a) 2ª respecto a aquellos contratos con un claro contenido de carácter artístico único.

(1) Aínda que non se sinala expresamente no Informe 8/2017 mencionado, outra das razóns contempladas no artigo 32.2 b da Directiva 2014/24/UE, en concreto a sinalada no seu punto III), é que deban protexerse dereitos exclusivos, incluídos os dereitos de propiedade intelectual o industrial.

No informe de necesidade de contratación, relaciónanse tamén as cuestións relativas á execución de dereitos de exclusividade.

Por todo o anteriormente exposto, entendemos que nos atopamos ante unha materia de cesión de dereitos exclusividade e baseándose tanto no artigo 168 a) 2º da Lei 9/2017 da Lei de Contratos do Sector Público, como nos informes 41/96, de 22 de xullo de 1996 da Xunta Consultiva de Contratación do estado (no que expresamente se preguntaba polo procedemento de adxudicación de contratos que tivesen por obxecto “a contratación dun artista ou grupo artístico que aporta a súa labor creativa ao espectáculo”) e o recente informe 8/2017, da Xunta Consultiva de Contratación



Administrativa da Comunidade Autónoma de Aragón, (no que se preguntaba o procedemento de adxudicar a contratación das orquestras das festas patronais) adoptado na súa sesión do día 21 de xuño de 2017 manifestáronse exactamente co mesmo criterio o cal é “las razones artísticas son suficientes para considerar que sólo puede encomendarse el objeto del contrato a un único empresario, pues una interpretación contraria dejaría vacío de sentido el precepto u obligaría a una labor ímproba de determinar cuando una obra artística puede ser llevada a cabo o no por otro artista o empresario, introduciendo un elevado grado inseguridad jurídica” non sendo posible, por tanto, promover a concorrência e proponendo o procedemento negociado sen publicidade como o procedemento de adxudicación máis acaído neste caso.

A presente contratación non se atopa suxeita a regulación harmonizada dado o importe do mesma, consonte ao establecido no artigo 22 do LCSP, desenvolto, nas contías pola Orden HFP/1298/2017, do 26 de decembro, pola que se publican os límites dos distintos tipos de contratos a efectos da contratación do sector público a partir do 1 de xaneiro de 2018.

De conformidade co previsto no artigo 99 da LCSP e dado que a natureza e obxecto do contrato o permite, prevese a realización independente de cada un dos concertos ,mediante a división en lotes, segundo se precisa a continuación:

LOTES
I) CHRIS O’LEARY BAND
II) WATERMELON SLIM
III) IZO FITZROY
IV) YOLANDA BROWN
V) BEN POOLE BAND
VI) ARETHA SOUL DIVAS

As obrigas que se deriven da presente contratación, segundo se recolle na certificación da intervención xeral, de data 14 de maio do 2019, financiaranse con cargo á aplicación orzamentaria 3340.22609.640 por un importe total de 70.906 € (IVE incluído).

A necesidade administrativa a satisfacer coa contratación do espectáculo público consistente na celebración dos citados concertos amentados no PPT, con motivo do III Festival Internacional Blues de Lugo “BLUES MUSEUM” é ofrecer unha programación de alta calidade,

con concertos de grandes artistas do xénero blues, iniciativa que entra dentro dos obxectivos desta Área de Cultura de impulsar actividades totalmente gratuitas para dinamizar a vida cultural da cidade e Provincia de Lugo.

As necesidades administrativas a satisfacer mediante a presente contratación, constan relacionadas no “Informe da necesidade da contratación e solicitude orzamentaria” que obra no expediente, emitido pola Área de Cultura, PHA, Artesanía e Deseño e Educación, e que se poden resumir en:

“A Área de Cultura desta Deputación ten entre os seus obxectivos a promoción da cultura, da música, da literatura e a lingua galegas, ademais de promover outras actividades para dinamizar a vida cultural da nosa cidade.

Neste caso estamos a falar da contratación dos grupos:

Lote I: CHRIS O’LEARY BAND, a través de Eduardo Núñez- Torrón Caballero, por ostentar os dereitos de representación en exclusiva como produtor local, para a actuación o día 19 de xullo na Praza da Soidade.

Lote II: WATERMELON SLIM, a través de Eduardo Núñez- Torrón Caballero, por ostentar os dereitos de representación en exclusiva como produtor local, para a actuación o día 20 de xullo na Praza da Soidade.

Lote III: IZO FITZROY, a través de Eduardo Núñez- Torrón Caballero, por ostentar os dereitos de representación en exclusiva como produtor local, para as actuacións os días 20 de xullo na Praza da Soidade e 21 de xullo nos Xardíns do Museo Provincial de Lugo

Lote IV: YOLANDA BROWN, a través de EIDÓN MÚSICA, S.L., por ostentar os dereitos de representación como produtor local en exclusiva, para dúas actuacións o día 19 de xullo, unha nos Xardíns do Museo Provincial e outra na Praza da Soidade.



Lote V: BEN POOLE BAND, a través de EIDÓN MÚSICA, S.L., por ostentar os dereitos de representación como produtor local en exclusiva, para a actuación o día 19 de xullo na Praza da Soidade e unha masterclass o día 20 de xullo nos Xardíns do Museo Provincial de Lugo

Lote VI: ARETHA SOUL DIVAS, a través de EIDÓN MÚSICA, S.L., por ostentar os dereitos de representación como produtor local en exclusiva, para unha actuación o día 20 de xullo na Praza da Soidade.

Con motivo do III Festival Internacional de Blues de LUGO “BLUES MUSEUM

(...)

A necesidade administrativa a satisfacer coa contratación do espectáculo público consistente na celebración dos citados concertos, con motivo do III Festival Internacional Blues de Lugo “BLUES MUSEUM” é ofrecer unha programación de alta calidade, con concertos de grandes artistas do xénero blues, iniciativa que entra dentro dos obxectivos desta Área de Cultura de impulsar actividades totalmente gratuitas para dinamizar a vida cultural da nosa cidade ao mesmo tempo que se propón un plan musical alternativo durante esa fin de semana, e en concreto a necesidade móvase nas seguintes peculiaridades que a continuación se detallan:

Tras unha grande edición inaugural en 2017 e unha segunda edición no 2018, e con moi boa acollida tanto por parte do público como da crítica, poñemos en marcha unha terceira edición do Festival Internacional de Blues de Lugo “BLUES MUSEUM”, coa intención de consolidarse como o grande referente peninsular no xénero, tanto pola calidade da programación como polos enclaves dos concertos e das actividades que se desenvolven.

E esas son as dúas novidades desta edición con tres días de actividades e case 50 músicos repartidos en 6 formacións:

Artistas de gran recoñecemento, que poden ser (e de feito, sonno) cabezas de cartel en calquera dos grandes festivais internacionais de Blues.

Expansión do festival por todo o casco histórico.

(...)"

Á vista do "Informe da necesidade da contratación e solicitude orzamentaria", e das características das prestacións a desenvolver segundo o previsto no prego de prescricións técnicas reitor da presente contratación, emitidos pola Xefa do Servizo de Cultura, e considerando a concorrencia de elementos de carácter exclusivo, intelectual e artístico na prestación dos servizos obxecto do contrato, queda acreditada a insuficiencia de medios propios por parte da entidade provincial para asumir o obxecto contractual e que o prezo do contrato é adecuado para o seu efectivo cumprimento segundo informes de xustificacións dos prezos emitidos pola Xefa do Servizo de Cultura e que constan incorporados ao expediente.

A duración do presente contrato será de un mes e o prazo empezará a contar a partir do día seguinte ao da subscripción da acta de inicio da prestación do servizo, unha vez formalizado o contrato, salvo circunstancias excepcionais non previstas, en aplicación do artigo 153 da LCSP. As actuacións previstas no PPT terán lugar neste iter temporal.

Se se producise retraso no cumprimento dos prazos de inicio da prestación do servizo por causas non imputables ao contratista, a Administración poderá a petición deste ou de oficio, conceder prórroga que será polo menos por un tempo igual ao tempo perdido, salvo que o contratista solicite outro menor, de acordo ao disposto no artigo 195 da LCSP.

Lembrar a aplicación das obrigas de publicidade e de remisión de información ao Tribunal de Contas e ao Rexistro de Contratos do Sector Público previstas nos artigos 63, 335 e 346 da LCSP, respectivamente. Os actos que se diten no procedemento de adxudicación, cumprimento e extinción do contrato que non reúnan os requisitos do artigo 44.1 da LCSP poderán ser obxecto de recurso administrativo ordinario, podendo interpoñer contra os mesmos recurso potestativo de reposición (de conformidade cos artigos 123 e seguintes da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas), en relación co artigo 52 da Lei de Bases de Réxime Local, ante o órgano que os ditou, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa notificación ou publicación (segundo o caso), ou directamente recurso



contencioso administrativo ante o Xulgado da devandita xurisdición en Lugo, no prazo de dous meses contados desde a mesma data, de conformidade co disposto no artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da xurisdición Contencioso- Administrativa.

Os actos administrativos aos que se fai referencia, e sobre os aspectos relacionados neste apartado precedente, poñen fin á vía administrativa (artigo 191.4 da LCSP). No caso de interpoñer recurso de reposición, o prazo de interposición do recurso contencioso- administrativo será de dous meses desde a notificación da resolución desestimatoria do recurso de reposición, si fose expresa, ou de seis meses desde a súa desestimación tácita.

Esta contratación, dado o valor estimado, non é susceptible de recurso especial en materia de contratación.

De conformidade co prego de cláusulas administrativas, os artigos 61.1 e 61.2 da LCSP, e, en virtude das competencias atribuídas pola disposición adicional segunda do mesmo texto legal, o órgano de contratación que actúa en nome da Deputación provincial de Lugo é a Xunta de Goberno no que se refire á aprobación do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, e de Prescricións Técnicas, así como para aprobación do gasto, a adxudicación, a interpretación, modificación e resolución do contrato, nos termos do artigo 59 apartados 8 e 12 do ROD (Reglamento Orgánico da Deputación Provincial, publicado no BOP de 10 de marzo de 2011); nos restantes actos procedimentais o órgano competente será o Sr. Presidente da Deputación Provincial.

O artigo 3.3 h do Real Decreto 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional sinala que a emisión de informes cando así se estableza na lexislación sectorial é unha das atribucións que comprende a función de asesoramento legal preceptivo que lle corresponde exercer á Secretaría Xeral da entidade provincial. O apartado 4 do mencionado artigo dispón a estes efectos, que a emisión do informe do Secretario poderá consistir nunha nota de conformidade en relación cos informes emitidos polos servizos da propia entidade e que figuren como informes xurídicos no expediente.”

Polo exposto, proponse que, pola Xunta de Goberno, se adopten os seguintes acordos:

1º.- Aprobar a contratación por lotes dos grupos musicais para o III Festival Blues de Lugo “BLUES MUSEUM”.

2º.- Aprobar os pregos de cláusulas administrativas particulares e prescricións técnicas que rexerán na licitación do contrato sinalado no parágrafo anterior.

3º.- Aprobar o procedemento de adxudicación, que é o procedemento negociado sen publicidade, de conformidade co establecido no artigo 168 a) apartado 2º da LCSP e dispoñer a apertura do mesmo.

4º.- Ordenar ao Servizo de Contratación e Fomento que curse os convites a D. Eduardo Núñez- Torró Caballero, para as actuacións de CHRIS O’LEARY BAND, WATERMELON SLIM, e de IZO FITZROY e á empresa EIDÓN MÚSICA, S.L para as actuacións de YOLANDA BROWN, BEN POOLE BAND, e de ARETHA SOUL DIVA, para a presentación das ofertas e tamén durante a fase de negociación.

5º.- Aprobar o gasto por importe de 58.600 €, sobre os que se aplicará un IVE do 21%, 12.306 €, o que fai un total de 70.906 euros, coa desagregación por conceptos e lotes que se indica a continuación.

LOTES	IMPORTE SEN IVE	IVE (21%)	TOTAL	VALOR ESTIMADO DO CONTRATO
I) CHRIS O’LEARY BAND	8.200	1.722	9.922	8.200
II) WATERMELON SLIM	10.700	2.247	12.947	10.700
III) IZO FITZROY	6.500	1.365	7.865	6.500
IV) YOLANDA BROWN	12.500	2.625	15.125	12.500
V) BEN POOLE BAND	8.700	1.827	10.527	8.700
VI) ARETHA SOUL DIVAS	12.000	2.520	14.520	12.000
TOTAL	58.600 €,	12.306 €,	70.906€	58.600 €

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.



4.- ACORDO QUE PROCEDA SOBRE ACCIÓNS DE FOMENTO PARA DINAMIZACIÓN E POTENCIACIÓN DA INTEGRIDADE DA RAZA BOVINA RUBIA GALEGA NAS EXPLOTACIÓNS LUCENSES. EIXE 1: PROMOCIÓN E RECRÍA DE NOVELAS DE RAZA RUBIA GALEGA NA GRANXA GAYOSO CASTRO. EIXE 2: PROMOCIÓN E POTENCIACIÓN DE REPRODUTORAS INSCRITAS NO REXISTRO DEFINITIVO DO LIBRO XENEALÓXICO DA RAZA RUBIA GALEGA NAS EXPLOTACIÓNS DA PROVINCIA DE LUGO.

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

Acción de fomento, Eixe 1.

Incorporase ao expediente convenio da subvención directa de carácter excepcional a conceder á ASOCIACIÓN NACIONAL DE CRIADORES DE GANADO VACUNO SELECTO DE RAZA RUBIA GALLEGA (ACRUGA), co obxecto de colaborar no financiamento dos gastos derivados da execución da actividade “Dinamización e potenciación da integridade da raza bovina rubia galega nas explotacións lucenses”, Liña 1: promoción e recría de novelas de raza rubia galega na granxa Gaioso Castro”, polo importe de 688.000,00€ no período 2019- 2022 (172.000,00€/ano). Este convenio de subvención directa e excepcional e o expediente da súa razón intégrase e fundamentase nos seguintes antecedentes:

Proposta emitida pola Unidade Administrativa Xestora que acredita a existencia de motivación suficiente, de concorrencia das razóns que habilitan a utilización deste procedemento excepcional.

O propio convenio que instrumenta a subvención antes mencionada, identificada como eixe 1 da actividade de fomento identificada na cabeceira.

Declaración responsable do beneficiario de non estar incurso en ningunha das prohibicións previstas nos apartados 2 e 3 do artigo 13 da LXS, e demais normativa de aplicación, nos termos que se establecen nas Bases de Execución do Orzamento para o ano 2019.

Informe da unidade administrativa xestora, no que se manifesta que segundo os datos que están no seu poder, o beneficiario reúne todos os requisitos para optar á subvención.

Memoria xustificativa de cada un dos eixes desta acción de fomento para a dinamización e potenciación da integridade da raza bovina rubia gallega, nas explotacións lucenses, orzamentos co correspondente detalle, planos de situación, antecedentes referentes a normativa aplicable e resolucións existentes.

A propia solicitude de subvención nos modelos normalizados.

Informe favorable do Servizo de Contratación e Fomento sobre o texto do convenio, conformado pola Secretaría Xeral.

Informe de fiscalización limitada previa do expediente, emitido pola Intervención Xeral e cuxo resultado é de conformidade.

A actuación que se pretende neste eixe 1, encaixa dentro da Liña 6 – Agricultura, gandeiría e pesca, pertencente á área funcional de Medio Rural e do Mar, do vixente Plan Estratéxico de Subvencións 2017-2019, aprobado por acordo da Xunta de Goberno do 23 de xuño de 2017, e cuxa actualización para o ano 2019 foi aprobada polo mesmo órgano o 8 de febreiro de 2019; xa que na mesma se establece como obxectivo estratéxico o de acadar o desenvolvemento dos sectores agrícola, gandeiro, forestal e pesqueiro como sectores estratéxicos da economía da provincia e xeradores de oportunidades de emprego, e que redunde na fixación de poboación nas zonas rurais.

O obxectivo ou finalidade que se persegue con esta subvención é a promoción e defensa do sector gandeiro, considerado estratéxico para a economía da provincia de Lugo, así como a recuperación, potenciación e conservación de raza rubia galega.

Acción de fomento, Eixe 2.



Cómpre mencionar, as bases e os modelos de solicitude que rexerán a convocatoria, en réxime de concorrancia non competitiva, para a concesión de subvencións destinadas a promoción e potenciación de reprodutoras inscritas no rexistro definitivo do libro xenealóxico da raza rubia galega nas explotacións da provincia Lugo, nas anualidades 2019 a 2022. Aprobación e convenio coa entidade colaboradora, xunto co informe favorable do Servizo de Contratación e Fomento, conformado pola Secretaría Xeral.

Incorpórase ao expediente o convenio con entidade colaboradora aos efectos do artigo 12 e 16 da LXS e concordantes da LSG.

Informe do Servizo de Servizo de Contratación e Fomento sobre:

Bases do eixe 2, de concorrancia non competitiva, para a promoción e potenciación de reprodutoras inscritas no rexistro definitivo do libro xenealóxico da raza rubia galega nas explotacións da provincia Lugo, nas anualidades 2019 a 2022.

O texto do convenio coa entidade colaboradora ACRUGA, para xestión distribución e entrega dos fondos percibidos da Deputación Provincial entre os beneficiarios do eixe 2 desta acción de fomento.

Por todo o anteriormente exposto, proponse que pola Xunta de Goberno se adopte a seguinte resolución:

1º.- Aprobar a excepcionalidade e se outorgue a subvención directa de carácter excepcional, por importe de 688.000,00€ para o período 2019-2022, ambos inclusive (172.000,00€/anuais) a favor da entidade ASOCIACIÓN NACIONAL DE CRIADORES DE GANADO VACUNO SELECTO DE RAZA RUBIA GALLEGA (ACRUGA), para sufragar os gastos derivados da actividade “Dinamización e potenciación da integridade da raza bovina rubia gallega nas explotacións lucenses”, subvención incluída na Liña 6– Agricultura, gandeiría e pesca, pertencente á área funcional de Medio Rural e do Mar do vixente Plan Estratéxico de Subvencións 2017-2019.

O importe da subvención tramítase como gasto plurianual coa seguinte distribución:

Ano 2019: 172.000,00€

Ano 2020: 172.000,00€

Ano 2021: 172.000,00€

Ano 2022: 172.000,00€

2º.- Aprobar o gasto plurianual polo importe total de 688.000,00€, que se desglosa en 172.000,00€ con cargo á aplicación orzamentaria 4190.489 do orzamento da Deputación Provincial de Lugo para o ano 2019, a favor da ASOCIACIÓN NACIONAL DE CRIADORES DE GANADO VACUNO SELECTO DE RAZA RUBIA GALLEGA (ACRUGA), para sufragar gastos derivados da actividade “Dinamización e potenciación da integridade da raza bovina rubia gallega nas explotacións lucenses”; e, para as anualidades 2020, 2021 e 2022 adoptar o compromiso de dotar no orzamento xeral dos citados exercicios o importe de 172.000,00€ por anualidade, quedando supeditado á dispoñibilidade orzamentaria e ao cumprimento do principio de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira.

3º.- Aprobar o convenio a través do que se instrumenta a citada subvención e que se incorpora ao expediente.

4º.- Aprobar as bases da convocatoria de subvencións, en concorrencia non competitiva, para a dinamización e potenciación da integridade da raza bovina rubia galega nas explotacións lucenses. Eixe 2: promoción e potenciación de reprodutoras inscritas no rexistro definitivo do libro xenealóxico da raza rubia galega nas explotación da provincia de Lugo, dotado con 200.000,00 €/anuais (800.000,00€ para o período 2019-2022).

O importe da subvención tramítase como gasto plurianual coa seguinte distribución:

Ano 2019: 200.000,00€,

Ano 2020: 200.000,00€

Ano 2021: 200.000,00€

Ano 2022: 200.000,00€



5º.- Aprobar o gasto plurianual de 800.000,00€, para a liña de subvención de dinamización e potenciación da integridade da raza bovina rubia galega nas explotacións lucenses. Eixe 2: promoción e potenciación de reprodutoras inscritas no rexistro definitivo do libro xenealóxico da raza rubia galega nas explotación da provincia de Lugo, que se desglosa en 200.000,00€ con cargo á aplicación orzamentaria 4190.48900 do orzamento da Deputación Provincial de Lugo para o ano 2019; e, para as anualidades 2020, 2021 e 2022 adoptar o compromiso de dotar no orzamento xeral dos citados exercicios por importe de 200.000,00€ por anualidade, quedando supeditado a dispoñibilidade orzamentaria e ao cumprimento do principio de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira.

6º.- Aprobar o convenio de colaboración coa ASOCIACIÓN NACIONAL DE CRIADORES DE GANADO VACUNO SELECTO DE RAZA RUBIA GALLEGA (ACRUGA), titulado: “Convenio de entidade colaboradora entre Deputación Provincial de Lugo e á Asociación nacional de criadores de ganado vacuno selecto de raza rubia gallega (ACRUGA) para execución da actividade “Dinamización e potenciación da integridade da raza bovina rubia galega nas explotacións lucenses”, eixo 2: promoción e potenciación de reprodutoras inscritas no rexistro definitivo do libro xenealóxico da raza rubia galega nas explotacións da provincia de Lugo, a fin de que AGRUGA adopte a condición de entidade colaboradora para a entrega e distribución dos fondos públicos aos beneficiarios desta acción do eixe 2.

7º.- Elevar, en base a fundamentación incorporada ao expediente, as porcentaxes de gasto plurianual ás que fai referencia o artigo 174 do TRLFL, aprobado polo RDL 2/2004, do 5 marzo, en relación coa base 19 de execución do orzamento para 2019, cos importes e coas anualidades seguintes:

a) En canto a subvención excepcional de carácter plurianual “DINAMIZACIÓN E POTENCIACIÓN DA INTEGRIDADE DA RAZA BOVINA RUBIA GALEGA NAS EXPLOTACIÓNS LUCENSES, Eixo 1: PROMOCIÓN E RECRÍA DE NOVELAS DE RAZA RUBIA GALEGA NA GRANXA GAYOSO CASTRO” coa seguinte distribución:

Ano 2019: 172.000,00€

Ano 2020: 172.000,00€

Ano 2021: 172.000,00€

Ano 2022: 172.000,00€

b) En canto a liña de subvencións plurianual nomeada “DINAMIZACIÓN E POTENCIACIÓN DA INTEGRIDADE DA RAZA BOVINA RUBIA GALEGA NAS EXPLOTACIÓNS LUCENSES, Eixo 2: PROMOCIÓN E POTENCIACIÓN DE REPRODUTORAS INSCRITAS NO REXISTRO DEFINITIVO DO LIBRO XENEALÓXI-CO DA RAZA RUBIA GALEGA NAS EXPLOTACIÓNS DA PROVINCIA DE LUGO” coa seguinte distribución:

Ano 2019: 200.000,00€

Ano 2020: 200.000,00€

Ano 2021: 200.000,00€

Ano 2022: 200.000,00€”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

5.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA CONTRATACIÓN DA PÓLIZA DE SEGURO COLECTIVO DE ACCIDENTES PARA OS PARTICIPANTES E ALUMNOS DAS ACTIVIDADES, CURSOS E SERVIZOS ORGANIZADOS E PRESTADOS POR ESTA DEPUTACIÓN PROVINCIAL.

Visto o informe da Técnica de Administración Xeral do Servizo de Contratación e Fomento, en relación co epígrafe do presente asunto, manifestando que se produciu un erro na redacción do mesmo, corríxese dito erro quedando o epígrafe do seguinte xeito: **PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DOS PREGOS DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS E DE PRESCRIPCIÓNS TÉCNICAS E O EXPEDIENTE PARA A CONTRATACIÓN DA PÓLIZA DE SEGURO DE ACCIDENTES PARA OS PARTICIPANTES E ALUMNOS DAS ACTIVIDADES E CURSOS ORGANIZADOS POLA DEPUTACIÓN DE LUGO, E USUARIOS DOS CAM.**



Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Visto o Informe Xurídico- Administrativo, no que se recollen as seguintes consideracións:

Incoase expediente administrativo coa finalidade de proceder á contratación da póliza de seguro de accidentes para os participantes e alumnos das actividades e cursos organizados pola Deputación de Lugo, e usuarios dos Centros de Atención a Maiores (CAM).

O contrato que se adxudique seguindo o presente prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) terá carácter privado (de servizos) de conformidade co disposto no artigo 25 e 26 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (en adiante LCSP), que se aplicará en canto a súa preparación e adxudicación (art. 26 da LCSP).

En canto os seus efectos e extinción, sen prexuízo do previsto neste prego, rexerase polas normas de dereito privado, sendo de aplicación a Lei 50/1980, de 8 de outubro, reguladora do Contrato de Seguro, e calquera disposicións de dereito privado que resultaren aplicables nesta disciplina.

Os pregos de condicións elaborados para disciplinar a licitación e o contrato recollen as esixencias legais sinaladas e adáptase á normativa aplicable. Recollen, con carácter xeral, os aspectos que son de contido obrigatorio, segundo o disposto no artigo 122 da LCSP, en relación co punto 7 do artigo 67 do RXLCAP, salvo os que non son procedentes tendo en conta a modalidade de contrato elixida.

O contrato adxudicarase mediante tramitación ordinaria, procedemento aberto (con pluralidade de criterios de adxudicación), de acordo co establecido nos artigos 116.4.a) e 131.2 da LCSP como procedemento ordinario de adxudicación, nos termos do artigo 131 da citada lei, de acordo cos principios de igualdade, transparencia e libre competencia recollidos no artigo 132 da

LCSP e de conformidade coa aplicación dos criterios que se detallan para a determinación da mellor oferta, recollidos nos artigos 145 e 146 da LCSP.

Motívase a elección do procedemento e sistema indicados, en atención a forma ordinaria que a estes efectos establece o artigo 131 da LCSP. En consideración ó indicado, así como en cumprimento do disposto polos artigos. 145 e 146 da LCSP, os criterios obxectivos de adxudicación (cualitativos e de prezo) reflíctense, debidamente puntuados, na cláusula 12ª do prego de cláusulas administrativas.

O presente contrato non está suxeito a regulación harmonizada, segundo o estipulado no artigo 22 do LCSP, desenvolto, nas contías, pola Orde HFP/1298/2017, do 26 de decembro, pola que se publican os límites dos distintos tipos de contratos a efectos da contratación do sector público a partir do 1 de xaneiro de 2018, sendo que o valor estimado é de 220.000 euros.

De conformidade co previsto no artigo 99 da LCSP xustifícase a non división desta contratación en lotes en atención o recollido na cláusula 2.1 do PCAP, de acordo co recollido no Informe do Xefe de Contratación e Fomento:

“No presente contrato, a xustificación da non división por lotes é que se trata de unha única póliza que garante as continxencias de falecemento, invalidez e asistencia sanitaria aos participantes e alumnos de cursos organizados pola Deputación Provincial de Lugo, incluíndo os usuarios do Centro de Día e Residencias de Pol, Trabada, Ribadeo e A Fonsagrada. Esta estratexia basease, precisamente, na necesaria racionalización dos instrumentos de contratación”.

En canto a xustificación do prezo, existe Informe da Mediadora de seguros Artai xustificativo de que:

“A prima do seguro ven determinada por unas primas de tarifa presentadas polas compañías de seguros e aprobadas no seu momento pola Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións dependentes do Ministerio de Economía e Facenda. Ditas tarifas levan incorporados os gastos directos e indirectos”.



As obrigas que se deriven da presente contratación, segundo se recolle na certificación da intervención xeral, de data 16 de maio do 2019, financiaranse con cargo á aplicación orzamentaria 9200.224, do orzamento xeral da Deputación de Lugo para a anualidade 2019, por un importe de 58.005,50 €, IVE exento.

A necesidade administrativa a satisfacer con esta contratación, segundo consta no Informe de necesidade asinado polo Xefe do Servizo de Contratación e Fomento, baseado no informe da Mediadora de seguros Artai, é o seguinte:

“O obxectivo da contratación dun seguro colectivo de accidentes é cubrir os accidentes que podan sufrir os usuarios, alumnos, participantes, asistentes... das distintas actividades, cursos e servizos organizados e prestados pola Deputación de Lugo. A contratación desta póliza responde a necesidade de que unha aseguradora, adxudicataria do contrato, poda asumir, ante o lesionado/accidentado, os danos persoais que este poida sufrir a causa de un sinistro ocorrido durante o desenvolvemento de actividades organizadas pola Deputación de Lugo. Dentro do colectivo, tamén se inclúen os usuarios do Centro de Día e Residencias de Pol, Trabada, Ribadeo e A Fonsagrada”.

Á vista dos Informes emitidos, así coma das características das prestacións a desenvolver, segundo o previsto no prego de prescricións técnicas reitor da presente contratación, queda acreditada a insuficiencia de medios propios por parte da entidade provincial para asumir o obxecto contractual e que o prezo do contrato é adecuado para o seu efectivo cumprimento.

A duración do contrato é de 1 ano. Este prazo empezará a contar a partir do día 1 de xullo de 2019, con independencia da data en que se formalice ao tratarse de un contrato privado, suxeito en canto aos efectos e cumprimento ao dereito privado e singularmente á Lei 50/1980, do 8 de outubro, de contratos de seguro, ao establecer no artigo 6º que por acordo das partes, os efectos de seguro poderán retrotraerse ao momento da solicitude ou de formalización da proposición.

Lembrar a aplicación das obrigas de publicidade e de remisión de información ao Tribunal de Contas e ao Rexistro de Contratos do Sector Público previstas nos artigos 63, 335 e 346 da LCSP, respectivamente.

Os actos que se diten no procedemento de adxudicación, cumprimento e extinción do contrato que non reúnan os requisitos do artigo 44.1 da LCSP poderán ser obxecto de recurso administrativo ordinario, podendo interpoñer contra os mesmos recurso potestativo de reposición (de conformidade cos artigos 123 e seguintes da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas), en relación co artigo 52 da Lei de Bases de Réxime Local, ante o órgano que os ditou, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa notificación ou publicación (segundo o caso), ou directamente recurso contencioso administrativo ante o Xulgado da devandita xurisdición en Lugo, no prazo de dous meses contados desde a mesma data, de conformidade co disposto no artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da xurisdición Contencioso- Administrativa.

Os actos administrativos aos que se fai referencia, e sobre os aspectos relacionados neste apartado precedente, poñen fin á vía administrativa (artigo 191.4 da LCSP),

No caso de interpoñer recurso de reposición, o prazo de interposición do recurso contencioso- administrativo será de dous meses desde a notificación da resolución desestimatoria do recurso de reposición, si fose expresa, ou de seis meses desde a súa desestimación tácita.

Esta contratación, dado o valor estimado, non é susceptible de recurso especial en materia de contratación.

De conformidade co prego de cláusulas administrativas, os artigos 61.1 e 61.2 da LCSP, e, en virtude das competencias atribuídas pola disposición adicional segunda do mesmo texto legal, o órgano de contratación que actúa en nome da Deputación provincial de Lugo é a Xunta de Goberno no que se refire á aprobación do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, e de Prescricións Técnicas, así como para aprobación do gasto, a adxudicación, a interpretación, modificación e resolución do contrato, nos termos do artigo 59 apartados 8 e 12 do ROD (Regulamento Orgánico da Deputación Provincial, publicado no BOP de 10 de marzo de 2011); nos restantes actos procedimentais o órgano competente será o Sr. Presidente da Deputación Provincial.



O artigo 3.3 h do Real Decreto 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional sinala que a emisión de informes cando así se estableza na lexislación sectorial é unha das atribucións que comprende a función de asesoramento legal preceptivo que lle corresponde exercer á Secretaria Xeral da entidade provincial. O apartado 4 do mencionado artigo dispón a estes efectos, que a emisión do informe do Secretario poderá consistir nunha nota de conformidade en relación cos informes emitidos polos servizos da propia entidade e que figuren como informes xurídicos no expediente.”

Polo exposto, proponse que, pola Xunta de Goberno, se adopten os seguintes acordos:

1º.- Aprobar a contratación da póliza de seguro de accidentes para os participantes e alumnos das actividades e cursos organizados pola Deputación de Lugo, e usuarios dos CAM.

2º.- Aprobar os pregos de cláusulas administrativas particulares e prescricións técnicas que rexerán na licitación do contrato sinalado no parágrafo anterior.

3º.- Aprobar o procedemento de adxudicación, que é o procedemento aberto, de acordo co establecido nos artigos 116.4.a) e 131.2 da LCSP como procedemento ordinario de adxudicación nos termos do artigo 131 da mesma lei e de acordo cos principios de igualdade, transparencia e libre competencia recollidos no artigo 132 da mesma Lei; e dispoñer a apertura do mesmo mediante a inserción do correspondente anuncio no perfil do contratante da Deputación Provincial de Lugo (Xunta de Goberno), aloxado na Plataforma de Contratación do Sector Público (www.contrataciondelestado.es) e demais publicacións obrigatorias.

4º.- Aprobar o gasto por importe de 58.005,50 €, IVE exento, existindo consignación orzamentaria na aplicación 9200.224 do orzamento xeral do ano 2019 por ese importe”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

6.- ACORDOS QUE PROCEDAN SOBRE ORDENACIÓN DE IMPULSO NA TRAMITACIÓN DO PROCEDEMENTO DE CONTRATACIÓN.

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Antecedentes.

No Servizo de Contratación e Fomento obra unha relación de expedientes iniciados pero pendentes de finalizar a súa tramitación por acumulación de tarefas (Se anexa a relación de contratos pendentes de finalizar a tramitación).

Consideracións xurídico- administrativas.

Corresponde á Administración impulsar de oficio todos os trámites do procedemento, respectando os principios de transparencia e publicidade, como se recolle no artigo 71.1 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas:

“Artículo 71 Impulso.

El procedimiento, sometido al principio de celeridad, se impulsará de oficio en todos sus trámites y a través de medios electrónicos, respetando los principios de transparencia y publicidad.

En el despacho de los expedientes se guardará el orden riguroso de incoación en asuntos de homogénea naturaleza, salvo que por el titular de la unidad administrativa se dé orden motivada en contrario, de la que quede constancia.

El incumplimiento de lo dispuesto en el párrafo anterior dará lugar a la exigencia de responsabilidad disciplinaria del infractor y, en su caso, será causa de remoción del puesto de trabajo.



Las personas designadas como órgano instructor o, en su caso, los titulares de las unidades administrativas que tengan atribuida tal función serán responsables directos de la tramitación del procedimiento y, en especial, del cumplimiento de los plazos establecidos.

Así mismo, deberán realizarse de oficio os actos de instrucción necesarios para a determinación, coñecemento e comprobación dos feitos en virtude dos cales deba pronunciarse a resolución, como se establece no artigo 75 da mesma Lei.”

“Artículo 75 Actos de instrucción.

Los actos de instrucción necesarios para la determinación, conocimiento y comprobación de los hechos en virtud de los cuales deba pronunciarse la resolución, se realizarán de oficio y a través de medios electrónicos, por el órgano que tramite el procedimiento, sin perjuicio del derecho de los interesados a proponer aquellas actuaciones que requieran su intervención o constituyan trámites legal o reglamentariamente establecidos.

Las aplicaciones y sistemas de información utilizados para la instrucción de los procedimientos deberán garantizar el control de los tiempos y plazos, la identificación de los órganos responsables y la tramitación ordenada de los expedientes, así como facilitar la simplificación y la publicidad de los procedimientos.

Los actos de instrucción que requieran la intervención de los interesados habrán de practicarse en la forma que resulte más conveniente para ellos y sea compatible, en la medida de lo posible, con sus obligaciones laborales o profesionales.

En cualquier caso, el órgano instructor adoptará las medidas necesarias para lograr el pleno respeto a los principios de contradicción y de igualdad de los interesados en el procedimiento.”

A LCSP 9/2017 regula no art 116 o “Expediente de contratación: iniciación y contenido”.
O expediente iniciárase motivando a necesidade do contrato.

“Artículo 116 Expediente de contratación: iniciación y contenido

La celebración de contratos por parte de las Administraciones Públicas requerirá la previa tramitación del correspondiente expediente, que se iniciará por el órgano de contratación motivando la necesidad del contrato en los términos previstos en el artículo 28 de esta Ley y que deberá ser publicado en el perfil de contratante.

El expediente deberá referirse a la totalidad del objeto del contrato, sin perjuicio de lo previsto en el apartado 7 del artículo 99 para los contratos adjudicados por lotes.

Al expediente se incorporarán el pliego de cláusulas administrativas particulares y el de prescripciones técnicas que hayan de regir el contrato. En el caso de que el procedimiento elegido para adjudicar el contrato sea el de diálogo competitivo regulado en la subsección 5.ª, de la Sección 2.ª, del Capítulo I, del Título I, del Libro II, los pliegos de cláusulas administrativas y de prescripciones técnicas serán sustituidos por el documento descriptivo a que hace referencia el apartado 1 del artículo 174. En el caso de procedimientos para adjudicar los contratos basados en acuerdos marco invitando a una nueva licitación a las empresas parte del mismo, regulados en el artículo 221.4, los pliegos de cláusulas administrativas y de prescripciones técnicas serán sustituidos por el documento de licitación a que hace referencia el artículo 221.5 último párrafo.

Asimismo, deberá incorporarse el certificado de existencia de crédito o, en el caso de entidades del sector público estatal con presupuesto estimativo, documento equivalente que acredite la existencia de financiación, y la fiscalización previa de la intervención, en su caso, en los términos previstos en la Ley 47/2003, de 26 de noviembre, General Presupuestaria.

(...)"

Por outra parte, o artigo 6 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, dispón que os órganos administrativos poderán dirixir as actividades dos seus órganos xerarquicamente dependentes mediante instrucións e ordes de servizo.

Polo exposto, proponse que, pola Xunta de Goberno, se adopte o seguinte acordo:



Aprobar a ordenación de impulso na tramitación dos procedementos de contratación que se relacionan no anexo que a continuación se indica “Relación de contratos pendentes de culminar a tramitación”, a fin de finalizar a fase de preparación de cada un deles.”

Anexo: relación de contratos pendentes de culminar a tramitación.

1. Servizo de Teleasistencia no Fogar da Deputación de Lugo.

- Consta no expediente a seguinte documentación:

- Estudo de custes.

- Informe de insuficiencia de medios propios.

- Informe de necesidade.

- Orde de inicio do expediente de contratación.

2. Contratación da subministración en réxime de aluguer sen opción a compra de cabinas sanitarias autónomas nos hortos urbanos de Lugo. EXP0031SU19-SIM.

- Consta no expediente a seguinte documentación:

- Informe da xustificación da non división en lotes .

- Prego de prescricións técnicas.

- Informe de insuficiencia de medios propios.

- Informe de necesidade.

- Orde de inicio do expediente de contratación.

- Solicitud de consignación orzamentaria.

- Informe da Intervención sobre a existencia de crédito.

3. Contratación dos servizos de xeorreferenciación de equipamentos públicos de recollida de lixo en 41 concellos da provincia de Lugo. EXP0032SE19-SIM. XEOREFERENCIACIÓN.

- Consta no expediente a seguinte documentación:

- Informe da xustificación da non división en lotes .

- Prego de prescricións técnicas.

- Informe de insuficiencia de medios propios.

- Informe de necesidade.
- Orde de inicio do expediente de contratación.
- Solicitude de consignación orzamentaria.

*Pendente de realizar previamente á licitación protocolo xeral de actuación cos concellos ou convenio de colaboración.

4. Contratación por lotes da subministración de repostos, pezas e materiais diversos para realizar as reparacións de avarías e mantemento de vehículos e maquinaria do parque móbil provincial.

LOTE 1. CAMIÓN E FURGONETAS: 15.000,00 EUROS.

LOTE 2. TURISMOS: 15.000,00 EUROS.

LOTE 3. MAQUINARIA: 18.000,00 EUROS.

LOTE 4: FERRETERÍA: 3.000,00 EUROS

LOTE 5: MATERIAL DE LIMPEZA: 5.500,00 EUROS

LOTE 6: NEUMÁTICOS: 14.000,00 EUROS.

LOTE 7: ACEITES, GRASAS E ADITIVOS: 7.000,00 EUROS

TOTAL: 77.500,00 EUROS

- Consta no expediente a seguinte documentación:
 - Providencia de inicio, necesidade da contratación e solicitude de consignación orzamentaria.



5. Contratación por lotes do servizo de reparación e mantemento dos vehículos e maquinaria do parque móbil provincial. exp0026se19-abo

LOTE 1. SUSTITUCIÓN E REPARACIÓN DE NEUMÁTICOS: 3.500,00 EUROS.

LOTE 2. TALLER MECANIZADOS: 25.000,00 EUROS.

LOTE 3. TALLER ELÉCTRICO: 12.200,00 EUROS.

LOTE 4: TALLER CHAPA E PINTURA: 9.300,00 EUROS

LOTE 5: TALLER ELECTRÓNICA: 7.800,00 EUROS

LOTE 6: TALLER MECÁNICA EN XERAL: 15.000,00 EUROS.

TOTAL: 72.800,00 EUROS

- Consta no expediente a seguinte documentación:
 - Providencia de inicio, necesidade da contratación e solicitude de consignación orzamentaria.

6. Contratación por lotes do servizo de reparación e mantemento dos vehículos e maquinaria do parque móbil provincial en servizos oficiais. EXP0028SE19-NSO

LOTE 1. FINANZAUTO (CATERPILLAR): 21.500,00 EUROS.

LOTE 2. FERGIL AUTO (NISSAN): 7.000,00 EUROS.

LOTE 3. DITRAM (MERCEDES): 6.000,00 EUROS.

LOTE 4: COMERCIAL RAFAEL (DAF): 10.000,00 EUROS

LOTE 5: TALLERES PIÑEIRO (VOLVO): 3.000,00 EUROS

LOTE 6: SPORT AUTO LUGO (LAND ROVER): 3.000,00 EUROS.

LOTE 7: ROYSAN AUTO (SEAT): 3.000,00 EUROS.

LOTE 8: INTURASA PÉREZ RUMBAO (IVECO): 8.200,00 EUROS.

LOTE 9: PARDO AUTOMOCIÓN (MITSHUBISHI): 6.000,00 EUROS.

LOTE 10: PARDO AUTOMOCIÓN (SUZUKI): 4.000,00 EUROS.

LOTE 11: LUCUSCAR (CITROEN): 7.000,00 EUROS.

TOTAL: 78.700,00 EUROS

- Consta no expediente a seguinte documentación:

- Proposta de inicio de expediente no que se inclue a necesidade da contratación.
- Solicitude de consignación.

7. Subministración de emulsión asfáltica tipo c65b3 para o parque móbil.
EXP0022SU19-SIM EMULSIÓN (IMPORTE: 42.350,00).

- Consta no expediente a seguinte documentación:

- Providencia de inicio.
- Informe da necesidade da contratación.

8. Contratación de empresa habilitada para a inspección e o mantemento das instalacións de protección contra incendios nos edificios pertencentes á Deputación Provincial.

- Consta no expediente a seguinte documentación:

- Pregos de prescricións técnicas.
- Informe da necesidade da contratación.



9. Contrato de suministro agropecuarios necesarios na Granxa Gaioso Castro.

- Consta no expediente a seguinte documentación:

- Pregos de prescricións técnicas.

-Informe da necesidade da contratación.

-Informe da insuficiencia de medios da contratación.

10. Contrato de servizos agropecuarios necesarios na Granxa Gaioso Castro.

- Consta no expediente a seguinte documentación:

- Pregos de prescricións técnicas.

-Informe da necesidade da contratación.

-Informe da insuficiencia de medios da contratación.

11. Contratación da subministración de gas natural para edificios da Deputación.

- Consta no expediente a seguinte documentación:

-Orden de inicio de expediente.

-Memoria xustificativa.

- Pregos de prescricións técnicas.

-Informe da necesidade da contratación.

-Xustificación de prezos.

-Xustificación da non división por lotes.

-Informe da insuficiencia de medios da contratación.

12. Contratación das necesidades técnicas (producción, son e iluminación) para o III FESTIVAL BLUES DE LUGO “BLUES MUSEUM”.

- Consta no expediente a seguinte documentación:

-Orden de inicio.

-Borrador do informe da necesidade da contratación.

13. Consultoría e asesoría no mantemento dos sistemas de xestión ambiental nas praias de Burela, Foz, Ribadeo e Viveiro segundo a norma UNE-EN-ISO 14001:2015 e Regulamento Europeo CE nº 1221/2009 (EMASIII).

- Consta no expediente a seguinte documentación:

-Orden de inicio.

- Xustificación da necesidade de contratación e solicitude de consignación orzamentaria.

-Estudo de custes.

14. Contratación do servizo de mantemento, conservación, control de funcionamento e reparación das portas “industriais, comerciais e de garaxe”, e das “portas peonales automáticas”.

- Consta no expediente a seguinte documentación:

-Orden de inicio.

-Memoria xustificativa.

-Prego de Prescricións Técnicas.

15. Contratación do gasóleo C.

- Consta no expediente a seguinte documentación:

-Orden de inicio de expediente.

-Memoria xustificativa do contrato.

- Pregos de prescricións técnicas.

-Informe da necesidade da contratación.

-Solicitude de consignación orzamentaria.

-Informe de Intervención en relación á existencia de crédito.

16. Contratación de gas propano a granel en centros da Deputación de Lugo.

- Consta no expediente a seguinte documentación:

-Memoria xustificativa.

-Prego de Prescricións Técnicas.



17. Contratación por lotes do servizo de control de calidade das obras e servizos da Deputación de Lugo.

Por prudencia se inclúe no listado esta contratación ante a posibilidade de que xurda a necesidade de iniciar unha nova contratación, xa que a duración máxima do contrato que actualmente está en vigor é ata o 31 de decembro de 2019, en función do estado de execución das obras e ata que se esgote o crédito dispoñible. Non se prevén prórrogas.

No suposto de que durante a execución do presente contrato se esgote o crédito dispoñible e persista a necesidade de efectuar as prestacións que conforman o obxecto deste contrato, estas satisfaranse ao abeiro do contrato vixente en relación coas tarefas de control de calidade, no marco da programación da actividade contractual desta administración provincial.

18. Coordinación de seguridade e saúde na execución das obras e servizos a excepción dos servizos de vías e obras e parque móbil.

O 29 de abril de 2019 foi notificada a esta Deputación de Lugo, a Resolución número 91/2019 do Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia (TACGAL). Dita resolución estima parcialmente o recurso en relación ao Lote 1 (COORDINACIÓN DE SEGURIDADE E SAÚDE NA EXECUCIÓN DAS OBRAS E SERVIZOS A EXCEPCIÓN DOS SERVIZOS DE VÍAS E OBRAS E PARQUE MÓBIL)e anula a cláusula 15 do PPT do Lote I pola indebida configuración do orzamento da licitación.

19. Modificado do contrato de obra identificado como: Castro de Rei-Construción dunha unidade de leite na Granxa Gaioso Castro. Granxa experimental Campus-Terra (EX016OB17AB).

20. Alzamento suspensión da licitación do servizo de execución de diversas operacións de conservación na rede viaria provincial 2019-2021 (Zonas 1-8) (EX003SE18ABO-SARA) por incidencias xurdidas na mesma.

21. Aprobación de proxectos e contratación da obras con cargo aos aforros producidos nas licitacións das obras do plan extraordinario rehabilitación de firmes 2017/19. (PERF 17/19).

22. Modificado do contrato do servizo de vixilancia nas distintas dependencias da Deputación provincial de Lugo para asumir o traballador con dereito a subrogación que presta o servizo de vixilancia na rúa Tui, Nº 5.

23. Contratación do servizo de asistencia técnica e administrativa á inspección fiscal da Deputación Provincial de Lugo en materia do imposto sobre actividades económicas (IAE).

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

7.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE CONVENIOS E MODIFICACIÓNS DE CONVENIOS DE COLABORACIÓN CON DISTINTAS ENTIDADES E CONCELLOS. ORDENACIÓN E IMPULSO DE ACCIÓNS DE FOMENTO E ACCIÓNS COLABORATIVAS.

Primeiro.- Proposta de aprobación relativa a addenda ao convenio interadministrativo de cooperación entre esta Deputación e o concello de A Pontenova para a execución dos fins comúns consistentes na construción de centro residencial no concello de A Pontenova, aprobado por acordo da xunta de goberno de data 2 de febreiro de 2018.

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Visto o informe do Servizo de Contratación e Fomento, relativo ao Convenio Interadministrativo entre a Deputación Provincial de Lugo e o concello de A Pontenova para a execución dos fins comúns consistentes na construción do centro residencial de A Pontenova, no que literalmente se establece:

Antecedentes de feito

Con data 2 de febreiro de 2018, aprobouse pola Xunta de Goberno o texto do convenio Interadministrativo a subscribir entre esta Deputación Provincial e o concello de A Pontenova para



a execución dos fins comúns consistentes na construción de centro residencial no concello de A Pontenova, cun orzamento total de 1.525.000,00€; a achega desta Entidade provincial ascende á contía 1.200.000,00 € e 325.000,00 € polo concello de A Pontenova.

Nesa mesma sesión e acordo tamén se aprobou o gasto para o financiamento (por parte da Deputación Provincial) dos fins e actuacións contempladas no Convenio, que ascendía á contía máxima de 1.200.000,00 €, correspondendo á anualidade 2018 o importe de 780.000,00€ e a anualidade 2019 o importe 420.000,00€.

O importe que asume o concello de A Pontenova na anualidade 2018, era de 191.666,00€ e o importe realmente ingresado foi 99.300,00€.

A Deputación asumía no dito convenio, asinado o 21 de febreiro de 2018, o compromiso de redactar e aportar o proxecto técnico para a contratación do centro residencial. A Deputación opera como órgano de contratación.

Tramitouse a adquisición de terreos financiándose polo Concello de A Pontenova o seu custe.

Consta neste servizo proxecto de execución do centro residencial no concello de A Pontenova redactado por Jesús Bouza Fernández, cun presuposto base de licitación 1.997.861,25 €, polo que será necesario incrementar o financiamento do convenio para dar cumprimento aos seus fins; e, visto o prazo de execución plantexado no proxecto (12 meses), tamén é necesario aumentar a duración do convenio, coa correspondente adaptación do programa temporal de investimentos, dadas as datas nas que nos atopamos.

Achegase ao expediente, escrito de 21 de maio de 2019 (subscrito polo concelleiro da área de persoal, obras e urbanismo) do Concello de A Pontenova, precisando o importe da liquidación provisional do importe da liquidación por impostos, taxas e gastos correspondentes a licenza municipal para a construción do centro residencial no concello de A Pontenova, que ascende a contía de 49.331,43€, segundo o orzamento do proxecto e como liquidación provisional.

Tamén se incorpora ao expediente unha relación de gastos, tramitados por esta Deputación e no que constan os gastos imputados a esta acción colaborativa:

Redacción de proxecto básico CAM A Pontenova	17.847,50€
Estudio xeotécnico parcela CAM A Pontenova	3.021,85€
Deseño, cálculo e xustificación instalación CAM A Pontenova	17.908,00€
Cálculo estrutura asistencia técnica CAM A Pontenova	17.787,00€

Para afrontar estes gastos necesarios para cumprir os fins deste convenio, resulta preciso incrementar a dotación económica na medida dos gastos imputados, xunto cos importes derivados da licenza municipal para a construción centro residencial no concello de A Pontenova.

Incorpórase informe da xefatura da sección de Benestar Social e Igualdade de data 21 de maio de 2019.

O clausulado do convenio que resulta afectado por estes cambios son os seguintes:

- a) A cláusula primeira do convenio, sobre o obxecto contempla as respectivas achegas das partes, que debe ser modificada en función do presuposto base de licitación do “proxecto identificado como proxecto básico e de execución modificado de residencia para persoas da terceira idade” e o conxunto de gastos soportados e non previstos na redacción inicial do convenio.
- b) A cláusula 3ª, sobre obrigas e compromisos das partes.
- c) A cláusula 4ª, sobre o réxime económico coas aportacións anuais.
- d) A cláusula 6ª, en canto a duración do convenio interadministrativo.

O citado convenio contempla, na cláusula sétima, a posibilidade da súa modificación, co seguinte tenor:

“A modificación deste convenio poderá realizarse por mutuo acordo das partes, acreditando a concorrencia de interese común, e co límite substantivo de non alterar as condicións esenciais do documento inicial, e sempre e cando dito convenio este vixente, respectando o límite temporal máximo de 4 anos previsto no artigo 49 da Lei 40/2015.



A modificación do convenio levarase a cabo mediante addenda ao mesmo.”

Ademais das necesidades de financiamento, vese afectada a duración prevista, dado o prazo de execución das obras, de 12 meses, sinalado no proxecto técnico. Xa que nos atopamos no mes de maio de 2019, atendendo ás tramitacións administrativas necesarias para a licitación, adxudicación, comprobación do replaneio, resulta que a execución -no prazo previsto no proxecto- pode estenderse ao ano 2020. Así as cousas, cabe entender oportuno incorporar crédito ao ano 2020, atemperando o financiamento ao prazo de execución previsible das obras, si ben sempre será posible o reaxuste de anualidades nos termos do artigo 96 do RD 1098/2001, de 12 de outubro.

Deste xeito, as cláusulas referenciadas, quedan redactadas da seguinte maneira:

Obxecto

Este Convenio ten por obxecto establecer as bases de cooperación entre o Concello de A Pontenova e a Deputación Provincial de Lugo en exercicio das súas competencias, para acadar fins comúns mediante a adquisición de terreos e a construción dun complexo residencial para persoas maiores do concello de A Pontenova.

Para alcanzar estes obxectivos compartidos, ambas administracións comprométense a realizar o seguinte investimento e actividade:

INVESTIMENTO	ACHEGA FINANCEIRA DA DEPUTACIÓN	ACHEGA FINANCIERA DO CONCELLO A PONTENOVA
1.- CONSTRUCCIÓN DUN CENTRO RESIDENCIAL NO CONCELLO DE A PONTENOVA	1.797.861,25 €	200.000,00 €
2.- REDACCIÓN DE PROXECTO BÁSICO	17.847,50 €	
3.- ESTUDIO XEOTÉCNICO PARCELA CAM A PONTENOVA	3.021,85 €	
4.- DISEÑO CALCULO E XUSTIFICACIÓN INSTALACIÓNS CAM A PONTENOVA	17.908,00 €	
5.- LICENZA MUNICIPAL PARA O CENTRO RESIDENCIAL NO CONCELLO DE A PONTENOVA	49.331,43 €	

6.- CALCULO ESTRUCTURA, ASISTENCIA TÉCNICA CAM A PONTENOVA	17.787,00 €	
7- ADQUISICIÓN DE TERREOS		105.300,00 €
TOTAL	1.903.757,03 €	305.300,00 €
TOTAL CONVENIO		2.209.057,03 €

As achegas efectuaranse nos termos establecidos na cláusula cuarta.

Ambas administracións comprométense a realizar as tramitacións xurídico administrativas que resulten necesarias para o ese fin común, prestándose mutuamente a colaboración requirida.

(...)

Obrigas e compromisos das partes.

Deputación Provincial de Lugo

En cumprimento do presente convenio interadministrativo de cooperación, a Deputación Provincial comprométese ao seguinte:

Efectuar o financiamento previsto na cláusula “cuarta”.

Realizar os trámites xurídico- administrativo necesario para a adquisición dos terreos nos que construír o equipamento residencial.

Redactar e aportar o proxecto técnico para a construción do complexo residencial e centro de día.

Obter os permisos e autorizacións sectoriais necesarias para a construción do equipamento , agás os que sexan de competencia e intervención municipal e necesarios para obter as licencias urbanísticas e títulos municipais habilitantes para o apertura e exercicio da actividade do complexo residencial, con centro de día.



Actuar como órgano de contratación e tramitar tanto a compra dos terreos como a contratación das obras, nas distintas fases, ata a súa recepción das obras e liquidación do contrato para construír o complexo residencial, obxecto deste convenio, con suxeición ao establecido na Lei 9/2017, do 8 de novembro (LCSP).

Cumprir coas determinacións do artigo 53 da amentada Lei 40/2015, de RXSP, que lle resulten aplicables.

Adquirir os terreos, licitar, rematar e recibir as obras do establecemento para residencia e centro de día , na data límite do 31 de agosto de 2021.

Recibir as obras contratadas, conforme aos trámites previstos nos artigos 243 e concordantes do LCSP.

Convidar á representación institucional do Concello de A Pontenova aos actos oficiais relativos ao inicio, execución e finalización das obras.

Difundir a colaboración prestada por ambas entidades no formato máis adecuado (cartel ou similares), facilitadas polo Gabinete de Comunicación da Deputación.

(...)

Réxime económico.

Achega da Deputación:

A Deputación de Lugo efectuará unha achega de 1.903.757,03 € para afrontar os gastos que se deriven da execución deste convenio de acordo coas actuacións que figuran na cláusula primeira, con cargo á aplicación orzamentarias 2315.622 e 2315.622.55, do orzamento xeral da Deputación de Lugo das anualidade 2018, 2019 e 2020, na modalidade de gasto plurianual, supeditándose a dispoñibilidade orzamentaria e ao cumprimento do principio de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, coa seguinte distribución por anualidades:

Ano 2018: 780.000,00€.

Ano 2019: 420.000,00€

Ano 2020: 703.757,03€

Achega do Concello:

O Concello de A Pontenova aportará 200.000,00 €, para a construción do complexo residencial para persoas maiores no concello da Pontenova, e 105.300,00 € para a adquisición dos terreos necesarios, coa seguinte distribución plurianual:

Ano 2019: 105.300€.

Ano 2020: 100.000€.

Ano 2021: 100.000€.

O importe a financiar polo concello de A Pontenova, será ingresado na conta da Deputación de conformidade cos seguintes ítems:

- a) A aportación para financiar a adquisición dos terreos (ano 2018), antes de adxudicar e formalizar a adquisición.
- b) A aportación para a execución das obras contra certificación de obra.

O concello de A Pontenova deberá remitir a Deputación Provincial os acordos adoptados de financiamento plurianual e no caso do orzamento vixente certificado de retención de crédito e, en todo caso, os compromisos de entrega de fondos en cumprimento deste convenio.

No caso do non pagamento da cantidade a financiar polo concello de A Pontenova, a Deputación poderá obter o ingreso do nominal da cantidade non desembolsada polo procedemento administrativo, con arranxo ás normas que para a recadación de fondos provinciais establece a lexislación de Réxime local e a que, por remisión desta, rexe para a exacción de ingresos de dereito público.



Porén o anterior, a Deputación poderá seguir vía ordinaria para reclamar o pagamento da cantidade co concello chegase a deber a esta Deputación, autorizando á Deputación para que realice a compensación da cantidade vencida e non pagada mediante retención das entregas a conta que teña que ingresar a Deputación ao Concello. Ditas retencións practicaranse logo da tramitación do correspondente expediente contradictorio.

(...)

Duración do convenio interadministrativo.

A vixencia do presente convenio xurdirá efecto a partir da data da súa sinatura, aínda que con efectos económicos desde o 1 de xaneiro de 2018 e manterase ata o cumprimento dos compromisos e obrigas asumidos no mesmo. A estes efectos establecerase como data límite, salvo prorroga expresa antes da finalización do prazo, o 31 de decembro de 2021, respectando en todo caso o límite temporal do artigo 49, letra h) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público .”

Consideracións

O artigo 111 do Real Decreto Lexislativo 781/86 de 18 de abril, do texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, sinala que “as Entidades Locais poderán concertar os contratos, pactos ou condicións que teñan por conveniente, sempre que non sexan contrarios ó interese público, ó ordenamento xurídico ou ós principios de boa administración, e deberán cumprilos a teor dos mesmos, sen prexuízo das prerrogativas establecidas, no seu caso, a favor de ditas Entidades”.

Sinalar que o convenio interadministrativo se configura como unha relación xurídica bilateral voluntaria, na que concorren competencias e fins comúns a ambas entidades locais, tanto pola causa, como polos fins e mesmo o seu ámbito, entendendo que a colaboración horizontal inter-administrativa contribúe eficazmente á satisfacción dun fin público compartido: colaboración admitida tanto pola lexislación do réxime local estatal e autonómico, como polo artigo 12.4 da Directiva 2014/24, UE, do Parlamento Europeo, segundo se recolle na guía de colaboración pública

horizontal (público– público), da lexislación xurídica xeral da Xunta de Galicia. Este sistema cooperativo vese confirmado polo artigo 31 da Lei 9/2017, de 9 de novembro, de Contratos do Sector Público, en tanto que regula a potestade de autoorganización e os sistemas de cooperación pública vertical e horizontal, articula, neste caso a través de un convenio guiado por consideracións de interese público. Neste sentido, o parágrafo segundo deste artigo 31 contempla a posibilidade de que as entidades pertencentes ao sector público poidan acadar a realización conxunta de contratacións específicas (...).

Esta acción pública colaborativa enmarcase nas relacións de cooperación interadministrativa con fundamento no art. 3.1.k da Lei 40/2015, do 1 de outubro ao indicar que “as administracións públicas, deberán respectar na súa actuación e relacións os principios de cooperación, colaboración e coordinación entre as Administracións Públicas”. A cooperación organizada a través do convenio que se modifica, resulta coherente cos principios que rexen as relacións interadministrativas tal e como se prevé no artigo 140 da mesma Lei, citando no seu apartado 1.a) “lealdade institucional” e concretando no artigo 141, na súa letra d) que consecuentemente aquelas deberán “Prestar, no ámbito propio, a asistencia activas que as outras administracións puideran recadar para o eficaz exercicio das súas competencias”.

Ademais, conforme aos artigos 143 e 144 desta mesma Lei 40/2015, “1. As administracións cooperarán ao servizo do interese xeral podendo acordar de maneira voluntaria a forma de exercer as súas respectivas competencias que mellor sirva a este principio. 2. A Formalización de relacións de cooperación requirirá a aceptación expresa das partes, formulada en acordos dos órganos de cooperación ou en convenios. (...). 2. Nos convenios e acordos nos que se formalice a cooperación preveranse as condicións e compromisos que asumen as partes que os subscriben. 3. Cada Administración pública manterá actualizado un rexistro electrónico dos órganos de cooperación nos que participe e de convenios que subscriba”.

En canto ao papel de cooperación da Deputación respecto dos concellos atopa fundamento singular no art. 36 da LBRL e mesmo o 30 do RDL 781/86, de 18 de abril, do texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local.

Respecto aos títulos competenciais en materia de servizos sociais, ademais dos xenéricos



da Lei de bases de réxime local e da Lei de administración local de Galicia, compre citar a lexislación sectorial autonómica, Lei de servizos sociais de Galicia, cuxo art. 64 bis introducido pola Lei 9/2017, do 26 de decembro, do Parlamento de Galicia, de medidas fiscais e administrativas, referente a promoción da colaboración interadministrativa para a creación, a xestión e o mantemento dos servizos sociais, a través da formalización de convenios administrativos de colaboración entre a administración autonómica (...) e as entidades locais para a creación, a xestión e o mantemento de servizos sociais, en especial no que respecta aos servizos comunitarios específicos, co fin de asegurar a calidade e unha cobertura equilibrada dos servizos sociais en todo o territorio así como os criterios de economía, eficiencia e eficacia na xestión e o uso racional dos recursos públicos, con independencia da concreta administración titular dos centros.

Esta lexislación sectorial autonómica é título idóneo para atribuír competencias as entidades locais, conforme a doutrina do TC (STC 41/2016).

E encanto os títulos competencias da Deputación Provincial a nivel da LSSG, 13/2008, cuxo artigo 63 en relación coa cooperación e colaboración administrativa, establece que as Deputacións Provinciais, de conformidade co previsto na normativa de réxime local, proporcionaranlles asistencia económica, técnica e xurídica aos concellos na execución das súas competencias en materia de servizos sociais, especialmente na prestación de servizos sociais comunitarios básicos por aqueles concellos con menos de vinte mil habitantes.

Resultan plenamente aplicables os fundamentos competenciais reflectidos no informe deste servizo de data 28 de xuño de 2018, emitido a efectos da súa aprobación.

Na cláusula sexta do convenio interadministrativo entre a Deputación Provincial de Lugo e o concello de A Pontenova para a execución dos fins comúns consistentes na construción do centro de atención a persoas maiores no municipio de A Pontenova, aprobado pola Xunta de Goberno de data 2 de febreiro de 2018, establécese a vixencia do mesmo ata o 31 de decembro de 2019. A cláusula quinta do mesmo dispón: “(...)“A modificación deste convenio poderá realizarse por mutuo acordo das partes, acreditando a concorrencia de interese común, e co límite substantivo de non alterar as condicións esenciais do documento inicial, e sempre e cando dito convenio este

vixente, respectando o límite temporal máximo de 4 anos previsto no artigo 49 da Lei 40/2015. A modificación do convenio levarase a cabo mediante addenda ao mesmo.”; con estas determinacións, a modificación pretendida do convenio podería levarse a cabo cumpríndose coa regulación legal establecida ao respecto, e as propias estipulacións conveniadas.

O art. 49 letra g) da Lei 40/2015, do 1 outubro, LRXP, precisa que réxime da modificación se pode incorporar o contido do convenio, tal e como sucede ca antedita cláusula.

As obrigas económicas xeradas trasládanse ao exercicio de 2020, coas cautelas preventivas propias dos gastos plurianuais.

O presente convenio ten natureza administrativa e queda excluído da lexislación de contratos en virtude do disposto no artigo 6 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspón ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, en relación co artigo 31 da LCSP, sobre potestade de autoorganización e sistemas de cooperación pública, neste caso horizontal.

En canto ao órgano competente, sinalar que segundo o artigo 59, apartado 18 do Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo, en relación co artigo 54.41 do mesmo regulamento, trátase dunha atribución que corresponde á Xunta de Goberno, por canto o importe do convenio ten unha contía superior á dos contratos menores (art. 59.8 ROD), en aplicación do regulamento orgánico publicado no BOP do 10 de marzo de 2011 e de conformidade coa circular de Secretaría Xeral de data 2 de novembro de 2018.

En consecuencia, infórmase favorablemente a proposta de modificación do Convenio a medio de addenda, onde se faga constar a modificación identificada no presente informe, dadas as razóns de interese xeral expostas, necesario para alcanzar os fins e obxectivos perseguidos co aquel sistema de cooperación (acción colaborativa).

Este informe substitúe o asinado para o mesmo fin na data de 21 de maio de 2019. “



Polo anteriormente exposto, propoño que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Modificar a cláusula primeira, terceira, cuarta e sexta do Convenio interadministrativo entre a Deputación Provincial de Lugo e o concello de A Pontenova para a execución dos fins comúns consistentes na construción do centro residencial do concello de A Pontenova, nos termos da addenda de modificación incorporada ao expediente e mantendo inalteradas o resto de cláusulas do Convenio interadministrativo de referencia.

2º.- Aprobar o gasto, en concepto de achega económica, por parte da Deputación, para o financiamento dos fins e actuacións contempladas no convenio, que ascende á contía complementaria de 703.757,03 € para a anualidade 2020 (que sumados ao importe anteriormente consignado de 1.200.000,00 € da un total de 1.903.757,03 €) con cargo a aplicación orzamentaria 2315.622 e 2315.622.55. A Deputación adquire este compromiso, supeditado ao cumprimento do principio de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira de incluír no orzamento da anualidade 2020 a cantidade de 703.757,03€”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Segundo.- *Proposta para aprobar o convenio interadministrativo de cooperación entre esta Deputación e o concello de Oulol para a execución dos fins comúns consistentes na construción do centro de atención a persoas maiores (Residencia de Maiores e Centro de Día) no municipio de Oulol.*

“Tendo en conta os informes e antecedentes incorporados ao expediente e visto o informe do Servizo de Contratación e Fomento, relativo ao Convenio Interadministrativo de referencia:

“Antecedentes de feito:

Escrito da Alcaldía en modelo normalizado, de 14 de maio de 2019, acompañado de memoria explicativa e xustificadora: explícanse os títulos competenciais, os compromisos asumidos por cada unha das partes e indícase o prazo de execución; incorpórase unha ampla xustificación, desde a perspectiva social e das necesidades ás que se trata de dar resposta e satisfacción, mediante a atención residencial ás persoas maiores, nun municipio do rural galego e no escenario temporal e demográfico actual.

Xúntase o anexo de orzamento e financiamento, declaración de outras axudas e o modelo de declaración responsable nesta relación de cooperación. Incorpórase aclaración referente a que o anexo orzamentario vai referido a construción do centro de atención a persoas maiores (CAM), sen incluír inicial o custe relativo a redacción de proxectos técnicos ben directamente ou ben con prestacións externalizadas.

Con data 23 de maio de 2019, a Alcaldía de Ourense, presenta escrito de nova solicitude acompañado de escrito para substituír a solicitude presentada anteriormente, por cambios no orzamento presentado.

Memoria valorada da construción de centro de día e residencia no municipio de Ourense, con orzamento.

Certificación catastral da parcela ofertada, xunto con resolución da Xunta de Galicia (Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria), sobre a desafección do CEIP Vicente Casabella, onde se propón encadrar a nova CAM de Ourense.

Orzamento de valoración de honorarios para redacción dos proxectos, estudio xeotécnico e informe de control da estrutura existente.

Informe da xefa da sección de Benestar e Igualdade, de data 23 de maio de 2019.

Incorpórase ao expediente minuta de convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o concello de Ourense.



Este Convenio ten por obxecto establecer as bases de cooperación, no marco dunha relación interadministrativa entre o Concello de Oulol e a Deputación Provincial de Lugo, en exercicio dunha competencia compartida, para acadar o obxectivo e fins comúns, da construción dun centro de atención a persoas maiores no municipio de Oulol: Non constitúen prestacións propias dos contratos; guiase por razóns de interese público e conforma unha canle para a satisfacción, con eficacia, sen necesidade de crear estruturas burocráticas con custes engadidos e disfuncións, daqueles fins comúns para o que se comprometen a realizar os seguintes investimentos:

INVESTIMENTO	ACHEGA FINANCEIRA DA DEPUTACIÓN	ACHEGA FINANCIERA DO CONCELLO OULOL
CONSTRUCCIÓN DO CENTRO DE ATENCIÓN A PERSOAS MAIORES NO MUNICIPIO DE OULOL (RESIDENCIA DA TERCEIRA IDADE E CENTRO DE DÍA)	1.370.800,00 €	200.000,00 €
REDACCIÓN PROXECTO BÁSICO E EXECUCIÓN, ESTUDIO XEOTÉCNICO, E INFORME DE CONTROL DA ESTRUCTURA EXISTENTE	54.450,00 €	
TOTAL	1.425.250,00 €	200.000,00€

Ambas administracións comprométense a realizar as tramitacións xurídico administrativas e técnicas que resulten necesarias para ese fin común, prestándose mutuamente a colaboración requirida e asumindo a obriga de desenvolver as actividades xurídico administrativas e técnicas necesarias para cumprir os compromisos, respectiva e reciprocamente, asumidos no convenio.

Estamos ante un gasto plurianual, e polo tanto o financiamento das anualidades de 2020, 2021, 2022 queda supeditado a dispoñibilidade orzamentaria e ao cumprimento do principio de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

A Deputación debe asumir o compromiso de incorporar aos orzamentos das anualidades:

Ano 2020: 475.250,00€

Ano 2021: 470.000,00€

Ano 2022: 450.000,00€

Fundamentos de dereito:

O artigo 111 do Real Decreto Legislativo 781/86 de 18 de abril, do texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, sinala que “as Entidades Locais poderán concertar os contratos, pactos ou condicións que teñan por conveniente, sempre que non sexan contrarios ó interese público, ó ordenamento xurídico ou ós principios de boa administración, e deberán cumprilos a teor dos mesmos, sen prexuízo das prerrogativas establecidas, no seu caso, a favor de ditas Entidades”.

O artigo 47 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, sinala a definición de convenios, establecendo que “son convenios os acordos con efectos xurídicos adoptados polas Administracións Públicas, os organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes ou as Universidades públicas ente si ou con suxeitos de dereito privado para un fin común.

Os convenios non poderán ter por obxecto prestacións propias dos contratos. En tal caso, a súa natureza e réxime xurídico axustarase ao previsto na lexislación de contratos do sector público”

(...)

Este mesmo artigo 47 sinala os tipos de convenios, ao establecer “Os convenios que subscriban as Administracións Públicas, os organismos públicos e as entidades de dereito público vinculados ou dependentes e as universidades públicas, deberán corresponder a algún dos seguintes tipos:

Convenios interadministrativos, asinados entre dúas ou mais Administracións públicas, ou ben entre dous ou mais organismos públicos ou entidades de dereito público vinculadas ou dependentes de distintas administracións públicas... (...).”

En canto aos requisitos de validez e eficacia dos convenios, o artigo 48 da amentada Lei 40/2015, establece “1. As Administracións Públicas poderán subscribir convenios con suxeito de dereito público e privado, sen que elo poida supoñer cesión de titularidade ou competencia; (...); 3.



A subscrición de convenios deberá mellorar a eficiencia da xestión pública, facilitar a utilización conxunta de medios e servizos públicos, contribuír a realización de actividades de utilidade pública e cumprir coa lexislación de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira; (...); 5. Os convenios que inclúan compromisos financeiros deberán ser financeiramente sostibles, debendo quen os subscriban, ter capacidade para financiar os asumidos durante a vixencia do convenio; 6. As aportacións financeiras que se comprometan a facer os asinantes non poderán ser superiores aos gastos derivados da execución do convenio; (...); 8.- Os convenios perfecciónanse pola prestación do consentimento das partes. (...)”

En canto ao contido dos convenios, o artigo 49 de Lei 40/2015, sinala que “deberán incluír, polo menos:

Suxeitos que subscriben o convenio e a capacidade xurídica con que actúa cada unha das partes.

A competencia na que se fundamente a actuación da Administración Pública.

O Obxecto do convenio e actuacións a realizar por cada suxeito para o seu cumprimento, indicando, no seu caso, a titularidade do resultado obtido.

Obrigas e compromisos económicos asumidos por cada unha das partes , se os houbera, indicando a súa distribución temporal por anualidades e a súa imputación concreta ao orzamento, de acordo co previsto na lexislacións orzamentaria.

Consecuencias aplicables no caso de incumprimentos das obrigas e compromisos asumidos por cada unha das partes, e no seu caso os criterios para determinar a posible sanción por incumprimento.

Mecanismos de seguimento, vixilancia e control da execución do convenio e dos compromisos adquiridos polos asinantes.

Réxime de modificación do convenio.

Prazo de vixencia do convenio, tendo en conta:

Os convenios deberán ter unha duración determinada, que non poderá ser superior a catro anos, salvo que por norma se prevea un prazo superior.

En calquera momento, antes de finalizar o prazo previsto, os asinantes poderán acordar de forma unánime a súa prórroga por un período de ata catro anos adicionais ou a súa extinción.

(...)”

O capítulo VI da LRSP non se aplica aos convenios de encomendas de xestión (art. 11 LRXSP), nin tampouco aso acordos de terminación convencional de procedementos administrativos.

A duración do convenio non debe superar os 4 anos de duración, contados dende a súa sinatura.

Aparte das previsións de cooperación das Deputacións cos Concellos, fixadas na lexislación de réxime local, a normativa común sobre o réximen xurídico do sector público alude, as relacións de cooperación interadministrativa (aplicables neste caso a dúas administracións municipais) como aparello técnico- administrativo manexado na proposta e no convenio analizado, no art. 3.1.k da Lai 40/2015, do 01 de outubro (LRXSP) ao indicar que “as administracións públicas, deberán respectar na súa actuación e relacións os principios de cooperación, colaboración e coordinación entre as Administracións Públicas”. Esta cooperación horizontal, resulta coherente cos principios que rexen as relacións interadministrativas tal e como se prevé no artigo 140 da mesma Lei, citando no seu apartado 1.a) “lealdade institucional” e concretando no artigo 141, na súa letra d) que consecuentemente aquelas deberán ”Prestar, no ámbito propio, a asistencia activas que as outras administracións puideran recadar para o eficaz exercicio das súas competencias”.

Ademais, conforme aos artigos 143 e 144 desta mesma Lei 40/2015, “ 1. As administracións cooperarán ao servizo do interese xeral podendo acordar de maneira voluntaria a



forma de exercer as súas respectivas competencias que mellor sirva a este principio. 2. A Formalización de relacións de cooperación requirirá a aceptación expresa das partes, formulada en acordos dos órganos de cooperación ou en convenios. (...). 2. Nos convenios e acordos nos que se formalice a cooperación preveranse as condicións e compromisos que asumen as partes que os subscriben. 3. Cada Administración pública manterá actualizado un rexistro electrónico dos órganos de cooperación nos que participe e de convenios que subscriba”.

A lexislación de réxime local tamén é consecuenta coa auto-organización a través de relacións de cooperación.

O artigo 30 do RDL 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, sinala:

“ 1.- A Deputación cooperará á efectividade dos servizos municipais, preferentemente dos obrigatorios, aplicando a tal fin: a) medios económicos propios da mesma que se asignen; b) subvencións ou axudas financeiras que conceda o estado ou CCAA; c) (...)

2.- A cooperación poderá ser total ou parcial, segundo aconsellen as circunstancias económicas dos Municipios interesados

3.- Os servizos a que debe alcanzar a cooperación serán, en todo caso, os relacionados como mínimos no artigo 26 da Lei 7/1985, de 2 de abril

(...)

6.- As formas de cooperación serán: (...) h) Subscrición de convenios administrativos; (...)”

A lexislación de réxime local de Galicia, nesa idea de potenciar a colaboración e cooperación entre as administracións públicas para a satisfacción dos intereses xerais, nun sistema multinivel de poder público, e por ende con intereses, obxectivos e fins comúns, a través da Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da administración local, precisa no seu artigo 3.3 que “non se entenderán como o exercicio de novas competencias, (...), f) a colaboración entre administracións entendida como o traballo en común para solventar os problemas comúns que poidan formularse alen de o concreto reparto competencial entre os distintos sectores da acción pública de acordo co ar. 193.2 da Lei 5/1997” –LALGA-, precepto este que regula a colaboración

entre as administracións públicas autonómicas, e tamén o auxilio administrativo do art. 193.4 da LALGA conceptualizado legalmente como o deber que teñen tódalas administracións de prestarlle apoio e asistencia activa as demais para que estas poidan exercer axeitadamente as súas competencias.

Son fins propios e específicos da Provincia garantir os principios de solidariedade e equilibrio intermunicipais, no marco da política económica e social (art. 31.2 LBRL). De acordo co establecido no artigo 36 LBRL modificado pola LRSAL unha competencia propia da Deputación é “a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito”.

No mesmo senso se pronuncia o artigo 109 da Lei de Administracións Local de Galicia (Lei 5/1997 do 22 de xullo) , ao sinalar que “é competencia propia da Deputación, en calquera caso, en xeral, o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia”, subliñando que as competencias propias das Deputacións son ademais das atribuídas polas leis do Estado, as asignadas no mesmo concepto polas leis das Comunidades Autónomas (artigo 36.1 LBRL na súa vixente redacción).

Entre as competencias das Deputacións Provinciais, o artigo 36 da citada LBRL sinala: “(...), b) Asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos Municipios, especialmente os de menor capacidade económica e de xestión; (...), d) A cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito. (...)”.

En aplicación do Artigo 36, letra d) da LRBRL “a Deputación da soporte aos concellos para a tramitación de procedementos administrativos e realización de actividades materiais e de xestión asumíndoas cando aqueles lles encomenden.”

Os artigos 114 e 115 da LRALG regulan respectivamente, a asistencia económica – financeira e a asistencia técnica aos concellos, aplicables aos fins deste convenio

O Parlamento de Galicia aprobou, en exercicio das competencias fixadas tanto no artigo



148.1.20, da C.E, como no artigo 27.23 do Estatuto de Autonomía de Galicia ao atribuír a Comunidade Autónoma de Galicia competencia exclusiva en materia de asistencia social, a Lei 13/2008, de 3 de decembro de servicios sociais de Galicia (da LSSG) normativa sectorial galega de servicios sociais, cuxo artigo 63 en relación coa cooperación e colaboración administrativa, establece que as Deputacións Provinciais, de conformidade co previsto na normativa de réxime local, proporcionaranlles asistencia económica, técnica e xurídica aos concellos na execución das súas competencias en materia de servizos sociais, especialmente na prestación de servizos sociais comunitarios básicos por aqueles concellos con menos de vinte mil habitantes; e ademais, a Xunta de Galicia (art. 64 LSSG) promoverá unha efectiva coordinación e cooperación cos concellos co fin de asegurar a calidade e unha cobertura equilibrada dos servizos sociais en todo o territorio, especialmente no que atinxe á creación e ao mantemento de servizos sociais comunitarios específicos, complementado neste punto nos artigos 25 e concordantes do Decreto 99/2012, do 16 de marzo.

E moi singularmente o novidoso artigo 64 bis introducido pola Lei 9/2017, do 26 de decembro, do Parlamento de Galicia, de medidas fiscais e administrativas, referente a promoción da colaboración interadministrativa para a creación, a xestión e o mantemento dos servizos sociais, a través da formalización de convenios administrativos de colaboración entre a administración autonómica (...) e as entidades locais para a creación, a xestión e o mantemento de servizos sociais, en especial no que respecta aos servizos comunitarios específicos, co fin de asegurar a calidade e unha cobertura equilibrada dos servizos sociais en todo o territorio así como os criterios de economía, eficiencia e eficacia na xestión e o uso racional dos recursos públicos, con independencia da concreta administración titular dos centros.

É obxecto deses convenios, en particular, a cesión de bens ás propias entidades locais, con destino á prestación por parte destas últimas de servizos sociais mediante centros de día e residencias (residencia), ou a cofinanciación dese equipamentos e centros nas condicións que neles se establezan.

Este precepto tamén precisa que as competencias que corresponden aos concellos en materia de creación, xestión e mantemento dos servizos sociais comunitarios en virtude do disposto no artigo 60 da propia lei, teñen o carácter de competencias propias atribuídas pola lexislación

autonómica, polo que para o exercicio de tales competencias polos concellos non serán esixibles os informes que prevé o artigo 3 da Lei 5/2014, do 27 de maio, para o caso de exercicio de competencias distintas das propias e das atribuídas por delegación.

A cooperación da Deputación Provincial cos concellos atribúese directamente polo ordenamento xurídico como unha competencia propia (cooperación competencial), aínda así a súa formalización require o consentimento da outra parte (o concello) para evitar que por medio da técnica de cooperación se limite a autonomía e o libre exercicio das funcións municipais.

No caso analizado (minuta de acordo) para construír o inmovble adicado a CAM do Concello de Ourel na parcela catastral 9643012PJ0294S0001UX, a través da rehabilitación do edificio existente, sendo titularidade do Concello de Ourel, de modo que a colaboración do ente provincial é de índole técnica e a cooperación de carácter económica.

En canto as competencias e fins do Concello de Ourel, en relación cos servizos sociais e, nomeadamente, este equipamento de servizos sociais comunitarios específicos, indícase o seguinte:

O artigo 25 da Lei 7/1985, de 02 de abril (en adiante LBRL) , na redacción dada pola Lei 27/2013, de 27 de decembro, de Racionalización e Sustentabilidade da Administración Local (LRSAL) establece que o municipio exercerá, en todo caso, como competencias propias, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, entre outras, a avaliación e información de situacións de necesidade social e a atención inmediata a persoas en situación ou risco de exclusión social (Art. 25.2 letra e).

Así a Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro (LRSAL) establece ,na súa disposición adicional primeira, que as competencias atribuídas ás entidades locais pola lexislación autonómica antes da entrada en vigor da LRSAL, continuarán exercéndoseas elas, rexéndose pola indicada lexislación ou, de ser o caso, polo dereito estatal aplicable como supletorio.

Na mesma liña, a disposición adicional cuarta da Lei 5/2014, en canto a asunción pola Comunidade Autónoma das competencias relativas á educación, saúde e servizos sociais, ao



precisar que continuarán prestándose polos municipios mentres non se dean as condicións previstas para o seu traspaso na normativa básica e, en particular, o establecemento do novo sistema de financiamento autonómico e das facendas locais previsto nela.

A maiores, no Art. 3.3 Lei 5/2014 concrépanse aquelas actividades que non se entenden como o exercicio de novas competencias, entre as que cita na letra f) A colaboración entre administracións entendida como o traballo en común para a solución daqueles problemas, tamén comúns, que poidan formularse máis alá da concreta repartición competencial nos distintos sectores da acción pública, de acordo co artigo 193.2 da Lei 5/1997 e na letra g) O auxilio administrativo, de acordo co disposto no artigo 193.4 da Lei 5/1997, conceptuado legalmente como o deber que teñen tódalas administracións de prestarlles apoio e asistencia activa as demais para que estas poidan exercer axeitadamente as súas competencias.

O artigo 60 da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de Servizos Sociais de Galicia, establece como competencias dos concellos, entre outras, no marco da planificación e ordenación xeral do sistema galego de servizos sociais, a creación, a xestión e o mantemento dos servizos sociais comunitarios básicos, así como, a xestión e o mantemento dos servizos sociais comunitarios específicos, sen prexuízo do establecido no artigo 59.i da mesma, debendo garantir todos os concellos de Galicia, como mínimo, a prestación de servizos sociais comunitarios básicos de titularidade municipal. Por outra banda, para a mellor atención das necesidades sociais do seu ámbito territorial, e unha vez garantida a prestación dos servizos sociais comunitarios básicos e demais competencias enumeradas no artigo 60, os concellos de Galicia poderán crear, xestionar e manter servizos sociais especializados, en coordinación coa Xunta de Galicia e de acordo co Catálogo de servizos sociais e a planificación correspondente, consonte co previsto no artigo 62 da LSSG, referente as actividades municipais complementarias doutras administracións públicas.

Resulta tamén moi apropiado o citado e novidoso artigo 64 bis da LSSG.

Estas determinacións cadran co previsto na Lei de desenvolvemento sustentable do medio rural (Lei 45/2007, do 13 de decembro), artigos 2, 3, 34 e concordantes sobre obxectivos, definición do medio rural e financiamento polas administracións públicas das medidas de desenvolvemento do medio rural.

Respecto da aplicación desta normativa sectorial, indicar como a STC 41/2016, de 3 marzo, interpreta o artigo 25 da LBRL (reformado pola LRSAL), declarando que as Leis das comunidades autónomas poden atribuír competencias propias ao igual que outras leis estatais sectoriais.

A Deputación, segundo o establecido no convenio, prevese que sexa o órgano de contratación na licitación e adxudicación das obras do complexo residencial ao igual que na súa execución, deberá axustarse á lexislación contractual e sectorial de aplicación.

É responsabilidade do Concello de Ourol tramitar e conceder as autorizacións, licenzas e permisos de competencia municipal necesarias para a execución das obras, con celeridade. Igualmente, poñer a disposición da Deputación Provincial, a través das distintas formulas que permite o ordenamento xurídico, a parcela catastral 9643012PJ0294S0001UX, a fin de que a Deputación poida contratar e executar as obras necesarias para dotar dun centro de atención a persoas maiores ao municipio de Ourol.

Unha vez executadas as obras e recibidas polo órgano de contratación efectuaranse as operacións xurídico patrimoniais necesarias para a efectiva prestación de servizos sociais no equipamento (continente) construído para tales fins (art. 144.1.g LRXSP, art. 17 e/ou 25 da Lei 5/2011, do 30 de setembro, de Patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia, aplicables ás entidades locais, en virtude da súa disposición adicional segunda.

Ambas partes deben dar cumprimento as obrigas de facer e de dar (achegas) estipuladas no convenio interadministrativo de cooperación.

Sinalar que o convenio interadministrativo se configura como unha relación xurídica bilateral voluntaria, na que concorren competencias e fins comúns a todas as entidades, tanto pola causa, como polos fins e mesmo o seu ámbito, entendendo que a colaboración horizontal interadministrativa contribúe eficazmente á satisfacción dun fin público compartido, colaboración admitida tanto pola lexislación do réxime local estatal e autonómico, como polo artigo 12.4 da Directiva 2014/24, UE, do Parlamento Europeo, segundo se recolle na guía de colaboración pública horizontal (público– público).



A propia Xunta de Galicia ao abeiro do establecido na Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico regula diversos mecanismos de colaboración dentro do sector público e puxo en circulación a chamada guía de colaboración público- público da Comunidade Autónoma de Galicia, que serve de acervo xurídico- administrativo a tomar como referencia.

Determinacións que se incorporan ao artigo 31 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público a referirse a potestade de autoorganización e aos sistemas de cooperación pública, neste caso horizontal, vía convenio e sen que os resultados desa cooperación poda cualificarse de contractual , cumprindo as condicións enmarcadas no Artigo 6,1 da mesma Lei de contratos do sector público (lograr os obxectivos compartidos, guiándose por consideracións de interese público) e ponderando que as administracións públicas que interveñen non teñen vocación de mercado.

Esta relación interadministrativa de cooperación enmarcarase, xa que logo, na estrutura dunhas administracións ordenadas para remover os obstáculos que impidan ou dificultan que a igualdade e liberdade dos individuos e dos grupos en que se integran sexan reais e efectivos, onde todas as administración públicas deberán cooperar no desenvolvemento de medidas encamiñadas a prestación dun servizo cualificado como público pola lexislación sectorial galega de servizos sociais.

Lei 13/2008, do 3 de decembro, que obriga aos poderes públicos galegos a garantir a prestación dos servizos sociais como un dereito recoñecible e esixible polas persoas que lles correspondan en función da avaliación obxectiva das súas necesidades (Art. 1.2).

A subscripción deste convenio mellora a eficiencia na xestión pública, contribúe á utilización conxunta de medios e servizos públicos, etc., e ademais encádrase no deber de colaboración e asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos concellos sinalada no artigo 36 da Lei 7/85, de Bases de réxime local. Estamos ante unha acción colaborativa pública de orde prestacional e de carácter horizontal.

Neste sentido, o propio artigo 57 da LBRL da preferencia á subscripción de convenios, antes que a outras técnicas de cooperación como os consorcios, como un instrumento eficaz na asignación de recursos públicos.

No convenio concretase o seu ámbito territorial e a entidade que debe asumir os seus resultados e reflicte o contido pautado no Artigo 49 da Lei 40/2015, do 1 de outubro (LRXSP).

O presente convenio ten natureza administrativa e non lle é de aplicación a Lei de contratos do sector público á vista do disposto no artigo 6 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspón ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014: “Quedan excluídos do ámbito da presente Lei os convenios, cuxo contido non este comprendido no dos contratos regulados nesta Lei ou en normas administrativas especiais celebrados entre si pola Administración Xeral do Estado, as Entidades Xestoras e os Servizos Comúns da Seguridade Social, as Universidades Públicas, as Comunidades Autónomas e as Cidades Autónomas de Ceuta e Melilla, as Entidades locais, as entidades con personalidade xurídico pública dependentes delas e as entidades con personalidade xurídico privada, sempre que, neste último caso, teñan a condición de poder adxudicador. A súa exclusión queda condicionada ao cumprimento das seguintes condicións (...)”. Neste caso, cúmprense as condicións fixadas ao efecto polo parágrafo 1º deste artigo sexto (letras a, b, c) xa que as entidades intervincentes non teñen vocación de mercado (...), o convenio establece unha cooperación entre as entidades coa finalidade de garantir que os servizos públicos que lles incumben se presten de xeito que se acaden os obxectivos que teñen en común e, que o desenvolvemento da cooperación se guía unicamente por consideracións relacionadas co interese público. Ademais, no artigo 31.1 desta Lei, relativo á potestade de autoorganización e sistemas de cooperación pública vertical e horizontal, establécese que:

“As entidades pertencentes ao sector público poderán cooperar entre si dalgunha das seguintes formas, sen que o resultado desa cooperación poida calificarse de contractual:

(...)b) Mediante sistemas de cooperación horizontal entre entidades pertencentes ao sector público, previa celebración dos correspondentes convenios, nas condicións e cos límites que se establecen no apartado 1 do artigo 6. (...)”.



Nestes supostos de relación interadministrativa de cooperación entre administracións públicas, con prestacións para un mesmo fin, entre as partes que interveñen (contraprestacións) e/ou que as administracións que os subscriben ostentan competencias compartidas de execución (ademais de actuar “*conveniendi causa*”), non é de aplicación a lexislación xeral de subvencións, sen prexuízo de tomala como marco de referencia na xustificación dos fondos, de conformidade co establecido no artigo 2.4 do RD 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o RXLS e demais normativa de concordante aplicación. Pode terse en conta na CCAA de Galicia, o artigo 2.3 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de subvencións de Galicia (Lei 9/2007), que aínda que non resulta aplicable ás EELL, pode tomarse como referencia.

En canto ao órgano competente sinalar que segundo o artigo 59, apartado 18 do Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo, en relación co artigo 54.41 do mesmo regulamento, trátase dunha atribución que corresponde á Xunta de Goberno, por canto o importe do convenio ten unha contía superior á dos contratos menores (art. 59.8 ROD).

Así pois a proposta de convenio é axustada á regulamentación específica que se contempla nos artigos referidos, polo que se informa favorablemente .

Este informe substitúe o asinado para o mesmo fin en data 23 de maio de 2019.”

Polo anteriormente exposto, propoño que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Aprobar o texto do Convenio Interadministrativo a subscribir entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Ourense para a execución dos fins comúns consistentes na construción de centro de atención a persoas maiores nese municipio, cun orzamento total de 1.625.250,00€: A achega da Deputación ascende a contía 1.425.250,00€ e a do Concello de Ourense a 200.000,00€.

2º.- Aprobar o gasto, en concepto de achega económica, por parte da Deputación, para o financiamento dos fins e actuacións contempladas no convenio, que ascende á contía máxima de 1.425.250,00 € con cargo a aplicación orzamentaria 2315.650.09, coa seguinte distribución por anualidades:

Exercicio económico 2019: 30.000€

Exercicio económico 2020: 475.250€

Exercicio económico 2021: 470.000€

Exercicio económico 2022: 450.000€

A Deputación adquire o compromiso, supeditado ao cumprimento do principio de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira de incluír no orzamento da anualidade 2020 a cantidade de 475.250€, na anualidade 2021 a cantidade de 470.000€ e na anualidade 2022 a cantidade de 450.000€”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Terceiro.- *Convenio de cooperación entre esta Deputación e a Universidade de Santiago de Compostela (USC) para a realización da actividade consistente en: “Actualización, análise, mantemento e mellora da enquisa da infraestrutura e equipamentos locais para os concellos da provincia de Lugo (EIEL 2018 e EIEL 2019)”.*

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Vistos o Informe– proposta do Responsable da EIEL na Deputación, de data 15 de maio de 2019 e o Informe do Servizo de Contratación e Fomento, de data 20 de maio de 2019 conformado pola Secretaría Xeral, relativos ao Convenio de Cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e a Universidade de Santiago de Compostela (USC) para a realización da actividade consistente en actualización, análise, mantemento e mellora da enquisa de infraestrutura



e equipamentos locais para os concellos da provincia de Lugo (EIEL 2018 e EIEL 2019); en concerto, este último Informe, no que literalmente se precisa:

“Asunto:

En relación co asunto de referencia emito o seguinte informe:

Antecedentes de feito

A Deputación de Lugo ten entre os cometidos asignados pola normativa legal a asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos Concellos, especialmente os de menor capacidade económica e de xestión. Así como a cooperación no desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial.

A Universidade de Santiago de Compostela (en adiante USC) é unha entidade de dereito público que ten entre os seus obxectivos o fomento dos programas de investigación, formación e difusión, como apoio científico e técnico ao desenvolvemento cultural e social, obxectivos que se encadran dentro das funcións docentes, científicas, técnicas e de servizo público previstas na normativa vixente.

Segundo consta no informe proporcionado pola Universidade de Santiago de Compostela, en data 16 de maio de 2019, o Laboratorio do Territorio (LaboraTe) é parte do grupo de investigación e docencia (G.I.-1934-TB da USC) que nace no 1995, e ten as súas orixes nos Laboratorios do Territorio e Laboratorio de Biodiversidade creados no Campus de Lugo en 1995. Está integrado dentro da Escola Politécnica Superior de Enxeñería, e formado por profesores e investigadores de cinco áreas de coñecemento diferentes (enxeñería cartográfica, xeodésica e fotogrametría; expresión gráfica da enxeñería; linguaxes e sistemas informáticos; produción vexetal; botánica), cuxo principal ámbito de traballo é o territorio; máis concretamente o territorio rural.

A coordinación do Laboratorio do Territorio recae no profesor David Miranda Barrós.

As súas liñas de investigación, docencia, desenvolvemento e investigación estarían constituídas por:

- A ordenación do territorio.
- O desenvolvemento rural.
- A tenencia da terra e Xestión do Territorio.
- A planificación da paisaxe.
- Os sistemas de Información Xeográfica (SIX), fotometría e teledetección.
- Xeocomputación.
- A cooperación para o desenvolvemento.
- Fotogrametría dixital.
- Xestión da biodiversidade.
- Ecoloxía da paisaxe.
- Humedais.
- Arqueometría.
- Etnobotánica.

No punto 1.3. do informe recóllese que:

“A misión xeral do grupo é contribuír a un desenvolvemento integral do medio rural que orixine unha mellora na calidade de vida dos seus habitantes. Para elo trata de integrar dende unha visión horizontal a investigación, a docencia, o desenvolvemento e a innovación. Este enfoque horizontal e sistémico promove e obriga ao establecemento e mantemento de liñas de traballo e proxectos con outros grupos de investigación universitario, administracións, empresas, e outros axentes sociais que comparten esta visión. En contra do que soe ocorrer na investigación, esta visión pretende encher os ocos existentes nos “ecotonos” ou espazos fronteira entre as distintas disciplinas científicas e áreas de coñecemento”.

Con data 10 de abril de 2019, tivo entrada no Rexistro Xeral da Deputación solicitude de Convenio de colaboración para a realización conxunta pola Universidade de Santiago de Compostela e a Deputación Provincial de Lugo dunha actividade na que conflúen os respectivos títulos competenciais para o fin común de actualización, análise, mantemento e mellora da EIEL



2018 e EIEL 2019. Acompañan a solicitude sendos informes asinados polo Coordinador do Grupo de Investigación Territorio e Biodiversidade (G.I. 1934) e coordinador do SIT (Sistema de Información Territorial) da Universidade de Santiago de Compostela, Sr. D. David Miranda Barrós, nos que se fai referencia á posibilidade de asinar un convenio de colaboración entre a Deputación Provincial de Lugo e a Universidade de Santiago de Compostela, para desenvolver unha serie de actividades en relación coa EIEL 2018 e a EIEL 2019.

Máis concretamente, en relación coa EIEL 2018:

“1. Actualización da información almacenada na base de datos espacial e Sistema de Información Xeográfica (SIX) da EIEL-2018, consistente na recompilación dos datos procedentes de proxectos de obras de infraestruturas, execución de equipamentos municipais, e de calquera outra obra de interese que están terminadas e/ou que están en execución.

2. Mellora da base de datos co estudo de novas entidades de poboación (que posúan entre 5 e 10 vivendas), nun total de 16 concellos, o que permitirá aumentar a cobertura da enquisa.

3. Actualización e mantemento do nodo IDEAL (Infraestrutura de Datos Espaciais da Administración Lucense) incluíndo actualización profunda das librerías e ferramentas que compoñen o servidor WEB.

4. Impartirase un curso en Sistemas de Información Xeográfica (SIX) a técnicos municipais en relación coa EIEL e outra información de ámbito municipal.

5. Asistencia a concellos da provincia de Lugo en dúbidas relacionadas coa EIEL, así como en xeral sobre programas SIX. Subministración de información sobre a EIEL a aquelas entidades, empresas e particulares que a soliciten”.

E, en relación coa EIEL 2019:

“1. Actualización da información almacenada na base de datos espacial e Sistema de Información Xeográfica (SIX) da EIEL-2019, consistente na recompilación dos datos procedentes de proxectos de obras de infraestruturas, execución de equipamentos municipais, e de calquera outra obra de interese que están terminadas e/ou que están en execución.

2. Mellora da base de datos co estudo de novas entidades de poboación (que posúan entre 5 e 10 vivendas), nun total de 15 concellos, o que permitirá aumentar a cobertura da enquisa.

3. Actualización e mantemento do nodo IDEAL (Infraestrutura de Datos Espaciais da Administración Lucense), modernización da interface da páxina WEB no seu conxunto, coa fin de adaptarse ás últimas versións de navegadores WEB.

4. Impartirase un curso en Sistemas de Información Xeográfica (SIX) a técnicos municipais en relación coa EIEL e outra información de ámbito municipal.

5. Asistencia a concellos da provincia de Lugo en dúbidas relacionadas coa EIEL, así como en xeral sobre programas SIX. Subministración de información sobre a EIEL a aquelas entidades, empresas e particulares que a soliciten”.

Asemade, indícase no mesmo informe, que a Universidade de Santiago de Compostela actuaría representada polo Laboratorio do Territorio (LaboraTe).

Consta no expediente Memoria Técnica relativa ao Convenio de servizo de actualización, análise, mantemento e mellora da Enquisa de Infraestrutura e Equipamentos Locais para os Concellos da provincia de Lugo. Fase dos anos 2018 e 2019 (EIEL 2018 e EIEL 2019), de data 29 de abril de 2019, debidamente asinada polo responsable da Enquisa de Infraestrutura e Equipamentos Locais, Sr. D. Francisco Velayos Pardo. Con posterioridade, en data 15 de maio de 2019, achégase unha nova memoria.

Consta no expediente informe de data 29 de abril de 2019, debidamente asinado polo responsable da Enquisa de Infraestrutura e Equipamentos Locais, Sr. D. Francisco Velayos Pardo, do seguinte teor literal:

“Que examinada la propuesta económica presentada por la Universidad de Santiago de Compostela (USC) para la elaboración de la EIEL-2018 y EIEL-2019 y trabajos complementarios, en la cual se comprometen a realizar dicho trabajo por la cantidad de 182.000 €, el responsable de la EIEL considera correcta esta cantidad ajustándose a los precios de mercado”. O antedito informe foi complementado en data 15 de maio de 2019.

Consta minuta de Convenio de colaboración, solicitude de consignación orzamentaria e proposta de acordo.



O Grupo de Investigación G.I.-1934-TB da USC, do que forma parte o LaboraTe, ven participando na elaboración da Enquisa de Infraestructuras e Equipamentos Locais (EIEL) dende o ano 2001.

Existen diferentes precedentes de convenios nos que participou o Grupo de Investigación G.I.-1934-TB, entre os que se atopa o Convenio de cooperación entre o Instituto de Estudos do Territorio e a Universidade de Santiago de Compostela para a colaboración nas Directrices da Paisaxe de Galicia, asinado no ano 2016.

O nomeado Grupo de Investigación está composto por 8 investigadores, 4 investigadores en formación e 9 persoas que realizan funcións como persoal de apoio. En data 16 de maio de 2019, achéganse escrito sobre convención do persoal adscrito á prestación determinada polo convenio, a saber:

- Inés Santé Riveira: Profesora Titular a tempo completo da USC, adscrito ao Depto. de Enxeñería Agroforestal.
- Marcos Boullón Magán: Profesor Interino en substitución da USC, adscrito ao Depto. de Electrónica e Computación.
- David Miranda Barrós: Profesor titular da USC, adscrito ao Depto. de Enxeñería Agroforestal e Coordinador do grupo de Investigación Territorio e Biodiversidade (G.I. 1934).

Consideracións xurídicas

Establece o artigo 4.4 dos Estatutos da USC que, para o mellor desenvolvemento das súas funcións, a Universidade de Santiago de Compostela: “(...)propiciará o establecemento de relacións con outras Universidades, organizacións e institucións, e moi en particular coas de carácter académico, científico e cultural. (...)”.

A USC cualifícase estatutariamente como Administración Pública vinculada á Comunidade Autónoma de Galicia (artigo 1 dos Estatutos da USC, aprobados por Decreto 14/2014, do 30 de xaneiro e publicados no DOG nº 29 do 12 de febreiro de 2014).

Segundo se establece no artigo 11 dos seus Estatutos, a USC conta con persoal docente e investigador, integrado polo persoal funcionario dos corpos docentes universitarios, polo persoal contratado para funcións docentes e investigadoras e polo persoal investigador en formación.

Son fins propios e específicos da Provincia garantir os principios de solidariedade e equilibrio intermunicipais, no marco da política económica e social (art. 31.2 LBRL). De acordo co establecido no artigo 36 LBRL modificado pola LRSAL unha competencia propia da Deputación é “a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito”. No mesmo senso se pronuncia o artigo 109 da Lei de Administracións Local de Galicia, ao sinalar que “é competencia propia da Deputación, en calquera caso, en xeral, o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia”, subliñando que as competencias propias das Deputacións son ademais das atribuídas polas leis do Estado, as asignadas no mesmo concepto polas leis das Comunidades Autónomas (artigo 36.1 LBRL na súa vixente redacción). Entre as competencias das Deputacións Provinciais, o artigo 36 da citada LBRL sinala: “(...), b) Asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos Municipios, especialmente os de menor capacidade económica e de xestión; (...), d) A cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito. (...)”.

Neste senso e seguindo o establecido no artigo 26 do referido texto legal, os municipios para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, poden promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal nos termos previstos neste artigo.

Que, de acordo co establecido no artigo 3 do RD 835/2003, de 27 de xuño polo que se regula a cooperación económica do Estado ás Inversións das Entidades Locais, a cooperación económica local estará integrada, entre outras, pola seguinte liña de axuda:

“Aportación a las inversiones incluidas en los Planes provinciales e insulares de cooperación a las obras y servicios de competencia municipal, con prioridad de aquellas necesarias para la efectiva prestación de los servicios obligatorios enumerados en el artículo 26 de la Ley



7/1985, de 2 de abril, reguladora de las Bases de Régimen Local, sin perjuicio de que se puedan incluir otras obras y servicios que sean de competencia municipal, de acuerdo con lo establecido en el artículo 25 de la misma ley (...).”.

Que para a análise e valoración das necesidades dotacionais no ámbito local, e aos efectos da cooperación económica local do Estado, utilízase como instrumento obxectivo básico a Enquisa de Infraestrutura e Equipamentos Locais (EIEL) “...elaborada según metodología común por las diputaciones provinciales, con la colaboración técnica del Ministerio de Administraciones Públicas” (Art. 4. 1 do RD 835/2003, de 27 de xuño polo que se regula a cooperación económica do Estado ás Inversións das Entidades Locais).

O obxectivo da EIEL é diagnosticar os posibles desequilibrios existentes entre os diferentes municipios en materia de infraestructuras e equipamentos, a través da formación dun inventario de ámbito nacional de carácter censal, con información precisa e sistematizada dos municipios con poboación inferior aos 50.000 habitantes.

Establece o artigo 4.3 do RD 835/2003, de 27 de xuño polo que se regula a cooperación económica do Estado ás Inversións das Entidades Locais que, a actualización e mantemento da EIEL será levada a cabo polas entidades que participen na súa elaboración; no presente caso, pola Deputación Provincial de Lugo.

O artigo 30 do RDL 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, sinala:

“1.- A Deputación cooperará á efectividade dos servizos municipais, preferentemente dos obrigatorios, aplicando a tal fin: a) medios económicos propios da mesma que se asignen; b) subvencións ou axudas financeiras que conceda o estado ou CCAA; c) (...)

2.- A cooperación poderá ser total ou parcial, segundo aconsellen as circunstancias económicas dos Municipios interesados

(...)

6.- As formas de cooperación serán: (...)

h) Subscrición de convenios administrativos (...).

O artigo 111 do Real Decreto Lexislativo 781/86 de 18 de abril, do texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, sinala que as Entidades Locais poderán concertar os contratos, pactos ou condicións que teñan por conveniente, sempre que non sexan contrarios ó intereses público, ó ordenamento xurídico ou ós principios de boa administración, e deberán cumprilos a teor dos mesmos, sen prexuízo das prerrogativas establecidas, no seu caso, a favor de ditas Entidades.

O marco xurídico dos convenios establécese nos artigos 47 e seguintes da Lei 40/2015 do 1 de outubro do Réxime Xurídico do Sector Público. En particular, no artigo 47 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, establécese a definición do que debe entenderse por convenio. Así:

“Son convenios os acordos con efectos xurídicos adoptados polas Administracións Públicas, os organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes ou as Universidades públicas entre si ou con suxeitos de dereito privado para un fin común. (...)”.

O mentado artigo fai referencia, no seu punto segundo, á tipoloxía de convenios establecendo que:

“2. Os convenios que subscriban as Administracións Públicas, os organismos públicos e as entidades de dereito público vinculados ou dependentes e as universidades públicas, deberán corresponder a algún dos seguintes tipos:

a) Convenios interadministrativos, asinados entre dúas ou mais Administracións públicas, ou ben entre dous ou mais organismos públicos ou entidades de dereito público vinculados ou dependentes de distintas administracións públicas, e que poderán incluír a utilización de medios, servizos e recursos de outra Administración Pública, organismo público ou entidade de dereito público vinculado ou dependente, para o exercicio de competencias propias ou delegadas. (...)”.



A USC ten a cualificación de Administración Pública, e por iso, o convenio que nos ocupa se pode considerar como Interadministrativo.

En canto aos requisitos de validez e eficacia do convenio, o artigo 48 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, establece:

“1. As Administracións Públicas (...) poderán subscribir convenios con suxeito de dereito público e privado, sen que elo poida supoñer cesión de titularidade ou competencia.

2.(...).

3. A subscrición de convenios deberá mellorar a eficiencia da xestión pública, facilitar a utilización conxunta de medios e servizos públicos, contribuír a realización de actividades de utilidade pública e cumprir coa lexislación de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira.

4. (...).

5. Os convenios que inclúan compromisos financeiros deberán ser financeiramente sostibles, debendo quen os subscriban, ter capacidade para financiar os asumidos durante a vixencia do convenio.

6. As aportacións financeiras que se comprometan a facer os asinantes non poderán ser superiores aos gastos derivados da execución do convenio.

7. (...).

8.- Os convenios perfecciónanse pola prestación do consentimento das partes.

(...)”

En canto ao contido do convenio, o artigo 49 de Lei 40/2015, sinala que “deberán incluír, polo menos:

Suxeitos que subscriben o convenio e a capacidade xurídica con que actúa cada unha das partes.

A competencia na que se fundamente a actuación da Administración Pública, dos organismos públicos e as entidades de dereito público vinculadas ou dependentes dela ou das Universidades Públicas.

O obxecto do convenio e actuacións a realizar por cada suxeito para o seu cumprimento, indicando, no seu caso, a titularidade do resultado obtido.

Obrigas e compromisos económicos asumidos por cada unha das partes , se os houbera, indicando a súa distribución temporal por anualidades e a súa imputación concreta ao orzamento, de acordo co previsto na lexislación orzamentaria.

Consecuencias aplicables no caso de incumprimentos das obrigas e compromisos asumidos por cada unha das partes, e no seu caso os criterios para determinar a posible sanción por incumprimento.

Mecanismos de seguimento, vixilancia e control da execución do convenio e dos compromisos adquiridos polos asinantes. Este mecanismo resolverá os problemas de interpretación e cumprimento que poidan plantexarse respecto aos convenios.

Réxime de modificación do convenio. A falta de regulación expresa a modificación do contido do convenio requirirá o acordo unánime dos asinantes.

Prazo de vixencia do convenio, tendo en conta as seguintes regras:

Os convenios deberán ter unha duración determinada, que non poderá ser superior a catro anos, salvo que por norma se prevea un prazo superior.

En calquera momento, antes da finalización do prazo previsto no apartado anterior, os asinantes do convenio poderán acordar de xeito unánime a súa prórroga por un período de ata catro anos adicionais ou a súa extinción. (...)”.

Segundo o artigo 51 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, producirase a extinción do convenio polo cumprimento das actuacións que constitúan o seu obxecto, ou por incorrer en causas de resolución tales como: o transcurso do prazo de vixencia do mesmo sen acordarse prórroga; o acordo unánime dos asinantes; o incumprimento das obrigas e



compromisos adquiridos no mesmo por algunha das partes; por decisión xudicial declarativa da nulidade do convenio, ou por calquera outra causa prevista no convenio ou na Lei.

No artigo 52 da renomeada Lei 40/2015, establécense os efectos da resolución do convenio. Así, indica o mesmo que: “O cumprimento e resolución dos Convenios dará lugar á liquidación dos mesmos co obxecto de determinar as obrigas e compromisos de cada unha das partes”, establecendo nos seus puntos 2º e 3º unha serie de regras a ter en conta para o caso de que o convenio leve aparelado un compromiso financeiro, ou se produza a resolución do convenio con actuacións en curso de execución.

Debe terse en conta á hora da celebración do presente convenio, e en relación coas relacións interadministrativas que se crean, o establecido nos artigos 140 a 143 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, onde se indican unha serie de principios, deberes e técnicas de colaboración e cooperación que deben aplicarse ao presente acordo.

A estes efectos, lembrar a natureza xurídica da USC como Sector Público, en aplicación do previsto no artigo 2.2 c) LRXSP, rexíndose pola normativa específica; esta cualifica como Administración Pública vinculada á Comunidade Autónoma de Galicia (art.1.2 dos Estatutos da USC, aprobados polo Decreto 14/2014, do 30 de xaneiro (DOGA do 12 de febreiro de 2014).

Debe tomarse en consideración que a presente colaboración reúne á Universidade de Santiago de Compostela (USC) e á Deputación de Lugo nun compromiso conxunto que vai dirixido a favorecer o desenvolvemento equilibrado e sostible dos municipios da provincia de Lugo, tentando diagnosticar os posibles desequilibrios intermunicipais existentes en materia de infraestructuras e equipamentos, e dotar aos diferentes núcleos de poboación dos servizos locais mínimos e obrigatorios que se establecen no artigo 26 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Xeral.

A cooperación e coordinación das actuacións realizadas polas partes, ao amparo deste convenio xerará un importante valor engadido ás actuacións e iniciativas promovidas por cada unha delas nos seus respectivos ámbitos de actuación, con achegas das dúas partes.

Establece o artigo 3.3 da Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da administración local que, en particular, “non se entenderá como o exercicio de novas competencias “a colaboración entre administracións, entendida como o traballo en común para a solución de aqueles problemas, tamén comúns, que puideran formularse mais aló do concreto reparto de competencias nos distintos sectores da acción pública, de acordo co artigo 193.2 de la Lei 5/1997”, da administración local de Galicia, que precisamente reflicte este e concepto.

Sinalar que o convenio de cooperación se configura como unha relación xurídica bilateral voluntaria, na que concorren competencias e fins comúns a todas as entidades, tanto pola causa, como polos fins e mesmo o seu ámbito, entendendo que a colaboración horizontal interadministrativa contribúe eficazmente á satisfacción dun fin público compartido, colaboración admitida tanto pola lexislación do réxime local estatal e autonómico, como polo artigo 12.4 da Directiva 2014/24, UE, do Parlamento Europeo, segundo se recolle na guía de colaboración pública horizontal (público– público), da lexislación xurídica xeral da Xunta de Galicia.

O artigo 31.1 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, incorpora ao Dereito Interno esa previsión das Directivas dos Contratos, no sentido de que as entidades pertencentes ao Sector Público (neste suposto Administracións Públicas, en base á potestade de autoorganización, poden cooperar horizontalmente, empregando a figura dos convenios prevista no artigo 6.1 da propia LCSP.

O presente convenio ten natureza administrativa e non lle é de aplicación a Lei de Contratos do Sector Público á vista do disposto no artigo 6.1 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, que sinala que quedan excluídos do eido da citada lei: “...os convenios cuxo contido non estea comprendido no dos contratos regulados nesta Lei ou en normas administrativas especiais celebrados entre sí pola Administración Xeral do Estado, as Entidades Xestoras e os Servizos Comúns da Seguridade Social, as Universidades Públicas, as Comunidades Autónomas e as Cidades Autónomas de Ceuta e Melilla, as Entidades Locais, as entidades con personalidade xurídico pública dependente delas e as entidades con personalidade xurídico privada, sempre que, neste último caso, teñan a condición de poder adxudicador (...)”.



Nestes supostos de colaboración entre administracións públicas, con contraprestacións entre os beneficiarios ou que as administracións que os subscriben ostentan competencias compartidas de execución (ademais de actuar “*conveniendi causa*”), no é de aplicación a lexislación xeral de subvencións, sen prexuízo de tomala como marco de referencia na xustificación dos fondos, de conformidade co establecido no artigo 2.4 do RD 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o RXLS e demais normativa de concordante aplicación. Na Comunidade Autónoma galega (aínda que non aplicable, en principio, ás entidades locais, artigo 1.3), o artigo 2.3 do Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, establece unha regulación semellante ó RXLS estatal.

“*A fortiori*”, non deben pasar desapercibidas as tarefas de Investigación e desenvolvemento que executa a USC a través de LaboraTe (Laboratorio do Territorio), con fundamento no establecido na Lei 14/2011, do 1 de xuño, de Ciencia, Tecnoloxía e a Innovación; particularmente, no artigo 34, sobre Convenios; mesmo en relación co artigo 8 da propia LCSP.

En canto ao órgano competente do ente provincial o artigo 59.b) 18 do Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo (BOP Nº 56, de 10 de marzo de 2011), en relación co artigo 57.20 e o artigo 54.41 do mesmo texto (segundo Circular da Secretaría Xeral, de data 2 de novembro de 2018) , lévanos a entender que a competencia é da Xunta de Goberno posto que o importe económico do convenio, sumando as aportacións das dúas entidades administrativas que participan, supera o importe dos contratos menores. (...)”.

Polo anteriormente exposto, proponse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Aprobar o texto do convenio de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e a Universidade de Santiago de Compostela para a realización da actividade consistente na actualización, análise, mantemento e mellora da Enquisa de Infraestrutura e equipamentos locais para os concellos da provincia de Lugo (EIEL 2018 e EIEL 2019), cun orzamento total de 198.000,00 € na modalidade de gasto plurianual:

A achega da Deputación Provincial é de: 182.000,00€.

A achega da USC é de: 16.000,00€.

A distribución anual consta no apartado seguinte.

2º.- Aprobar o gasto plurianual, en concepto de achega económica por parte da Deputación, para o financiamento dos fins e actuacións contemplados no convenio, coa seguinte distribución:

Anualidade 2019: 38.848,00 €, con cargo á aplicación orzamentaria 9230.640 do vixente Orzamento Xeral.

Anualidade 2020: 91.000,00 €

Anualidade 2021: 52.152,00 €

A Deputación adquire o compromiso, supeditado ao cumprimento do principio de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, de incluír nos respectivos orzamentos anuais, as contías expresadas para as anualidades de 2020 e 2021”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Cuarto.- *Proposta para aprobar o convenio interadministrativo de cooperación entre esta Deputación e o concello de Monterroso para a execución dos fins comúns consistentes na “Dotación de equipamento ao inmovible destinado a fogar residencial, acondicionamento de instalacións culturais e outros fins”.*

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Tendo en conta os informes e antecedentes incorporados ao expediente e visto o informe do Servizo de Contratación e Fomento, relativo ao Convenio Interadministrativo de referencia:

Antecedentes de feito:

Proposta de borrador de convenio interadministrativo entre a Deputación Provincial de Lugo e o concello de Monterroso.



Don Miguel Rico Gómez, Alcalde do Concello de Monterroso achega escrito de solicitude de relación interadministrativa de cooperación (público- público), de data 21 de maio de 2019, ao que acompaña: certificacións das tributarias de atoparse ao corrente nas obrigas tributarias coa da Seguridade Social e da Facenda Estatal e Autonómica así como declaración responsable. Con esta solicitude aporta memoria explicativa para a realización conxunta polo Concello de Monterroso e a Deputación de Lugo, das actuacións consistentes na: “Dotación de equipamento ao inmovible destinado a fogar residencial, acondicionamento de instalacións culturais e outros fins”, na que explican nunha breve memoria, aprobado e completado con escrito da alcaldía de 23/5/2019. Consta tamén escrito da Alcaldía de data 24/05/2019, modificando o importe o anexo de investimento e solicitude de convenio.

O convenio ten por obxecto establecer as bases da relación interadministrativa entre o concello de Monterroso e a Deputación Provincial de Lugo, en exercicio dunha competencia compartida, para acadar o obxectivo de executar os fins comúns de dotación de equipamento ao inmovible destinado a fogar residencial, acondicionamento de instalacións culturais e outros fins (ver actuacións descritas), non constituíndo prestacións propias dos contratos, regulados na lexislación de contratos do sector público ou en normas administrativas especiais, para o que se comprometen a realizar as seguintes prestacións:

ACTUACIÓNS	CUSTO ESTIMADO
EQUIPAMENTO FOGAR RESIDENCIAL	51.332,48
EQUIPAMENTO INSTALACIÓNS CULTURAIS	13.301,44
PAVIMENTACIÓN NÚCLEO DE VILAMAIOR	16.054,01
PUBLICACIÓN LIBRO FEIRA DE MONTERROSO	4.000,00
TOTAL ORZAMENTO	84.687,93

Para alcanzar este obxectivo compartido, ambas administracións comprométense a realizar as seguintes aportacións:

ANUALIDADES	ACHEGA DEPUTACIÓN	ACHEGA DE MONTERROSO
ANO 2019	81.633,92	3.054,01
TOTAL	84.687,93	

O concello de Monterroso financiará o importe que reste, e resulte necesario para dar cumprimento aos fins comúns perseguidos, para a súa correcta execución.

Fundamentos de dereito

O artigo 111 do Real Decreto Lexislativo 781/86 de 18 de abril, do texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, sinala que “as Entidades Locais poderán concertar os contratos, pactos ou condicións que teñan por conveniente, sempre que non sexan contrarios ao interese público, ó ordenamento xurídico ou ós principios de boa administración, e deberán cumprilos a teor dos mesmos, sen prexuízo das prerrogativas establecidas, no seu caso, a favor de ditas Entidades”.

O artigo 47 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, precisa a definición de convenios, establecendo que “son convenios os acordos con efectos xurídicos adoptados polas Administracións Públicas, os organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes ou as Universidades públicas entre si ou con suxeitos de dereito privado para un fin común.

Os convenios non poderán ter por obxecto prestacións propias dos contratos. En tal caso, a súa natureza e réxime xurídico axustarase ao previsto na lexislación de contratos do sector público”

(...)

Este mesmo artigo 47 sinala os tipos de convenios, ao establecer “Os convenios que subscriban as Administracións Públicas, os organismos públicos e as entidades de dereito público vinculados ou dependentes e as universidades públicas, deberán corresponder a algún dos seguintes tipos:

Convenios interadministrativos, asinados entre dúas ou mais Administracións públicas, ou ben entre dous ou mais organismos públicos ou entidades de dereito público vinculadas ou dependentes de distintas administracións públicas... (...).”



En canto aos requisitos de validez e eficacia dos convenios, o artigo 48 da amentada Lei 40/2015, establece “1. As Administracións Públicas poderán subscribir convenios con suxeito de dereito público e privado, sen que elo poida supoñer cesión de titularidade ou competencia; (...); 3. A subscrición de convenios deberá mellorar a eficiencia da xestión pública, facilitar a utilización conxunta de medios e servizos públicos, contribuír a realización de actividades de utilidade pública e cumprir coa lexislación de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira; (...); 5. Os convenios que inclúan compromisos financeiros deberán ser financeiramente sostibles, debendo quen os subscriban, ter capacidade para financiar os asumidos durante a vixencia do convenio; 6. As aportacións financeiras que se comprometan a facer os asinantes non poderán ser superiores aos gastos derivados da execución do convenio; (...); 8.- Os convenios perfecciónanse pola prestación do consentimento das partes. (...)”

En canto ao contido dos convenios, o artigo 49 de Lei 40/2015, sinala que “deberán incluír, polo menos:

Suxeitos que subscriben o convenio e a capacidade xurídica con que actúa cada unha das partes.

A competencia na que se fundamente a actuación da Administración Pública.

O Obxecto do convenio e actuacións a realizar por cada suxeito para o seu cumprimento, indicando, no seu caso, a titularidade do resultado obtido.

Obrigas e compromisos económicos asumidos por cada unha das partes , se os houbera, indicando a súa distribución temporal por anualidades e a súa imputación concreta ao orzamento, de acordo co previsto na lexislacións orzamentaria.

Consecuencias aplicables no caso de incumprimentos das obrigas e compromisos asumidos por cada unha das partes, e no seu caso os criterios para determinar a posible sanción por incumprimento.

Mecanismos de seguimento, vixilancia e control da execución do convenio e dos compromisos adquiridos polos asinantes.

Réxime de modificación do convenio.

Prazo de vixencia do convenio, tendo en conta:

Os convenios deberán ter unha duración determinada, que non poderá ser superior a catro anos, salvo que por norma se prevea un prazo superior.

En calquera momento, antes de finalizar o prazo previsto, os asinantes poderán acordar de forma unánime a súa prórroga por un período de ata catro anos adicionais ou a súa extinción.

(...)"

O capítulo VI da LRSP non se aplica ás encomendas de xestión, nin tampouco aos acordos de terminación convencional de procedementos administrativos.

A relación de cooperación interadministrativa coa administración municipal como aparello técnico- administrativo manexado na proposta e no convenio analizado, ten cabida nos principios xerais de actuación e funcionamento do sector público, nas súas relacións, establecendo no art. 3.1.k da Lai 40/2015, do 01 de outubro que “as administracións públicas, deberán respectar na súa actuación e relacións os principios de cooperación, colaboración e coordinación entre as Administracións Públicas”; ademais resulta coherente cos principios que rexen as relacións interadministrativas tal e como se prevé no artigo 140 da mesma Lei, citando no seu apartado 1.a) “lealdade institucional” e concretando no artigo 141, na súa letra d) que consecuentemente aquelas deberán “Prestar, no ámbito propio, a asistencia activas que as outras administracións puideran recabar para o eficaz.

Na idea de potenciar a colaboración e cooperación entre as administracións públicas para a satisfacción dos intereses xerais nun sistema multinivel de poder público e por ende con intereses, obxectivos e fins comúns, a Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada



en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da administración local, precisa no seu artigo 3.3 que “non se entenderán como o exercicio de novas competencias, (...), f) a colaboración entre administracións entendida como o traballo en común para solventar os problemas comúns que poidan formularse alén do concreto reparto competencial entre os distintos sectores da acción pública de acordo co ar. 193.2 da Lei 5/1997” –LALGA-, precepto este que regula a colaboración entre as administracións públicas autonómicas, e tamén o auxilio administrativo do art. 193.4 da LALGA conceptualizado legalmente como o deber que teñen tódalas administracións de prestarlle apoio e asistencia activa as demais para que estas poidan exercer axeitadamente as súas competencias.

O artigo 30 do RDL 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, sinala:

“ 1.- A Deputación cooperará á efectividade dos servizos municipais, preferentemente dos obrigatorios, aplicando a tal fin: a) medios económicos propios da mesma que se asignen; b) subvencións ou axudas financeiras que conceda o estado ou CCAA; c) (...)”

2.- A cooperación poderá ser total ou parcial, segundo aconsellen as circunstancias económicas dos Municipios interesados

3.- Os servizos a que debe alcanzar a cooperación serán, en todo caso, os relacionados como mínimos no artigo 26 da Lei 7/1985, de 2 de abril

(...)

6.- As formas de cooperación serán: (...) h) Subscrición de convenios administrativos; (...)”

Ademais, estas determinacións cadran co previsto na Lei de desenvolvemento sustentable do medio rural (Lei 45/2007, do 13 de decembro), artigos 2, 3, 34 e concordantes sobre obxectivos, definición do medio rural e financiamento polas administracións públicas das medidas de desenvolvemento do medio rural, mellorando a calidade de vida das persoas que viven no rural; dotar ao medio rural e, en particular, aos núcleos de poboación, das infraestruturas e equipamentos públicos básicos necesarios.

Esta relación interadministrativa de carácter cooperativo, formalizado vía convenio, encarna unha acción colaborativa- relacional destinado a dotarse de un equipamento mobile (vehículo), necesario para a prestación de servizos.

Son fins propios e específicos da Provincia garantir os principios de solidariedade e equilibrio intermunicipais, no marco da política económica e social (art. 31.2 LBRL). De acordo co establecido no artigo 36 LBRL modificado pola LRSAL unha competencia propia da Deputación é “a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito”. No mesmo senso se pronuncia o artigo 109 da Lei de Administracións Local de Galicia, ao sinalar que “é competencia propia da Deputación, en calquera caso, en xeral, o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia”, subliñando que as competencias propias das Deputacións son ademais das atribuídas polas leis do Estado, as asignadas no mesmo concepto polas lei das Comunidades Autónomas (artigo 36.1 LBRL na súa vixente redacción). Entre as competencias das Deputacións Provinciais, o artigo 36 da citada LBRL sinala: “(...), b) Asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos Municipios, especialmente os de menor capacidade económica e de xestión; (...), d) A cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito. (...)”.

Os artigos 60,63 e 64 da Lei 13/2008, de 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, así como os artigos 2 e 3.2 da Lei 5/2016, do 4 de maio de Patrimonio Cultural de Galicia recollen as competencias que lle corresponden en materia de servizos sociais e patrimonio cultural á Comunidade Autónoma e as entidades locais, establecendo o obxectivo de colaboración administrativa. E o mesmo ocorre coa lexislación de estradas de Galicia, que recolle as competencias das entidades locais no seu artigo 9.

A cooperación da Deputación Provincial cos concellos atribúese directamente polo ordenamento xurídico como unha competencia propia (cooperación competencial), aínda así a súa formalización require o consentimento da outra parte (o concello) para evitar que por medio da técnica de cooperación se limite a autonomía e o libre exercicio das funcións municipais.



A Deputación, segundo o establecido no convenio, prevese que coopere co Concello de Monterroso na achega de financiamento para a posta en funcionamento da dotación de equipamento para o fogar residencial, instalacións culturais e pavimentacións, co que se impulsa a calidade de vida dos habitantes de Monterroso e zona da Ulloa, e de forma indirecta, da provincia en xeral.

Ambas partes deben dar cumprimento as obrigas de facer e de dar (achegas) estipuladas no convenio interadministrativo de cooperación.

O municipio de Monterroso é unha entidade local básica con personalidade xurídica e plena capacidade para o cumprimento dos seus fins, que no seu labor de procura dunha mellora na calidade de vida dos cidadáns, promove actividades e presta servizos públicos que contribúen a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal; exercendo as competencias que lle atribúe como propias o Art. 25 da LBRL, na súa vixente redacción, e nos termos da lexislación do Estado e Autonómica, entre as que enumera “... l) Promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación de tempo libre.; (...)”.

Ademais, da lexislación de réxime local, estas competencias veñen fixadas, pola lexislación sectorial (nos termos do propio Tribunal Constitucional – STC 41/2006, do 5 de marzo) tal como ocorre coa Lei 3/2012 de 2 de abril, de Deporte de Galicia, citado no apartado precedente.

O Concello de Monterroso, segundo o establecido no convenio, prevese que sexa o órgano de contratación sen prexuízo de que poida realizar a execución directa desas prestacións, a través de medios propios non personificados (art. 30 LCSP); na licitación do contrato ou contratos e na súa execución, deberá respectarse polo mesmo a lexislación contractual e sectorial de aplicación, segundo as esixencias propias da súa natureza consonte as esixencias legais para o investimento, sendo responsabilidade do Concello de Monterroso tanto a obtención das autorizacións, de ser do caso, que resulten necesarias para a execución das actuacións sinaladas, tal e como se especifica no convenio interadministrativo.

Sinalar que o convenio interadministrativo se configura como unha relación xurídica bilateral voluntaria, na que concorren competencias e fins comúns a todas as entidades, tanto pola

causa, como polos fins e mesmo o seu ámbito, entendendo que a cooperación horizontal inter-administrativa contribúe eficazmente á satisfacción dun fin público compartido, colaboración admitida tanto pola lexislación do réxime local estatal e autonómico, como polo artigo 12.4 da Directiva 2014/24, UE, do Parlamento Europeo e do Consello, segundo se recolle na guía de colaboración pública horizontal (público – público), da asesoría xurídica xeral da Xunta de Galicia; e na actualidade asumido e regulado no artigo 31 da LCSP/2017 ao referirse ás potestades de auto organización e sistemas de cooperación vertical e horizontal. Na actualidade con “Carta de natureza” no dereito básico interno a través do art. 31 da propia Lei 9/2017, do 8 de novembro (LCSP).

Así, para a consecución do fin común perseguido por ambas administracións, sen vocación de mercado, que é a dar aos veciños do Concello de Monterroso, da Provincia e da cidadanía en xeral, as actuacións sinaladas (dotación de equipamento ao inmovible destinado a fogar residencial, acondicionamento de instalacións culturais e outros fins), establécese esta relación bilateral de colaboración e cooperación guiadas unicamente por consideracións de interese público, nas que se inclúe a seguinte previsión de financiamento e compromisos:

ANUALIDADES	ACHEGA DEPUTACIÓN	ACHEGA DE MONTERROSO
ANO 2019	81.633,92	3.054,01
TOTAL	84.687,93	

Concello de Monterroso: As obrigas de facer xunto coas achegas relacionadas no Convenio interadministrativo obxecto deste informe, e no cadro precedente.

Esta relación interadministrativa de cooperación enmarcarase, xa que logo, na estrutura dunhas administracións ordenadas para remover os obstáculos que impidan ou dificultan que a igualdade e liberdade dos individuos e dos grupos en que se integran sexan reais e efectivos, especialmente acaído nunha provincia de dinámicas demográficas rurais e poboación envellecida, mellorando a mobilidade da poboación e dos sectores económicos, xunto coa calidade urbana e medio ambiental.



A subscrición deste convenio mellora a eficiencia na xestión pública, contribúe á utilización conxunta de medios e servizos públicos, etc., e ademais encádrase no deber de colaboración e asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos concellos sinalada no artigo 36 da Lei 7/85, de Bases de réxime local. Neste sentido, o propio artigo 57 da LBRL da preferencia á subscrición de convenios, antes que a outras técnicas de cooperación como os consorcios, como un instrumento eficaz na asignación de recursos públicos.

O concello de Monterroso será titular e responsable da posta en uso e mantemento do resultado da cooperación (dotación de equipamento ao inmovible destinado a fogar residencial, acondicionamento de instalacións culturais e outros fins), como previsión a incorporar ao convenio interadministrativo de acordo co previsto no artigo 49 da LRXSP.

O presente convenio ten natureza administrativa e non lle é de aplicación a Lei de contratos do sector público á vista do disposto no artigo 6 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspón ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014: “Quedan excluídos do ámbito da presente Lei os convenios, cuxo contido non este comprendido no dos contratos regulados nesta Lei ou en normas administrativas especiais celebrados entre si pola Administración Xeral do Estado, as Entidades Xestoras e os Servizos Comúns da Seguridade Social, as Universidades Públicas, as Comunidades Autónomas e as Cidades Autónomas de Ceuta e Melilla, as Entidades locais, as entidades con personalidade xurídico pública dependentes delas e as entidades con personalidade xurídico privada, sempre que, neste último caso, teñan a condición de poder adxudicador. A súa exclusión queda condicionada ao cumprimento das seguintes condicións (...)”. Neste caso, cúmprense as condicións fixadas ao efecto polo parágrafo 1º deste artigo sexto (letras a, b, c) xa que as entidades intervintes non teñen vocación de mercado (...), o convenio establece unha cooperación entre as entidades coa finalidade de garantir que os servizos públicos que lles incumben se presten de xeito que se acaden os obxectivos que teñen en común e, que o desenvolvemento da cooperación se guía unicamente por consideracións relacionadas co interese público. Ademais, no artigo 31.1 desta Lei, relativo á potestade de autoorganización e sistemas de cooperación pública vertical e horizontal, establécese que:

“As entidades pertencentes ao sector público poderán cooperar entre si dalgunha das seguintes formas, sen que o resultado desa cooperación poida calificarse de contractual:

(...)b) Mediante sistemas de cooperación horizontal entre entidades pertencentes ao sector público, previa celebración dos correspondentes convenios, nas condicións e cos límites que se establecen no apartado 1 do artigo 6. (...)”.

Nestes supostos de relación interadministrativa de cooperación entre administracións públicas, con contraprestacións entre os beneficiarios ou que as administracións que os subscriben ostentan competencias compartidas de execución (ademais de actuar “conveniendi causa”), non é de aplicación a lexislación xeral de subvencións, sen prexuízo de tomala como marco de referencia na xustificación dos fondos, de conformidade co establecido no artigo 2.4 do RD 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o RXLS e demais normativa de concordante aplicación. A terse en conta na CCAA de Galicia, o artigo 2.3 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de subvencións de Galicia (Lei 9/2007), que aínda que non resulta aplicable ás EELL, pode tomarse como referencia.

En canto ao órgano competente sinalar que segundo o artigo 59, apartado 18 do Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo, publicado no BOP de 10 de marzo de 2011, en relación co artigo 54.41 do mesmo regulamento, trátase dunha atribución que corresponde á Xunta de Goberno, por canto o importe do convenio ten unha contía superior á dos contratos menores (art. 59.8 ROD). O indicado consonte ao precisado na circular de Secretaría Xeral do 2 de novembro de 2018, respecto da aplicación do citado regulamento.

Así pois a proposta de convenio é axustada á regulamentación específica que se contempla nos artigos referidos, polo que se informa favorablemente .

Este informe substitúe o asinado para o mesmo fin nesta mesma data.”

Polo anteriormente exposto, propoño que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:



1º.- Aprobar o texto do Convenio Interadministrativo a subscribir entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Monterroso para a execución dos fins comúns consistentes na dotación de equipamento ao inmovible destinado a fogar residencial, acondicionamento de instalacións culturais e outros fins, cun orzamento total de 84.687,93 €; a achega da Deputación ascende a contía 81.633,92€.

2º.- Aprobar o gasto, en concepto de achega económica, por parte da Deputación, para o financiamento dos fins e actuacións contempladas no convenio, que ascende á contía máxima de 81.633,92 € con cargo a aplicación orzamentaria 9420.76200 do vixente Orzamento Xeral da Deputación de Lugo para a anualidade 2019”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Quinto.- *Proposta relativa ao convenio interadministrativo de cooperación entre esta Deputación e o concello de A Pontenova coa finalidade común de colaborar no complexo histórico mina Consuelo- Boulloso en A Pontenova.*

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Visto o informe– proposta do Servizo de Contratación e Fomento, relativo ao convenio interadministrativo de cooperación entre esta Deputación e o Concello de A Pontenova, que dispón o seguinte:

En relación co asunto de referencia procede emitir o seguinte informe:

Antecedentes de feito:

Proposta de borrador de convenio interadministrativo entre a Deputación Provincial de Lugo e o concello de A Pontenova.

D. Francisco Martínez Bermúdez, Segundo Tenente de Alcalde do Concello de A Pontenova achega escrito de solicitude de relación interadministrativa (público- público); de data 13/05/2019, ao que acompaña declaración responsable de estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias, da Seguridade Social e da Facenda Autonómica impostas polas disposicións vixentes así como de non ter débedas con esta Deputación en período executivo, así como proxecto para a realización conxunta entre o Concello de A Pontenova e a Deputación de Lugo, das actuacións de: complexo histórico mina Consuelo- Boulloso en A Pontenova, nas que conflúen os respectivos títulos competenciais, para satisfacer demandas veciñais de xeito eficiente. Na memoria explícanse os fins e obxectivos perseguidos cos investimentos que se articulan neste convenio, salientando entre outros: actuacións a desenvolver, xustificación da necesidade,..., memoria que se incorpora ao expediente e no que se motiva a contratación dunha tirolínea xigante de 330 metros de lonxitude, acondicionamento e contratación dunha ponte, ... Debe destacarse a singularidade turística, cultural, paisaxística, como un referente ao que prestar a debida atención administrativa. Dunha parte da historia industrial de Lugo e mesmo de Galicia (industrialización do século XX). Incorpórase ao expediente un amplo “dossier” de actividade mineiro de A Pontenova, co uso do ferrocarril que funcionou ata a década dos sesenta.

Doutra parte, a execución dunha tirolínea xigante na Ribeira Sacra, topa con dificultades dimanantes de oposición de diversas entidades tal e como se reflicte en escrito do 2019.

Doutra banda, por Decreto 166/2018, do 27 de decembro, declarouse BIC a paisaxe cultural de Ribeira Sacra (DOG do 31-12-2018), coas consecuentes limitacións ás actividades reflexadas nesa disposición regulamentaria, así como documentación no atado.

Este Convenio ten por obxecto establecer as bases da relación interadministrativa de cooperación entre o Concello de A Pontenova e a Deputación Provincial de Lugo, en exercicio dunha competencia compartida, para acadar o obxectivo de executar os fins comúns de: complexo histórico mina Consuelo- Boulloso en A Pontenova.

Esta acción colaborativa non conforma prestacións propias dos contratos, regulados na lexislación de contratos do sector público ou en normas administrativas especiais, comprometéndose a realizar os seguintes investimentos:



INVESTIMENTO:	ACHEGA DEPUTACIÓN	ACHEGA CONCELLO
COMPLEXO HISTÓRICO MINA CONSUELO-BOULLOSO EN A PONTENOVA	300.000,00€ (Anualidade 2019: 200.00,00€ Anualidade 2020: 100.000,00€)	17.605,80€ (Anualidade 2020)
TOTAL	317.605,80€	

O concello de A Pontenova achegará os proxectos técnicos; e, no seu caso, memorias técnicas necesarias para a execución das obras, segundo proceda legalmente; así mesmo encargarse da dirección de obra e dirección de execución e coordinación de seguridade e saúde nas actuacións do presente convenio que o requiran normativamente. O Concello aportará tódolos terreos precisos, permisos e autorizacións das obras ou actuacións, para a súa correcta execución e financiará o importe que reste, e resulte necesario para dar cumprimento ao fin común, e de interese público, perseguido; comprometéndose a recibir a obra (complexo histórico mina Consuelo-Boulloso), aperturala, mantela e dar o servizo á veciñanza destinataria, segundo a natureza e destino dos investimentos obxecto desta acción colaborativa.

Estamos ante un gasto plurianual, e polo tanto o financiamento da anualidade de 2020 queda supeditado a dispoñibilidade orzamentaria e ao cumprimento do principio de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

Fundamentos de dereito:

O artigo 111 do Real Decreto Lexislativo 781/86 de 18 de abril, do texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, sinala que “as Entidades Locais poderán concertar os contratos, pactos ou condicións que teñan por conveniente, sempre que non sexan contrarios ao interese público, ó ordenamento xurídico ou ós principios de boa administración, e deberán cumprilos a teor dos mesmos, sen prexuízo das prerrogativas establecidas, no seu caso, a favor de ditas Entidades”.

O artigo 47 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, sinala a definición de convenios, establecendo que “son convenios os acordos con efectos xurídicos adoptados polas Administracións Públicas, os organismos públicos e entidades de dereito público

vinculados ou dependentes ou as Universidades públicas entre si ou con suxeitos de dereito privado para un fin común.

Os convenios non poderán ter por obxecto prestacións propias dos contratos. En tal caso, a súa natureza e réxime xurídico axustarase ao previsto na lexislación de contratos do sector público” (...).

Este mesmo artigo 47 sinala os tipos de convenios, ao establecer “Os convenios que subscriban as Administracións Públicas, os organismos públicos e as entidades de dereito público vinculados ou dependentes e as universidades públicas, deberán corresponder a algún dos seguintes tipos:

Convenios interadministrativos, asinados entre dúas ou mais Administracións públicas, ou ben entre dous ou mais organismos públicos ou entidades de dereito público vinculadas ou dependentes de distintas administracións públicas... (...).”

En canto aos requisitos de validez e eficacia dos convenios, o artigo 48 da amentada Lei 40/2015, establece “1. As Administracións Públicas poderán subscribir convenios con suxeito de dereito público e privado, sen que elo poida supoñer cesión de titularidade ou competencia; (...); 3. A subscrición de convenios deberá mellorar a eficiencia da xestión pública, facilitar a utilización conxunta de medios e servizos públicos, contribuír a realización de actividades de utilidade pública e cumprir coa lexislación de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira; (...); 5. Os convenios que inclúan compromisos financeiros deberán ser financeiramente sostibles, debendo quen os subscriban, ter capacidade para financiar os asumidos durante a vixencia do convenio; 6. As aportacións financeiras que se comprometan a facer os asinantes non poderán ser superiores aos gastos derivados da execución do convenio; (...); 8.- Os convenios perfecciónanse pola prestación do consentimento das partes. (...)”

En canto ao contido dos convenios, o artigo 49 de Lei 40/2015, sinala que “deberán incluír, polo menos:



Suxeitos que subscriben o convenio e a capacidade xurídica con que actúa cada unha das partes.

A competencia na que se fundamente a actuación da Administración Pública.

O obxecto do convenio e actuacións a realizar por cada suxeito para o seu cumprimento, indicando, no seu caso, a titularidade do resultado obtido.

Obrigas e compromisos económicos asumidos por cada unha das partes , se os houbera, indicando a súa distribución temporal por anualidades e a súa imputación concreta ao orzamento, de acordo co previsto na lexislacións orzamentaria.

Consecuencias aplicables no caso de incumprimentos das obrigas e compromisos asumidos por cada unha das partes, e no seu caso os criterios para determinar a posible sanción por incumprimento.

Mecanismos de seguimento, vixilancia e control da execución do convenio e dos compromisos adquiridos polos asinantes.

Réxime de modificación do convenio.

Prazo de vixencia do convenio, tendo en conta:

Os convenios deberán ter unha duración determinada, que non poderá ser superior a catro anos, salvo que por norma se prevea un prazo superior.

En calquera momento, antes de finalizar o prazo previsto, os asinantes poderán acordar de forma unánime a súa prórroga por un período de ata catro anos adicionais ou a súa extinción.

(...)”

O capítulo VI da LRSP non se aplica ás encomendas de xestión, nin tampouco aos acordos de terminación convencional de procedementos administrativos.

A relación de cooperación interadministrativa, coa administración municipal, como aparello técnico- administrativo (acción colaborativa) manexado na proposta e no convenio analizado, ten cabida nos principios xerais de actuación e funcionamento do sector público, nas súas relacións, establecendo no art. 3.1.k da Lai 40/2015, do 01 de outubro que “as administracións públicas, deberán respectar na súa actuación e relacións os principios de cooperación, colaboración e coordinación entre as Administracións Públicas”; ademais resulta coherente cos principios que rexen as relacións interadministrativas tal e como se prevé no artigo 140 da mesma Lei, citando no seu apartado 1.a) “lealdade institucional” e concretando no artigo 141, na súa letra d) que consecuentemente aquelas deberán “Prestar, no ámbito propio, a asistencia activas que as outras administracións puideran recabar para o eficaz exercicio das súas competencias”. Estas relacións interadministrativas enraízan no título III da citada LRXSP.

Na idea de potenciar a colaboración e cooperación entre as administracións públicas para a satisfacción dos intereses xerais nun sistema multinivel de poder público e por ende con intereses, obxectivos e fins comúns, a Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da administración local, precisa no seu artigo 3.3 que “non se entenderán como o exercicio de novas competencias, (...), f) a colaboración entre administracións entendida como o traballo en común para solventar os problemas comúns que poidan formularse alén do concreto reparto competencial entre os distintos sectores da acción pública de acordo co ar. 193.2 da Lei 5/1997” –LALGA-; precepto este que regula a colaboración entre as administracións públicas autonómicas, e tamén o auxilio administrativo do art. 193.4 da LALGA conceptualizado legalmente como o deber que teñen tódalas administracións de prestarlle apoio e asistencia activa as demais para que estas poidan exercer axeitadamente as súas competencias.

O artigo 30 do RDL 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, sinala:



“ 1.- A Deputación cooperará á efectividade dos servizos municipais, preferentemente dos obrigatorios, aplicando a tal fin: a) medios económicos propios da mesma que se asignen; b) subvencións ou axudas financeiras que conceda o estado ou CCAA; c) (...)”

2.- A cooperación poderá ser total ou parcial, segundo aconsellen as circunstancias económicas dos Municipios interesados

3.- Os servizos a que debe alcanzar a cooperación serán, en todo caso, os relacionados como mínimos no artigo 26 da Lei 7/1985, de 2 de abril

(...)

6.- As formas de cooperación serán: (...) h) Subscrición de convenios administrativos; (...)”

O convenio implementa unha acción pública colaborativa, con mecanismos horizontais como unha manifestación da lóxica evolución do Estado prestacional ao Estado relacional, enfocado a desenvolver prestacións á cidadanía, mediante unha actuación adecuada e sumando esforzos administrativos, ben para acadar un resultado ou unha actividade.

Ademais, estas determinacións cadran co previsto na Lei de desenvolvemento sustentable do medio rural (Lei 45/2007, do 13 de decembro), artigos 2, 3, 34 e concordantes sobre obxectivos, definición do medio rural e financiamento polas administracións públicas das medidas de desenvolvemento do medio rural.

Son fins propios e específicos da Provincia garantir os principios de solidariedade e equilibrio intermunicipais, no marco da política económica e social (art. 31.2 LBRL). De acordo co establecido no artigo 36 LBRL modificado pola LRSAL unha competencia propia da Deputación é “a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito”. No mesmo senso se pronuncia o artigo 109 da Lei de Administracións Local de Galicia, ao sinalar que “é competencia propia da Deputación, en calquera caso, en xeral, o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia”, subliñando que as competencias propias das Deputacións son ademais das atribuídas polas leis do Estado, as asignadas no mesmo concepto polas lei das Comunidades Autónomas (artigo 36.1 LBRL na súa vixente redacción). Entre as competencias das Deputacións Provinciais, o artigo 36 da citada LBRL sinala: “(...), b) Asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos Municipios, especialmente os de menor capacidade económica e

de xestión; (...), d) A cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito. (...)”.

A cooperación da Deputación Provincial, cos concellos, atribúese directamente polo ordenamento xurídico como unha competencia propia (cooperación competencial), aínda así a súa formalización require o consentimento da outra parte (o concello) para evitar que por medio da técnica de cooperación se limite a autonomía e o libre exercicio das funcións municipais.

O municipio de A Pontenova é unha entidade local básica con personalidade xurídica e plena capacidade para o cumprimento dos seus fins, que no seu labor de procura dunha mellora na calidade de vida dos cidadáns, promove actividades e presta servizos públicos que contribúen a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal; exercendo as competencias que lle atribúe como propias o Art. 25 da LBRL, na súa vixente redacción, e nos termos da lexislación do Estado e Autonómica, entre as que enumera “a) Urbanismo: planeamento, xestión, execución ...; b) Medio ambiente urbano: parques, xardíns públicos, xestión residuos sólidos urbanos ...; c) Abastecemento de auga potable a domicilio ...; d) A infraestrutura viaria e outros equipamentos da súa titularidade; (...); h) Información e promoción da actividade turística de interese e ámbito local; (...); l) Promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre; m) promoción da cultura e equipamentos culturais (...)

No ámbito turístico e cultural, así como paisaxístico, deben tomarse como referencia, en canto as competencias das Corporacións Locais, á lexislación autonómica sectorial:

No ámbito turístico, a Lei 7/2011, de 27 de outubro, de turismo de Galicia, que no seu artigo 5 establece as competencias municipais: “corresponden ao concellos, se prexuízo das competencias establecidas pola lexislación de réxime local, as seguintes atribucións: a) A protección e promoción dos recursos turísticos do seu termo municipal; (...)”, e no artigo 6, referente ás competencias das entidades locais supramunicipais, ao atribuírlle: “a) A promoción dos recursos turísticos e xeodestinos ...; b) O asesoramento e apoio técnico aos entes locais do seu ámbito territorial en calquera aspecto que mellore a súa competitividade turística; (...)”.



No ámbito cultural, a Lei 5/2016, de 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia, cuxo artigo 1 determina o seu obxecto e definición “1. Esta lei ten por obxecto a protección, conservación, acrecentamento, difusión e fomento do patrimonio cultural de Galicia ... 2. O patrimonio cultural de Galicia está constituído polos bens mobles, inmoables ou manifestacións inmateriais que, polo seu valor artístico, histórico, arquitectónico, arqueolóxico, paleontolóxico, etnolóxico, antropolóxico, industrial, científico e técnico, documental ou bibliográfico, deban ser considerados como de interese para a permanencia, recoñecemento e identidade da cultura galega a través do tempo. Así mesmo, integran o patrimonio cultural de Galicia todos aqueles bens ou manifestacións inmateriais de interese para Galicia nos que concorran algún dos valores enumerados no parágrafo anterior e que se atopen en Galicia, con independencia do lugar no que se crearon. 3 (...) ” e no seu artigo 2 que sinala as competencias e políticas sectoriais “(...) As distintas administracións públicas cooperarán para que as competencias respectivas se exerzan conforme ao establecido nesta Lei, (...)”; e o artigo 3 referente á colaboración interadministrativa “(...)”; 2. As entidades que integran a administración local, en relación cos bens do patrimonio cultural de Galicia que se localicen no seu ámbito territorial, teñen as obrigas de: a) protexer, difundir e fomentar o seu valor cultural; (...)”.

Na esfera paisaxística: A Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe, artigo 2.2, letras b), e e), que sinalan “..., b) Defender y preservar el paisaje, favoreciendo una relación armónica y respetuosa entre la gente y su entorno, y promoviendo un uso racional y ordenado del territorio, que tenga en cuenta los valores naturales y culturales de los paisajes, (...), e) Fomentar la coordinación y la colaboración entre las distintas administraciones públicas en materia de paisaje”.

A estes efectos, lembrar como a STC 41/2016, de 3 marzo, interpreta o artigo 25 da LBRL (reformado pola LRSAL), declarando que as Leis das comunidades autónomas poden atribuír competencias propias aos Concellos ao igual que outras leis estatais sectoriais.

O Concello de A Pontenova, segundo o establecido no convenio, prevese que sexa o órgano de contratación; na licitación do contrato ou contratos e na súa execución, deberá respectarse polo mesmo a lexislación contractual e sectorial de aplicación , segundo as esixencias propias da súa natureza consonte as esixencias legais para cada investimento, sendo responsabilidade dese Concello tanto a obtención de autorizacións e licencias como o cumprimento

dos condicionantes técnicos e legais para a execución do investimento e das actuacións sinaladas; así como a dispoñibilidade dos terreos necesarios para a execución das obras, recepción, conservación e mantemento e posta en funcionamento, tal e como se especifica no convenio interadministrativo obxecto deste informe. Naturalmente cabe a execución directa das prestacións polo propio Concello, a través de medios propios non personificados, de acordo co previsto no artigo 30 da LCSP.

Sinalar que o convenio interadministrativo se configura como unha relación xurídica bilateral voluntaria, na que concorren competencias e fins comúns a todas as entidades, tanto pola causa, como polos fins e mesmo o seu ámbito, entendendo que a cooperación horizontal interadministrativa contribúe eficazmente á satisfacción dun fin público compartido, colaboración admitida tanto pola lexislación do réxime local estatal e autonómico, como polo artigo 12.4 da Directiva 2014/24, UE, do Parlamento Europeo e do Consello, segundo se recolle na guía de colaboración pública horizontal (público– público), da asesoría xurídica xeral da Xunta de Galicia; e na actualidade asumido e regulado no artigo 31 da LCSP/2017 ao referirse ás potestades de auto organización e sistemas de cooperación vertical e horizontal.

Así, para a consecución do fin común perseguido por ambas administracións, sen vocación de mercado, que é a dotación aos veciños do Concello de A Pontenova, da Provincia e da cidadanía en xeral das actuacións sinaladas, establécese esta relación bilateral de colaboración e cooperación (acción pública colaborativa) guiadas unicamente por consideracións de interese público, na que se inclúe a seguinte previsión de financiamento e compromisos:

ANUALIDADE	DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO	CONCELLO DE A PONTENOVA
2019	200.000,00€	0,00€
2020	100.000,00€	17.605,80€
TOTAL	300.000,00€	17.605,80€

Concello de A Pontenova: As obrigas de facer e no seu caso achegas complementarias relacionadas no Convenio interadministrativo obxecto deste informe.



Esta relación interadministrativa de cooperación enmarcarase, xa que logo, na estrutura dunhas administracións ordenadas para remover os obstáculos que impidan ou dificultan que a igualdade e liberdade dos individuos e dos grupos en que se integran sexan reais e efectivos, especialmente acaído nunha provincia de dinámicas demográficas rurais e poboación envellecida, mellorando os servizos e prestacións dirixidas a cidadanía e equipamentos.

O investimento prográmase como un gasto plurianual, e polo tanto o financiamento da anualidades de 2020 queda supeditado a dispoñibilidade orzamentaria e ao cumprimento do principio de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

A subscrición deste convenio mellora a eficiencia na xestión pública, contribúe á utilización conxunta de medios e servizos públicos, etc., e ademais encádrase no deber de colaboración e asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos concellos sinalada no artigo 36 da Lei 7/85, de Bases de réxime local. Neste sentido, o propio artigo 57 da LBRL da preferencia á subscrición de convenios, antes que a outras técnicas de cooperación como os consorcios, como un instrumento eficaz na asignación de recursos públicos. No convenio inclúese o cadro orzamentario e de financiamento con cargo a anualidade 2019.

O concello de A Pontenova será titular e responsable da posta en uso e mantemento do resultado da cooperación como previsión a incorporar ao convenio interadministrativo de acordo co previsto no artigo 49 da LRXSP.

Ao presente convenio non lle é de aplicación a Lei de Contratos do Sector Público á vista do disposto no artigo 6 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que sinala que “quedan excluídos do ámbito da presente Lei os convenios, cuxo contido non estea comprendido no dos contratos regulados nesta Lei ou en normas administrativas especiais celebradas entre si pola Administración Xeral do Estado, (...), entidades locais, (...)”, precepto que se complementa con artigo 31 da propia LCSP relativo á potestade de auto organización e a cooperación pública horizontal. As entidades participantes non deben ter vocación de mercado; o convenio debe promover unha cooperación para garantir que servizos públicos que lles incumben, se presten de modo que se logren os

obxectivos que teñen en común e que o desenvolvemento da cooperación se guíe unicamente por consideracións relacionadas co interese público.

Nestes supostos de relación interadministrativa de cooperación entre administracións públicas, con contraprestacións entre os beneficiarios ou que as administracións que os subscriben ostentan competencias compartidas de execución (ademais de actuar “*conveniendi causa*”), non é de aplicación a lexislación xeral de subvencións, sen prexuízo de tomala como marco de referencia na xustificación dos fondos, de conformidade co establecido no artigo 2.4 do RD 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o RXLS e demais normativa de concordante aplicación. A terse en conta na CCAA de Galicia, o artigo 2.3 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de subvencións de Galicia (Lei 9/2007), que aínda que non resulta aplicable ás EELL, pode tomarse como referencia.

En canto ao órgano competente, sinalar que segundo o artigo 59, apartado 18 do Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo, publicado no BOP nº 56 de data 10 de marzo de 2011 en relación co artigo 54.41 do mesmo regulamento, aplicable de acordo coa circular de Secretaría Xeral en funcións, de data 02 de novembro de 2018, (como consecuencia do acordo da conversión do acto administrativo adoptado en sesión plenaria do 26 de xuño de 2018 polo que se presta aprobación ao Regulamento orgánico publicado no BOP nº 170 do 26 de xullo de 2018) resulta a Xunta de Goberno, atendendo ao importe económico do convenio.

Así pois a proposta de convenio é axustada á regulamentación específica que se contempla nos artigos referidos, polo que se informa favorablemente .

Polo anteriormente exposto, propoño que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Aprobar o texto do convenio interadministrativo de cooperación a subscribir entre a Deputación Provincial de Lugo e o concello de A Pontenova coa finalidade común de colaborar na execución dos fins comúns de complexo histórico mina Consuelo- Boulloso en A Pontenova, con un orzamento total de 317.605,80€uros.



2º.- Que se aprobe o gasto en concepto de achega económica, por parte da Deputación, para o financiamento das actuacións contempladas no convenio, que ascende á contía máxima de 300.000,00 euros, dos que 200.000,00 € son con cargo ao vixente orzamento xeral da Deputación de Lugo para a anualidade 2019, e 100.000,00€ na anualidade de 2020. A Deputación adquire o compromiso, supeditado a dispoñibilidade orzamentaria e ao cumprimento do principio de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira, de incluír no orzamento da anualidade 2020 a cantidade de 100.000,00 euros”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Sexto.- *Proposta relativa ao convenio interadministrativo de cooperación entre esta Deputación e o Concello de Lourenzá coa finalidade común de colaborar en: campo de fútbol de entrenamiento en Lourenzá.*

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Visto o informe– proposta do Servizo de Contratación e Fomento, relativo ao convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Lourenzá, coa finalidade común de colaborar na campo de fútbol de entrenamiento en Lourenzá que dispón o seguinte:

En relación co asunto de referencia procede emitir o seguinte informe:

Antecedentes de feito:

Proposta de borrador de convenio interadministrativo entre a Deputación Provincial de Lugo e o concello de Lourenzá.

Dª Rocío López García, Alcaldesa do Concello de Lourenzá achega escrito de solicitude de relación interadministrativa (público- público); de data 21/05/2019, e posterior modificación, ao que acompaña declaración responsable de estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias,

da Seguridade Social e da Facenda Autonómica impostas polas disposicións vixentes así como de non ter débedas con esta Deputación en período executivo; igualmente adxunta proxecto e memoria valorada para a realización conxunta entre o Concello de Lourenzá e a Deputación de Lugo, das actuacións de: campo de fútbol de entrenamento en Lourenzá nas que conflúen os respectivos títulos competenciais, para satisfacer demandas veciñais de xeito eficiente. Na memoria explícanse os fins e obxectivos perseguidos con cada un dos investimentos que se articulan neste convenio.

Este Convenio ten por obxecto establecer as bases da relación interadministrativa de cooperación entre o Concello de Lourenzá e a Deputación Provincial de Lugo en exercicio dunha competencia compartida, para acadar o obxectivo de executar os fins comúns de: campo de fútbol de entrenamento en Lourenzá. Esta acción colaborativa non conforma prestacións propias dos contratos, regulados na lexislación de contratos do sector público ou en normas administrativas especiais, comprometéndose a realizar os seguintes investimentos:

INVESTIMENTO:	ACHEGA DEPUTACIÓN	ACHEGA CONCELLO
CAMPO DE FÚTBOL DE ENTRENAMENTO EN LOURENZÁ	254.500,00€ (Anualidade 2019: 75.000,00€ Anualidade 2020: 179.500,00€)	--
TOTAL	254.500,00€	

O concello de Lourenzá achegará os proxectos técnicos; e, no seu caso, memorias técnicas necesarias para a execución das obras, segundo proceda legalmente; así mesmo encargarse da dirección de obra e dirección de execución e coordinación de seguridade e saúde nas actuacións do presente convenio que o requiran normativamente. O Concello aportará tódolos terreos precisos, permisos e autorizacións das obras ou actuacións, para a súa correcta execución e financiará o importe que reste, e resulte necesario para dar cumprimento ao fin común, e de interese público, perseguido; comprometéndose a recibir a obra, aperturala, mantela e dar o servizo á veciñanza destinataria, segundo a natureza e destino de cada un dos investimentos obxecto desta acción colaborativa.

Estamos ante un gasto plurianual, e polo tanto o financiamento da anualidade de 2020 queda supeditado a dispoñibilidade orzamentaria e ao cumprimento do principio de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.



Fundamentos de dereito

O artigo 111 do Real Decreto Legislativo 781/86 de 18 de abril, do texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, sinala que “as Entidades Locais poderán concertar os contratos, pactos ou condicións que teñan por conveniente, sempre que non sexan contrarios ao interese público, ó ordenamento xurídico ou ós principios de boa administración, e deberán cumprilos a teor dos mesmos, sen prexuízo das prerrogativas establecidas, no seu caso, a favor de ditas Entidades”.

O artigo 47 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, sinala a definición de convenios, establecendo que “son convenios os acordos con efectos xurídicos adoptados polas Administracións Públicas, os organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes ou as Universidades públicas entre si ou con suxeitos de dereito privado para un fin común.

Os convenios non poderán ter por obxecto prestacións propias dos contratos. En tal caso, a súa natureza e réxime xurídico axustarase ao previsto na lexislación de contratos do sector público”

(...)

Este mesmo artigo 47 sinala os tipos de convenios, ao establecer “Os convenios que subscriban as Administracións Públicas, os organismos públicos e as entidades de dereito público vinculados ou dependentes e as universidades públicas, deberán corresponder a algún dos seguintes tipos:

Convenios interadministrativos, asinados entre dúas ou mais Administracións públicas, ou ben entre dous ou mais organismos públicos ou entidades de dereito público vinculadas ou dependentes de distintas administracións públicas... (...).”

En canto aos requisitos de validez e eficacia dos convenios, o artigo 48 da amentada Lei 40/2015, establece “1. As Administracións Públicas poderán subscribir convenios con suxeito de

dereito público e privado, sen que elo poida supoñer cesión de titularidade ou competencia; (...); 3. A subscrición de convenios deberá mellorar a eficiencia da xestión pública, facilitar a utilización conxunta de medios e servizos públicos, contribuír a realización de actividades de utilidade pública e cumprir coa lexislación de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira; (...); 5. Os convenios que inclúan compromisos financeiros deberán ser financeiramente sostibles, debendo quen os subscriban, ter capacidade para financiar os asumidos durante a vixencia do convenio; 6. As aportacións financeiras que se comprometan a facer os asinantes non poderán ser superiores aos gastos derivados da execución do convenio; (...); 8.- Os convenios perfecciónanse pola prestación do consentimento das partes. (...)”

En canto ao contido dos convenios, o artigo 49 de Lei 40/2015, sinala que “deberán incluír, polo menos:

Suxeitos que subscriben o convenio e a capacidade xurídica con que actúa cada unha das partes.

A competencia na que se fundamente a actuación da Administración Pública.

O obxecto do convenio e actuacións a realizar por cada suxeito para o seu cumprimento, indicando, no seu caso, a titularidade do resultado obtido.

Obrigas e compromisos económicos asumidos por cada unha das partes , se os houbera, indicando a súa distribución temporal por anualidades e a súa imputación concreta ao orzamento, de acordo co previsto na lexislación orzamentaria.

Consecuencias aplicables no caso de incumprimentos das obrigas e compromisos asumidos por cada unha das partes, e no seu caso os criterios para determinar a posible sanción por incumprimento.

Mecanismos de seguimento, vixilancia e control da execución do convenio e dos compromisos adquiridos polos asinantes.



Réxime de modificación do convenio.

Prazo de vixencia do convenio, tendo en conta:

Os convenios deberán ter unha duración determinada, que non poderá ser superior a catro anos, salvo que por norma se prevea un prazo superior.

En calquera momento, antes de finalizar o prazo previsto, os asinantes poderán acordar de forma unánime a súa prórroga por un período de ata catro anos adicionais ou a súa extinción.

(...)”

O capítulo VI da LRSP non se aplica ás encomendas de xestión, nin tampouco aos acordos de terminación convencional de procedementos administrativos.

A relación de cooperación interadministrativa, coa administración municipal, como aparello técnico- administrativo (acción colaborativa) manexado na proposta e no convenio analizado, ten cabida nos principios xerais de actuación e funcionamento do sector público, nas súas relacións, establecendo no art. 3.1.k da Lai 40/2015, do 01 de outubro que “as administracións públicas, deberán respectar na súa actuación e relacións os principios de cooperación, colaboración e coordinación entre as Administracións Públicas”; ademais resulta coherente cos principios que rexen as relacións interadministrativas tal e como se prevé no artigo 140 da mesma Lei, citando no seu apartado 1.a) “lealdade institucional” e concretando no artigo 141, na súa letra d) que consecuentemente aquelas deberán “Prestar, no ámbito propio, a asistencia activas que as outras administracións puideran recabar para o eficaz exercicio das súas competencias”. Estas relacións interadministrativas enraízan no título III da citada LRXSP.

Na idea de potenciar a colaboración e cooperación entre as administracións públicas para a satisfacción dos intereses xerais nun sistema multinivel de poder público e por ende con intereses, obxectivos e fins comúns, a Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da administración local, precisa no seu artigo 3.3 que “non se entenderán como o exercicio de novas competencias,

(...), f) a colaboración entre administracións entendida como o traballo en común para solventar os problemas comúns que poidan formularse alen do concreto reparto competencial entre os distintos sectores da acción pública de acordo co ar. 193.2 da Lei 5/1997” –LALGA-; precepto este que regula a colaboración entre as administracións públicas autonómicas, e tamén o auxilio administrativo do art. 193.4 da LALGA conceptualizado legalmente como o deber que teñen tódalas administracións de prestarlle apoio e asistencia activa as demais para que estas poidan exercer axeitadamente as súas competencias.

O artigo 30 do RDL 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, sinala:

“ 1.- A Deputación cooperará á efectividade dos servizos municipais, preferentemente dos obrigatorios, aplicando a tal fin: a) medios económicos propios da mesma que se asignen; b) subvencións ou axudas financeiras que conceda o estado ou CCAA; c) (...)

2.- A cooperación poderá ser total ou parcial, segundo aconsellen as circunstancias económicas dos Municipios interesados

3.- Os servizos a que debe alcanzar a cooperación serán, en todo caso, os relacionados como mínimos no artigo 26 da Lei 7/1985, de 2 de abril

(...)

6.- As formas de cooperación serán: (...) h) Subscrición de convenios administrativos; (...)”

O convenio implementa unha acción pública colaborativa, con mecanismos horizontais como unha manifestación da lóxica evolución do Estado prestacional ao Estado relacional, enfocado a desenvolver prestacións á cidadanía, mediante unha actuación adecuada e sumando esforzos administrativos, ben para acadar un resultado ou unha actividade. Neste suposto e dada a natureza das actuacións promovidas, fundamentalmente resultados concretos de campo de fútbol.

Ademais, estas determinacións cadran co previsto na Lei de desenvolvemento sustentable do medio rural (Lei 45/2007, do 13 de decembro), artigos 2, 3, 34 e concordantes sobre obxectivos, definición do medio rural e financiamento polas administracións públicas das medidas de desenvolvemento do medio rural.



Son fins propios e específicos da Provincia garantir os principios de solidariedade e equilibrio intermunicipais, no marco da política económica e social (art. 31.2 LBRL). De acordo co establecido no artigo 36 LBRL modificado pola LRSAL unha competencia propia da Deputación é “a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito”. No mesmo senso se pronuncia o artigo 109 da Lei de Administracións Local de Galicia, ao sinalar que “é competencia propia da Deputación, en calquera caso, en xeral, o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia”, subliñando que as competencias propias das Deputacións son ademais das atribuídas polas leis do Estado, as asignadas no mesmo concepto polas leis das Comunidades Autónomas (artigo 36.1 LBRL na súa vixente redacción). Entre as competencias das Deputacións Provinciais, o artigo 36 da citada LBRL sinala: “(...), b) Asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos Municipios, especialmente os de menor capacidade económica e de xestión; (...), d) A cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito. (...)”.

A cooperación da Deputación Provincial, cos concellos, atribúese directamente polo ordenamento xurídico como unha competencia propia (cooperación competencial), aínda así a súa formalización require o consentimento da outra parte (o concello) para evitar que por medio da técnica de cooperación se limite a autonomía e o libre exercicio das funcións municipais.

O municipio de Lourenzá é unha entidade local básica con personalidade xurídica e plena capacidade para o cumprimento dos seus fins, que no seu labor de procura dunha mellora na calidade de vida dos cidadáns, promove actividades e presta servizos públicos que contribúen a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal; exercendo as competencias que lle atribúe como propias o Art. 25 da LBRL, na súa vixente redacción, e nos termos da lexislación do Estado e Autonómica, entre as que enumera “a) Urbanismo: planeamento, xestión, execución ...; b) Medio ambiente urbano: parques, xardíns públicos, xestión residuos sólidos urbanos ...; c) Abastecemento de auga potable a domicilio ...; d) A infraestrutura viaria e outros equipamentos da súa titularidade; (...); h) Información e promoción da actividade turística de interese e ámbito local; (...); l) Promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre; m) promoción da cultura e equipamentos culturais (...)

O artigo 26 da Lei 7/85, de 2 abril, de Bases de réxime local, establece que “os Municipios deberá prestar en todo caso: alumeadado público, abastecemento domiciliario de auga potable, saneamento, accesos a núcleos de poboación, pavimentación das vías públicas; b) Nos municipios con poboación superior a 5.000 habitantes: parque público, biblioteca pública e tratamento de refugallo”. O apartado 2 deste mesmo artigo 26, sinala: “nos municipios con poboación inferior á 20.000 habitantes será a Deputación Provincial ou entidade equivalente a que coordinará a prestación dos seguintes servizos: a) Recollida e tratamento de residuos; b) Abastecemento de auga potable a domicilio e evacuación e tratamento de augas residuais; c) limpeza viaria; d) acceso aos núcleos de poboación; e) pavimentación de vías urbanas; (...)”

O artigo 7 da Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia, establece as competencias deportivas das Deputacións Provinciais, entre elas: “(...) Fomentar, promover e difundir o deporte; asistir aos municipios e colaborar con eles, sobre todo cos de menor capacidade; calquera outra actuación que redunde en beneficio do desenvolvemento deportivo local, comarcal ou provincial” e o artigo 8 as competencias dos concellos en materia deportiva, “(...) construír, xestionar, ampliar e manter as instalacións deportivas de titularidade municipal, e no seu caso a xestión e mantemento das de titularidade autonómica ...”

A estes efectos, lembrar como a STC 41/2016, de 3 marzo, interpreta o artigo 25 da LBRL (reformado pola LRSAL), declarando que as Leis das comunidades autónomas poden atribuír competencias propias aos Concellos ao igual que outras leis estatais sectoriais.

O Concello de Lourenzá, segundo o establecido no convenio, prevese que sexa o órgano de contratación; na licitación do contrato ou contratos e na súa execución, deberá respectarse polo mesmo a lexislación contractual e sectorial de aplicación , segundo as esixencias propias da súa natureza consonte as esixencias legais para cada investimento, sendo responsabilidade dese Concello tanto a obtención de autorizacións e licencias como o cumprimento dos condicionantes técnicos e legais para a execución do investimento e das actuacións sinaladas; así como a dispoñibilidade dos terreos necesarios para a execución das obras, recepción, conservación e mantemento e posta en funcionamento, tal e como se especifica no convenio interadministrativo obxecto deste informe. Naturalmente cabe a execución directa das prestacións polo propio



Concello, a través de medios propios non personificados, de acordo co previsto no artigo 30 da LCSP.

Sinalar que o convenio interadministrativo se configura como unha relación xurídica bilateral voluntaria, na que concorren competencias e fins comúns a todas as entidades, tanto pola causa, como polos fins e mesmo o seu ámbito, entendendo que a cooperación horizontal interadministrativa contribúe eficazmente á satisfacción dun fin público compartido, colaboración admitida tanto pola lexislación do réxime local estatal e autonómico, como polo artigo 12.4 da Directiva 2014/24, UE, do Parlamento Europeo e do Consello, segundo se recolle na guía de colaboración pública horizontal (público – público), da asesoría xurídica xeral da Xunta de Galicia; e na actualidade asumido e regulado no artigo 31 da LCSP/2017 ao referirse ás potestades de auto organización e sistemas de cooperación vertical e horizontal.

Así, para a consecución do fin común perseguido por ambas administracións, sen vocación de mercado, que é a dotación aos veciños do Concello de Lourenzá, da Provincia e da cidadanía en xeral das actuacións sinaladas, establécese esta relación bilateral de colaboración e cooperación (acción pública colaborativa) guiadas unicamente por consideracións de interese público, na que se inclúe a seguinte previsión de financiamento e compromisos:

ANUALIDADE	DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO	CONCELLO DE LOURENZÁ
2019	75.000,00	--
2020	179.500,00	--
TOTAL	254.500,00	--

Concello de Lourenzá: As obrigas de facer e no seu caso achegas complementarias relacionadas no Convenio interadministrativo obxecto deste informe.

Esta relación interadministrativa de cooperación enmarcarase, xa que logo, na estrutura dunhas administracións ordenadas para remover os obstáculos que impidan ou dificultan que a igualdade e liberdade dos individuos e dos grupos en que se integran sexan reais e efectivos, especialmente acaído nunha provincia de dinámicas demográficas rurais e poboación envellecida, mellorando os servizos e prestacións dirixidas a cidadanía e equipamentos.

O investimento prográmase como un gasto plurianual, e polo tanto o financiamento da anualidade de 2020 queda supeditado a dispoñibilidade orzamentaria e ao cumprimento do principio de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

A subscrición deste convenio mellora a eficiencia na xestión pública, contribúe á utilización conxunta de medios e servizos públicos, etc., e ademais encádrase no deber de colaboración e asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos concellos sinalada no artigo 36 da Lei 7/85, de Bases de réxime local. Neste sentido, o propio artigo 57 da LBRL da preferencia á subscrición de convenios, antes que a outras técnicas de cooperación como os consorcios, como un instrumento eficaz na asignación de recursos públicos. No convenio inclúese o cadro orzamentario e de financiamento con cargo as anualidades 2019 e 2020.

O concello de Lourenzá será titular e responsable da posta en uso e mantemento do resultado da cooperación como previsión a incorporar ao convenio interadministrativo de acordo co previsto no artigo 49 da LRXSP.

Ao presente convenio non lle é de aplicación a Lei de Contratos do Sector Público á vista do disposto no artigo 6 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que sinala que “quedan excluídos do ámbito da presente Lei os convenios, cuxo contido non estea comprendido no dos contratos regulados nesta Lei ou en normas administrativas especiais celebradas entre si pola Administración Xeral do Estado, (...), entidades locais, (...)”, precepto que se complementa con artigo 31 da propia LCSP relativo á potestade de auto organización e a cooperación pública horizontal. As entidades participantes non deben ter vocación de mercado; o convenio debe promover unha cooperación para garantir que servizos públicos que lles incumben, se presten de modo que se logren os obxectivos que teñen en común e que o desenvolvemento da cooperación se guíe unicamente por consideracións relacionadas co interese público.

Nestes supostos de relación interadministrativa de cooperación entre administracións públicas, con contraprestacións entre os beneficiarios ou que as administracións que os subscriben



ostentan competencias compartidas de execución (ademais de actuar “*conveniendi causa*”), non é de aplicación a lexislación xeral de subvencións, sen prexuízo de tomala como marco de referencia na xustificación dos fondos, de conformidade co establecido no artigo 2.4 do RD 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o RXLS e demais normativa de concordante aplicación. A terse en conta na CCAA de Galicia, o artigo 2.3 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de subvencións de Galicia (Lei 9/2007), que aínda que non resulta aplicable ás EELL, pode tomarse como referencia.

En canto ao órgano competente, sinalar que segundo o artigo 59, apartado 18 do Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo, publicado no BOP nº 56 de data 10 de marzo de 2011 en relación co artigo 54.41 do mesmo regulamento, aplicable de acordo coa circular de Secretaría Xeral en funcións, de data 02 de novembro de 2018, (como consecuencia do acordo da conversión do acto administrativo adoptado en sesión plenaria do 26 de xuño de 2018 polo que se presta aprobación ao Regulamento orgánico publicado no BOP nº 170 do 26 de xullo de 2018) resulta a Xunta de Goberno, atendendo ao importe económico do convenio.

Así pois a proposta de convenio é axustada á regulamentación específica que se contempla nos artigos referidos, polo que se informa favorablemente .

Polo anteriormente exposto, propoño que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Aprobar o texto do convenio interadministrativo de cooperación a subscribir entre a Deputación Provincial de Lugo e o concello de Lourenzá coa finalidade común de colaborar na execución dos fins comúns de campo de fútbol de entrenamiento en Lourenzá, con un orzamento total de 254.500,00 euros.

2º.- Que se aprobe o gasto en concepto de achega económica, por parte da Deputación, para o financiamento das actuacións contempladas no convenio, que ascende á contía máxima de 254.500,00 euros, dos que 75.000,00€ son con cargo ao vixente orzamento xeral da Deputación de Lugo para a anualidade 2019 e 179.500,00€ con cargo á anualidade de 2020. A Deputación adquire o compromiso, supeditado a dispoñibilidade orzamentaria e ao cumprimento do principio de

estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira, de incluír no orzamento da anualidade 2020 a cantidade de 179.500,00 euros”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Sétimo.- *Proposta relativa ao convenio interadministrativo de cooperación entre esta Deputación e o Concello de A Pastoriza coa finalidade común de colaborar en acondicionamento de camiño municipal na parroquia de Álvare (Santa Mariña).*

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Visto o informe– proposta do Servizo de Contratación e Fomento, relativo ao convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de A Pastoriza, coa finalidade común de colaborar en acondicionamento de camiño municipal na parroquia de Álvare (Santa Mariña) que dispón o seguinte:

En relación co asunto de referencia procede emitir o seguinte informe:

Antecedentes de feito

Proposta de borrador de convenio interadministrativo entre a Deputación Provincial de Lugo e o concello de A Pastoriza.

D. Primitivo Iglesias Sierra, Alcalde do Concello de A Pastoriza achega escrito de solicitude de relación interadministrativa (público- público); de data 23/05/2019, ao que acompaña declaración responsable de estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias, da Seguridade Social e da Facenda Autonómica impostas polas disposicións vixentes así como de non ter débedas con esta Deputación en período executivo; igualmente xunta proxecto para a realización conxunta entre o Concello de A Pastoriza e a Deputación de Lugo, das actuacións de: acondicionamento de camiño municipal na parroquia de Álvare (Santa Mariña), nas que conflúen os respectivos títulos



competenciais, para satisfacer demandas veciñais de xeito eficiente. Na memoria explícanse os fins e obxectivos perseguidos con cada un dos investimentos que se articulan neste convenio.

Este Convenio ten por obxecto establecer as bases da relación interadministrativa de cooperación entre o Concello de A Pastoriza e a Deputación Provincial de Lugo en exercicio dunha competencia compartida, para acadar o obxectivo de executar os fins comúns de: acondicionamento de camiño municipal na parroquia de Álvare (Santa Mariña). Esta acción colaborativa non conforma prestacións propias dos contratos, regulados na lexislación de contratos do sector público ou en normas administrativas especiais, comprometéndose a realizar os seguintes investimentos:

INVESTIMENTO:	ACHEGA DEPUTACIÓN	ACHEGA CONCELLO
ACONDICIONAMENTO DE CAMIÑO MUNICIPAL NA PARROQUIA DE ÁLVARE (SANTA MARIÑA)	89.206,60€	--
TOTAL	89.206,60€	

O concello de A Pastoriza achegará os proxectos técnicos; e, no seu caso, memorias técnicas necesarias para a execución das obras, segundo proceda legalmente; así mesmo encargárase da dirección de obra e dirección de execución e coordinación de seguridade e saúde nas actuacións do presente convenio que o requiran normativamente. O Concello aportará tódolos terreos precisos, permisos e autorizacións das obras ou actuacións, para a súa correcta execución e financiará o importe que reste, e resulte necesario para dar cumprimento ao fin común, e de interese público, perseguido; comprometéndose a recibir a obra, aperturala, mantela e dar o servizo á veciñanza destinataria, segundo a natureza e destino de cada un dos investimentos obxecto desta acción colaborativa.

Fundamentos de dereito

O artigo 111 do Real Decreto Lexislativo 781/86 de 18 de abril, do texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, sinala que “as Entidades Locais poderán concertar os contratos, pactos ou condicións que teñan por conveniente, sempre que non sexan contrarios ao interese público, ó ordenamento xurídico ou ós principios de boa administración, e

deberán cumprilos a teor dos mesmos, sen prexuízo das prerrogativas establecidas, no seu caso, a favor de ditas Entidades”.

O artigo 47 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, sinala a definición de convenios, establecendo que “son convenios os acordos con efectos xurídicos adoptados polas Administracións Públicas, os organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes ou as Universidades públicas entre si ou con suxeitos de dereito privado para un fin común.

Os convenios non poderán ter por obxecto prestacións propias dos contratos. En tal caso, a súa natureza e réxime xurídico axustarase ao previsto na lexislación de contratos do sector público”

(...)

Este mesmo artigo 47 sinala os tipos de convenios, ao establecer “Os convenios que subscriban as Administracións Públicas, os organismos públicos e as entidades de dereito público vinculados ou dependentes e as universidades públicas, deberán corresponder a algún dos seguintes tipos:

Convenios interadministrativos, asinados entre dúas ou mais Administracións públicas, ou ben entre dous ou mais organismos públicos ou entidades de dereito público vinculadas ou dependentes de distintas administracións públicas... (...).”

En canto aos requisitos de validez e eficacia dos convenios, o artigo 48 da amentada Lei 40/2015, establece “1. As Administracións Públicas poderán subscribir convenios con suxeito de dereito público e privado, sen que elo poida supoñer cesión de titularidade ou competencia; (...); 3. A subscrición de convenios deberá mellorar a eficiencia da xestión pública, facilitar a utilización conxunta de medios e servizos públicos, contribuír a realización de actividades de utilidade pública e cumprir coa lexislación de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira; (...); 5. Os convenios que inclúan compromisos financeiros deberán ser financeiramente sostíbeis, debendo quen os subscriban, ter capacidade para financiar os asumidos durante a vixencia do convenio; 6. As aportacións financeiras que se comprometan a facer os asinantes non poderán ser superiores aos



gastos derivados da execución do convenio; (...); 8.- Os convenios perfecciónanse pola prestación do consentimento das partes. (...)”

En canto ao contido dos convenios, o artigo 49 de Lei 40/2015, sinala que “deberán incluír, polo menos:

Suxeitos que subscriben o convenio e a capacidade xurídica con que actúa cada unha das partes.

A competencia na que se fundamente a actuación da Administración Pública.

O Obxecto do convenio e actuacións a realizar por cada suxeito para o seu cumprimento, indicando, no seu caso, a titularidade do resultado obtido.

Obrigas e compromisos económicos asumidos por cada unha das partes , se os houbera, indicando a súa distribución temporal por anualidades e a súa imputación concreta ao orzamento, de acordo co previsto na lexislacións orzamentaria.

Consecuencias aplicables no caso de incumprimentos das obrigas e compromisos asumidos por cada unha das partes, e no seu caso os criterios para determinar a posible sanción por incumprimento.

Mecanismos de seguimento, vixilancia e control da execución do convenio e dos compromisos adquiridos polos asinantes.

Réxime de modificación do convenio.

Prazo de vixencia do convenio, tendo en conta:

Os convenios deberán ter unha duración determinada, que non poderá ser superior a catro anos, salvo que por norma se prevea un prazo superior.

En calquera momento, antes de finalizar o prazo previsto, os asinantes poderán acordar de forma unánime a súa prórroga por un período de ata catro anos adicionais ou a súa extinción.

(...)”

O capítulo VI da LRSP non se aplica ás encomendas de xestión, nin tampouco aos acordos de terminación convencional de procedementos administrativos.

A relación de cooperación interadministrativa, coa administración municipal, como aparello técnico- administrativo (acción colaborativa) manexado na proposta e no convenio analizado, ten cabida nos principios xerais de actuación e funcionamento do sector público, nas súas relacións, establecendo no art. 3.1.k da Lai 40/2015, do 01 de outubro que “as administracións públicas, deberán respectar na súa actuación e relacións os principios de cooperación, colaboración e coordinación entre as Administracións Públicas”; ademais resulta coherente cos principios que rexen as relacións interadministrativas tal e como se prevé no artigo 140 da mesma Lei, citando no seu apartado 1.a) “lealdade institucional” e concretando no artigo 141, na súa letra d) que consecuentemente aquelas deberán “Prestar, no ámbito propio, a asistencia activas que as outras administracións puideran recabar para o eficaz exercicio das súas competencias”. Estas relacións interadministrativas enraízan no título III da citada LRXSP.

Na idea de potenciar a colaboración e cooperación entre as administracións públicas para a satisfacción dos intereses xerais nun sistema multinivel de poder público e por ende con intereses, obxectivos e fins comúns, a Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da administración local, precisa no seu artigo 3.3 que “non se entenderán como o exercicio de novas competencias, (...), f) a colaboración entre administracións entendida como o traballo en común para solventar os problemas comúns que poidan formularse alén do concreto reparto competencial entre os distintos sectores da acción pública de acordo co ar. 193.2 da Lei 5/1997” –LALGA-; precepto este que regula a colaboración entre as administracións públicas autonómicas, e tamén o auxilio administrativo do art. 193.4 da LALGA conceptualizado legalmente como o deber que teñen tódalas administracións de prestarlle apoio e asistencia activa as demais para que estas poidan exercer axeitadamente as súas competencias.



O artigo 30 do RDL 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, sinala:

“ 1.- A Deputación cooperará á efectividade dos servizos municipais, preferentemente dos obrigatorios, aplicando a tal fin: a) medios económicos propios da mesma que se asignen; b) subvencións ou axudas financeiras que conceda o estado ou CCAA; c) (...)”

2.- A cooperación poderá ser total ou parcial, segundo aconsellen as circunstancias económicas dos Municipios interesados

3.- Os servizos a que debe alcanzar a cooperación serán, en todo caso, os relacionados como mínimos no artigo 26 da Lei 7/1985, de 2 de abril

(...)

6.- As formas de cooperación serán: (...) h) Subscrición de convenios administrativos; (...)”

O convenio implementa unha acción pública colaborativa, con mecanismos horizontais como unha manifestación da lóxica evolución do Estado prestacional ao Estado relacional, enfocado a desenvolver prestacións á cidadanía, mediante unha actuación adecuada e sumando esforzos administrativos, ben para acadar un resultado ou unha actividade. Neste suposto e dada a natureza das actuacións promovidas, fundamentalmente resultados concretos de acondicionamento do camiño indicado.

Ademais, estas determinacións cadran co previsto na Lei de desenvolvemento sustentable do medio rural (Lei 45/2007, do 13 de decembro), artigos 2, 3, 34 e concordantes sobre obxectivos, definición do medio rural e financiamento polas administracións públicas das medidas de desenvolvemento do medio rural.

Son fins propios e específicos da Provincia garantir os principios de solidariedade e equilibrio intermunicipais, no marco da política económica e social (art. 31.2 LBRL). De acordo co establecido no artigo 36 LBRL modificado pola LRSAL unha competencia propia da Deputación é “a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito”. No mesmo senso se pronuncia o artigo 109 da Lei de Administracións Local de Galicia, ao sinalar que

“é competencia propia da Deputación, en calquera caso, en xeral, o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia”, subliñando que as competencias propias das Deputacións son ademais das atribuídas polas leis do Estado, as asignadas no mesmo concepto polas leis das Comunidades Autónomas (artigo 36.1 LBRL na súa vixente redacción). Entre as competencias das Deputacións Provinciais, o artigo 36 da citada LBRL sinala: “(...), b) Asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos Municipios, especialmente os de menor capacidade económica e de xestión; (...), d) A cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito. (...)”.

A cooperación da Deputación Provincial, cos concellos, atribúese directamente polo ordenamento xurídico como unha competencia propia (cooperación competencial), aínda así a súa formalización require o consentimento da outra parte (o concello) para evitar que por medio da técnica de cooperación se limite a autonomía e o libre exercicio das funcións municipais.

O municipio de A Pastoriza é unha entidade local básica con personalidade xurídica e plena capacidade para o cumprimento dos seus fins, que no seu labor de procura dunha mellora na calidade de vida dos cidadáns, promove actividades e presta servizos públicos que contribúen a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal; exercendo as competencias que lle atribúe como propias o Art. 25 da LBRL, na súa vixente redacción, e nos termos da lexislación do Estado e Autonómica, entre as que enumera “a) Urbanismo: planeamento, xestión, execución ...; b) Medio ambiente urbano: parques, xardíns públicos, xestión residuos sólidos urbanos ...; c) Abastecemento de auga potable a domicilio ...; d) A infraestrutura viaria e outros equipamentos da súa titularidade; (...); h) Información e promoción da actividade turística de interese e ámbito local; (...); l) Promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre; m) promoción da cultura e equipamentos culturais (...).

O artigo 26 da Lei 7/85, de 2 abril, de Bases de réxime local, establece que “os Municipios deberá prestar en todo caso: alumeadado público, abastecemento domiciliario de auga potable, saneamento, accesos a núcleos de poboación, pavimentación das vías públicas; b) Nos municipios con poboación superior a 5.000 habitantes: parque público, biblioteca pública e tratamento de refugallo”. O apartado 2 deste mesmo artigo 26, sinala: “nos municipios con poboación inferior á



20.000 habitantes será a Deputación Provincial ou entidade equivalente a que coordinará a prestación dos seguintes servizos: a) Recollida e tratamento de residuos; b) Abastecemento de auga potable a domicilio e evacuación e tratamento de augas residuais; c) limpeza viaria; d) acceso aos núcleos de poboación; e) pavimentación de vías urbanas; (...)”

En canto á mellora de camiños e accesos a núcleos de poboación, ademais: a Lei 8/2013, de 28 de xuño, de estradas de Galicia, establece no seu artigo 1 o obxecto, sinalando “ten por obxecto regular o dominio público viario nas redes de estradas de titularidade Autonómica de Galicia ou das entidades locais do seu ámbito territorial, e establecer os procesos de planificación, proxección, construción, financiamento, explotación, uso e protección de aquel e os mecanismos que permitan coordinar a actuación das distintas administracións titulares”. Do mesmo xeito, o artigo 9.3 desta mesma Lei sinala en canto a titularidade das estradas “... as de titularidade das respectivas entidades locais compoñen a súa correspondente rede de estradas”. É de ter en conta o establecido nos artigos 30.1.c en canto ao financiamento das actuacións, “mediante procedementos de colaboración con outras administracións públicas, sociedades ou entes públicos, con outros organismos locais, nacionais ou internacionais, ou con particulares” e 33.6 da amentada Lei, “correspóndelle aos Concellos a conservación e mantemento de todos os elementos que, estando situados no dominio público viario, non formen parte da estrada nin dos seus elementos funcionais, e lles sirvan a aqueles para exercer as súas competencias propias”.

Neste mesmo senso debe terse en conta o Decreto 66/2016, do 26 de maio, polo que se aproba o Regulamento xeral de estradas de Galicia, e en concreto o establecido no artigo 18 – cambios de titularidade-; artigo 76.2 –procedementos de colaboración- “(...), c) Instalación, ás súas expensas e polos seus propios medios, de elementos funcionais ou equipamentos complementarios da estrada, tales como mobiliario urbano e calquera outro similar, (...); artigo 77 –convenios de colaboración- e artigo 85 –dirección e inspección da explotación-.

A estes efectos, lembrar como a STC 41/2016, de 3 marzo, interpreta o artigo 25 da LBRL (reformado pola LRSAL), declarando que as Leis das comunidades autónomas poden atribuír competencias propias aos Concellos ao igual que outras leis estatais sectoriais.

O Concello de A Pastoriza, segundo o establecido no convenio, prevese que sexa o órgano de contratación; na licitación do contrato ou contratos e na súa execución, deberá respectarse polo mesmo a lexislación contractual e sectorial de aplicación , segundo as esixencias propias da súa natureza consonte as esixencias legais para cada investimento, sendo responsabilidade dese Concello tanto a obtención de autorizacións e licencias como o cumprimento dos condicionantes técnicos e legais para a execución do investimento e das actuacións sinaladas; así como a dispoñibilidade dos terreos necesarios para a execución das obras, recepción, conservación e mantemento e posta en funcionamento, tal e como se especifica no convenio interadministrativo obxecto deste informe. Naturalmente cabe a execución directa das prestacións polo propio Concello, a través de medios propios non personificados, de acordo co previsto no artigo 30 da LCSP.

Sinalar que o convenio interadministrativo se configura como unha relación xurídica bilateral voluntaria, na que concorren competencias e fins comúns a todas as entidades, tanto pola causa, como polos fins e mesmo o seu ámbito, entendendo que a cooperación horizontal inter-administrativa contribúe eficazmente á satisfacción dun fin público compartido, colaboración admitida tanto pola lexislación do réxime local estatal e autonómico, como polo artigo 12.4 da Directiva 2014/24, UE, do Parlamento Europeo e do Consello, segundo se recolle na guía de colaboración pública horizontal (público– público), da asesoría xurídica xeral da Xunta de Galicia; e na actualidade asumido e regulado no artigo 31 da LCSP/2017 ao referirse ás potestades de auto organización e sistemas de cooperación vertical e horizontal.

Así, para a consecución do fin común perseguido por ambas administracións, sen vocación de mercado, que é a dotación aos veciños do Concello de A Pastoriza, da Provincia e da cidadanía en xeral das actuacións sinaladas, establécese esta relación bilateral de colaboración e cooperación (acción pública colaborativa) guiadas unicamente por consideracións de interese público, na que se inclúe a seguinte previsión de financiamento e compromisos:

ANUALIDADE	DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO	CONCELLO DE A PASTORIZA
2019	89.206,60€	--



Concello de A Pastoriza: As obrigas de facer e no seu caso achegas complementarias relacionadas no Convenio interadministrativo obxecto deste informe.

Esta relación interadministrativa de cooperación enmarcarase, xa que logo, na estrutura dunhas administracións ordenadas para remover os obstáculos que impidan ou dificultan que a igualdade e liberdade dos individuos e dos grupos en que se integran sexan reais e efectivos, especialmente acaído nunha provincia de dinámicas demográficas rurais e poboación envellecida, mellorando os servizos e prestacións dirixidas a cidadanía e equipamentos.

A subscrición deste convenio mellora a eficiencia na xestión pública, contribúe á utilización conxunta de medios e servizos públicos, etc., e ademais encádrase no deber de colaboración e asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos concellos sinalada no artigo 36 da Lei 7/85, de Bases de réxime local. Neste sentido, o propio artigo 57 da LBRL da preferencia á subscrición de convenios, antes que a outras técnicas de cooperación como os consorcios, como un instrumento eficaz na asignación de recursos públicos. No convenio inclúese o cadro orzamentario e de financiamento con cargo a anualidade 2019.

O concello de A Pastoriza será titular e responsable da posta en uso e mantemento do resultado da cooperación como previsión a incorporar ao convenio interadministrativo de acordo co previsto no artigo 49 da LRXSP.

Ao presente convenio non lle é de aplicación a Lei de Contratos do Sector Público á vista do disposto no artigo 6 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que sinala que “quedan excluídos do ámbito da presente Lei os convenios, cuxo contido non estea comprendido no dos contratos regulados nesta Lei ou en normas administrativas especiais celebradas entre si pola Administración Xeral do Estado, (...), entidades locais, (...)”, precepto que se complementa con artigo 31 da propia LCSP relativo á potestade de auto organización e a cooperación pública horizontal. As entidades participantes non deben ter vocación de mercado; o convenio debe promover unha cooperación para garantir que servizos públicos que lles incumben, se presten de modo que se logren os

obxectivos que teñen en común e que o desenvolvemento da cooperación se guíe unicamente por consideracións relacionadas co interese público.

Nestes supostos de relación interadministrativa de cooperación entre administracións públicas, con contraprestacións entre os beneficiarios ou que as administracións que os subscriben ostentan competencias compartidas de execución (ademais de actuar “*conveniendi causa*”), non é de aplicación a lexislación xeral de subvencións, sen prexuízo de tomala como marco de referencia na xustificación dos fondos, de conformidade co establecido no artigo 2.4 do RD 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o RXLS e demais normativa de concordante aplicación. A terse en conta na CCAA de Galicia, o artigo 2.3 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de subvencións de Galicia (Lei 9/2007), que aínda que non resulta aplicable ás EELL, pode tomarse como referencia.

En canto ao órgano competente, sinalar que segundo o artigo 59, apartado 18 do Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo, publicado no BOP nº 56 de data 10 de marzo de 2011 en relación co artigo 54.41 do mesmo regulamento, aplicable de acordo coa circular de Secretaría Xeral en funcións, de data 02 de novembro de 2018, (como consecuencia do acordo da conversión do acto administrativo adoptado en sesión plenaria do 26 de xuño de 2018 polo que se presta aprobación ao Regulamento orgánico publicado no BOP nº 170 do 26 de xullo de 2018) resulta a Xunta de Goberno, atendendo ao importe económico do convenio.

Así pois a proposta de convenio é axustada á regulamentación específica que se contempla nos artigos referidos, polo que se informa favorablemente.

Polo anteriormente exposto, propoño que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Aprobar o texto do convenio interadministrativo de cooperación a subscribir entre a Deputación Provincial de Lugo e o concello de A Pastoriza coa finalidade común de colaborar na execución dos fins comúns de acondicionamento de camiño municipal na parroquia de Álvare (Santa Mariña) , con un orzamento total de 89.206,60 euros.



2º.- Que se aprobe o gasto en concepto de achega económica, por parte da Deputación, para o financiamento das actuacións contempladas no convenio, que ascende á contía máxima de 89.206,60 euros, con cargo ao vixente orzamento xeral da Deputación de Lugo para a anualidade 2019”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Oitavo.- *Proposta relativa ao convenio interadministrativo de cooperación entre esta Deputación e o Concello de Pol coa finalidade común de colaborar en acondicionamento xeral para área deportiva en Mosteiro.*

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Visto o informe – proposta do Servizo de Contratación e Fomento, relativo ao convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Pol, coa finalidade común de colaborar en acondicionamento xeral para área deportiva en Mosteiro que dispón o seguinte:

En relación co asunto de referencia procede emitir o seguinte informe:

Antecedentes de feito:

Proposta de borrador de convenio interadministrativo entre a Deputación Provincial de Lugo e o concello de Pol.

D. Lino Rodríguez Ónega, Alcalde do Concello de Pol achega escrito de solicitude de relación interadministrativa (público- público); de data 23/05/2019, ao que acompaña declaración responsable de estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias, da Seguridade Social e da Facenda Autonómica impostas polas disposicións vixentes así como de non ter débedas con esta Deputación en período executivo, igualmente xunta proxecto para a realización conxunta entre o Concello de Pol e a Deputación de Lugo, das actuacións de: Acondicionamento xeral para área

deportiva en Mosteiro, nas que conflúen os respectivos títulos competenciais, para satisfacer demandas veciñais de xeito eficiente. Na memoria explícanse os fins e obxectivos perseguidos cos investimentos que se articulan neste convenio.

Este Convenio ten por obxecto establecer as bases da relación interadministrativa de cooperación entre o Concello de Pol e a Deputación Provincial de Lugo en exercicio dunha competencia compartida, para acadar o obxectivo de executar os fins comúns de: acondicionamento xeral para área deportiva en Mosteiro.

Esta acción colaborativa non conforma prestacións propias dos contratos, regulados na lexislación de contratos do sector público ou en normas administrativas especiais, comprometéndose a realizar os seguintes investimentos:

INVESTIMENTO:	ACHEGA DEPUTACIÓN	ACHEGA CONCELLO
ACONDICIONAMENTO XERAL PARA ÁREA DEPORTIVA EN MOSTEIRO	125.235,00€ (Anualidade 2019: 50.000,00€ Anualidade 2020: 75.235,00€)	13.915,00€ (anualidade 2019)
TOTAL	139.150,00€	

O concello de Pol achegará os proxectos técnicos; e, no seu caso, memorias técnicas necesarias para a execución das obras, segundo proceda legalmente; así mesmo encargárase da dirección de obra e dirección de execución e coordinación de seguridade e saúde nas actuacións do presente convenio que o requiran normativamente. O Concello aportará tódolos terreos precisos, permisos e autorizacións das obras ou actuacións, para a súa correcta execución e financiará o importe que reste, e resulte necesario para dar cumprimento ao fin común, e de interese público, perseguido; comprometéndose a recibir a obra, aperturala, mantela e dar o servizo á veciñanza destinataria, segundo a natureza e destino de cada un dos investimentos obxecto desta acción colaborativa.

Estamos ante un gasto plurianual, e polo tanto o financiamento da anualidade de 2020 queda supeditado a dispoñibilidade orzamentaria e ao cumprimento do principio de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.



Fundamentos de dereito:

O artigo 111 do Real Decreto Lexislativo 781/86 de 18 de abril, do texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, sinala que “as Entidades Locais poderán concertar os contratos, pactos ou condicións que teñan por conveniente, sempre que non sexan contrarios ao interese público, ó ordenamento xurídico ou ós principios de boa administración, e deberán cumprilos a teor dos mesmos, sen prexuízo das prerrogativas establecidas, no seu caso, a favor de ditas Entidades”.

O artigo 47 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, sinala a definición de convenios, establecendo que “son convenios os acordos con efectos xurídicos adoptados polas Administracións Públicas, os organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes ou as Universidades públicas entre si ou con suxeitos de dereito privado para un fin común.

Os convenios non poderán ter por obxecto prestacións propias dos contratos. En tal caso, a súa natureza e réxime xurídico axustarase ao previsto na lexislación de contratos do sector público”

(...)

Este mesmo artigo 47 sinala os tipos de convenios, ao establecer “Os convenios que subscriban as Administracións Públicas, os organismos públicos e as entidades de dereito público vinculados ou dependentes e as universidades públicas, deberán corresponder a algún dos seguintes tipos:

Convenios interadministrativos, asinados entre dúas ou mais Administracións públicas, ou ben entre dous ou mais organismos públicos ou entidades de dereito público vinculadas ou dependentes de distintas administracións públicas... (...).”

En canto aos requisitos de validez e eficacia dos convenios, o artigo 48 da amentada Lei 40/2015, establece “1. As Administracións Públicas poderán subscribir convenios con suxeito de dereito público e privado, sen que elo poida supoñer cesión de titularidade ou competencia; (...); 3.

A subscrición de convenios deberá mellorar a eficiencia da xestión pública, facilitar a utilización conxunta de medios e servizos públicos, contribuír a realización de actividades de utilidade pública e cumprir coa lexislación de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira; (...); 5. Os convenios que inclúan compromisos financeiros deberán ser financeiramente sostibles, debendo quen os subscriban, ter capacidade para financiar os asumidos durante a vixencia do convenio; 6. As aportacións financeiras que se comprometan a facer os asinantes non poderán ser superiores aos gastos derivados da execución do convenio; (...); 8.- Os convenios perfecciónanse pola prestación do consentimento das partes. (...)”

En canto ao contido dos convenios, o artigo 49 de Lei 40/2015, sinala que “deberán incluír, polo menos:

Suxeitos que subscriben o convenio e a capacidade xurídica con que actúa cada unha das partes.

A competencia na que se fundamente a actuación da Administración Pública.

O Obxecto do convenio e actuacións a realizar por cada suxeito para o seu cumprimento, indicando, no seu caso, a titularidade do resultado obtido.

Obrigas e compromisos económicos asumidos por cada unha das partes , se os houbera, indicando a súa distribución temporal por anualidades e a súa imputación concreta ao orzamento, de acordo co previsto na lexislacións orzamentaria.

Consecuencias aplicables no caso de incumprimentos das obrigas e compromisos asumidos por cada unha das partes, e no seu caso os criterios para determinar a posible sanción por incumprimento.

Mecanismos de seguimento, vixilancia e control da execución do convenio e dos compromisos adquiridos polos asinantes.

Réxime de modificación do convenio.



Prazo de vixencia do convenio, tendo en conta:

Os convenios deberán ter unha duración determinada, que non poderá ser superior a catro anos, salvo que por norma se prevea un prazo superior.

En calquera momento, antes de finalizar o prazo previsto, os asinantes poderán acordar de forma unánime a súa prórroga por un período de ata catro anos adicionais ou a súa extinción.

(...)”

O capítulo VI da LRSP non se aplica ás encomendas de xestión, nin tampouco aos acordos de terminación convencional de procedementos administrativos.

A relación de cooperación interadministrativa, coa administración municipal, como aparello técnico- administrativo (acción colaborativa) manexado na proposta e no convenio analizado, ten cabida nos principios xerais de actuación e funcionamento do sector público, nas súas relacións, establecendo no art. 3.1.k da Lai 40/2015, do 01 de outubro que “as administracións públicas, deberán respectar na súa actuación e relacións os principios de cooperación, colaboración e coordinación entre as Administracións Públicas”; ademais resulta coherente cos principios que rexen as relacións interadministrativas tal e como se prevé no artigo 140 da mesma Lei, citando no seu apartado 1.a) “lealdade institucional” e concretando no artigo 141, na súa letra d) que consecuentemente aquelas deberán ”Prestar, no ámbito propio, a asistencia activas que as outras administracións puideran recabar para o eficaz exercicio das súas competencias”. Estas relacións interadministrativas enraízan no título III da citada LRXSP.

Na idea de potenciar a colaboración e cooperación entre as administracións públicas para a satisfacción dos intereses xerais nun sistema multinivel de poder público e por ende con intereses, obxectivos e fins comúns, a Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da administración local, precisa no seu artigo 3.3 que “non se entenderán como o exercicio de novas competencias, (...), f) a colaboración entre administracións entendida como o traballo en común para solventar os problemas comúns que poidan formularse alén do concreto reparto competencial entre os distintos

sectores da acción pública de acordo co ar. 193.2 da Lei 5/1997” –LALGA-; precepto este que regula a colaboración entre as administracións públicas autonómicas, e tamén o auxilio administrativo do art. 193.4 da LALGA conceptualizado legalmente como o deber que teñen tódalas administracións de prestarlle apoio e asistencia activa as demais para que estas poidan exercer axeitadamente as súas competencias.

O artigo 30 do RDL 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, sinala:

“ 1.- A Deputación cooperará á efectividade dos servizos municipais, preferentemente dos obrigatorios, aplicando a tal fin: a) medios económicos propios da mesma que se asignen; b) subvencións ou axudas financeiras que conceda o estado ou CCAA; c) (...)

2.- A cooperación poderá ser total ou parcial, segundo aconsellen as circunstancias económicas dos Municipios interesados.

3.- Os servizos a que debe alcanzar a cooperación serán, en todo caso, os relacionados como mínimos no artigo 26 da Lei 7/1985, de 2 de abril

(...)

6.- As formas de cooperación serán: (...) h) Subscrición de convenios administrativos; (...)”

O convenio implementa unha acción pública colaborativa, con mecanismos horizontais como unha manifestación da lóxica evolución do Estado prestacional ao Estado relacional, enfocado a desenvolver prestacións á cidadanía, mediante unha actuación adecuada e sumando esforzos administrativos, ben para acadar un resultado ou unha actividade. Neste suposto e dada a natureza das actuacións promovidas, fundamentalmente resultados concretos de acondicionamento de área deportiva en Mosteiro.

Ademais, estas determinacións cadran co previsto na Lei de desenvolvemento sustentable do medio rural (Lei 45/2007, do 13 de decembro), artigos 2, 3, 34 e concordantes sobre obxectivos, definición do medio rural e financiamento polas administracións públicas das medidas de desenvolvemento do medio rural.



Son fins propios e específicos da Provincia garantir os principios de solidariedade e equilibrio intermunicipais, no marco da política económica e social (art. 31.2 LBRL). De acordo co establecido no artigo 36 LBRL modificado pola LRSAL unha competencia propia da Deputación é “a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito”. No mesmo senso se pronuncia o artigo 109 da Lei de Administracións Local de Galicia, ao sinalar que “é competencia propia da Deputación, en calquera caso, en xeral, o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia”, subliñando que as competencias propias das Deputacións son ademais das atribuídas polas leis do Estado, as asignadas no mesmo concepto polas leis das Comunidades Autónomas (artigo 36.1 LBRL na súa vixente redacción). Entre as competencias das Deputacións Provinciais, o artigo 36 da citada LBRL sinala: “(...), b) Asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos Municipios, especialmente os de menor capacidade económica e de xestión; (...), d) A cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito. (...)”.

A cooperación da Deputación Provincial, cos concellos, atribúese directamente polo ordenamento xurídico como unha competencia propia (cooperación competencial), aínda así a súa formalización require o consentimento da outra parte (o concello) para evitar que por medio da técnica de cooperación se limite a autonomía e o libre exercicio das funcións municipais.

O municipio de Pol é unha entidade local básica con personalidade xurídica e plena capacidade para o cumprimento dos seus fins, que no seu labor de procura dunha mellora na calidade de vida dos cidadáns, promove actividades e presta servizos públicos que contribúen a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal; exercendo as competencias que lle atribúe como propias o Art. 25 da LBRL, na súa vixente redacción, e nos termos da lexislación do Estado e Autonómica, entre as que enumera “a) Urbanismo: planeamento, xestión, execución ...; b) Medio ambiente urbano: parques, xardíns públicos, xestión residuos sólidos urbanos ...; c) Abastecemento de auga potable a domicilio ...; d) A infraestrutura viaria e outros equipamentos da súa titularidade; (...); h) Información e promoción da actividade turística de interese e ámbito local; (...); l) Promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre; m) promoción da cultura e equipamentos culturais (...)

O artigo 26 da Lei 7/85, de 2 abril, de Bases de réxime local, establece que “os Municipios deberá prestar en todo caso: alumeadado público, abastecemento domiciliario de auga potable, saneamento, accesos a núcleos de poboación, pavimentación das vías públicas; b) Nos municipios con poboación superior a 5.000 habitantes: parque público, biblioteca pública e tratamento de refugallo”. O apartado 2 deste mesmo artigo 26, sinala: “nos municipios con poboación inferior á 20.000 habitantes será a Deputación Provincial ou entidade equivalente a que coordinará a prestación dos seguintes servizos: a) Recollida e tratamento de residuos; b) Abastecemento de auga potable a domicilio e evacuación e tratamento de augas residuais; c) limpeza viaria; d) acceso aos núcleos de poboación; e) pavimentación de vías urbanas; (...)”

O artigo 7 da Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia, establece as competencias deportivas das Deputacións Provinciais, entre elas: “(...) Fomentar, promover e difundir o deporte; asistir aos municipios e colaborar con eles, sobre todo cos de menor capacidade; calquera outra actuación que redunde en beneficio do desenvolvemento deportivo local, comarcal ou provincial” e o artigo 8 as competencias dos concellos en materia deportiva, “(...) construír, xestionar, ampliar e manter as instalacións deportivas de titularidade municipal, e no seu caso a xestión e mantemento das de titularidade autonómica ...”

A estes efectos, lembrar como a STC 41/2016, de 3 marzo, interpreta o artigo 25 da LBRL (reformado pola LRSAL), declarando que as Leis das comunidades autónomas poden atribuír competencias propias aos Concellos ao igual que outras leis estatais sectoriais.

O Concello de Pol, segundo o establecido no convenio, prevese que sexa o órgano de contratación; na licitación do contrato ou contratos e na súa execución, deberá respectarse polo mesmo a lexislación contractual e sectorial de aplicación, segundo as esixencias propias da súa natureza consonte as esixencias legais para cada investimento, sendo responsabilidade dese Concello tanto a obtención de autorizacións e licencias como o cumprimento dos condicionantes técnicos e legais para a execución do investimento e das actuacións sinaladas; así como a dispoñibilidade dos terreos necesarios para a execución das obras, recepción, conservación e mantemento e posta en funcionamento, tal e como se especifica no convenio interadministrativo obxecto deste informe. Naturalmente cabe a execución directa das prestacións polo propio



Concello, a través de medios propios non personificados, de acordo co previsto no artigo 30 da LCSP.

Sinalar que o convenio interadministrativo se configura como unha relación xurídica bilateral voluntaria, na que concorren competencias e fins comúns a todas as entidades, tanto pola causa, como polos fins e mesmo o seu ámbito, entendendo que a cooperación horizontal inter-administrativa contribúe eficazmente á satisfacción dun fin público compartido, colaboración admitida tanto pola lexislación do réxime local estatal e autonómico, como polo artigo 12.4 da Directiva 2014/24, UE, do Parlamento Europeo e do Consello, segundo se recolle na guía de colaboración pública horizontal (público – público), da asesoría xurídica xeral da Xunta de Galicia; e na actualidade asumido e regulado no artigo 31 da LCSP/2017 ao referirse ás potestades de auto organización e sistemas de cooperación vertical e horizontal.

Así, para a consecución do fin común perseguido por ambas administracións, sen vocación de mercado, que é a dotación aos veciños do Concello de Pol, da Provincia e da cidadanía en xeral das actuacións sinaladas, establécese esta relación bilateral de colaboración e cooperación (acción pública colaborativa) guiadas unicamente por consideracións de interese público, na que se inclúe a seguinte previsión de financiamento e compromisos:

ANUALIDADE	DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO	CONCELLO DE POL
2019	50.000,00€	13.915,00€
2020	75.235,00€	
TOTAL	125.235,00	13.915,00€

O investimento prográmase como un gasto plurianual, e polo tanto o financiamento da anualidade de 2020 queda supeditado a dispoñibilidade orzamentaria e ao cumprimento do principio de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

Concello de Pol: As obrigas de facer xunto coas achegas relacionadas no Convenio interadministrativo obxecto deste informe, e no cadro precedente.

Esta relación interadministrativa de cooperación enmarcarase, xa que logo, na estrutura dunhas administracións ordenadas para remover os obstáculos que impidan ou dificultan que a igualdade e liberdade dos individuos e dos grupos en que se integran sexan reais e efectivos, especialmente acaído nunha provincia de dinámicas demográficas rurais e poboación envellecida, mellorando os servizos e prestacións dirixidas a cidadanía e equipamentos.

A subscrición deste convenio mellora a eficiencia na xestión pública, contribúe á utilización conxunta de medios e servizos públicos, etc., e ademais encádrase no deber de colaboración e asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos concellos sinalada no artigo 36 da Lei 7/85, de Bases de réxime local. Neste sentido, o propio artigo 57 da LBRL da preferencia á subscrición de convenios, antes que a outras técnicas de cooperación como os consorcios, como un instrumento eficaz na asignación de recursos públicos. No convenio inclúese o cadro orzamentario e de financiamento con cargo a anualidade 2019.

O concello de Pol será titular e responsable da posta en uso e mantemento do resultado da cooperación como previsión a incorporar ao convenio interadministrativo de acordo co previsto no artigo 49 da LRXSP.

Ao presente convenio non lle é de aplicación a Lei de Contratos do Sector Público á vista do disposto no artigo 6 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que sinala que “quedan excluídos do ámbito da presente Lei os convenios, cuxo contido non estea comprendido no dos contratos regulados nesta Lei ou en normas administrativas especiais celebradas entre si pola Administración Xeral do Estado, (...), entidades locais, (...)”, precepto que se complementa con artigo 31 da propia LCSP relativo á potestade de auto organización e a cooperación pública horizontal. As entidades participantes non deben ter vocación de mercado; o convenio debe promover unha cooperación para garantir que servizos públicos que lles incumben, se presten de modo que se logren os obxectivos que teñen en común e que o desenvolvemento da cooperación se guíe unicamente por consideracións relacionadas co interese público.



Nestes supostos de relación interadministrativa de cooperación entre administracións públicas, con contraprestacións entre os beneficiarios ou que as administracións que os subscriben ostentan competencias compartidas de execución (ademais de actuar “*conveniendi causa*”), non é de aplicación a lexislación xeral de subvencións, sen prexuízo de tomala como marco de referencia na xustificación dos fondos, de conformidade co establecido no artigo 2.4 do RD 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o RXLS e demais normativa de concordante aplicación. A terse en conta na CCAA de Galicia, o artigo 2.3 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de subvencións de Galicia (Lei 9/2007), que aínda que non resulta aplicable ás EELL, pode tomarse como referencia.

En canto ao órgano competente, sinalar que segundo o artigo 59, apartado 18 do Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo, publicado no BOP nº 56 de data 10 de marzo de 2011 en relación co artigo 54.41 do mesmo regulamento, aplicable de acordo coa circular de Secretaría Xeral en funcións, de data 02 de novembro de 2018, (como consecuencia do acordo da conversión do acto administrativo adoptado en sesión plenaria do 26 de xuño de 2018 polo que se presta aprobación ao Regulamento orgánico publicado no BOP nº 170 do 26 de xullo de 2018) resulta a Xunta de Goberno, atendendo ao importe económico do convenio.

Así pois a proposta de convenio é axustada á regulamentación específica que se contempla nos artigos referidos, polo que se informa favorablemente.

Polo anteriormente exposto, proponho que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Aprobar o texto do convenio interadministrativo de cooperación a subscribir entre a Deputación Provincial de Lugo e o concello de Pol coa finalidade común de colaborar na execución dos fins comúns de acondicionamento xeral para área deportiva en Mosteiro, con un orzamento total de 139.150,00 euros.

2º.- Que se aprobe o gasto en concepto de achega económica, por parte da Deputación, para o financiamento das actuacións contempladas no convenio, que ascende á contía máxima de 125.235€, dos que 50.000,00 euros, son con cargo ao vixente orzamento xeral da Deputación de

Lugo para a anualidade 2019 e 75.235,00€ con cargo á anualidade de 2020. A Deputación adquire o compromiso, supeditado a dispoñibilidade orzamentaria e ao cumprimento do principio de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira, de incluír no orzamento da anualidade 2020 a cantidade de 75.235,00 euros”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Noveno.- *Proposta relativa ao convenio interadministrativo de cooperación entre esta Deputación e o Concello de Sarria coa finalidade común de colaborar no asfaltado do vial de enlace á LU-5701 en San Xulián (A Veiga).*

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Visto o informe– proposta do Servizo de Contratación e Fomento, relativo ao convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Sarria, coa finalidade común de colaborar no asfaltado do vial de enlace á LU-5701 en San Xulián (A Veiga) que dispón o seguinte:

En relación co asunto de referencia procede emitir o seguinte informe:

Antecedentes de feito:

Proposta de borrador de convenio interadministrativo entre a Deputación Provincial de Lugo e o concello de Sarria.

Dª María del Pilar López Yáñez, Alcalde do Concello de Sarria achega escrito de solicitude de relación interadministrativa (público- público); de data 23/5/2019, ao que acompaña declaración responsable de estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias, da Seguridade Social e da Facenda Autonómica impostas polas disposicións vixentes así como de non ter débedas con esta Deputación en período executivo; igualmente achega memoria valorada para a realización conxunta entre o Concello de Sarria e a Deputación de Lugo, das actuacións de: asfaltado do vial



de enlace á LU-5701 en San Xulián (A Veiga), nas que conflúen os respectivos títulos competenciais, para satisfacer demandas veciñais de xeito eficiente. Na memoria explícanse os fins e obxectivos perseguidos con cada un dos investimentos que se articulan neste convenio.

Este Convenio ten por obxecto establecer as bases da relación interadministrativa de cooperación entre o Concello de Sarria e a Deputación Provincial de Lugo en exercicio dunha competencia compartida, para acadar o obxectivo de executar os fins comúns de: asfaltado do vial de enlace á LU-5701 en San Xulian (A Veiga). Esta acción colaborativa non conforma prestacións propias dos contratos, regulados na lexislación de contratos do sector público ou en normas administrativas especiais, comprometéndose a realizar os seguintes investimentos:

INVESTIMENTO:	ACHEGA DEPUTACIÓN	ACHEGA CONCELLO
ASFALTADO DO VIAL DE ENLACE Á LU-5701 EN SAN XULIAN (A VEIGA)	40.000,00€	--
TOTAL	40.000,00€	

O concello de Sarria achegará os proxectos técnicos; e, no seu caso, memorias técnicas necesarias para a execución das obras, segundo proceda legalmente; así mesmo encargarse da dirección de obra e dirección de execución e coordinación de seguridade e saúde nas actuacións do presente convenio que o requiran normativamente. O Concello aportará tódolos terreos precisos, permisos e autorizacións das obras ou actuacións, para a súa correcta execución e financiará o importe que reste, e resulte necesario para dar cumprimento ao fin común, e de interese público, perseguido; comprometéndose a recibir a obra, aperturala, mantela e dar o servizo á veciñanza destinataria, segundo a natureza e destino de cada un dos investimentos obxecto desta acción colaborativa.

Fundamentos de dereito:

O artigo 111 do Real Decreto Lexislativo 781/86 de 18 de abril, do texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, sinala que “as Entidades Locais poderán concertar os contratos, pactos ou condicións que teñan por conveniente, sempre que non sexan contrarios ao interese público, ó ordenamento xurídico ou ós principios de boa administración, e

deberán cumprilos a teor dos mesmos, sen prexuízo das prerrogativas establecidas, no seu caso, a favor de ditas Entidades”.

O artigo 47 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, sinala a definición de convenios, establecendo que “son convenios os acordos con efectos xurídicos adoptados polas Administracións Públicas, os organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes ou as Universidades públicas entre si ou con suxeitos de dereito privado para un fin común.

Os convenios non poderán ter por obxecto prestacións propias dos contratos. En tal caso, a súa natureza e réxime xurídico axustarase ao previsto na lexislación de contratos do sector público”

(...)

Este mesmo artigo 47 sinala os tipos de convenios, ao establecer “Os convenios que subscriban as Administracións Públicas, os organismos públicos e as entidades de dereito público vinculados ou dependentes e as universidades públicas, deberán corresponder a algún dos seguintes tipos:

Convenios interadministrativos, asinados entre dúas ou mais Administracións públicas, ou ben entre dous ou mais organismos públicos ou entidades de dereito público vinculadas ou dependentes de distintas administracións públicas... (...).”

En canto aos requisitos de validez e eficacia dos convenios, o artigo 48 da amentada Lei 40/2015, establece “1. As Administracións Públicas poderán subscribir convenios con suxeito de dereito público e privado, sen que elo poida supoñer cesión de titularidade ou competencia; (...); 3. A subscrición de convenios deberá mellorar a eficiencia da xestión pública, facilitar a utilización conxunta de medios e servizos públicos, contribuír a realización de actividades de utilidade pública e cumprir coa lexislación de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira; (...); 5. Os convenios que inclúan compromisos financeiros deberán ser financeiramente sostíbeis, debendo quen os subscriban, ter capacidade para financiar os asumidos durante a vixencia do convenio; 6. As aportacións financeiras que se comprometan a facer os asinantes non poderán ser superiores aos



gastos derivados da execución do convenio; (...); 8.- Os convenios perfecciónanse pola prestación do consentimento das partes. (...)”

En canto ao contido dos convenios, o artigo 49 de Lei 40/2015, sinala que “deberán incluír, polo menos:

Suxeitos que subscriben o convenio e a capacidade xurídica con que actúa cada unha das partes.

A competencia na que se fundamente a actuación da Administración Pública.

O obxecto do convenio e actuacións a realizar por cada suxeito para o seu cumprimento, indicando, no seu caso, a titularidade do resultado obtido.

Obrigas e compromisos económicos asumidos por cada unha das partes , se os houbera, indicando a súa distribución temporal por anualidades e a súa imputación concreta ao orzamento, de acordo co previsto na lexislacións orzamentaria.

Consecuencias aplicables no caso de incumprimentos das obrigas e compromisos asumidos por cada unha das partes, e no seu caso os criterios para determinar a posible sanción por incumprimento.

Mecanismos de seguimento, vixilancia e control da execución do convenio e dos compromisos adquiridos polos asinantes.

Réxime de modificación do convenio.

Prazo de vixencia do convenio, tendo en conta:

Os convenios deberán ter unha duración determinada, que non poderá ser superior a catro anos, salvo que por norma se prevea un prazo superior.

En calquera momento, antes de finalizar o prazo previsto, os asinantes poderán acordar de forma unánime a súa prórroga por un período de ata catro anos adicionais ou a súa extinción.

(...)”

O capítulo VI da LRSP non se aplica ás encomendas de xestión, nin tampouco aos acordos de terminación convencional de procedementos administrativos.

A relación de cooperación interadministrativa, coa administración municipal, como aparello técnico- administrativo (acción colaborativa) manexado na proposta e no convenio analizado, ten cabida nos principios xerais de actuación e funcionamento do sector público, nas súas relacións, establecendo no art. 3.1.k da Lai 40/2015, do 01 de outubro que “as administracións públicas, deberán respectar na súa actuación e relacións os principios de cooperación, colaboración e coordinación entre as Administracións Públicas”; ademais resulta coherente cos principios que rexen as relacións interadministrativas tal e como se prevé no artigo 140 da mesma Lei, citando no seu apartado 1.a) “lealdade institucional” e concretando no artigo 141, na súa letra d) que consecuentemente aquelas deberán “Prestar, no ámbito propio, a asistencia activas que as outras administracións puideran recabar para o eficaz exercicio das súas competencias”. Estas relacións interadministrativas enraízan no título III da citada LRXSP.

Na idea de potenciar a colaboración e cooperación entre as administracións públicas para a satisfacción dos intereses xerais nun sistema multinivel de poder público e por ende con intereses, obxectivos e fins comúns, a Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da administración local, precisa no seu artigo 3.3 que “non se entenderán como o exercicio de novas competencias, (...), f) a colaboración entre administracións entendida como o traballo en común para solventar os problemas comúns que poidan formularse alén do concreto reparto competencial entre os distintos sectores da acción pública de acordo co ar. 193.2 da Lei 5/1997” –LALGA-; precepto este que regula a colaboración entre as administracións públicas autonómicas, e tamén o auxilio administrativo do art. 193.4 da LALGA conceptualizado legalmente como o deber que teñen tódalas administracións de prestarlle apoio e asistencia activa as demais para que estas poidan exercer axeitadamente as súas competencias.



O artigo 30 do RDL 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, sinala:

“ 1.- A Deputación cooperará á efectividade dos servizos municipais, preferentemente dos obrigatorios, aplicando a tal fin: a) medios económicos propios da mesma que se asignen; b) subvencións ou axudas financeiras que conceda o estado ou CCAA; c) (...)”

2.- A cooperación poderá ser total ou parcial, segundo aconsellen as circunstancias económicas dos Municipios interesados

3.- Os servizos a que debe alcanzar a cooperación serán, en todo caso, os relacionados como mínimos no artigo 26 da Lei 7/1985, de 2 de abril

(...)

6.- As formas de cooperación serán: (...) h) Subscrición de convenios administrativos; (...)”

O convenio implementa unha acción pública colaborativa, con mecanismos horizontais como unha manifestación da lóxica evolución do Estado prestacional ao Estado relacional, enfocado a desenvolver prestacións á cidadanía, mediante unha actuación adecuada e sumando esforzos administrativos, ben para acadar un resultado ou unha actividade. Neste suposto e dada a natureza das actuacións promovidas, fundamentalmente resultados concretos de asfaltado do vial referenciado.

Ademais, estas determinacións cadran co previsto na Lei de desenvolvemento sustentable do medio rural (Lei 45/2007, do 13 de decembro), artigos 2, 3, 34 e concordantes sobre obxectivos, definición do medio rural e financiamento polas administracións públicas das medidas de desenvolvemento do medio rural.

Son fins propios e específicos da Provincia garantir os principios de solidariedade e equilibrio intermunicipais, no marco da política económica e social (art. 31.2 LBRL). De acordo co establecido no artigo 36 LBRL modificado pola LRSAL unha competencia propia da Deputación é “a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito”. No mesmo senso se pronuncia o artigo 109 da Lei de Administracións Locais de Galicia, ao sinalar que

“é competencia propia da Deputación, en calquera caso, en xeral, o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia”, subliñando que as competencias propias das Deputacións son ademais das atribuídas polas leis do Estado, as asignadas no mesmo concepto polas leis das Comunidades Autónomas (artigo 36.1 LBRL na súa vixente redacción). Entre as competencias das Deputacións Provinciais, o artigo 36 da citada LBRL sinala: “(...), b) Asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos Municipios, especialmente os de menor capacidade económica e de xestión; (...), d) A cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito. (...)”.

A cooperación da Deputación Provincial, cos concellos, atribúese directamente polo ordenamento xurídico como unha competencia propia (cooperación competencial), aínda así a súa formalización require o consentimento da outra parte (o concello) para evitar que por medio da técnica de cooperación se limite a autonomía e o libre exercicio das funcións municipais.

O municipio de Sarria é unha entidade local básica con personalidade xurídica e plena capacidade para o cumprimento dos seus fins, que no seu labor de procura dunha mellora na calidade de vida dos cidadáns, promove actividades e presta servizos públicos que contribúen a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal; exercendo as competencias que lle atribúe como propias o Art. 25 da LBRL, na súa vixente redacción, e nos termos da lexislación do Estado e Autonómica, entre as que enumera “a) Urbanismo: planeamento, xestión, execución ...; b) Medio ambiente urbano: parques, xardíns públicos, xestión residuos sólidos urbanos ...; c) Abastecemento de auga potable a domicilio ...; d) A infraestrutura viaria e outros equipamentos da súa titularidade; (...); h) Información e promoción da actividade turística de interese e ámbito local; (...); l) Promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre; m) promoción da cultura e equipamentos culturais (...)”.

O artigo 26 da Lei 7/85, de 2 abril, de Bases de réxime local, establece que “os Municipios deberá prestar en todo caso: alumeadado público, abastecemento domiciliario de auga potable, saneamento, accesos a núcleos de poboación, pavimentación das vías públicas; b) Nos municipios con poboación superior a 5.000 habitantes: parque público, biblioteca pública e tratamento de refugallo”. O apartado 2 deste mesmo artigo 26, sinala: “nos municipios con poboación inferior á



20.000 habitantes será a Deputación Provincial ou entidade equivalente a que coordinará a prestación dos seguintes servizos: a) Recollida e tratamento de residuos; b) Abastecemento de auga potable a domicilio e evacuación e tratamento de augas residuais; c) limpeza viaria; d) acceso aos núcleos de poboación; e) pavimentación de vías urbanas; (...)”

En canto á mellora de viais, ademais: a Lei 8/2013, de 28 de xuño, de estradas de Galicia, establece no seu artigo 1 o obxecto, sinalando “ten por obxecto regular o dominio público viario nas redes de estradas de titularidade Autonómica de Galicia ou das entidades locais do seu ámbito territorial, e establecer os procesos de planificación, proxección, construción, financiamento, explotación, uso e protección de aquel e os mecanismos que permitan coordinar a actuación das distintas administracións titulares”. Do mesmo xeito, o artigo 9.3 desta mesma Lei sinala en canto a titularidade das estradas “... as de titularidade das respectivas entidades locais compoñen a súa correspondente rede de estradas”. É de ter en conta o establecido nos artigos 30.1.c en canto ao financiamento das actuacións, “mediante procedementos de colaboración con outras administracións públicas, sociedades ou entes públicos, con outros organismos locais, nacionais ou internacionais, ou con particulares” e 33.6 da amentada Lei, “correspóndelle aos Concellos a conservación e mantemento de todos os elementos que, estando situados no dominio público viario, non formen parte da estrada nin dos seus elementos funcionais, e lles sirvan a aqueles para exercer as súas competencias propias”.

Neste mesmo senso debe terse en conta o Decreto 66/2016, do 26 de maio, polo que se aproba o Regulamento xeral de estradas de Galicia, e en concreto o establecido no artigo 18 – cambios de titularidade-; artigo 76.2 –procedementos de colaboración- “(...), c) Instalación, ás súas expensas e polos seus propios medios, de elementos funcionais ou equipamentos complementarios da estrada, tales como mobiliario urbano e calquera outro similar, (...); artigo 77 –convenios de colaboración- e artigo 85 –dirección e inspección da explotación-.

A estes efectos, lembrar como a STC 41/2016, de 3 marzo, interpreta o artigo 25 da LBRL (reformado pola LRSAL), declarando que as Leis das comunidades autónomas poden atribuír competencias propias aos Concellos ao igual que outras leis estatais sectoriais.

O Concello de Sarria, segundo o establecido no convenio, prevese que sexa o órgano de contratación; na licitación do contrato ou contratos e na súa execución, deberá respectarse polo mesmo a lexislación contractual e sectorial de aplicación , segundo as esixencias propias da súa natureza consonte as esixencias legais para cada investimento, sendo responsabilidade dese Concello tanto a obtención de autorizacións e licencias como o cumprimento dos condicionantes técnicos e legais para a execución do investimento e das actuacións sinaladas; así como a dispoñibilidade dos terreos necesarios para a execución das obras, recepción, conservación e mantemento e posta en funcionamento, tal e como se especifica no convenio interadministrativo obxecto deste informe. Naturalmente cabe a execución directa das prestacións polo propio Concello, a través de medios propios non personificados, de acordo co previsto no artigo 30 da LCSP.

Sinalar que o convenio interadministrativo se configura como unha relación xurídica bilateral voluntaria, na que concorren competencias e fins comúns a todas as entidades, tanto pola causa, como polos fins e mesmo o seu ámbito, entendendo que a cooperación horizontal inter-administrativa contribúe eficazmente á satisfacción dun fin público compartido, colaboración admitida tanto pola lexislación do réxime local estatal e autonómico, como polo artigo 12.4 da Directiva 2014/24, UE, do Parlamento Europeo e do Consello, segundo se recolle na guía de colaboración pública horizontal (público– público), da asesoría xurídica xeral da Xunta de Galicia; e na actualidade asumido e regulado no artigo 31 da LCSP/2017 ao referirse ás potestades de auto organización e sistemas de cooperación vertical e horizontal.

Así, para a consecución do fin común perseguido por ambas administracións, sen vocación de mercado, que é a dotación aos veciños do Concello de Sarria, da Provincia e da cidadanía en xeral das actuacións sinaladas, establécese esta relación bilateral de colaboración e cooperación (acción pública colaborativa) guiadas unicamente por consideracións de interese público, na que se inclúe a seguinte previsión de financiamento e compromisos:

ANUALIDADE	DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO	CONCELLO DE SARRIA
2019	40.000,00€	--



Concello de Sarria: As obrigas de facer e no seu caso achegas complementarias relacionadas no Convenio interadministrativo obxecto deste informe.

Esta relación interadministrativa de cooperación enmarcarase, xa que logo, na estrutura dunhas administracións ordenadas para remover os obstáculos que impidan ou dificultan que a igualdade e liberdade dos individuos e dos grupos en que se integran sexan reais e efectivos, especialmente acaído nunha provincia de dinámicas demográficas rurais e poboación envellecida, mellorando os servizos e prestacións dirixidas a cidadanía e equipamentos.

A subscrición deste convenio mellora a eficiencia na xestión pública, contribúe á utilización conxunta de medios e servizos públicos, etc., e ademais encádrase no deber de colaboración e asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos concellos sinalada no artigo 36 da Lei 7/85, de Bases de réxime local. Neste sentido, o propio artigo 57 da LBRL da preferencia á subscrición de convenios, antes que a outras técnicas de cooperación como os consorcios, como un instrumento eficaz na asignación de recursos públicos. No convenio inclúese o cadro orzamentario e de financiamento con cargo a anualidade 2019.

O concello de Sarria será titular e responsable da posta en uso e mantemento do resultado da cooperación como previsión a incorporar ao convenio interadministrativo de acordo co previsto no artigo 49 da LRXSP.

Ao presente convenio non lle é de aplicación a Lei de Contratos do Sector Público á vista do disposto no artigo 6 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que sinala que “quedan excluídos do ámbito da presente Lei os convenios, cuxo contido non estea comprendido no dos contratos regulados nesta Lei ou en normas administrativas especiais celebradas entre si pola Administración Xeral do Estado, (...), entidades locais, (...)”, precepto que se complementa con artigo 31 da propia LCSP relativo á potestade de auto organización e a cooperación pública horizontal. As entidades participantes non deben ter vocación de mercado; o convenio debe promover unha cooperación para garantir que servizos públicos que lles incumben, se presten de modo que se logren os

obxectivos que teñen en común e que o desenvolvemento da cooperación se guíe unicamente por consideracións relacionadas co interese público.

Nestes supostos de relación interadministrativa de cooperación entre administracións públicas, con contraprestacións entre os beneficiarios ou que as administracións que os subscriben ostentan competencias compartidas de execución (ademais de actuar “*conveniendi causa*”), non é de aplicación a lexislación xeral de subvencións, sen prexuízo de tomala como marco de referencia na xustificación dos fondos, de conformidade co establecido no artigo 2.4 do RD 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o RXLS e demais normativa de concordante aplicación. A terse en conta na CCAA de Galicia, o artigo 2.3 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de subvencións de Galicia (Lei 9/2007), que aínda que non resulta aplicable ás EELL, pode tomarse como referencia.

En canto ao órgano competente, sinalar que segundo o artigo 59, apartado 18 do Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo, publicado no BOP nº 56 de data 10 de marzo de 2011 en relación co artigo 54.41 do mesmo regulamento, aplicable de acordo coa circular de Secretaría Xeral en funcións, de data 02 de novembro de 2018, (como consecuencia do acordo da conversión do acto administrativo adoptado en sesión plenaria do 26 de xuño de 2018 polo que se presta aprobación ao Regulamento orgánico publicado no BOP nº 170 do 26 de xullo de 2018) resulta a Xunta de Goberno, atendendo ao importe económico do convenio.

Así pois a proposta de convenio é axustada á regulamentación específica que se contempla nos artigos referidos, polo que se informa favorablemente .

Polo anteriormente exposto, propoño que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Aprobar o texto do convenio interadministrativo de cooperación a subscribir entre a Deputación Provincial de Lugo e o concello de Sarria coa finalidade común de colaborar na execución dos fins comúns de asfaltado do vial de enlace á LU-5701 en San Xulián (A Veiga) , con un orzamento total de 40.00,00 euros.



2º.- Que se aprobe o gasto en concepto de achega económica, por parte da Deputación, para o financiamento das actuacións contempladas no convenio, que ascende á contía máxima de 40.000,00 euros, con cargo ao vixente orzamento xeral da Deputación de Lugo para a anualidade 2019”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Décimo.- *Proposta relativa ao convenio canalizador da subvención directa excepcional outorgada por esta Deputación á asociación veciños plataforma veciñal Terras do Saviñao co obxecto de colaborar no financiamento dos gastos derivados da execución da actuación “Adecuación núcleos rurales”, na anualidade 2019.*

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Resultando que no expediente relativo ao convenio canalizador da subvención directa de carácter excepcional a conceder á entidade asociación veciños plataforma veciñal Terras do Saviñao, co obxecto de colaborar no financiamento dos gastos derivados da execución da actuación “Adecuación núcleos rurales”, nos lugares de Villacaíz, San Vitorio, Villarreme, Vilarello e Belesar, no municipio de O Saviñao, polo importe de 57.000,00€, co aboamento anticipado do 50% sobre o importe total subvencionado, é dicir, 28.500,00€, con dispensa de garantía, correspondente á anualidade 2019, constan entre outros, os documentos que se detallan a continuación:

Proposta emitida pola Unidade Administrativa Xestora que acredita a existencia de motivación suficiente, de concorrencia das razóns que habilitan a utilización deste procedemento excepcional.

Existencia de convenio canalizador da subvención antes mencionada.

Declaración responsable do beneficiario de non estar incurso en ningunha das prohibicións previstas nos apartados 2 e 3 do artigo 13 da LXS, e demais normativa de aplicación, nos termos que se establecen nas Bases de Execución do Orzamento para o ano 2019.

Informe da unidade administrativa xestora, no que se manifesta que segundo os datos que están no seu poder, o beneficiario reúne todos os requisitos para optar á subvención.

Informe favorable do Servizo de Contratación e Fomento sobre o texto do convenio canalizador da subvención.

Informe favorable da Secretaría sobre o texto do convenio canalizador da subvención, ao conformar o do Servizo de Contratación e Fomento.

Informe de fiscalización limitada previa do expediente, emitido pola Intervención Xeral e cuxo resultado é de conformidade.

A actuación que se pretende encaixa dentro da Liña 1.3– Infraestruturas e servizos, pertencente á área funcional de Presidencia do vixente Plan Estratéxico de Subvencións 2017-2019, aprobado por acordo da Xunta de Goberno do 23 de xuño de 2017, e cuxa actualización para o ano 2019 foi aprobada polo mesmo órgano o 8 de febreiro de 2019; xa que na mesma se establece como obxectivo estratéxico dotar á provincia de infraestruturas e servizos que contribúan ao benestar comunitario dos seus veciños, especialmente nas zonas rurais. Consegir que a poboación que reside nas zonas rurais poida dispoñer de servizos similares aos das cidades, contribuíndo así á fixación de poboación no rural. Mellorar as contornas urbanas menos favorecidas.

O obxecto que se persegue con esta subvención é dotar aos veciños dos lugares de Villacaíz, San Vitorio, Villarreme, Vilarello e Belesar, no municipio de O Saviñao, dunhas infraestruturas de acceso a vivendas, explotacións agrícolas, gandeiras e vitivinícolas adecuadas ás necesidades actuais. Trátase de dotar aos lugares do rural de infraestruturas e servizos que contribúan así ao benestar comunitario nestas zonas, e mellorando as condicións para que a poboación resida nestas zonas, fixando poboación.



Por todo o anteriormente exposto, proponse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Aprobar a excepcionalidade e outorgar a subvención directa de carácter excepcional, por importe de 57.000,00€ a favor da entidade asociación veciños plataforma veciñal Terras do Saviñao, para sufragar os gastos derivados da execución da actuación “Adecuación núcleos rurales”, subvención incluída na Liña 1.3 – Infraestruturas e servizos, pertencente á área funcional de Presidencia do vixente Plan Estratéxico de Subvencións 2017-2019.

2º.- Aprobar o gasto de 57.000,00€ con cargo á aplicación orzamentaria 4540.789 do orzamento da Deputación Provincial de Lugo para o ano 2019, a favor da entidade asociación veciños plataforma veciñal Terras do Saviñao, para sufragar os gastos derivados da execución da actuación “Adecuación núcleos rurales”.

3º.- Aprobar o convenio a través do que se canaliza a citada subvención e que se incorpora ao expediente”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Décimo primeiro.- *Proposta relativa ao convenio canalizador da subvención directa excepcional outorgada por esta Deputación á Federación de Asociaciones de Comercio de la Confederación Provincial de Empresarios de Lugo co obxecto de colaborar no financiamento dos gastos derivados da execución da actuación “campaña marketing dixital no comercio de lugo” na anualidade 2019.*

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Resultando que no expediente relativo ao convenio canalizador da subvención directa de carácter excepcional a conceder á entidade Federación de Asociaciones de Comercio de la Confederación Provincial de Empresarios de Lugo, co obxecto de colaborar no financiamento dos

gastos derivados da execución da actuación “Campaña Marketing Dixital no Comercio de Lugo”, polo importe de 32.000,00€, co aboamento anticipado do 50% sobre o importe total subvencionado, é dicir, 16.000,00€, con dispensa de garantía, correspondente á anualidade 2019, constan entre outros, os documentos que se detallan a continuación:

Proposta emitida pola Unidade Administrativa Xestora que acredita a existencia de motivación suficiente, de concorrencia das razóns que habilitan a utilización deste procedemento excepcional.

Existencia de convenio canalizador da subvención antes mencionada.

Declaración responsable do beneficiario de non estar incurso en ningunha das prohibicións previstas nos apartados 2 e 3 do artigo 13 da LXS, e demais normativa de aplicación, nos termos que se establecen nas Bases de Execución do Orzamento para o ano 2019.

Informe da unidade administrativa xestora, no que se manifesta que segundo os datos que están no seu poder, o beneficiario reúne todos os requisitos para optar á subvención.

Informe favorable do Servizo de Contratación e Fomento sobre o texto do convenio canalizador da subvención.

Informe favorable da Secretaría sobre o texto do convenio canalizador da subvención, ao conformar o do Servizo de Contratación e Fomento.

Informe de fiscalización limitada previa do expediente, emitido pola Intervención Xeral e cuxo resultado é de conformidade.

A actuación que se pretende encaixa dentro da Liña Liña 3.1– Fomento da promoción económica e social da provincia de Lugo, pertencente á área funcional de Promoción Económica e Social - Emprego do vixente Plan Estratéxico de Subvencións 2017-2019, aprobado por acordo da Xunta de Goberno do 23 de xuño de 2017, e cuxa actualización para o ano 2019 foi aprobada polo



mesmo órgano o 8 de febreiro de 2019; xa que na mesma se establece como obxectivos, entre outros, os de acadar a competitividade empresarial e fomento do comercio local.

O obxecto que se persegue con esta subvención é fomentar e consolidar o pequeno comercio provincial, facendo que sexa máis competitivo e adaptado ás demandas e as necesidades actuais dos consumidores e usuarios, mediante a utilización das novas ferramentas dixitais. En resume, trátase contribuír á sensibilización da dixitalización do sector do comercio minorista da provincia de Lugo, impulsando no mesmo a utilización das ferramentas dixitais dispoñibles actualmente para promocionar e comercializar os seus produtos, competindo así en igualdade de condicións coas grandes superficies comerciais e as plataformas mundiais de venda online.

Por todo o anteriormente exposto, proponse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Aprobar a excepcionalidade e outorgar a subvención directa de carácter excepcional, por importe de 32.000,00€ a favor da entidade Federación de Asociaciones de Comercio de la Confederación Provincial de Empresarios de Lugo, para sufragar os gastos derivados da execución da actuación “Campaña Marketing Dixital no Comercio de Lugo”, subvención incluída na Liña Liña 3.1 – Fomento da promoción económica e social da provincia de Lugo, pertencente á área funcional de Promoción Económica e Social– Emprego do vixente Plan Estratéxico de Subvencións 2017-2019.

2º.- Aprobar o gasto de 32.000,00€ con cargo á aplicación orzamentaria 4330.48911 do orzamento da Deputación Provincial de Lugo para o ano 2019, a favor da entidade Federación de Asociaciones de Comercio de la Confederación Provincial de Empresarios de Lugo, para sufragar os gastos derivados da execución da actuación “Campaña Marketing Dixital no Comercio de Lugo”.

3º.- Aprobar o convenio a través do que se canaliza a citada subvención e que se incorpora ao expediente”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Décimo segundo.- *Proposta relativa ao convenio canalizador da subvención directa excepcional outorgada por esta Deputación á asociación de veciños e veciñas de San Salvador de Villarmide co obxecto de colaborar no financiamento dos gastos derivados da execución da actuación “Reforma interior parcial de local” na anualidade 2019.*

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

Resultando que no expediente relativo ao convenio canalizador da subvención directa de carácter excepcional a conceder á entidade Asociación de Veciños e Veciñas de San Salvador de Villarmide, co obxecto de colaborar no financiamento dos gastos derivados da execución da actuación “Reforma interior parcial de local” (Antiga escola de Villarmide, no municipio de A Pontenova), polo importe de 23.750,00€, correspondente á anualidade 2019, constan entre outros, os documentos que se detallan a continuación:

Proposta emitida pola Unidade Administrativa Xestora que acredita a existencia de motivación suficiente, de concorrencia das razóns que habilitan a utilización deste procedemento excepcional.

Existencia de convenio canalizador da subvención antes mencionada.

Declaración responsable do beneficiario de non estar incurso en ningunha das prohibicións previstas nos apartados 2 e 3 do artigo 13 da LXS, e demais normativa de aplicación, nos termos que se establecen nas Bases de Execución do Orzamento para o ano 2019.

Informe da unidade administrativa xestora, no que se manifesta que segundo os datos que están no seu poder, o beneficiario reúne todos os requisitos para optar á subvención.



Informe favorable do Servizo de Contratación e Fomento sobre o texto do convenio canalizador da subvención.

Informe favorable da Secretaría sobre o texto do convenio canalizador da subvención, ao conformar o do Servizo de Contratación e Fomento.

Informe de fiscalización limitada previa do expediente, emitido pola Intervención Xeral e cuxo resultado é de conformidade.

A actuación que se pretende encaixa dentro da Liña 1.1 – Xeración de riqueza, pertencente á área funcional de Presidencia do vixente Plan Estratéxico de Subvencións 2017-2019, aprobado por acordo da Xunta de Goberno do 23 de xuño de 2017, e cuxa actualización para o ano 2019 foi aprobada polo mesmo órgano o 8 de febreiro de 2019; xa que na mesma se establece como obxectivo estratéxico_conseguir maior riqueza en termos económicos e de benestar para a Provincia. Esta riqueza enténdese no seu concepto máis amplo (aspectos materiais e intanxibles ou inmateriais), e contribuír así ao desenvolvemento conxunto do territorio, da poboación e da súa organización en todos os aspectos (económico, social, medioambiental, cultural, deportivo, dixital etc).

O obxecto que se persegue con esta subvención é a adecuación do local social da Asociación de Veciños e Veciñas de San Salvador de Villarmide, situado na Antiga escola de Villarmide, facilitando e mellorando as condicións de uso e disfrute por parte dos veciños. Facilitase a participación dos veciños da parroquia de Villarmide (A Pontenova) e contorna na vida económica, social, política e cultural, removendo os obstáculos que o “feito rural” normalmente conleva.

A actuación incrementará os niveis de colaboración da cidadanía e do asociacionismo veciñal, desa parroquia, do municipio, con repercusión favorable na provincia en xeral: En consecuencia, xera riqueza, entendida “*lato sensu*”, como calidade de vida, superadora dunha perspectiva meramente monetarista.

Por todo o anteriormente exposto, propónse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Aprobado a excepcionalidade e outorgar a subvención directa de carácter excepcional, por importe de 23.750,00€ a favor da entidade Asociación de Veciños e Veciñas de San Salvador de Villarmide, para sufragar os gastos derivados da execución da actuación “Reforma interior parcial de local”, subvención incluída na Liña 1.1 – Xeración de riqueza, pertencente á área funcional de Presidencia do vixente Plan Estratéxico de Subvencións 2017-2019.

2º.- Aprobado o gasto de 23.750,00€ con cargo á aplicación orzamentaria 9250.789 do orzamento da Deputación Provincial de Lugo para o ano 2019, a favor da entidade Asociación de Veciños e Veciñas de San Salvador de Villarmide, para sufragar os gastos derivados da execución da actuación “Reforma interior parcial de local”.

3º.- Aprobado o convenio a través do que se canaliza a citada subvención e que se incorpora ao expediente”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Décimo terceiro.- *Proposta relativa ao convenio canalizador da subvención directa excepcional outorgada por esta Deputación á Federación AA.VV. de Lugo "Lucus Augusti" co obxecto de colaborar no financiamento dos gastos derivados da execución da actuación “Actuacións para potenciar o movemento asociativo lucense” na anualidade 2019.*

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Resultando que no expediente relativo ao convenio canalizador da subvención directa de carácter excepcional a conceder á entidade Federación AA.VV. de Lugo "Lucus Augusti", co obxecto de colaborar no financiamento dos gastos derivados da execución da actuación “Actuacións para potenciar o movemento asociativo lucense”, polo importe de 40.000,00€, co aboamento anticipado do 50% sobre o importe total subvencionado, é dicir, 20.000,00€, con



dispensa de garantía, correspondente á anualidade 2019, constan entre outros, os documentos que se detallan a continuación:

Proposta emitida pola Unidade Administrativa Xestora que acredita a existencia de motivación suficiente, de concorrencia das razóns que habilitan a utilización deste procedemento excepcional.

Existencia de convenio canalizador da subvención antes mencionada.

Declaración responsable do beneficiario de non estar incurso en ningunha das prohibicións previstas nos apartados 2 e 3 do artigo 13 da LXS, e demais normativa de aplicación, nos termos que se establecen nas Bases de Execución do Orzamento para o ano 2019.

Informe da unidade administrativa xestora, no que se manifesta que segundo os datos que están no seu poder, o beneficiario reúne todos os requisitos para optar á subvención.

Informe favorable do Servizo de Contratación e Fomento sobre o texto do convenio canalizador da subvención.

Informe favorable da Secretaría sobre o texto do convenio canalizador da subvención, ao conformar o do Servizo de Contratación e Fomento.

Informe de fiscalización limitada previa do expediente, emitido pola Intervención Xeral e cuxo resultado é de conformidade.

A actuación que se pretende encaixa dentro da Liña 1.1 – Xeración de riqueza, pertencente á área funcional de Presidenciado vixente Plan Estratéxico de Subvencións 2017-2019, aprobado por acordo da Xunta de Goberno do 23 de xuño de 2017, e cuxa actualización para o ano 2019 foi aprobada polo mesmo órgano o 8 de febreiro de 2019; xa que na mesma se establece como obxectivo estratéxico conseguir maior riqueza en termos económicos e de benestar para a Provincia. Esta riqueza enténdese no seu concepto máis amplo (aspectos materiais e intanxibles ou

inmateriais), e contribuír así ao desenvolvemento conxunto do territorio, da poboación e da súa organización en todos os aspectos (económico, social, medioambiental, cultural, deportivo, dixital etc). En definitiva remover os obstáculos que impidan ou dificulten a participación de todos os cidadáns na vida colectiva, económica, cultural e social.

O obxecto que se persegue con esta subvención é potenciar o movemento asociativo na provincia de Lugo, dinamizando o movemento veciñal e procurando a adaptación aos novos cambios (na estrutura social, na forma de comunicarse, na forma de convivir e relacionarse, nas novas formas de actuar nos eidos económicos e administrativos). En resume, crear unha cultura colaborativa entre todos os estamentos sociais (poboación, institucións públicas, poderes económicos, sector empresarial, etc), e unhas condicións que contribúan á xeración de riqueza e ao desenvolvemento do territorio, entendido no seu concepto máis amplo (económico, social, cultural, deportivo, ambiental, sostible, etc).

Por todo o anteriormente exposto, proponse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Aprobar a excepcionalidade e outorgar a subvención directa de carácter excepcional, por importe de 40.000,00€ a favor da entidade Federación AA.VV. de Lugo “*Lucus Augusti*”, para sufragar os gastos derivados da execución da actuación “Actuacións para potenciar o movemento asociativo lucense”, subvención incluída na Liña 1.1– Xeración de riqueza, pertencente á área funcional de Presidencia do vixente Plan Estratéxico de Subvencións 2017-2019.

2º.- Aprobar o gasto de 40.000,00€ con cargo á aplicación orzamentaria 9250.48911 do orzamento da Deputación Provincial de Lugo para o ano 2019, a favor da entidade Federación AA.VV. de Lugo “*Lucus Augusti*” para sufragar os gastos derivados da execución da actuación “Actuacións para potenciar o movemento asociativo lucense”.

3º.- Aprobar o convenio a través do que se canaliza a citada subvención e que se incorpora ao expediente”.



A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Décimo cuarto.- *Proposta para aprobar o convenio específico para a prestación compartida de servizos no centro de atención a persoas maiores de Pedrafita do Cebreiro, no marco dunha relación interadministrativa de cooperación: acción pública colaborativa horizontal.*

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Tendo en conta os informes e antecedentes incorporados ao expediente, entre o que se atopa a certificación do acordo de aprobación do convenio polo Concello de Pedrafita do Cebreiro, os informes de Intervención, o informe da xefatura de sección de benestar social, así como o informe do Servizo de Contratación e Fomento, relativo a este Convenio Interadministrativo, en cuxa parte substantiva di:

(...)

Antecedentes.

A Deputación Provincial aprobou un Protocolo xeral de actuación, en sesión da Xunta de Goberno de data 16 de marzo de 2018, que se trasladou a distintos Concellos con centros en condicións de comezar a funcionar de xeito inmediato.

Os Concellos que asinaron dito Protocolo foron: Ribadeo, A Fonsagrada, Pol, Pedrafita, Trabada e Ribas de Sil. Con posterioridade asináronse outros Protocolos, como o do Concello de Meira, en data 4 de febreiro de 2019.

Na data de 20 de xuño de 2018, logo da pertinente tramitación administrativa, subscríbese convenio marco interadministrativo de cooperación, entre o Concello de Pedrafita do Cebreiro e a Deputación de Lugo, para implantar e executar un sistema de servizos sociais en centros de atención a persoas maiores (CAM). Dito convenio marco bilateral fora aprobado, en sesión da Xunta de Goberno de 10 de abril de 2018, a cuxos antecedentes e informes nos remitimos.

As partes asumían, en síntese, os seguintes compromisos:

A Deputación, entre outros:

Efectuar o financiamento previsto na cláusula sexta do convenio marco.

Actuar como órgano de contratación, nos termos e cos límites establecidos nese acordo marco.

Impulsar un equipo técnico especializado no ámbito dos servizos sociais.

O Concello de Pedrafita do Cebreiro, entre outros:

Colaborar coa Deputación para lograr o fin do convenio.

Efectuar as achegas económicas previstas na cláusula sexta daquel convenio marco.

Establecer o réxime xurídico e a forma de xestión directa do servizo público con prestacións directas ás persoas.

Tramitar e someter a aprobación do órgano competente a regulamentación dos centros e da actividade e o prezo público a cobrar aos usuarios do respectivo centro.

O Concello de Pedrafita do Cebreiro efectuou os seguintes trámites administrativos, a fin de fixar o réxime xurídico de prestación do servizo:

En cumprimento da obriga de fixar o réxime xurídico da prestación do servizo, aprobou inicialmente, o 1 de abril de 2019:

A Memoria xustificativa da implantación do servizo de Centro de atención a persoas maiores Manuel Villasol do Concello de Pedrafita do Cebreiro.



O Regulamento de réxime interno do centro de atención diúrna Manuel Villasol do Concello de Pedrafita do Cebreiro.

O Regulamento de réxime interno do centro de atención residencial Manuel Villasol do Concello de Pedrafita do Cebreiro.

A Ordenanza de acceso ao servizo de atención residencial e servizo de atención diúrna no centro de atención a persoas maiores Manuel Villasol do Concello de Pedrafita do Cebreiro.

A Ordenanza reguladora do prezo público pola prestación do servizo de atención diúrna no centro de atención a persoas maiores Manuel Villasol do Concello de Pedrafita do Cebreiro.

A Ordenanza reguladora do prezo público pola prestación do servizo de atención residencial no centro de atención a persoas maiores Manuel Villasol do Concello de Pedrafita do Cebreiro.

Na data de hoxe, 24 de maio de 2019, vencidos os prazos de información pública, publícanse no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, os citados Regulamentos e Ordenanzas.

Sobre a situación administrativa previa ao inicio de actividade e a prestación de servizos propios do centro (CAM):

O Concello de Pedrafita do Cebreiro concedeu as seguintes licenzas municipais a favor da empresa construtora Asogal Construcciones SL:

Licenza urbanística de obra maior, na data do 13 de marzo de 2014, consistente en reforma e ampliación de edificación existente para a residencia da terceira idade, informando de que deberá presentar proxecto de execución e obter informe favorable antes de iniciar as obras.

Licenza urbanística, na data do 27 de novembro de 2014, para a execución das obras consistentes en reforma e ampliación de edificación existente para residencia de terceira idade.

O Concello de Pedrafita do Cebreiro, mediante acordo da Xunta de Goberno, reunida o 22 de maio de 2019, tomou razón do cambio de titularidade á Deputación de Lugo das licenzas urbanísticas, en contestación ao escrito enviado por esta Deputación, de data 15 de maio de 2019.

Concedeuse autorización administrativa pola Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Política Social, na data de 28 de febreiro de 2018 para a creación do centro de servizos sociais “centro de día para persoas maiores Manuel Villasol en Pedrafita do Cebreiro” e na mesma data para a modificación de creación do centro de servizos sociais “residencia para persoas maiores Pedrafita do Cebreiro”, cuxa creación fora autorizada por resolución de data 7 de marzo de 2013.

A autorización do Rexistro Galego Sanitario de Empresas e Establecementos Sanitarios (REGASA) e rexistro sanitario, deberán ser solicitadas pola Deputación de Lugo como entidade encargada das prestacións e se esixirán, no seu caso, ás empresas que executen prestacións concretas no Centro.

Liquidación económica do convenio asinado na data do 31 de xaneiro de 2011 para a construción dun centro de atención á terceira idade no Concello de Pedrafita do Cebreiro:

O Concello de Pedrafita do Cebreiro acordou a cesión gratuíta á Deputación de Lugo do ben inmovible con referencia catastral 2026211PH6322N0001MX, mediante acordo do Pleno de 13 de abril de 2011. Ademais, o Concello de Pedrafita do Cebreiro expropiou a parcela 206212PH6322N0001OX, sendo beneficiaria da expropiación Suplusa (acta de ocupación de 6 de maio de 2011).

A Xunta de Goberno da Deputación de Lugo, en sesión celebrada o 22 de febreiro de 2019, acordou requirir a Suplusa a documentación correspondente aos Centros de atención a Maiores dos Concellos de Ribas de Sil, Pedrafita, Meira e Navia de Suarna. En acordo da Xunta de Goberno de 22 de marzo de 2019, a petición de Suplusa, ampliouse o prazo por cinco días: prazo que está vencido (ver apartado VI).



Segundo informe da Interventora Xeral da Deputación de Lugo sobre pagos do devandito Convenio asinado o 31 de xaneiro de 2019:

“Dos datos obrantes na contabilidade da Excm. Deputación Provincial de Lugo non consta á data actual a realización de ningún ingreso efectuado na tesourería provincial polo Concello de Pedrafita do Cebreiro en execución do citado convenio.

Dos datos obrantes nesta Intervención relativos á contabilidade da Sociedade Urbanística Provincial de Lugo (ata 31 de marzo de 2019) dedúcese o ingreso o 10/02/2015 de 118.734,62 euros, correspondendo 66.666,66 euros ao primeiro pago previsto na cláusula 9 do convenio e 52.067,96 euros á compra dos terreos previsto na cláusula 10 do citado convenio.”

A Xunta de Goberno do Concello de Pedrafita do Cebreiro, mediante acordo de 22 de maio de 2019, supedita o abono das cantidades pendentes (133.333,34 euros) á xustificación do estado da obra, solicitude de licenza de primeira ocupación ou utilización e posteriores trámites para o inicio da actividade.

No caso de impago da cantidade a financiar polo Concello de Pedrafita do Cebreiro, a Deputación poderá obter o ingreso do nominal da cantidade non desembolsada polo procedemento administrativo, con arranxo ás normas que para a recadación de fondos provinciais establece a lexislación de Réxime local e a que, por remisión desta, rexe para a exacción de ingresos de dereito público.

Sobre a entrega de resultados do encargo efectuado a Suplusa para a construción do centro de atención a maiores:

A Xunta de Goberno da Deputación de Lugo, en sesión celebrada o 22 de febreiro de 2019, adoptou acordo relativo a “Segunda fase de liquidación de encargos a Suplusa, anteriores á perda de condición de medio propio, con entrega de resultados: centros de atención a Maiores dos Concellos de Ribas de Sil, Pedrafita, Meira e Navia de Suarna.

En síntese, a Xunta de Goberno acordou:

“1º.- Requerir a Suplusa para que no prazo máximo de dez días, remita á Deputación:

Certificación final das obras dos Centros de Atención a Maiores de Pedrafita do Cebreiro, Ribas de Sil, Meira, e Navia de Suarna, con relación valorada e planos do estado de execución final.

(...)

Toda a documentación necesaria para a declaración de obra nova, incluídas licencias urbanísticas e proxectos de execución, coas súas modificacións, de existir.

Ensaio acústico.

Trámites realizados en relación coas autorizacións administrativas necesarias para a posta en funcionamento de cada un destes Centros de atención a maiores (...).

Entrega de resultados, tanto na súa dimensión xurídica como material.

Liquidacións económicas.

2º.- Unha vez recibida a documentación, procederase, por funcionarios da área técnica (facultativa) coa debida habilitación profesional, sen prexuízo doutras colaboracións, á inspección e comprobación final do construído, así como da concordancia entre o construído e o proxecto para o que obtivo licenza urbanística e, no seu caso, dos seus modificados.

3º.- A Intervención Xeral, con ocasión da inspección indicada no apartado precedente, procederá á comprobación material dos investimentos (...).

4º.- Advírtese a Suplusa que, no caso de non cumprir voluntariamente co ordenado nos anteriores apartados, procederase á execución subsidiaria, como medio de execución forzosa, de acordo co previsto no artigo 102, da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e demais disposicións de concordante aplicación, aplicando as medias administrativas e técnicas requiridas en cada caso”.



En acordo da Xunta de Goberno de 22 de marzo de 2019, a petición de Suplusa, ampliouse o prazo por cinco días: prazo que está vencido.

Suplusa respostou a ese requirimento con data 5 de abril do ano en curso, mediante escrito do seguinte teor:

“Achegamos liquidación de costes directos referentes á adquisición de terreos, proxecto, construción e amoblamento, onde se executou, das Residencias e Centros de día dos Concellos de Pedrafita, Ribas de Sil, Meira e Navia de Suarna, xustificando con facturas e xustificantes de pago.

En relación á documentación solicitada correspondente ós libros dos edificios dos centros referenciados, que deben ser redactados polo promotor da construción, (...) solicitamos: Que para dar cumprimento ó requirido, a remisión a esta Sociedade do modelo de Libro de edificio que acostuma adoptar para as súas edificacións ou copia dalgún feito recentemente”.

En consecuencia, Suplusa, non deu cumprimento, fundamentalmente, á parte substantiva dos requirimentos en relación á entrega efectiva dos resultados e documentación necesaria para trámites xurídicos, administrativos e actuacións materiais.

Sobre a estimación de custos que asume a Deputación coa sinatura deste Convenio específico, segundo o Informe de 24 de maio de 2019 da Xefa de Sección da Unidade de Benestar social e Igualdade:

En relación ao financiamento, terase en conta o estudio de viabilidade e memoria económica-financeira asociada para a determinación dos prezos dos servizos a prestar no novo centro de atención a persoas maiores de Pedrafita do Cebreiro, datado a maio de 2018, á considerar que este estudo está aprobado ou cando menos foi a base da memoria do expediente aprobado polo Concello de Pedrafita do Cebreiro para o exercicio de actividades económicas, en concreto para a prestación dos servizos de atención diúrna e atención residencial no Centro de Atención a Persoas Maiores de Pedrafita do Cebreiro.

Así, neste estudo reflíctense os seguintes custes:

Contrato de servizos (tarefas/actuación a externalizar) 589.270,00 €

servizo de atención directa de xerocultores

servizo de limpeza-lavandería

servizo de restauración

Gastos de persoal propio da Deputación de Lugo 123.796,00 €

Responsable do Centro

Administrativo do centro

Equipo interdisciplinar

Psicoloxía

Fisioterapia

Enfermería

Terapia ocupacional

Arquitectura técnica

Oficial de oficios múltiples

Gastos de subministro, compras, etc directas pola Deputación de Lugo 94.059,00 €

Total, 807.125,00 €

Ase mesmo, o estudo realiza unha proposta de prezos públicos para facer fronte aos custes do servizo, sendo os seguintes:

1.390,00€ prazas residenciais para dependentes.

1.080,00€ prazas residenciais para válidos.

550,00€ para xornada completa en centro de día.

Outros servizos complementarios.

Por outra banda o convenio recolle que a Deputación actuará como órgano de contratación, nos termos e cos límites establecidos nese acordo marco. Así deberase ter en conta para a



aprobación deste convenio, non só os gastos reflectidos no estudo de viabilidade citado, senón tamén os gastos que a Deputación afronta con fondos propios, derivados do convenio marco xa mentado neste informe, así como do convenio específico que se ven a informar:

IMPUTACIÓN DAS RETRIBUCIÓN SALARIAIS AOS CONVENIOS MARCO E ESPECÍFICOS		% IMPUTADO	PERÍODO A IMPUTAR	IMPORTE TOTAL IMPUTABLE A TÓDOS OS CONVENIOS	IMPORTE IMPUTADO AOS CONVENIOS DE Pedrafita do Cebreiro
PERSOAL DA SECCIÓN DE BENESTAR SOCIAL E IGUALDADE					
Xefa de sección de Benestar Social e Igualdade	Silvia García López	60,00%	Dende o 20 de xuño de 2018 ata 31 de decembro de 2018	18.266,69 €	3.044,45 €
Traballadora Social	Íria Lamazares Fernández	50,00%	Dende o 20 de xuño de 2018 ata 31 de decembro de 2018	10.861,99 €	1.810,33 €
Traballadora Social	Angela Justo Rodríguez	90,00%	Dende o 20 de xuño de 2018 ata 31 de decembro de 2018	15.058,36 €	2.509,73 €
Traballadora Social	Estela Villalda Martínez	90,00%	Dende o 20 de xuño de 2018 ata 30 de novembro de 2018	13.255,12 €	2.209,19 €
PERSOAL DO SERVIZO DE CONTRATACIÓN E FOMENTO					
Xefe do Servizo de Contratación e Fomento	Manuel Ángel Jove Losada	10,00%	Dende o 20 de xuño de 2018 ata 31 de decembro de 2018	4.227,40 €	704,57 €
Técnico da Administración Xeral	José Domingo Rodríguez Ferreira	10,00%	Dende o 20 de xuño de 2018 ata 31 de decembro de 2018	3.676,37 €	612,73 €
Técnico da Administración Xeral	Sonia Méndez García	20,00%	Dende o 1 de setembro de 2018 ata 31 de decembro de 2018	2.374,46 €	395,74 €
TOTAL					11.286,73 €

Táboa 1. Gastos da Deputación de Lugo de persoal derivados dos convenios marco para implantar e executar un sistema de servizos sociais en centros de atención a persoas maiores e do convenio específico para a prestación compartida de servizos no centro de atención a persoas maiores de Pedrafita do Cebreiro, no marco dunha relación interadministrativa de cooperación, na anulación 2018.

Todo estes cálculos poderanse estimar para o desenvolvemento do convenio do seguinte xeito, deixando constancia que trátase dunha previsión extraída do citado plan de viabilidade e non dunha certeza, considerando o inicio das prestacións o 1 de outubro de 2019, tendo en conta que hai que equipar o centro e, polo tanto, realizar a licitación pertinente para a mesma:

ESTIMACIÓN CUSTES POR ANUALIDADES	2018 (imputación)	2019	2020	2021	2022
GASTO PERSOAL DEPUTACIÓN	11.286,73 €	31.203,38 €	125.652,54 €	127.537,33 €	60.646,62 €
GASTO CORRENTE DEPUTACIÓN SUBMINISTRO	0,00€	23.708,02 €	95.469,89 €	96.901,93 €	46.078,86 €
GASTO CORRENTE DEPUTACIÓN C. SERVICIOS	0,00€	148.528,33 €	598.109,05 €	607.080,69 €	288.679,34 €
	11.286,73 €	203.439,73 €	819.231,48 €	831.519,95 €	395.404,82 €

Táboa 2. Estimación do gasto de convenio segundo o estudo de viabilidade e memoria económica-financieira asociada para a determinación dos prezos dos servizos a prestar no novo centro de atención a persoas maiores de Pedrafita do Cebreiro. Dende o 20 de xuño de 2018 ata 20 de xuño de 2022

Se temos en conta o citado estudio económico, así como, as ordenanzas de prezo público aprobadas polo Concello de Pedrafita do Cebreiro para os servizos de atención residencial e atención diúrna. Se consideramos os datos proporcionados polo Instituto Galego de Estatística relativos as pensións medias e as consultas efectuadas aos servizos sociais comunitarios dos concellos de A Fonsagrada, Castroverde, Pol, Pedrafita do Cebreiro, Ribadeo, Ribas de Sil e Pedrafita do Cebreiro, en abril de 2018 polos servizos sociais provinciais vía telefónica, temos un escenario dunhas capacidades económicas mensuais medias de 761,56 €.

Salientar que as ordenanzas de prezo público establecen a participación no financiamento do servizo en función da capacidade económica da persoa usuaria. Isto é, a determinación da participación económica para os servizos básicos na modalidade ordinaria será en función da capacidade económica, dando lugar ao prezo público para cada persoa. Terase en conta aquí o recollido no artigo 44.2 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, no cal se establece que en atención ás razóns sociais que teñen lugar, poderase fixar unha participación reducida no custo do servizo. En todo caso, nas dúas ordenanzas de prezo público defínese no artigo 4 a determinación de capacidade económica: a capacidade económica da persoa usuaria aos efectos destas Ordenanzas será a resultante da suma de todos os ingresos en cómputo anual (iga) máis a capacidade patrimonial (Cp). A capacidade económica (Ce) determinarase en cómputo anual, sen prexuízo de que para o cálculo da súa participación no custo dos servizos se compute en termos mensuais calculada como a doceava parte da súa capacidade económica anual.

Co obxecto de ser prudentes, se analizará o cálculo dos ingresos efectuados polas persoas usuarias en función dunha capacidade económica mensual de 754,21€, isto é, entendendo que ningún usuario ten mais ingresos que as pensións e que non teñen ningún tipo de propiedade ou ben que computar ao cálculo da súa capacidade económica) e só temos en conta o importe das pensións medias segundo o Instituto Galego de Estatística, última actualización datos da anualidade 2016, para os concellos de A Fonsagrada, Castroverde, Pol, Pedrafita do Cebreiro, Ribadeo, Ribas de Sil e Trabada), e sendo coñecedores que a pensión media mensual da provincia é de 763,22 €, excluindo o Concello de Lugo que elevaría mais esta cantidade.



ENTIDADE	CAPACIDADE ECONÓMICA MENSUAL ESTIMADA. ¹	PENSIÓN MENSUAL MEDIA >65 ²
CONCELLO A FONSGRADA	680,00 €	733,73 €
CONCELLO DE CASTROVERDE	708,00 €	719,18 €
CONCELLO DE PEDRAFITA DO CEBREIRO	615,00 €	759,33 €
CONCELLO DE POL	606,00 €	756,24 €
CONCELLO DE RIBADEO	1.092,00 €	855,96 €
CONCELLO DE RIBAS DO SIL	868,27 €	731,51 €
CONCELLO DE TRABADA	761,62 €	723,51 €
MEDIA ESTIMADA	761,56 €	754,21 €

Táboa 3. Capacidade media mensual (segundo datos dos servizos sociais comunitarios) e pensión media mensual para persoas maiores de 65 anos (Fonte: Instituto Galego de Estatística, última actualización datos da anualidade 2016).

	IMPORTE
PENSIÓN MEDIA MENSUAL NA PROVINCIA DE LUGO ³	763,22 €

Táboa 4. pensión media na provincia de Lugo para persoas maiores de 65 anos. Datos excluindo o Concello de Lugo.
Fonte: Instituto Galego de Estatística, última actualización datos da anualidade 2016

Neste escenario de prudencia e segundo as ordenanzas de prezos públicos aprobadas a tal efecto para os servizos aquí tratados, e considerando unha capacidade mensual media de 754,21€ mensuais, corresponderían uns ingresos de 351.195,36 €, cunha ocupación completa do centro para os dous servizos.

USUARIOS	CAPACIDADE ECONÓMICA 754,21€	DÉFICIT XERADO	OBRIGAS SEGUNDO O CONVENIO MARCO CONCELLO	OBRIGAS SEGUNDO O CONVENIO MARCO DEPUTACIÓN	ACHEGA ANUAL CONCELLO SEGUNDO CONVENIO MARCO	ACHEGA ANUAL DEPUTACIÓN SEGUNDO CONVENIO MARCO	ACHEGA ANUAL USUARIOS SEGUNDO ORDENANZA
Dependentes 26	708,50 €	681,50 €	170,38 €	511,13 €	53.157,00 €	159.471,00 €	221.052,00 €
Válidos 4	686,77 €	393,23 €	98,31 €	294,92 €	4.718,76 €	14.156,28 €	32.964,96 €
Centro de día 20	404,91 €	145,09 €	36,27 €	108,82 €	8.705,40 €	26.116,20 €	97.178,40 €
TOTAL					66.581,16 €	199.743,48 €	351.195,36 €

Táboa 5. Estimación das achegas por parte das administracións locais en funcións do déficit xerado entre o custe de referencia e o prezo público de cada persoa usuaria. Este cálculo realízase sen ter en conta a solicitude da limitación ao 150,00€ por praza e mes en residencia e 42,59€ para praza/mes en centro de día(ver anexo)

O custe de referencia do servizo de atención residencial, está determinado na memoria económico-financieira. Na actualidade este custe está establecido en 1.390,00€ para persoas dependentes segundo e 1.080,00€ para válidas, así como 550,00€ para o servizo de atención diúrna a xornada completa. Estes custes de referencia serán igual ou inferiores ou custe efectivo real do servizo .

O convenio marco na súa cláusula sexta, establece o réxime económico, sinalando que a Deputación asumirá o (75%) da diferenza entre custe efectivo real do servizo e prezo efectivamente pagado polos usuarios/as, cos seguintes límites e determinacións: 600,00€ por número de prazas do centro e mes para as residencias e de 300,00€ por número de prazas do centro e mes, para os centros de día, a xornada completa. Enténdese por xornada completa a de 8 horas diarias, de luns a venres (para as xornadas diarias inferiores aplicarase unha redución proporcional). Así, o Concello de Pedrafita do Cebreiro, de menos de 5.000 habitantes, terá que asumir o 25%, isto é, a diferenza entre custe efectivo real do servizo e o prezo público efectivamente pagado polos usuarios/as. Terase en conta que no caso de que a diferenza entre custe efectivo real do servizo menos o prezo efectivamente pagado polos usuarios/as (o prezo público de cada un deles segundo a súa capacidade económica), exceda dos importes máximos a pagar pola Deputación (600,00€ por praza e mes de residencia e 300,00€ para praza e mes de centro de día, como máximo) e o 25% imputable como máximo ao Concello, a diferenza será asumida pola Deputación Provincial.

Neste escenario a Deputación tería que achegar 199.743,48 € para facer fronte as obrigas establecidas inicialmente no convenio marco (o 75% do déficit entre o custe de referencia e o prezo público do usuario) mais o 75% de o déficit total xerado entre o custe de referencia e o custe efectivo do servizo o cal nesta previsión ascendería a 189.605,00 €, isto é, o 75% de dita cantidade 142.203,75 € sería o déficit asumir pola Deputación, entre o custe de referencia establecido na ordenanza de prezo público e o custo real efectivo. Polo que tendo en conta os datos económicos que se están a manexar neste informe, a Deputación asumiría un déficit de 341.947,23 € anual.

En todo caso, terase en conta que o custo total do servizo estimado polo estudo de viabilidade ten en conta servizos complementarios que a data de hoxe non se contemplan levar a cabo inicialmente.

Para rematar este punto, deberase salientar o actual vixente artigo 64 bis da Lei 13/2008, de 3 de decembro de servizos sociais de Galicia, no cal se establece que a Administración xeral da Comunidade Autónoma promoverá a formalización de convenios administrativos de colaboración entre ela e as entidades locais para a creación, a xestión e mantemento de servizos sociais, en



especial no que respecta aos servizos comunitarios específicos, co fin de asegurar a calidade e unha cobertura equilibrada dos servizos sociais en todo o territorio así como os criterios de economía, eficiencia e eficacia na xestión e o uso racional dos recursos públicos, con independencia da concreta administración titular dos centros. O cumprimento deste artigo permitirá reducir os custes finais para a administracións locais que subscribiran este convenio, sen poder cuantificar os mesmos a data de hoxe.

¹ Datos facilitados polos servizos sociais comunitarios dos concellos no mes de abril de 2018.

² Fonte: Instituto Galego de Estatística, última actualización datos da anualidade 2016

³ Datos excluindo o Concello de Lugo. Fonte: Instituto Galego de Estatística, última actualización datos da anualidade 2016

Estas consideracións de tipo económico enmárcanse nas obrigas fixadas neste convenio específico e mesmo no convenio marco do que trae causa e ao que desenvolve. Resulta necesario o seu coñecemento a efectos da lexislación sobre estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira (art. 48.3 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público) e mesmo para a distribución temporal do gasto no tocante aos compromisos económicos asumidos (art. 49, letra da mesma Lei) co límite temporal de non superar os catro anos de duración, contados desde a sinatura do convenio marco (20 de xuño de 2018).

O Pleno da Deputación aprobou, o 30 de outubro de 2018, unha modificación das “Bases que rexen a aceptación e asunción, por delegación expresa, de competencias en materia de xestión, inspección e recadación en relación a tributos, prezos públicos e outros ingresos de dereito público”.

Recíbese na Deputación de Lugo certificado do acordo da Xunta de Goberno do Concello de Pedrafita do Cebreiro, celebrada o 22 de maio de 2019, polo que se solicita á Deputación de Lugo a tramitación e a aprobación do convenio específico previsto no convenio bilateral co Concello de Pedrafita do Cebreiro.

Consideracións Xurídico-Administrativas.

De carácter xeral: acercamento a acción pública colaborativa na que se inscribe este convenio específico.

Este convenio específico enmárcase na actividade prestacional de dúas administracións públicas locais, con competencias materiais e territoriais que, ao abeiro da súa potestade de auto-organización, deciden colaborar para alcanzar fins comúns ou compartidos.

Como di o Profesor Lorenzo Mellado Ruíz, no documento titulado “Acercamiento a la acción pública colaborativa: mecanismos horizontales y verticales de colaboración administrativa¹”:

“Pode dicirse que, na actualidade, o modelo de “Estado relacional” é a evolución lóxica do previo “Estado prestacional”. Así, a nivel local, un dos modernos enfoques de ordenación e xestión das competencias, funcións e servizos ven constituído pola xestión agregada, conxunta e cooperativa dos mesmos por parte de diferentes entes públicos ou instancias de poder, desde unha perspectiva tanto horizontal ou de equilibrio institucional coma vertical ou de coordinación/supervisión superiores. A xestión colaborativa e a agregación de esforzos é hoxe unha realidade, ratificada normativamente en diferentes instrumentos, e as diferentes técnicas de cooperación interadministrativa unha opción mais de ordenación eficiente, pero non exclusiva, das competencias propias. A última gran reforma local, seguindo a senda estratéxica e ideolóxica estatal marcada anteriormente, e confirmada despois nas normas de cabeceira do grupo normativo básico administrativo (Lei 39/2015 e Lei 40/2015), é un claro exemplo desta tendencia, seguramente non episódica ou coxuntural, senón claramente basal, como novo paradigma –aínda non determinante nin exclusivo, loxicamente- dos modelos de organización e xestión a nivel local.

Quizais poda dicirse, en xeral, que o Dereito administrativo actual, o Dereito “postcrisis”, ven marcado, aínda a risco dunha excesiva simplificación, por unha serie de eixos ou vectores de referencia, entrecruzados pero carentes de sistematización, e inspirados igualmente nun conxunto de principios mínimos comúns, como os de eficiencia e aforro, simplificación e redimensionamento dos aparatos organizativos e dos procesos decisoriais e de xestión, control e supervisión, e

¹ Cemci, Diputación de Granada, actividades de formación.



reequilibrio das relacións entre os poderes públicos e os cidadáns. Quizais respondan todos a unha mesma ideoloxía ou finalidade, a alixeración de cargas e costes do Estado e a busca de novos modelos de corresponsabilización social e flexibilización das técnicas de intervención como motor de dinamización da economía.

Pero, en calquera caso, moitos destes enfoques conflúen nestas novas realidades, aínda plurales e difusas, da xestión administrativa compartida ou conxunta, adquirindo, ao seu través, unha importancia crecente en todos os ámbitos, e, concretamente, tras a Lei 27/2013, de 27 de decembro, de Racionalización e Sustentabilidade da Administración Local, no nivel máis próximo á cidadanía.

En canto as técnicas de colaboración público-público horizontal e non institucionalizada e os convenios interadministrativos, atendendo ao art. 144.1 LRXSP, hai que sostener que non existe realmente un elenco pechado ou taxado de instrumentos de colaboración interadministrativa, debendo estar ademais a unha interpretación funcional ou causal dos mesmos, e non tanto formal ou denominativa.

O suposto de utilización de instrumentos de colaboración público-público, englobaría as actividades relacionais entre diferentes administracións ou persoas xurídico-públicas, coa división entre relacións horizontais ou conveniais e verticais ou institucionais”(...).

Neste caso, a cooperación instruméntase por medio dun convenio de cooperación interadministrativo do artigo 47 e concordantes da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, cunha relación convencional bilateral (composición de vontades) para a satisfacción axeitada de intereses públicos compartidos.

Marco normativo desta relación interadministrativa de cooperación.

O artigo 111 do Real Decreto Lexislativo 781/86 de 18 de abril, do texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, sinala que “as Entidades Locais poderán concertar os contratos, pactos ou condicións que teñan por conveniente, sempre que non sexan contrarios ao interese público, ó ordenamento xurídico ou ós principios de boa administración, e

deberán cumprilos a teor dos mesmos, sen prexuízo das prerrogativas establecidas, no seu caso, a favor de ditas Entidades”.

A relación de cooperación interadministrativa coa administración municipal como aparello técnico-administrativo manexado na proposta e o convenio analizado, ten cabida nos principios xerais de actuación e funcionamento do sector público, nas súas relacións, establecendo no art. 3.1.k da Lai 40/2015, do 01 de outubro que “as administracións públicas, deberán respectar na súa actuación e relacións os principios de cooperación, colaboración e coordinación entre as Administracións Públicas”; ademais resulta coherente cos principios que rexen as relacións interadministrativas, tal e como se prevé no artigo 140 da mesma Lei, citando no seu apartado 1.a) “lealdade institucional” e concretando no artigo 141, na súa letra d) que consecuentemente aquelas deberán “prestar, no ámbito propio, a asistencia activas que as outras administracións puideran recabar para o eficaz exercicio das súas competencias”.

Na idea de potenciar a colaboración e cooperación entre as administracións públicas para a satisfacción dos intereses xerais nun sistema multinivel de poder público e por ende con intereses, obxectivos e fins comúns, a Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da administración local, precisa no seu artigo 3.3 que “non se entenderán como o exercicio de novas competencias, (...), f) a colaboración entre administracións entendida como o traballo en común para solventar os problemas comúns que poidan formularse alen do concreto reparto competencial entre os distintos sectores da acción pública de acordo co ar. 193.2 da Lei 5/1997” –LALGA-, precepto este que regula a colaboración entre as administracións públicas autonómicas, e tamén o auxilio administrativo do art. 193.4 da LALGA conceptualizado legalmente como o deber que teñen tódalas administracións de prestarlle apoio e asistencia activa as demais para que estas poidan exercer axeitadamente as súas competencias.

O artigo 30 do RDL 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, sinala:



“ 1.- A Deputación cooperará á efectividade dos servizos municipais, preferentemente dos obrigatorios, aplicando a tal fin: a) medios económicos propios da mesma que se asignen; b) subvencións ou axudas financeiras que conceda o estado ou CCAA; c) (...)

2.- A cooperación poderá ser total ou parcial, segundo aconsellen as circunstancias económicas dos Municipios interesados

3.- Os servizos a que debe alcanzar a cooperación serán, en todo caso, os relacionados como mínimos no artigo 26 da Lei 7/1985, de 2 de abril

(...)

6.- As formas de cooperación serán: (...) h) Subscrición de convenios administrativos; (...).”

2.5.- A Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público ocúpase, nos artigos 140 e seguintes, das relacións interadministrativas. Así, o artigo 140 define os principios das relacións interadministrativas, entre outros:

“c) Colaboración, entendido coma o deber de actuar co resto de Administracións Públicas para o logro de fins comúns.

d) Cooperación, cando dúas ou máis Administracións Públicas, de maneira voluntaria e en exercicio das súas competencias, asumen compromisos específicos en aras dunha acción común.

e) Coordinación, en virtude do cal unha Administración Pública e, singularmente, a Administración Xeral do Estado, ten a obriga de garantir a coherencia das actuacións das diferentes Administracións Públicas afectadas por unha mesma materia para a consecución dun resultado común, cando así o prevé a Constitución e o resto do ordenamento xurídico”.

2.6.- O artigo 143 da mesma Lei, regula as relacións e os termos da cooperación entre administracións públicas:

“1. As Administracións cooperarán ao servizo do interese xeral e poderán acordar de maneira voluntaria a forma de exercer as súas respectivas competencias que mellor sirva a este principio.

2. A formalización de relacións de cooperación requirirá a aceptación expresa das partes, formulada en acordos de órganos de cooperación ou en convenios”.

2.7.- Entre as técnicas de cooperación, o artigo 144 menciona:

“d) A prestación de medios materiais, económicos ou persoais a outras Administracións Públicas.

g) As actuacións de cooperación en materia patrimonial, incluídos os cambios de titularidade e a cesión de bens, previstas na lexislación patrimonial.

O artigo 144.2 determina: “Nos convenios e acordos nos que se formalice a cooperación preveranse as condicións e compromisos que asumen as partes que os subscriben”.

2.8.- Estas técnicas interadministrativas de tipo colaborativo, na faceta de cooperación, estímúlanse na propia Lei de servizos sociais de Galicia, dunha maneira singular: artigos 64 e 64 bis.

2.9.- En definitiva, no escenario da respectiva autonomía das EELL que concertan vontades, por vía convencional, xustifícase este mecanismo ou sistema de agregar esforzos para a prestación de servizos sociais (definidos como servizo público no artigo 1º da Lei de servizos sociais de Galicia): a acción pública relacional encamiñada a unha actividade administrativa prestacional compartida (STC 27/1987, do 27 de febreiro).

Requisitos e contido dos convenios.

O artigo 47 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, sinala a definición de convenios, establecendo que “son convenios os acordos con efectos xurídicos adoptados polas Administracións Públicas, os organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes ou as Universidades públicas entre si ou con suxeitos de dereito privado para un fin común.

Os convenios non poderán ter por obxecto prestacións propias dos contratos. En tal caso, a súa natureza e réxime xurídico axustarase ao previsto na lexislación de contratos do sector público”.

Este mesmo artigo 47 sinala os tipos de convenios, ao establecer “Os convenios que subscriban as Administracións Públicas, os organismos públicos e as entidades de dereito público vinculados ou dependentes e as universidades públicas, deberán corresponder a algún dos seguintes tipos:



a) Convenios interadministrativos, asinados entre dúas ou mais Administracións públicas, ou ben entre dous ou mais organismos públicos ou entidades de dereito público vinculadas ou dependentes de distintas administracións públicas... (...).”

En canto aos requisitos de validez e eficacia dos convenios e ao seu contido, o artigo 48 da amentada LRXSP, establece “1. As Administracións Públicas poderán subscribir convenios con suxeito de dereito público e privado, sen que elo poida supoñer cesión de titularidade ou competencia; (...); 3. A subscrición de convenios deberá mellorar a eficiencia da xestión pública, facilitar a utilización conxunta de medios e servizos públicos, contribuír a realización de actividades de utilidade pública e cumprir coa lexislación de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira; (...); 5. Os convenios que inclúan compromisos financeiros deberán ser financeiramente sostibles, debendo quen os subscriban, ter capacidade para financiar os asumidos durante a vixencia do convenio; 6. As aportacións financeiras que se comprometan a facer os asinantes non poderán ser superiores aos gastos derivados da execución do convenio; (...); 8.- Os convenios perfecciónanse pola prestación do consentimento das partes. (...)”

En canto ao contido dos convenios, o artigo 49 de Lei 40/2015 (LRXSP) sinala que “deberán incluír, polo menos:

a) Suxeitos que subscriben o convenio e a capacidade xurídica con que actúa cada unha das partes.

b) A competencia na que se fundamente a actuación da Administración Pública.

c) O Obxecto do convenio e actuacións a realizar por cada suxeito para o seu cumprimento, indicando, no seu caso, a titularidade do resultado obtido.

d) Obrigas e compromisos económicos asumidos por cada unha das partes , se os houbera, indicando a súa distribución temporal por anualidades e a súa imputación concreta ao orzamento, de acordo co previsto na lexislación orzamentaria.

e) Consecuencias aplicables no caso de incumprimentos das obrigas e compromisos asumidos por cada unha das partes, e no seu caso os criterios para determinar a posible sanción por incumprimento.

f) Mecanismos de seguimento, vixilancia e control da execución do convenio e dos compromisos adquiridos polos asinantes.

g) Réxime de modificación do convenio.

h) Prazo de vixencia do convenio, tendo en conta:

a. Os convenios deberán ter unha duración determinada, que non poderá ser superior a catro anos, salvo que por norma se prevea un prazo superior.

b. En calquera momento, antes de finalizar o prazo previsto, os asinantes poderán acordar de forma unánime a súa prórroga por un período de ata catro anos adicionais ou a súa extinción.

(...)”

O capítulo VI da LRSP non se aplica ás encomendas de xestión, nin tampouco aos acordos de terminación convencional de procedementos administrativos.

No caso analizado a cualificación é a de convenio interadministrativo, cooperativo, para desenvolver, en esencia, unha actividade prestacional.

Ao expediente xúntase, desde a perspectiva da formación da vontade provincial, a xustificación da súa eficacia para acadar os fins perseguidos (distintos antecedentes ingresados no expediente ou relacionados nos respectivos informes consonte a unha motivación “*in aliunde*”, singularmente o informe da xefatura de sección de servizos sociais ou este mesmo informe), ao facilitar o uso conxunto de medios para fins de servizo público. Debe incorporarse tamén a avaliación da sustentabilidade financeira do convenio e a distribución plurianual dos gastos comprometidos: Artigos 48 e 49 da LRXSP.



Títulos competenciais.

As técnicas de cooperación non deben alterar o sistema competencial (STC 214/1989). Estas fórmulas cooperativas, explicitan mecanismos de suma de medios para fins de interese de ambas entidades, de interese xeral, en ocasións con competencias compartidas e mesmo solapadas.

Non obstante, no caso que nos ocupa, os títulos competencias veñen fixados claramente na lexislación de réxime local, estatal e autonómica e sobre todo na Lexislación autonómica sectorial aplicable. Vexamos:

Competencias Municipais:

O artigo 25 da Lei 7/1985, de 02 de abril (en adiante LBRL), na redacción dada pola Lei 27/2013, de 27 de decembro, de Racionalización e Sustentabilidade da Administración Local (LRSAL), establece que o municipio exercerá, en todo caso, como competencias propias, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, entre outras, a avaliación e información de situacións de necesidade social e a atención inmediata a persoas en situación ou risco de exclusión social (Art. 25.2 letra e).

Esta determinación competencial das Entidades locais, fixada na lexislación básica estatal, complementábase coa lexislación sobre réxime local autonómica e coa normativa sectorial estatal e autonómica, posto que a STC 41/2016, de 3 marzo, interpreta o reformado artigo 25 da LBRL (reformado pola LRSAL), declarando que as Leis das comunidades autónomas poden atribuír competencias propias aos municipios ao igual que outras leis estatais sectoriais.

Así, a Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro (LRSAL) establece, na súa disposición adicional primeira, que as competencias atribuídas ás entidades locais pola lexislación autonómica antes da entrada en vigor da LRSAL, continuarán exercéndoseas elas, rexéndose pola indicada lexislación ou, de ser o caso, polo dereito estatal aplicable como supletorio.

Na mesma liña, a disposición adicional cuarta desa Lei 5/2014, en canto a asunción pola Comunidade Autónoma das competencias relativas á educación, saúde e servizos sociais, ao precisar que continuarán prestándose polos municipios mentres non se dean as condicións previstas para o seu traspaso na normativa básica e, en particular, o establecemento do novo sistema de financiamento autonómico e das facendas locais previsto nela.

A maiores, no Art. 3.3 Lei 5/2014 concrétnanse aquelas actividades que non se entenden como o exercicio de novas competencias, entre as que cita na letra f) A colaboración entre administracións entendida como o traballo en común para a solución daqueles problemas, tamén comúns, que poidan formularse máis alá da concreta repartición competencial nos distintos sectores da acción pública, de acordo co artigo 193.2 da Lei 5/1997 e na letra g) o auxilio administrativo, de acordo co disposto no artigo 193.4 da Lei 5/1997, conceptuado legalmente como o deber que teñen tódalas administracións de prestarlles apoio e asistencia activa as demais para que estas poidan exercer axeitadamente as súas competencias.

O artigo 60 da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de Servizos Sociais de Galicia (en adiante, LSSG), establece como competencias dos concellos, entre outras, no marco da planificación e ordenación xeral do sistema galego de servizos sociais, a creación, a xestión e o mantemento dos servizos sociais comunitarios básicos, así como a xestión e o mantemento dos servizos sociais comunitarios específicos, sen prexuízo do establecido no artigo 59.i da mesma, debendo garantir todos os concellos de Galicia, como mínimo, a prestación de servizos sociais comunitarios básicos de titularidade municipal. Por outra banda, para a mellor atención das necesidades sociais do seu ámbito territorial, e unha vez garantida a prestación dos servizos sociais comunitarios básicos e demais competencias enumeradas no artigo 60, os concellos de Galicia poderán crear, xestionar e manter servizos sociais especializados, en coordinación coa Xunta de Galicia e de acordo co Catálogo de servizos sociais e a planificación correspondente, consonte co previsto no artigo 62 da LSSG, referente as actividades municipais complementarias doutras administracións públicas.

Estas competencias cualifícanse como propias dos concellos, atribuídas pola lexislación autonómica, consonte ao establecido no artigo 64 bis da Lei (Galicia) 13/2008, de 3 de decembro, de servizos sociais, introducido polo artigo 21 da Lei (Galicia) 9/2017, 26 decembro, de medidas fiscais e administrativas («D.O.G.» 28 decembro):



“Conforme ao establecido na lexislación de réxime local e na Lei 5/2014, de 27 de maio , de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local, as competencias que corresponden aos concellos en materia de creación, xestión e mantemento dos servizos sociais comunitarios en virtude do disposto no artigo 60 desta lei, teñen o carácter de competencias propias atribuídas pola lexislación autonómica, polo que para o exercicio de tales competencias polos concellos non serán esixibles os informes que prevé o artigo 3 da Lei 5/2014, de 27 de maio , para o caso de exercicio de competencias distintas das propias e das atribuídas por delegación”.

A súa vez, este mesmo precepto promove a colaboración interadministrativa, entre outras actividades ou accións, para a xestión e o mantemento de servizos sociais, en especial no que respecta aos servizos comunitarios específicos, co fin de asegurar a calidade e unha cobertura equilibrada dos servizos sociais en todo o territorio así como os criterios de economía, eficiencia e eficacia na xestión e o uso racional dos recursos públicos, con independencia da concreta administración titular dos centros. A colaboración promovida pola lexislación autonómica de servizos sociais (art. 64 bis LSG), canalízase por vía de convenio e reflicte termos de dispoñibilidade ou aportación de medios humanos, técnicos, financeiros e, no seu caso, tamén das instalacións dos centros.

Competencias Provinciais.

A Deputación Provincial de Lugo, ten como fins propios e específicos os enumerados no artigo 31.2 da LRBRL, indicando xenericamente o de garantir os principios de solidariedade e equilibrio intermunicipais, no marco da política económica e social, particularizando algún deses fins específicos, como o aseguramento dunha prestación integral e adecuada na totalidade do territorio provincial dos servizos de competencia municipal.

O artigo 118. letra e) da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia (en adiante LALGA) establece que compete as Deputacións Provinciais rexer e administrar os intereses peculiares da Provincia, creando, conservando e mellorando os servizos cuxo obxecto sexa o fomento dos mesmos.

O propio artigo 30.6 do Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local (en adiante TRLRL) sinala, dentro das formas de cooperación das Deputacións, a subscripción de convenios que neste caso canalizan a cooperación económica e técnica (art. 30.1 letra a do citado TRRL) e de asistencia e coordinación para homoxeneizar prestacións e mecanismos de economía de escala.

O artigo 36.1 da LBRL, pola súa parte, enumera as competencias propias do ente provincial, estipulando os apartados a) b) e d) as seguintes:

A coordinación dos servizos municipais entre si para a garantía da prestación integral e adecuada a que se refire o apartado a) do número 2 do artigo 31.

A asistencia e a cooperación xurídica, económica e técnica aos Concellos, especialmente aos de menor capacidade económica e de xestión (....).

A cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito (artigo 36.1 d).

Ademais, en aplicación do artigo 36.2 letra d) da LRBRL, “a Deputación da soporte aos concellos para a tramitación de procedementos administrativos e realización de actividades materiais e de xestión asumíndoas cando aqueles lles encomenden”, xunto cos mecanismos de eventual contratación conxunta previstos na Lei 9/2017, do 8 de novembro (en adiante, LCSP).

A LALG regula, nos artigos 109 e seguintes, as competencias propias da Deputación Provincial, salientando o parágrafo b) “a prestación de asistencia e a cooperación xurídica, económica e técnica cos Concellos, especialmente ós que teñan menor capacidade económica e de xestión”.

Os artigos 114 e 115 da LALG prevén, respectivamente, a asistencia económico–financeira e a asistencia técnica aos concellos, aplicables aos fins deste convenio



O artigo 63 da LSSG en relación coa cooperación e colaboración administrativa, establece que as Deputacións Provinciais, de conformidade co previsto na normativa de réxime local, proporcionaranlles asistencia económica, técnica e xurídica aos concellos na execución das súas competencias en materia de servizos sociais, especialmente na prestación de servizos sociais comunitarios básicos por aqueles concellos con menos de vinte mil habitantes; e, para mais abastanza, a Xunta de Galicia (artigo 64 LSSG) promoverá unha efectiva coordinación e cooperación cos concellos, co fin de asegurar a calidade e unha cobertura equilibrada dos servizos sociais en todo o territorio, especialmente no que atinxe á creación e ao mantemento de servizos sociais comunitarios específicos; esta cooperación interadministrativa resulta reforzada polo artigo 64.bis, introducido pola Lei 9/2017, do 26 de decembro, que á súa vez reforza o carácter de competencia propia dos concellos en canto aos servizos comunitarios.

Competencias da Xunta de Galicia.

O Parlamento de Galicia, en execución das competencias que a Constitución e o Estatuto de Autonomía de Galicia, atribúen a Comunidade Autónoma Galega, aprobou a Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia que ten por obxecto estruturar e regular, como servizo público, os servizos sociais nesta Comunidade Autónoma para a construción do sistema galego de benestar.

A Lei galega entende por servizos sociais o conxunto coordinado de prestacións, programas e equipamentos destinados a garantir a igualdade de oportunidades no acceso á calidade de vida e á participación social de toda a poboación galega, mediante intervencións que permitan o logro de diversos obxectivos, entre os que se citan: facilitar alternativas, recursos e itinerarios de integración social a aquelas persoas que se atopan en situación ou en risco de exclusión social; garantir a vida independente e a autonomía persoal das persoas en situación de dependencia; previr a aparición de calquera situación de dependencia, exclusión, desigualdade ou desprotección ás que fan referencia os obxectivos anteriores e promover e garantir o dereito universal da cidadanía galega ao acceso aos servizos sociais, garantindo a suficiencia orzamentaria que asegure a súa efectividade.

O sistema galego de servizos sociais, segundo o artigo 4 LSSG, réxese polos principios de: universalidade; prevención; responsabilidade pública; igualdade; equidade e equilibrio territorial; solidariedade; acción integral e personalizada; autonomía persoal e vida independente; participación; integración e normalización; globalidade; descentralización e proximidade; coordinación; economía, eficacia e eficiencia; planificación; avaliación e calidade.

O artigo 59 da repetida Lei de Servicios Sociais de Galicia (Lei 13/2008, do 3 de decembro) enumera as competencias da Xunta de Galicia, que se deixan a salvo no convenio, salientando o deber de colaboración da propia Xunta, relatado no seu artigo 64 e de forma máis concreta no artigo 64 bis:

“1. De acordo co establecido no artigo anterior, a Administración xeral da Comunidade Autónoma promoverá a formalización de convenios administrativos de colaboración entre ela ou as entidades instrumentais do sector público autonómico e as entidades locais para a creación, a xestión e o mantemento de servizos sociais, en especial no que respecta aos servizos comunitarios específicos, co fin de asegurar a calidade e unha cobertura equilibrada dos servizos sociais en todo o territorio así como os criterios de economía, eficiencia e eficacia na xestión e o uso racional dos recursos públicos, con independencia da concreta administración titular dos centros.

2. Os convenios aos que se refire o número anterior poderán ter por obxecto, en particular, a cesión de bens ás entidades locais con destino á prestación por parte destas últimas de servizos sociais mediante centros de día e residencias, ou a cofinanciación de centros de día e residencias nas condicións que neles se establezan. Os convenios recollerán os termos da dispoñibilidade ou aportación de medios humanos, técnicos ou financeiros e, no seu caso, das instalacións dos centros que en cada caso procedan para cumprir con los principios establecidos en esta disposición”.

O propio convenio específico, identificado na cabeceira, na cláusula 17ª estipula o compromiso das partes de demandar dos órganos competentes da Xunta de Galicia financiamento de prazas e para dotar ao centro de transporte adaptado.

Sobre a incidencia na eficiencia e sostibilidade da actividade prestacional perseguida.



Nos estudos mais recentes sobre as organizacións públicas para desenvolver prestación a cidadanía, vense sostendo que a cooperación administrativa con achegas recíprocas, é o aparello máis acaído e sustentable, organizativa e financeiramente, para o desenvolvemento conxunto de tarefas e para a obtención satisfactoria dun obxectivo común: como sucede neste caso para implantar e mellorar a prestación de un servizos públicos de carácter social (comunitario específico en centros de atención a persoas maiores), localizados en distintos municipios da Provincia, como é o caso do municipio de Pedrafita do Cebreiro.

O propio artigo 57.3 da LBRL da prevalencia a subscrición de convenios, como medios de cooperación, respecto doutras formas cooperativas como a constitución de consorcios; baseado na idea de evitar a creación de estruturas organizativas, cando non sexan necesarias e previa acreditación de que os fins perseguidos non se acadan vía convenio e que a figura consorcial é máis eficiente na asignación de recursos económicos.

Na estrutura deseñada neste convenio específico, no marco dun sistema en rede, de xestión directa e control públicos, a cooperación interadministrativa amósase como especialmente operativa e eficaz. Neste intre temporal, xa existe a experiencia da posta en marcha de algúns dos centros de atención a maiores, nesta provincia.

A Xunta de Galicia, ao abeiro do establecido na Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, regula diversos mecanismos de colaboración dentro do sector público e puxo en circulación a chamada guía de colaboración público - público da Comunidade Autónoma de Galicia, que serve de acervo xurídico - administrativo a tomar como referencia, con fundamento no dereito comunitario, Artigo 12.4 da Directiva 2014/24 UE do Parlamento Europeo e do Consello. Determinacións que se incorporan ao artigo 31 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público ao referirse a potestade de auto organización e aos sistemas de cooperación pública, neste caso horizontal, vía convenio e sen que os resultados desa cooperación podan cualificarse de contractual, cumprindo as condicións enmarcadas no artigo 6.1 da mesma Lei de contratos do sector público (lograr os obxectivos compartidos, guiándose por consideracións de interese público).

Neste senso, o Decreto 99/2012 da Xunta de Galicia, establece a caracterización de áreas sociais para a planificación de referencia das dotacións de servizos sociais comunitarios. Sen prexuízo do desenvolvemento do título IV da LSSG, a planificación da rede de servizos sociais comunitarios básicos do sistema galego de servizos sociais terá en conta o expresado na citada norma regulamentaria. As áreas para a planificación de referencia de servizos sociais comunitarios definidas parten en todo caso dos concellos como unidade básica de prestación dos servizos, clasificándoos e agrupándoos de acordo con demarcacións caracterizadas por criterios poboacionais, sociais e xeográficos.

A tipoloxía das áreas establécese atendendo ás características que presentan, referidas fundamentalmente ao tamaño, densidade e dispersión poboacional, configuración orográfica, así como, índices de dependencia, envellecemento e discapacidade. Deste xeito as áreas para a planificación de referencia de servizos sociais comunitarios clasifícanse nos seguintes tipos: áreas urbanas; áreas metropolitanas; áreas semiurbanas; áreas rurais; e áreas rurais de alta dispersión.

Xa que logo, como se escribe no informe da xefatura de sección de servizos sociais, propúgnase unha prestación dos servizos de atención a maiores pública e responsable, primando a calidade nas atencións aos usuarios, cun financiamento sostible acorde a capacidade económica dos usuarios, progresiva e redistributiva, así como, en función da capacidade de financiamento dos concellos, sen esquecer o modelo de xestión que permitirá o aforro na prestación dos servizos, e non a costa de reducir a calidade dos mesmos, senón por minimizar os custos antieconómicos da prestación illada, colaborando cos recursos públicos dispoñibles que se mobilizaran a tal fin, e instrumentando mecanismos de economía de escala e compra agregada, á vez, que se apoia na experiencia da xestión dos servizos sociais comunitarios que as entidades locais implicadas teñen acreditada coa seu labor diaria, tanto no Servizo de Axuda no Fogar, no Servizo de Teleasistencia, etc.

Coa aposta por este convenio e o modelo de xestión que el implica se está apostar por un proxecto viable sustentable, convertendo nunha oportunidade, no eixo dunha economía circular necesaria e demandada nas zonas rurais máis afectadas por esta situación. Por iso resulta tan importante para a provincia de Lugo, este convenio específico que diseña unha estratexia de



acción-reacción baseado nos servizos sociais públicos de calidade, de proximidade, e centrados na persoa sexan o eixo da nova economía, onde o terceiro sector sexa a base do sector primario.

Factores que se ordenan neste convenio específico.

Sobre a natureza xurídica do convenio.

O presente convenio ten natureza administrativa e non lle é de aplicación a Lei de contratos do sector público, á vista do disposto no artigo 6 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspón ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014: “Quedan excluídos do ámbito da presente Lei os convenios, cuxo contido non estea comprendido no dos contratos regulados nesta Lei ou en normas administrativas especiais celebrados entre si pola Administración Xeral do Estado, as Entidades Xestoras e os Servizos Comúns da Seguridade Social, as Universidades Públicas, as Comunidades Autónomas e as Cidades Autónomas de Ceuta e Melilla, as Entidades locais, as entidades con personalidade xurídico pública dependentes delas e as entidades con personalidade xurídico privada, sempre que, neste último caso, teñan a condición de poder adxudicador. A súa exclusión queda condicionada ao cumprimento das seguintes condicións (...)”.

Neste caso, cúmprense as condicións fixadas ao efecto polo parágrafo 1º deste artigo sexto (letras a, b, c) xa que as entidades intervintes (administracións públicas) non teñen vocación de mercado (...).

O convenio establece unha cooperación entre as entidades coa finalidade de garantir que os servizos públicos que lles incumben se presten de xeito que se acaden os obxectivos que teñen en común e, que o desenvolvemento da cooperación se guía unicamente por consideracións relacionadas co interese público. Ademais, no artigo 31.1 desta Lei, relativo á potestade de auto-organización e sistemas de cooperación pública vertical e horizontal, establécese que:

“As entidades pertencentes ao sector público poderán cooperar entre si dalgunha das seguintes formas, sen que o resultado desa cooperación poida cualificarse de contractual:

(...)b) Mediante sistemas de cooperación horizontal entre entidades pertencentes ao sector público, previa celebración dos correspondentes convenios, nas condicións e cos límites que se establecen no apartado 1 do artigo 6. (...)”.

Nestes supostos de relación interadministrativa de cooperación entre dúas administracións públicas, aínda que singular e cunha normativa especial de cobertura, con contraprestacións entre os beneficiarios ou que as administracións que os subscriben ostentan competencias compartidas de execución (ademais de actuar “*conveniendi causa*”), non é de aplicación a lexislación xeral de subvencións, sen prexuízo de tomala como marco de referencia na xustificación dos fondos, de conformidade co establecido no artigo 2.4 do RD 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o RXLS e demais normativa de concordante aplicación. Pode terse en conta na CCAA de Galicia, o artigo 2.3 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de subvencións de Galicia (Lei 9/2007), que aínda que non resulta aplicable ás EELL, pode tomarse como referencia.

Sobre a cuantificación da achega do convenio de pedrafita do cebreiro, comprometida no convenio subscrito o 31 de xaneiro de 2011.

O Convenio Marco asinado o 20 de xuño de 2018, na disposición adicional IV dicía:

Este convenio marco substitúe, aos asinados no ano 2011 cos Concellos con centros de atención a maiores rematados ou próximos a rematar (Castroverde, Fonsagrada, Pedrafita, Pol, Ribas do Sil, Trabada) singularmente nos aspectos que se vexan directamente afectados; estes convenios entrarán en fase de extinción e liquidación, aplicando a figura do mutuo acordo.

O Convenio asinado o 31 de xaneiro do 2011 entre a Deputación de Lugo e o Concello de Pedrafita do Cebreiro, para a construción e xestión dun centro de atención á terceira idade, na cláusula 9, dispoñía que 200.000,00 euros serían aportados polo Concello de Pedrafita do Cebreiro.

O Concello de Pedrafita transferiu a Suplusa 118.734,62 euros, segundo consta neste expediente. A Xunta de Goberno de Pedrafita do Cebreiro, mediante acordo de 22 de maio de



2019, supedita o abono das cantidades pendentes á xustificación do estado da obra, solicitude de licenza de primeira ocupación ou utilización e posteriores trámites para o inicio da actividade.

Órgano competente da Deputación de Lugo para aprobar este convenio.

En canto ao órgano competente sinalar que, segundo o artigo 59, apartado 18 do Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo, publicado no BOP de 10 de marzo de 2011, en relación co artigo 54.41 do mesmo regulamento, trátase dunha atribución que corresponde á Xunta de Goberno, por canto o importe do convenio ten unha contía superior á dos contratos menores (art. 59.8 ROD) e inferior á prevista na D.A. 2ª da LCSP (inferior a 6 millóns de euros e duración non superior ó 4 anos).

A efectos de completar este informe remitímonos ao indicado no Informe emitido para a tramitación e aprobación do Convenio Marco bilateral do que trae causa o presente. As previsións deste convenio específico, completadas co convenio marco ao que desenvolve, axústanse ás esixencias do artigo 49 da LRXSP ao igual que á normativa de preparación (art. 48 LRXSP). En canto ás obrigas e compromisos de contido económico asumidos por cada unha das partes, fíxase o sistema para a súa concreta determinación na cláusula 6ª do Convenio Marco e na 7.5 do Convenio específico. A concreción das mesmas e a súa distribución queda pendente ata o desenvolvemento dos trámites de licitación para as prestacións que sexan obxecto de contrato de servizos e a selección de persoal para as funcións a desenvolver por empregados públicos. Os importes adebedados en relación coa adquisición do terreo e a construción figuran na cláusula catorce, de acordo coa información aportada desde o Concello e desde a Intervención.

No BOP da data de hoxe, 24 de maio de 2019, publicouse a elevación a definitivo do réxime xurídico prestacional establecido polo Concello de Pedrafita do Cebreiro (por non terse presentado reclamacións ou suxestións no prazo de exposición, como consta nos certificados emitidos con data 23 de maio de 2019 pola Secretaría Interventora co visto e praxe do Alcalde).

Segundo se recolle no artigo 70.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local: “Los acuerdos que adopten las corporaciones locales se publican o notifican en la forma prevista por la Ley. Las ordenanzas, incluidos el articulado de las normas de los planes

urbanísticos, así como los acuerdos correspondientes a éstos cuya aprobación definitiva sea competencia de los entes locales, se publicarán en el "Boletín Oficial" de la provincia y no entrarán en vigor hasta que se haya publicado completamente su texto y haya transcurrido el plazo previsto en el artículo 65.2 (quince días hábiles) salvo los presupuestos y las ordenanzas fiscales que se publican y entran en vigor en los términos establecidos en la Ley 39/1988, de 28 de diciembre, Reguladora de las Haciendas Locales (art. 17.4. Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, por el que se aprueba el texto refundido de la Ley Reguladora de las Haciendas Locales: entrada en vigor con la publicación). Polo que a eficacia do acordo de aprobación do convenio que se está a informar queda condicionada a efectiva entrada en vigor das ordenanzas e regulamentos aprobados polo Concello.

O Concello de Pedrafita do Cebreiro solicitou que a Deputación de Lugo teña en conta a seguinte suxestión (acordo terceiro, parágrafo primeiro do Acordo da Xunta de Goberno de 22 de maio de 2019) no que textualmente di:

Dado que o Concello de Pedrafita do Cebreiro é un concello de menos de 5.000 habitantes e conta con escasos recursos económicos para facer fronte ao gasto de sostemento dos servizos do centro residencial e centro de atención diúrna, a achega financeira máxima por parte do concello será de 150,00 € por número de praza ao mes para a residencia e 42,59 € por número de praza ao mes para o centro de día”.

Propónse trasladar esta suxestión á Comisión de seguemento do Convenio marco e/ou deste Convenio específico (ou a ambas), xunto co Anexo I do Informe da Xefa de Sección de Benestar Social (Cálculos segundo a petición do Concello de Pedrafita).

Así pois a proposta de convenio é axustada á regulamentación específica que se contempla nos artigos referidos, polo que se informa favorablemente.

(...)

Polo anteriormente exposto, propoño que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:



1º.- Aprobar o texto do Convenio específico para a prestación de servizos no centro de atención a persoas maiores de Pedrafita do Cebreiro, no marco dunha relación interadministrativa de cooperación (acción pública colaborativa horizontal) coa liquidación do convenio asinado o 31 de xaneiro de 2011, mediante a proposta de pago polo Concello de Pedrafita do Cebreiro da contía comprometida pendente de aboar (133.333,34 euros), supeditada á materialización da xustificación do estado da obra, solicitude de licenza de primeira ocupación ou utilización e posteriores trámites para o inicio da actividade.

2º.- Aprobar o orzamento total estimado para 4 anos (incluídas as achegas da Deputación, do Concello e as previsións de prezo público a satisfacer polos usuarios) coa seguinte distribución:

Ano 2019: 203.439,73 €

Ano 2020: 819.231,48 €

Ano 2021: 831.519,95 €

Ano 2022: 395.404,82 € (ata o 20 de xuño dese ano)

A Deputación adquire o compromiso, supeditado ao cumprimento do principio de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, de incluír nos respectivos orzamentos anuais, as contías expresadas.

3º.- Tomar razón dos gastos de persoal de Deputación dispostos, no exercicio de 2018, en execución do convenio marco asinado co Concello de Pedrafita do Cebreiro o 20 de xuño de 2018 e para a implantar este convenio específico, cuantificados en 11.286,73 euros.

4º.- Elevar ás Comisións de seguimento dos respectivos Convenios (marco e específico) a suxestión formulada polo Concello de Pedrafita do Cebreiro referente ás achegas do Concello e, de ser o caso, realizar os estudos económicos que procedan”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Décimo quinto.- *Proposta relativa ao convenio canalizador da subvención directa excepcional outorgada por esta Deputación á entidade Asociación Veciñal Os Carreiros co obxecto de colaborar no financiamento dos gastos derivados da execución da actuación “Melloras no acceso e local social” nas anualidades 2019 e 2020.*

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

Resultando que no expediente relativo ao convenio canalizador da subvención directa excepcional outorgada pola Excma. Deputación Provincial de Lugo á entidade Asociación Veciñal os Carreiros co obxecto de colaborar no financiamento dos gastos derivados da execución da actuación “melloras no acceso e local social” polo importe de 19.606,78 € para as anualidades de 2019 e 2020 (11.885,18 € para o ano 2019 e 7.721,60 € para o ano 2020), co aboamento anticipado do 50% sobre o importe total subvencionado para cada anualidade, é dicir, 5.942,59 € para o ano 2019 e 3.860,80 € para o ano 2020, con dispensa de garantía, constan entre outros, os documentos que se detallan a continuación:

Proposta emitida pola Unidade Administrativa Xestora que acredita a existencia de motivación suficiente, de concorrencia das razóns que habilitan a utilización deste procedemento excepcional.

Existencia de convenio canalizador da subvención antes mencionada.

Declaración responsable do beneficiario de non estar incurso en ningunha das prohibicións previstas nos apartados 2 e 3 do artigo 13 da LXS, e demais normativa de aplicación, nos termos que se establecen nas Bases de Execución do Orzamento para o ano 2019.

Informe da unidade administrativa xestora, no que se manifesta que segundo os datos que están no seu poder, o beneficiario reúne todos os requisitos para optar á subvención.

Informe favorable do Servizo de Contratación e Fomento sobre o texto do convenio canalizador da subvención.



Informe favorable da Secretaría sobre o texto do convenio canalizador da subvención, ao conformar o do Servizo de Contratación e Fomento.

Informe de fiscalización limitada previa do expediente, emitido pola Intervención Xeral e cuxo resultado é de conformidade.

A actuación que se pretende encaixa dentro da Liña Liña 1.1 – Xeración de riqueza pertencente á área funcional de Presidencia do vixente Plan Estratéxico de Subvencións 2017-2019, aprobado por acordo da Xunta de Goberno do 23 de xuño de 2017, e cuxa actualización para o ano 2019 foi aprobada polo mesmo órgano o 8 de febreiro de 2019, xa que na mesma se establece como obxectivo estratéxico “Conseguir maior riqueza en termos económicos e de benestar para a Provincia. Esta riqueza enténdese no seu concepto máis amplo (aspectos materiais e intanxibles ou inmateriais), e contribuír así ao desenvolvemento conxunto do territorio, da poboación e da súa organización en todos os aspectos (económico, social, medioambiental, cultural, deportivo, dixital etc)”.

A Asociación Veciñal Os Carreiros, xunto co Concello de Antas de Ulla, teñen o proxecto da construción dun local social multi- funcional para o que se conta cunha subvención concedida pola Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (AGADER), ao abeiro das axudas LEADER PDR de Galicia 2014-2020, a cal foi solicitada polo Concello de Antas de Ulla.

O obxecto desta subvención é mellorar a accesibilidade e o local social multi- funcional, que radicará, segundo o artigo 1 dos seus estatutos, no Lugar de Senande s/n, 27570, Antas de Ulla.

Por todo o anteriormente exposto, proponse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Aprobado a excepcionalidade e outorgar a subvención directa plurianual de carácter excepcional, por importe de 19.606,78 € a favor da entidade Asociación Veciñal Os Carreiros, para sufragar os gastos derivados do proxecto “mellora de acceso e local social”, nas anualidades 2019 e

2020, subvención incluída na Liña 1.1 – Xeración de riqueza pertencente á área funcional de Presidencia do vixente Plan Estratéxico de Subvencións 2017-2019, aprobado por acordo da Xunta de Goberno do 23 de xuño de 2017, e cuxa actualización para o ano 2019 foi aprobada polo mesmo órgano o 8 de febreiro de 2019.

O importe da subvención tramítase como gasto plurianual coa seguinte distribución:

Ano 2019: 11.885,18 €

Ano 2020: 7.721,60 €.

2º.- Aprobar o gasto plurianual polo importe total de 19.606,78 € que se deglosa en 11.885,18 €, con cargo á aplicación orzamentaria 9250.789 do vixente orzamento da Deputación Provincial de Lugo para o ano 2019, para sufragar gastos derivados do proxecto “mellora de acceso e local social”, e para a anualidade 2020 por importe de 7.721,60 € adoptar o compromiso de dotar no orzamento xeral do 2020 a citada contía, quedando supeditada á dispoñibilidade orzamentaria e ao cumprimento dos principios de estabilidade e sostibilidade financeira.

3º.- Aprobar o convenio a través do que se instrumenta a citada subvención e que se incorpora ao expediente”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Décimo sexta.- *Proposta relativa ao Convenio da subvención excepcional outorgada por esta Deputación á Entidade UNIATRAMC-GALICIA para colaborar no financiamento dos gastos derivados do proxecto “Formación Cualificación Profesional Redeira”, na anualidade 2019.*

Logo de ver a proposta da Sra. Deputada Delegada da Área de Promoción Económica e Social do seguinte teor:



“Resultando que no expediente relativo ó convenio da subvención directa de carácter excepcional a conceder á Entidade UNIATRAMC- GALICIA, co obxecto de colaborar no financiamento dos gastos derivados do proxecto consistente en “Formación Cualificación Profesional Redeira”, polo importe de 34.874,00 €, co pagamento anticipado do 50% sobre o importe total subvencionado, é dicir, 17.437,00 €, con dispensa de garantía, constan entre outros, os documentos que se detallan a continuación:

Proposta emitida pola Unidade Administrativa Xestora que acredita a existencia de motivación suficiente, de concorrencia das razóns que habilitan a utilización deste procedemento excepcional.

Existencia de convenio que instrumenta a subvención antes mencionada.

Certificado do beneficiario de non estar incurso en ningunha das prohibicións previstas nos apartados 2 e 3 do artigo 13 da LXS, e demais normativa de aplicación, nos termos que se establecen nas Bases de Execución do Orzamento 2019.

Informe da Unidade administrativa xestora no que se manifesta que, segundo os datos que están no seu poder, o beneficiario reúne todos os requisitos para optar á subvención.

Informe favorable do Servizo de Contratación e Fomento sobre o texto do Convenio.

Informe favorable da Secretaría sobre o texto do Convenio.

Informe de fiscalización limitada previa do expediente, emitido pola Intervención Xeral e cuxo resultado é de conformidade.

A actuación que se pretende encaixa dentro da Liña 3.1 que leva por título “Fomento da Promoción Económica e Social da Provincia de Lugo”, xestionada actualmente dende a Sección de Promoción Económica e Emprego da Área Promoción Económica e Social, do vixente Plan Estratéxico de Subvención da Deputación de Lugo para o ano 2017-2019 aprobado por acordo da Xunta de Goberno de data 23 de xuño de 2017 e actualizado por acordo de Xunta de Goberno de

data 8 de febreiro de 2019, xa que na mesma se recolle o obxectivo da colaboración público-privada para potenciar mecanismos de xeración de emprego mediante a posta en marcha de accións formativas destinadas a mellorar a cualificación e a capacidade dos traballadores para o oficio de redeiras e redeiros co que se pretende facer fronte á ampla demanda de profesionais que existe neste sector fomentando deste xeito un emprego de calidade e dignificando profesións desvirtuadas.

O órgano competente para a aprobación do gasto, concesión desta subvención e aprobación do convenio no que se instrumenta é a Xunta de Goberno, en base ao establecido na base 24.4 das Bases de Execución do Orzamento Provincial para o ano 2019, que indican que o órgano competente para o outorgamento de subvencións de concesión directa de carácter excepcional é o Presidente, sempre que o seu importe sexa inferior a 15.000,00 € de xeito individual, sendo a Xunta de Goberno para importes individuais superiores.

No presente caso, trátase dunha actividade englobada dentro da competencia da Deputación, que se refire á colaboración co beneficiario para o financiamento dos gastos derivados da actuación “Formación Cualificación Profesional Redeira”. O obxecto que se persegue é a de fomentar o emprego de calidade, a visibilización de profesións desvirtuadas e a mellora das condicións de empregabilidade en aras da dignificación profesional.

Por todo o anteriormente exposto, proponse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Aprobar a excepcionalidade e se outorgue a subvención directa excepcional, por importe de 34.874,00 € a favor da Entidade UNIATRANC- GALICIA, para sufragar gastos derivados da actuación "Formación Cualificación Profesional Redeira “no ano 2019, subvención incluída nas subvencións directas excepcionais Liña 3.1 que leva por título “Fomento da Promoción Económica e Social da Provincia de Lugo” do Plan Estratéxico de Subvencións vixente da Deputación Provincial de Lugo.

2º.- Aprobar o gasto de 34.874,00 € con cargo á aplicación orzamentaria 2410.470 do vixente orzamento da Deputación Provincial de Lugo para o ano 2019, a favor da entidade, para



sufragar gastos derivados da actuación "Formación Cualificación Profesional Redeira" no ano 2019.

3º.- Aprobar o convenio canalizador da subvención directa excepcional”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Décimo sétima.- *Proposta relativa ao convenio da subvención excepcional outorgada por esta Deputación á asociación de familiares de enfermos de Alzheimer, para colaborar no financiamento dos gastos derivados da actuación “Talleres de memoria e envellecemento activo no rural en Chantada, Carballedo e Taboada”, na anualidade 2019.*

Logo de ver a proposta da Sr. Deputada Delegada da Área de Promoción Económica e Social do seguinte teor:

“Resultando que no expediente relativo ao convenio da subvención directa de carácter excepcional a conceder á Asociación de familiares e enfermos de Alzheimer, co obxecto de colaborar no financiamento dos gastos derivados da actuación “Talleres de memoria e envellecemento activo no rural en Chantada Carballedo e Taboada“, polo importe de 15.000 ,00 €, constan entre outros, os documentos que se detallan a continuación:

Informe emitido pola Unidade Administrativa Xestora que acredita a existencia de motivación suficiente, de concorrencia das razóns que habilitan a utilización deste procedemento excepcional.

Existencia de convenio que instrumenta a subvención antes mencionada.

Declaración responsable do beneficiario de non estar incurso en ningunha das prohibicións previstas nos apartados 2 e 3 do artigo 13 da LXS, e demais normativa de aplicación, nos termos que se establecen nas Bases de Execución do Orzamento 2017.

Informe da unidade administrativa xestora, no que se manifesta que segundo os datos que están no seu poder, o beneficiario reúne todos os requisitos para optar á subvención.

Informe favorable do Servizo de Contratación e Fomento sobre o texto do convenio.

Informe favorable da Secretaría sobre o texto do convenio.

Informe de fiscalización limitada previa do expediente, emitido pola Intervención Xeral e cuxo resultado é de conformidade.

No presente caso, trátase dunha actividade cuxa finalidade está recollida no Plan Estratéxico de Subvencións da Deputación 2017-2019, aprobado por acordo da Xunta de Goberno de data 23 de xuño de 2017, en concreto, encádrase nas actuacións específicas c) subvencións directas excepcionais da liña 3.2.3. Promoción da Igualdade, xestionada actualmente dende Benestar Social da Área Promoción Económica e Social, do vixente Plan Estratéxico de Subvención da Deputación de Lugo, xa que na mesma se recolle como obxectivos promover e fomentar a igualdade, coa finalidade de avanzar na igualdade real entre mulleres e homes e lograr unha sociedade máis igualitaria en todos os ámbitos, favorecendo a autonomía persoal e a superación das desigualdades por razón de sexo e xénero en todos os ámbitos da sociedade, eliminando as discriminacións persistentes, a través desta actividade encamiñada a superación de roles e estereotipos en función do sexo baseados nunha concepción patriarcal das relacións de xénero, e que axudan a perpetuar certas desigualdades en función do xénero, restrinxindo a participación das mulleres en determinados ámbitos da vida política, social e económica. Isto é a posta en valor das mulleres no mundo empresarial tradicionalmente masculinizado e con altos niveis de patriarcado.

Por todo o anteriormente exposto, propónse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.-Aprobar a excepcionalidade e outorgar unha subvención directa excepcional, por importe de 15.000,00€, a favor da Asociación de familiares e enfermos de Alzheimer, para sufragar gastos derivados da actuación “Talleres de memoria e envellecemento activo no rural en Chantada



Carballedo e Taboada“ subvención incluída nas actuacións específicas c) subvencións directas excepcionais, da liña 3.2.3. Promoción da Igualdade, do Plan Estratéxico de Subvencións vixente da Deputación Provincial de Lugo.

2º.- Aprobar o gasto de 15.000,00 € con cargo á aplicación orzamentaria 2311.48911 do vixente orzamento da Deputación Provincial de Lugo para o ano 2019, a favor da Asociación de familiares e enfermos de Alzheimer, para sufragar os gastos derivados da actuación “Talleres de memoria e envellecemento activo no rural en Chantada Carballedo e Taboada“, no ano 2019.

3º.- Aprobar o convenio e anexos a través do que se instrumenta a citada subvención, que se achega con este informe”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Décimo oitava.- *Proposta relativa ao convenio da subvención excepcional outorgada por esta Deputación á federación galega de comercio para colaborar no financiamento dos gastos derivados do proxecto “SICOMERCIO plataforma Digital-Retail Manager” nas anualidades 2019 e 2020.*

Logo de ver a proposta da Sra. Deputada Delegada da Área de Promoción Económica e Social do seguinte teor:

“Resultando que no expediente relativo ao convenio da subvención directa de carácter excepcional a conceder á Federación Galega de Comercio co obxecto de colaborar no financiamento dos gastos derivados do proxecto “SICOMERCIO Plataforma Digital- Retail Manager”, nas anualidades 2019 e 2020, polo importe total de 60.000 €, (32.000 € para 2019 e 28.000 € para 2020), constan, entre outros, os documentos que se detallan a continuación:

Informe da Unidade Administrativa Xestora que acredita a existencia de motivación suficiente de concorrencia das razóns que habilitan á utilización deste procedemento excepcional.

Existencia de convenio que instrumenta a subvención.

Declaración xurada do beneficiario de non estar incurso en ningunha das prohibicións previstas nos apartados 2 e 3 do artigo 13 da LXS e demais normativa de aplicación, nos termos que se establecen nas Bases de Execución do Orzamento Xeral da Excma. Deputación Provincial de Lugo para o exercicio 2019.

Informe da Unidade Administrativa Xestora no que se manifesta que, segundo os datos que están no seu poder, o beneficiario reúne todos os requisitos para optar á subvención.

Informe favorable do Servizo de Contratación e Fomento sobre o texto do convenio.

Informe favorable da Secretaría sobre o texto do convenio.

Informe de fiscalización limitada previa do expediente, emitido pola Intervención Xeral e cuxo resultado é de conformidade.

A actuación que se pretende encaixa dentro da Liña 3.1 das recollidas, para a Área de Promoción Económica e Social da Provincia de Lugo, no Plan Estratéxico de Subvencións 2017-2019 (PES), e que leva por título “Fomento da Promoción Económica e Social da Provincia de Lugo”. A actualización para o presente ano 2019 foi aprobada por acordo da Xunta de Goberno o 8 de febreiro de 2019, recolléndose na mesma os obxectivos de competitividade empresarial, fomento do emprego e fomento do comercio local.

O órgano competente para a aprobación do gasto, concesión da subvención e aprobación do convenio no que se instrumenta é a Xunta de Goberno, en base ao establecido na base 24.4 das Bases de Execución do Orzamento Xeral Provincial para o exercicio 2019.

O obxecto que se persegue con esta subvención é o de fomentar o desenvolvemento e a competitividade empresarial durante os anos 2019 e 2020, a través da Federación Galega de Comercio, colaborando economicamente co proxecto “SICOMERCIO Plataforma Digital- Retail Manager”.



Por todo o anteriormente exposto, proponse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Que se aprobe a excepcionalidade e se outorgue a subvención directa plurianual de carácter excepcional, por importe de 60.000 €, a favor da entidade Federación Galega de Comercio para sufragar os gastos derivados da actuación “SICOMERCIO Plataforma Digital- Retail Manager“, nas anualidades 2019 e 2020, subvención incluída na liña 3.1 - Fomento da Promoción Económica e Social da Provincia de Lugo, pertencente á Área funcional de Promoción Económica e Social do vixente Plan Estratéxico de Subvencións 2017-2019, aprobado por acordo da Xunta de Goberno do 23 de xuño de 2017, e cuxa actualización para o ano 2019 foi aprobada polo mesmo órgano o 8 de febreiro de 2019.

O importe da subvención tramítase como gasto plurianual coa seguinte distribución:

Ano 2019: 32.000 €

Ano 2020: 28.000 €

2º.- Que se aprobe o gasto plurianual polo importe total de 60.000 €, que se desagrega en: 32.000 € con cargo á aplicación orzamentaria 4330.789 do vixente Orzamento Xeral da Deputación Provincial de Lugo para o exercicio 2019, a favor da Federación Galega de Comercio, para sufragar os gastos derivados da actuación “SICOMERCIO Plataforma Dixita-Retail Manager” durante a anualidade 2019; e para a anualidade 2020, por importe de 28.000 €, adoptar o compromiso de dotar no Orzamento Xeral do 2020 a citada contía, quedando supeditada á dispoñibilidade orzamentaria e ao cumprimento dos principios de estabilidade e sustentabilidade financeira.

3º.- Que se aprobe o convenio a través do que se instrumenta a citada subvención e que se incorpora ao expediente”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Décimo novena.- *Proposta relativa ó convenio da subvención excepcional outorgada por esta Deputación a entidade AETRAM- Asociación Empresarial Transportes Río Miño de Lugo para colaborar no financiamento dos gastos derivados do proxecto “formación integral de condutores/as profesionais, CAP + permiso C + permiso E + Mercadorías Perigosas” na anualidade 2019.*

Logo de ver a proposta da Sra. Deputada Delegada da Área de Promoción Económica e Social do seguinte teor:

"Tendo en conta que no expediente relativo ó convenio da subvención directa de carácter excepcional a conceder á Entidade Asociación Empresarial Transportes Río Miño de Lugo (AETRAM), co obxecto de colaborar no financiamento dos gastos derivados do proxecto consistente en “Formación integral de condutores/as profesionais, CAP + Permiso C + Permiso E + Mercadorías Perigosas”, polo importe de 26.722,83 €, constan entre outros, os documentos que se detallan a continuación:

Proposta emitida pola Unidade Administrativa Xestora que acredita a existencia de motivación suficiente, de concorrencia das razóns que habilitan a utilización deste procedemento excepcional.

Existencia de convenio que instrumenta a subvención antes mencionada.

Certificado do beneficiario de non estar incurso en ningunha das prohibicións previstas nos apartados 2 e 3 do artigo 13 da LXS, e demais normativa de aplicación, nos termos que se establecen nas Bases de Execución do Orzamento 2019.

Informe da Unidade administrativa xestora no que se manifesta que, segundo os datos que están no seu poder, o beneficiario reúne todos os requisitos para optar á subvención.

Informe favorable do Servizo de Contratación e Fomento sobre o texto do Convenio.



Informe favorable da Secretaría sobre o texto do Convenio.

Informe de fiscalización limitada previa do expediente, emitido pola Intervención Xeral e cuxo resultado é de conformidade.

Tendo en conta que a actuación que se pretende encaixa dentro da Liña 3.1 que leva por título “Fomento da Promoción Económica e Social da Provincia de Lugo”, xestionada actualmente dende a Sección de Promoción Económica e Emprego da Área Promoción Económica e Social, do vixente Plan Estratéxico de Subvención da Deputación de Lugo para o ano 2017-2019 aprobado por acordo da Xunta de Goberno de data 23 de xuño de 2017 e actualizado por acordo de Xunta de Goberno de data 8 de febreiro de 2019, xa que na mesma se recolle o obxectivo da colaboración público- privada para potenciar mecanismos de xeración de emprego mediante a posta en marcha de accións formativas destinadas a mellorar a cualificación e a capacidade dos traballadores para o oficio de condutores/as profesionais do transporte de mercadorías por estrada co que se pretende facer fronte á ampla demanda de profesionais que existe neste sector fomentando deste xeito un emprego de calidade.

Tendo en conta que o órgano competente para a aprobación do gasto, concesión desta subvención e aprobación do convenio no que se instrumenta é a Xunta de Goberno, en base ao establecido na base 24.4 das Bases de Execución do Orzamento Provincial para o ano 2019, que indican que o órgano competente para o outorgamento de subvencións de concesión directa de carácter excepcional é o Presidente, sempre que o seu importe sexa inferior a 15.000,00 € de xeito individual, sendo a Xunta de Goberno para importes individuais superiores.

Tendo en conta que se trata dunha actividade englobada dentro da competencia da Deputación, que se refire á colaboración co beneficiario para o financiamento dos gastos derivados da actuación “Formación integral de condutores/as profesionais, CAP + Permiso C + Permiso E + Mercadorías perigosas”. O obxecto que se persegue é a de fomentar o emprego de calidade, a mellora das condicións de empregabilidade e a garantía de contratación de traballadores/as coas titulacións e habilitacións esixidas polo sector do transporte.

Proponse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Aprobar a excepcionalidade e se outorgue a subvención directa excepcional, por importe de 26.722,83€ € a favor da Entidade Asociación Empresarial Transportes Rio Miño de Lugo (AETRAM), para sufragar os gastos derivados da actuación "Formación integral de condutores/as profesionais, CAP + Permiso C + Permiso E + Mercadorías perigosas" no ano 2019, subvención incluída nas subvencións directas excepcionais Liña 3.1 que leva por título "Fomento da Promoción Económica e Social da Provincia de Lugo" do Plan Estratéxico de Subvencións vixente da Deputación Provincial de Lugo.

2º.- Aprobar o gasto de 26.722,83€ con cargo á aplicación orzamentaria 2410.48911 do vixente orzamento da Deputación Provincial de Lugo para o ano 2019, a favor da entidade, para sufragar gastos derivados da actuación " Formación integral de condutores/as profesionais, CAP + Permiso C + Permiso E + Mercadorías perigosas " no ano 2019.

3º.- Aprobar o convenio canalizador da subvención directa excepcional que nos ocupa e que se achega con este informe.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Vixésimo.- *Protocolo xeral de actuación entre esta Deputación, a Universidade de Santiago de Compostela (USC) ea Asociación de criadores de raza porcina celta (ASOPORCEL), para impulsar a creación dunha explotación de porco celta na finca Gayoso Castro.*

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Ante as necesidades manifestadas na “Memoria da proposta para a creación dunha explotación de Porco Celta na finca Gayoso Castro” pola Asociación de Criadores da raza Porcina Celta (ASOPORCEL) e o Campus Terra da USC, así como o ofrecemento realizado pola propia Deputación Provincial de Lugo para apoiar a construción dunhas instalacións para o establecemento dunha piara de porco celta.



Tras constatar a demanda de cooperación a esta Deputación Provincial, no relativo á apoiar as actividades docentes, investigadoras e de divulgación da Facultade de Veterinaria e da EPSE, e por outra, prover dunhas instalacións adecuadas para garantir o crecemento e mellora da raza autóctona de Porco Celta, existe a vontade de encamiñar unha actuación de tipo colaborativo a través dun instrumento (motor de vontades) como é o Protocolo Xeral.

A utilización deste documento de Protocolo Xeral (documento de intencións), conta con precedentes, xa utilizados con outros concellos e/ou entidades, en relación con diferentes actuacións a desenvolver nos mesmos; por exemplo, en relación cos centros de atención a persoas maiores, canceiras...marcando liñas de actuación.

O documento analizado detalla os fins comúns perseguidos, con fundamento na lexislación de réxime local, sobre réxime xurídico do sector público e protección e benestar dos animais. Sublíñanse as competencias en materia de defensa e protección dos animais, as competencias da Deputación Provincial en cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e a planificación do territorio provincial, o reforzamento das relacións interadministrativas en materia de docencia e investigación, a través do deber de colaboración e das técnicas de cooperación.

O mesmo documento recolle a vontade común de impulsar un sistema de acción colaborativa para valorizar os recursos dispoñibles encamiñados a responder as demandas sociais: singularmente, en colaboración coa USC, para fornecer a construción e posta en funcionamento dunha explotación de porco celta na finca Gayoso Castro que permita, tanto o desenvolvemento dunha actividade formativa e investigadora dende a Facultade de Veterinaria e a Escola Politécnica Superior de Enxeñería como, en colaboración con ASOPORCEL, o fortalecemento da presenza dunha raza autóctona en recuperación tan importante como é a do Porco Celta, na provincia de Lugo (e buscando a súa expansión ao resto de Galicia).

O Protocolo concreta a súa vixencia e define a súa natureza xurídica, os fins e a vontade común.

Fins comúns das partes:

O Regulamento (UE) 2016/2012 do Parlamento Europeo e do Consello do 8 de xuño de 2016, relativo ás condicións zootécnicas e xenealóxicas para a cría, o comercio e a entrada de animais reprodutores de raza pura, porcos reprodutores híbridos e o seu material reprodutivo, (Regulamento sobre cría animal), considera a cría de animais das especie bovina, porcina, ovina, caprina e equina como un pilar estratéxico na agricultura da Unión en termos económicos e sociais e contribúe a preservar o patrimonio cultural da Unión.

A Constitución Española establece no artigo 148.1.7 a) a facultade das comunidades autónomas para desenvolver unha política agraria e gandeira propia, dispoñendo que poderán asumir competencias en “agricultura e gandería, de acordo coa ordenación xeral da economía”.

No Estatuto de Autonomía de Galicia, no seu artigo 30, establécese a competencia exclusiva da Comunidade Autónoma de Galicia nas renomeadas materias.

O Artigo 1 dos Estatutos da USC, aprobados por Decreto 14/2014, do 30 de xaneiro e publicados no DOG nº 29 do 12 de febreiro de 2014, conceptúa a institución como administración pública, vinculada a Comunidade Autónoma de Galicia.

Establece o artigo 4.4 dos Estatutos da USC que, para o mellor desenvolvemento das súas funcións, a Universidade de Santiago de Compostela: “(...)propiciará o establecemento de relacións con outras Universidades, organizacións e institucións, e moi en particular coas de carácter académico, científico e cultural. (...)”.

De acordo co artigo 146 dos seus Estatutos, a USC establecerá e manterá servizos básicos de apoio á docencia e á investigación e servizos de apoio e asistencia á comunidade universitaria, no marco dos artigos 39 e seguintes da Lei orgánica 6/2001, de 11 de decembro, de universidades, en concreto respecto da investigación e transferencia de coñecementos a sociedade, como un dos seus obxectivos esenciais.

Segundo se establece no artigo 11 dos seus Estatutos, a USC conta con persoal docente e investigador, integrado polo persoal funcionario dos corpos docentes universitarios, polo persoal contratado para funcións docentes e investigadoras e polo persoal investigador en formación.



No marco dos artigos 39 e seguintes da Lei orgánica 6/2001, de 11 de decembro, de Universidades, en concreto respecto da investigación e transferencia de coñecementos á sociedade, como un dos seus obxectivos esenciais, establécese que a investigación supón “...unha ferramenta primordial no desenvolvemento social a través da transferencia dos seus resultados á sociedade...”. E que a Universidade desenvolverá unha investigación de calidade co obxectivo de contribuír ao avance do coñecemento e do desenvolvemento tecnolóxico, innovación, competitividade das empresas, a mellora da calidade de vida da cidadanía e o progreso económico, entre outros.

O artigo 25 da Lei 7/1985, de 2 de abril (en diante LBRL), na redacción dada pola Lei 27/2013, de 27 de decembro, de Racionalización e Sustentabilidade da Administración Local (LRSAL) establece que:

“O Municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar los servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal nos termos previstos neste artigo”.

Esta determinación competencial das Entidades locais, efectuada pola lexislación básica estatal, complementase coa lexislación sobre réxime local autonómica e coa normativa sectorial estatal e autonómica, posto que a STC 41/2016, de 3 marzo, interpreta o reformado artigo 25 da LBRL (reformado pola LRSAL), declarando que as Leis das comunidades autónomas poden atribuír competencias propias aos municipios ao igual que outras leis estatais sectoriais.

A Deputación Provincial de Lugo, ten como fins propios e específicos os enumerados no art. 31.2 da LRBRL, indicando xenericamente o de garantir os principios de solidariedade e equilibrio intermunicipais, no marco da política económica e social, particularizando algún deses fins específicos.

Que segundo o establecido no artigo 36 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local son competencias propias da Deputación:

“(...) ”

A cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito. (art. 36.1 d)”.

No mesmo senso se pronuncia o artigo 109 da lei de Administración Local de Galicia, ao sinalar que é competencia propia da Deputación, en calquera caso, en xeral, o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia, subliñando que as competencias propias das Deputacións son ademais das atribuídas polas leis do Estado, as asignadas no mesmo concepto polas leis das Comunidades Autónomas (artigo 36.1 LBRL na súa vixente redacción), como é o caso da lei 5/1997, de 22 de xullo, reguladora da Administración Local de Galicia, que no seu artigo 118 establece que compete ás Deputacións Provinciais rexer e administrar os intereses peculiares da provincia, creando, conservando e mellorando, os servizos cuxo obxecto sexa o fomento dos mesmos.

Enténdese que a cooperación administrativa con achegas recíprocas, é o aparello máis acaído e sustentable, organizativa e financeiramente, para o desenvolvemento conxunto de tarefas e para a obtención satisfactoria dun obxectivo común, tal é a construción e posta en funcionamento dunha explotación de porco celta na finca Gayoso Castro.

Ante as necesidades manifestadas na “Memoria da proposta para a creación dunha explotación de Porco Celta na finca Gayoso Castro” pola Asociación de Criadores da raza Porcina Celta (ASOPORCEL) e o Campus Terra da USC, e despois de diversas reunións mantidas, polo ente provincial existe un ofrecemento para apoiar a construción dunhas instalacións para o establecemento dunha piara de porco celta na finca Gayoso Castro; expresándose o desexo de articular e canalizar unha acción colaborativa, institucionalizada na materia, partindo deste documento.

Vontade das partes:

Impulsar sistemas de coordinación e cooperación, para valorizar os recursos dispoñibles encamiñados a responder as demandas sociais: singularmente, coa Universidade de Santiago de



Compostela (USC) e coa Asociación de Criadores de Raza Porcina Celta (ASOPORCEL), para a creación dunha explotación de Porco Celta na finca Gayoso Castro.

Dar resposta as necesidades da poboación mediante unha axeitada planificación previa.

Prestar de forma eficaz e eficiente, a colaboración necesaria para facilitar unha explotación de Porco Celta na finca Gayoso Castro, que contribúa ao mantemento, mellora e recuperación da raza de Porco Celta na provincia de Lugo— e, por extensión, no resto da Comunidade Autónoma galega.

Minorar os custos derivados das prestacións illadas.

Garantir a protección e promulgación das actividades docentes e investigadoras no ámbito do silvopastoreo e a produción porcina, fortalecendo o desenvolvemento da raza autóctona, a multiplicación da produción de Porco Celta e a conservación do patrimonio xenético desta raza.

Garantir a dirección e coordinación no control dos programas xenético e sanitario, a través de persoal técnico cualificado de ASOPORCEL. Impulsar, que o persoal técnico da Deputación de Lugo e o da Universidade de Santiago de Compostela, traballen en rede cooperativa, formando grupos de traballo para a elaboración dos documentos técnicos necesarios para axilizar o desenvolvemento das investigacións e actuacións formativas derivadas da realización deste proxecto.

Elaborar, de ser o caso, un convenio de cooperación e/ou colaboración para someter á aprobación dos órganos competentes de cada ente participante. Este convenio fixará, co contido que marca a LRXSP para os convenios interadministrativos, as competencias da Deputación de Lugo (cooperación) na construción e posta en funcionamento dunha explotación de Porco Celta na finca Gayoso Castro, as obrigas asumidas por cada parte, o sistema de financiamento coa determinación das respectivas aportacións; o obxecto e fins; a realización da obra e posteriores prestacións técnicas; a duración do convenio; a súa posible modificación; a extinción e efectos, xunto ao seu réxime xurídico.

Elaborados os documentos esixidos pola normativa de aplicación, propoñer aos órganos competentes, nomeadamente os da Deputación Provincial de Lugo, como titulares da competencia no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincia, a adopción dos acordos necesarios para a construción e posta en funcionamento dunha explotación de Porco Celta na finca Gayoso Castro.

Vixencia e natureza xurídica deste Protocolo xeral:

O presente protocolo terá vixencia dende a data da súa formalización ata a celebración do respectivo convenio de cooperación para a construción e posta en funcionamento dunha explotación de Porco Celta na finca Gayoso Castro, cuxa memoria do proxecto fundamenta a necesidade deste Protocolo Xeral.

No suposto de que durante a vixencia deste protocolo cambiasen as condicións contempladas neste, as partes de mutuo acordo, subscribirán a correspondente addenda.

A natureza xurídica deste documento é a de un Protocolo Xeral de actuación que expresa a vontade da Deputación de Lugo, a Universidade de Santiago de Compostela e a Asociación de Criadores de raza Porcina Celta (ASOPORCEL), no fin e obxectivo común de promover a construción e posta en funcionamento dunha explotación de Porco Celta na finca Gayoso Castro.

Ao presente protocolo aplícaselle o Réxime Xurídico previsto no Art. 47.1 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, para os Protocolos Xerais de Actuación.

Por canto vai dito, propoño que pola Xunta de Goberno se adopte a seguinte resolución:

1º.- Aprobar o texto do Protocolo Xeral de actuación a celebrar entre a Deputación de Lugo, a Universidade de Santiago de Compostela e a Asociación de Criadores de Raza Porcina Celta (ASOPORCEL), para impulsar a construción e posta en funcionamento dunha explotación de Porco Celta na finca Gayoso Castro.



2º.- Convocar para a súa sinatura ao Reitor da Universidade de Santiago de Compostela (USC) e ao Presidente da Asociación de Criadores de Raza Porcina Celta (ASOPORCEL).”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Vixésimo primeiro.- *Proposta relativa ao Protocolo de colaboración entre esta Deputación, a Universidade da Coruña e O Concello de Xermade para o estudo e deseño dun prototipo de residencia sustentable para maiores do rural galego en Roupas- Xermade.*

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Visto o informe do Servizo de Contratación e Fomento, de data 23 de maio de 2019, no que literalmente establécese canto segue:

Visto o texto do Protocolo de colaboración entre a Deputación Provincial de Lugo, a Universidade da Coruña e o Concello de Xermade co obxectivo de impulsar o estudo e deseño dun prototipo de residencia sustentable para os maiores do rural galego en Roupas (Xermade), unha vez analizado o contido do texto do citado acordo e as finalidades perseguidas, procede informar:

Antecedentes:

A Universidade da Coruña (indistintamente UDC) é unha institución pública dotada de plena personalidade xurídica e patrimonio propio, constituída polos Campus de Coruña e Ferrol, que asume e desenvolve as súas funcións como servizo público esencial á comunidade mediante o estudo, a docencia de calidade para a formación integral de estudantes, a investigación e a transferencia do coñecemento, actividades para as que goza de autonomía, de acordo cos seus Estatutos e o marco de lexislación vixente.

Nos Estatutos da UDC, aprobados por Decreto 101/2004 e publicados no DOG nº 29 do 26 de maio de 2004 (modificados polo Decreto 194/2007, de 11 de outubro- D.O.G. de 17 de outubro), conceptuase como unha institución pública, vencellada á Comunidade Autónoma de Galicia.

De acordo co artigo 3 dos seus Estatutos, a UDC, para o mellor cumprimento dos seus fins, a Universidade da Coruña poderá articular as súas actividades con outras universidades, dentro e fóra do sistema universitario galego, e manterá relacións con centros de investigación e institucións culturais e sociais.

Os artigos 54 e ss. dos Estatutos recollen a regulación dos aspectos relativos á docencia e á investigación. Concretamente no artigo 58, establécese que: “(...) 2. Os grupos de investigación recoñecidos pola Universidade, os departamentos e os institutos universitarios de investigación, e o seu profesorado, a través destes e dos órganos, centros, fundacións ou estruturas organizativas similares da Universidade adicados á canalización das iniciativas investigadoras do profesorado e a transferencia dos resultados da investigación, poderán celebrar contratos ou convenios con persoas, universidades ou entidades públicas e privadas para a realización de traballos de carácter científico, técnico ou artístico, así como o desenvolvemento de ensinanzas de especialización ou actividades específicas de formación (...)”.

Nos artigos 69 e ss. dos Estatutos recóllese ademais toda a regulación en relación co persoal docente e investigador.

En data 29 de xaneiro de 2019 logo de conversas previas, recibíuse proposta de colaboración para o “Estudo e Deseño dun prototipo de residencia sustentable para maiores no rural galego (Roupar– Xermade)”, presentada pola Universidade de Coruña (a través da Directora do Proxecto).

A devandita proposta divide o seu contido nas seguintes partes:

Antecedentes.

Oportunidade.

Proposta



Colaboración Deputación de Lugo– Universidade da Coruña (unha sorte de orzamento).

En data 23 de maio de 2019, recibíuse documento por correo electrónico, achegado polo Concello de Xermade, onde literalmente se expón:

“(…) Recibido o 22 de maio de 2019 por correo electrónico o protocolo indicado no encabezamento, esta Alcaldía mostra a súa conformidade ao mesmo.

O que lle comunico aos efectos oportunos”.

Consideracións:

No artigo 20.1 letras b) e c) da Constitución Española, recóllense o recoñecemento e protección do dereito á produción e creación literaria, artística, científica e técnica e o dereito á liberdade de cátedra.

No artigo 27 recoñécese o Dereito á Educación e á liberdade de ensinanza; concretamente, no seu punto 10º recóllese a autonomía das Universidades.

No artigo 44.2 da establécese ase mesmo, que os poderes públicos promoverán a ciencia e a investigación científica e técnica en beneficio do interese xeral.

Finalmente, nos artigos 39 e seguintes, en relación coa protección social, recóllense unha serie de dereitos fundamentais; concretamente, no artigo 50 recóllese: “...Ase mesmo, e con independencia das obrigas familiares, promoverán o benestar mediante un sistema de servizos sociais que atendan os seus problemas específicos de saúde, vivenda, cultura e ocio”.

No Estatuto de Autonomía de Galicia, no seu artigo 31 recolle a competencia plena da Comunidade Autónoma de Galicia na regulación e administración da ensinanza en toda a súa extensión, niveis e graos, modalidades e especialidades.

O Parlamento de Galicia, en execución das competencias que a Constitución e o Estatuto de Autonomía de Galicia, atribúen a Comunidade Autónoma Galega, aprobou a Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia que ten por obxecto estruturar e regular, como servizo público, os servizos sociais nesta Comunidade Autónoma para a construción do sistema galego de benestar.

O documento analizado, a formalizar, enmárcase nunha colaboración institucional, sen concretas obrigas xurídicas, de conformidade co establecido na cláusula segunda do texto do Protocolo.

O artigo 6.4 da derogada Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común establecía que: “Cando os convenios se limiten a establecer pautas de orientación política sobre a actuación de cada Administración nunha cuestión de interese común ou a fixar o marco xeral e a metodoloxía para o desenrolo da colaboración nunha área de interrelación competencial ou nun asunto de mutuo interese se denominarán Protocolos Xerais”.

En consecuencia, para a Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, estes protocolos xerais eran unha modalidade de “convenio de colaboración”.

Na actualidade aplícase a Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, tal e como se precisa máis adiante.

O artigo 111 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das Disposicións legais vixentes en materia de réxime local recolle que:

“As entidades locais poderán concertar os contratos, pactos ou condicións que teñan por conveniente, sempre que non sexan contrarios aos intereses público, ao ordenamento xurídico e aos principios de boa transparencia, e deberán cumprilos a teor dos mesmos, sen prexuízo das prerrogativas establecidas no seu caso en favor de ditas entidades”.



O artigo 25 da Lei 7/1985, de 2 de abril (en adiante LBRL), na redacción dada pola Lei 27/2013, de 27 de decembro, de Racionalización e Sustentabilidade da Administración Local (LRSAL) establece que o municipio exercerá, en todo caso, como competencias propias, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, entre outras, a “evaluación e información de situacións de necesidade social e a atención inmediata a persoas en situación ou risco de exclusión social” (Art. 25.2 letra e).

O artigo 25.1 da LBRL, di:

“1. O Municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar los servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal nos termos previstos neste artigo”.

Efectivamente, a lectura do documento identificado como “Protocolo de colaboración entre a Deputación Provincial de Lugo, a Universidade da Coruña e o Concello de Xermade para impulsar o estudo e deseño dun prototipo de residencia sustentable para maiores no rural galego en Roupas (Xermade)” encaixa no marco institucional de difusión dunhas iniciativas que cadran cos fins e obxectivos estratéxicos do ente provincial (art. 31 da LBRL e artigo 101 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia) compatibilizan coas competencias do ente provincial de cooperar no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación do territorio provincial (art. 36.1 d) de LBRL, en relación co artigo 109.1 letra d) da Lei de Administración Local de Galicia).

Os Estatutos da Universidade da Coruña, definen esta, como institución pública dotada de personalidade xurídica, patrimonio propio e autonomía de acordo coa Constitución e coa Lei, e cuxas funcións ao servizo da sociedade son, entre outras, as da transferencia de coñecemento ao servizo da calidade de vida e do desenvolvemento económico.

O artigo 3 dos Estatutos da Universidade da Coruña que:

“Para o mellor cumprimento dos seus fins, a Universidade da Coruña poderá articular as súas actividades con outras Universidades, dentro e fora do sistema universitario galego, e manterá relacións con centros de investigación e institucións culturais e sociais”.

Ao respecto da investigación, recolle o artigo 55 que: “(...) constitúe unha función esencial da Universidade da Coruña”.

Indicar que, en termos xurídico- administrativos, non teñen a consideración propiamente de convenios, aos efectos do artigo 47 e seguintes da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, os protocolos xerais de actuación ou instrumentos xerais que comporten meras declaracións de intencións de contido xeral ou que expresen a vontade das administracións e partes subscritoras para actuar con un obxectivo común, sempre que non supoñan a formalización de compromisos xurídicos concretos e esixibles (artigo 47.1 segundo parágrafo).

Esta é a verdadeira natureza, ao noso modo de ver, do citado documento que canaliza a vontade das partes de colaborar nos obxectivos comúns especificados no clausulado do protocolo, a saber:

a) Para a Deputación é obxectivo prioritario, na súa función de institución prestadora de servizos públicos de carácter supramunicipal (e próximo á cidadanía), a formalización de relacións de cooperación que contribúan á promoción e apoio á docencia, a investigación e difusión de coñecementos; así como, por outra banda, e no que compete a esta relación cooperativa, a colaboración na prestación de servizos sociais comunitarios básicos e específicos, a medio de impulsar a creación e posta en funcionamento de centros de atención a maiores (entre outros programas e prestacións destinados ao benestar e protección social dos cidadáns).

b) A Universidade de Coruña ten entre as súas funcións a creación, o desenvolvemento e crítica da ciencia, da técnica e da cultura, así como a difusión, valorización e transferencia do coñecemento ao servizo desta, da calidade de vida e do desenvolvemento económico.



c) O Concello de Xermade, as competencias que lle atribúen os artigos 25 e 26 da Lei de Bases de Réxime Local e nos artigos 61, 64 bis e concordantes da Lei 13/2008, do 13 de decembro, de servizos sociais de Galicia.

Estamos ante un Protocolo Xeral, sen efectos xurídicos, de modo que o seu contido non é contractual, dado que non existe, por definición, unha relación onerosa e bilateral máis aló de unha mera relación “protocolaria” ou institucional.

Tampouco é de aplicación a Lei Xeral de Subvencións en tanto que non existe disposición diñeiraria, por parte de ningunha das partes asinantes , (nin en diñeiro nin en especie), conforme á definición establecida no artigo 2 da Lei Xeral de Subvencións (Lei 38/2003, do 17 de novembro).

A materia obxecto do presente protocolo é competencia provincial en aplicación do artigo 36 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, modificada pola Lei 57/2003, do 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local, tal e como se explicitou en apartados precedentes, en coherencia co artigo 109 da Lei de Administración Local de Galicia e o artigo 3.3 da Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro e tamén en aplicación da Lei de Servizos Sociais de Galicia, aplicable como título competencial na virtude, entre outros, da STC 41/2016, do 5 de marzo.

En canto ao órgano competente sinalar que, segundo o establecido no artigo 54, apartado 41, do Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo, trátase dunha atribución que corresponde ao Ilmo. Sr. Presidente, máxime se non conleva obrigas de índole económica. Non obstante, correspóndelle á Xunta de Goberno asistir á Presidencia no exercicio das súas atribucións (art.35.2 da LBRL e 59 a) do Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo).

Polo exposto infórmase favorablemente, a aprobación do texto do Protocolo de colaboración entre a Deputación Provincial de Lugo, a Universidade de Coruña e o Concello de Xermade para impulsar o estudo e deseño dun prototipo de residencia sustentable para maiores no rural galego en Roupar (Xermade), unha vez analizado o contido do texto do citado acordo.

Así pois a proposta de Protocolo de colaboración é axustada á regulamentación específica que se contempla nos artigos referidos”.

Por todo o anteriormente exposto, proponse que pola Xunta de Goberno se adopte a seguinte resolución:

1º.- Que se aprobe o texto do Protocolo de colaboración entre a Deputación Provincial de Lugo, a Universidade da Coruña e o Concello de Xermade para o estudo e deseño dun prototipo de residencia sustentable para maiores do rural galego en Roupas (Xermade).

2º.- Convocar para a súa sinatura ao Reitor da Universidade da Coruña e ao Alcalde do Concello de Xermade”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Vixésimo segundo.- *Proposta de aprobación, se procede, de ordenación de impulso de expedientes de tramitación de accións de fomento e colaborativas.*

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Antecedentes.

No Servizo de Contratación e Fomento obra unha relación de expedientes pendentes de tramitación, por acumulación de tarefas, pero que se iniciaron ou cando menos atópanse en fase de preparación.

Consideracións xurídico- administrativas.



Corresponde á Administración impulsar de oficio todos os trámites do procedemento, respectando os principios de transparencia e publicidade, como se recolle no artigo 71.1 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas:

Artículo 71 Impulso

El procedimiento, sometido al principio de celeridad, se impulsará de oficio en todos sus trámites y a través de medios electrónicos, respetando los principios de transparencia y publicidad.

En el despacho de los expedientes se guardará el orden riguroso de incoación en asuntos de homogénea naturaleza, salvo que por el titular de la unidad administrativa se dé orden motivada en contrario, de la que quede constancia.

El incumplimiento de lo dispuesto en el párrafo anterior dará lugar a la exigencia de responsabilidad disciplinaria del infractor y, en su caso, será causa de remoción del puesto de trabajo.

Las personas designadas como órgano instructor o, en su caso, los titulares de las unidades administrativas que tengan atribuida tal función serán responsables directos de la tramitación del procedimiento y, en especial, del cumplimiento de los plazos establecidos.

Así mismo, deberán realizarse de oficio os actos de instrucción necesarios para a determinación, coñecemento e comprobación dos feitos en virtude dos cales deba pronunciarse a resolución, como se establece no artigo 75 da mesma Lei.

Artículo 75 Actos de instrucción

Los actos de instrucción necesarios para la determinación, conocimiento y comprobación de los hechos en virtud de los cuales deba pronunciarse la resolución, se realizarán de oficio y a través de medios electrónicos, por el órgano que tramite el procedimiento, sin perjuicio del derecho de los interesados a proponer aquellas actuaciones que requieran su intervención o constituyan trámites legal o reglamentariamente establecidos.

Las aplicaciones y sistemas de información utilizados para la instrucción de los procedimientos deberán garantizar el control de los tiempos y plazos, la identificación de los órganos responsables y la tramitación ordenada de los expedientes, así como facilitar la simplificación y la publicidad de los procedimientos.

Los actos de instrucción que requieran la intervención de los interesados habrán de practicarse en la forma que resulte más conveniente para ellos y sea compatible, en la medida de lo posible, con sus obligaciones laborales o profesionales.

En cualquier caso, el órgano instructor adoptará las medidas necesarias para lograr el pleno respeto a los principios de contradicción y de igualdad de los interesados en el procedimiento.

Por outra parte, o artigo 6 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, dispón que os órganos administrativos poderán dirixir as actividades dos seus órganos xerarquicamente dependentes mediante instrucións e ordes de servizo.

Polo exposto, proponse que, pola Xunta de Goberno, se adopte o seguinte acordo:

Aprobar a ordenación de impulso na tramitación das distintas accións de fomento e colaborativas (convenios con outras administracións e con entidades do sector público), con solicitudes pendentes de culminar a tramitación pero que se iniciaron ou, cando menos, se atopan en fase de preparación, con condición de que teñan cobertura presupuestaria.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Vixésimo terceiro.- *Dación de conta do escrito enviado por esta Deputación ao concello de Ribas de Sil e orden de impulso da tramitación do expediente desta acción colaborativa.*

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:



“Antecedentes

Con data 15 de maio de 2019 enviouse escrito ao Concello de Ribas de Sil do seguinte teor literal:

Asunto: Cesión da licenza urbanística concedida para a construción do Centro de atención a persoas maiores no municipio de Ribas de Sil; concesión de licenza de actividade; e, tramitación de convenio específico de cooperación.

Unha vez que SUPLUSA perdeu a condición de medio propio da Deputación, (acordo do 9 de marzo de 2018, non recorrido administrativa nin xudicialmente), as autorizacións administrativas concedidas a SUPLUSA, débense trasladar a nome da Deputación Provincial de Lugo. Xúntase fotocopia da certificación do amentado acordo.

Nese sentido, as licenzas urbanísticas para a construción han de ser cedidas a nome de Deputación, se xa estivesen outorgadas.

Esta cesión ten amparo, historicamente, no art. 13 do Regulamento de servizos das Corporacións Locais, resultando comunmente admitida e tramitada, nestes termos. Na actualidade, resulta de aplicación o marco normativo fixado pola Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia, en concreto, na regulación integrada do exercicio de actividades (artigo 23 e seguintes).

No caso dos procedementos iniciados pero non rematados, como pode ser o caso das licenzas de primeira ocupación ou utilización ou ben as licenzas de actividade, debe producirse a sucesión no procedemento, nos termos do artigo 4.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, polo que se aproba a Lei de Procedemento Administrativo Común das administracións públicas, continuándose con esta Deputación Provincial os trámites pendentes e concederse as pertinentes autorizacións administrativas a nome da Deputación.

Finalmente indicar que cómpre tramitar e aprobar o convenio específico previsto no convenio bilateral con cada un dos concellos: neste caso o Concello de Ribas de Sil.

Este convenio específico é o instrumento adecuado para concretar a titularidade do Centro, para obter os permisos sectoriais (de servizos sociais) para o inicio da actividade e para proceder a liquidación definitiva do convenio de colaboración preexistente, asinado con ese Concello na data de 31 de xaneiro de 2011.

Xa que logo, interésase que, aporte as suxestións que estime oportunas a fin de tramitar e subscribir dito convenio específico e, singularmente: no referente á liquidación do precedente convenio de colaboración (asinado o 31 de xaneiro de 2011), así como para a obtención do permiso de inicio de actividade no Centro de atención a persoas maiores de Ribas de Sil.

O que lle traslado aos efectos oportunos, pregándolle cumprimente o indicado nos apartados precedentes”.

Con data de 23 de maio do presente ano tivo entrada na Deputación a documentación enviada polo Concello de Ribas de Sil correspondente ao acordo plenario de data 20.05.2019 no tocante ao establecemento do servizo de residencia e atención diúrna:

Aprobación inicial da Ordenanza de acceso ao servizo de atención residencial e atención diúrna.

Aprobación inicial da Ordenanza para regulamento de réxime interno do centro de atención diúrna.

Aprobación inicial da Ordenanza para regulamento de réxime interno do centro de atención residencial.

Aprobación inicial da Ordenanza reguladora do prezo público pola prestación do servizo de atención diúrna.



Aprobación inicial da Ordenanza reguladora do prezo público pola prestación do servizo de atención residencial.

Aprobación da memoria da comisión de estudio.

Os devanditos acordos foron publicados no BOP de Lugo de hoxe, día 24 de maio de 2019, en canto o trámite de información pública, polo prazo de trinta días, a contar desde o día seguinte á inserción do anuncio.

Consideracións xurídico- administrativas

Corresponde á Administración impulsar de oficio todos os trámites do procedemento, respectando os principios de transparencia e publicidade, como se recolle no artigo 71.1 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas:

Artículo 71 Impulso

El procedimiento, sometido al principio de celeridad, se impulsará de oficio en todos sus trámites y a través de medios electrónicos, respetando los principios de transparencia y publicidad.

En el despacho de los expedientes se guardará el orden riguroso de incoación en asuntos de homogénea naturaleza, salvo que por el titular de la unidad administrativa se dé orden motivada en contrario, de la que quede constancia.

El incumplimiento de lo dispuesto en el párrafo anterior dará lugar a la exigencia de responsabilidad disciplinaria del infractor y, en su caso, será causa de remoción del puesto de trabajo.

Las personas designadas como órgano instructor o, en su caso, los titulares de las unidades administrativas que tengan atribuida tal función serán responsables directos de la tramitación del procedimiento y, en especial, del cumplimiento de los plazos establecidos.

Así mesmo, deberán realizarse de oficio os actos de instrución necesarios para a determinación, coñecemento e comprobación dos feitos en virtude dos cales deba pronunciarse a resolución, como se establece no artigo 75 da mesma Lei.

Artículo 75 Actos de instrucción

Los actos de instrucción necesarios para la determinación, conocimiento y comprobación de los hechos en virtud de los cuales deba pronunciarse la resolución, se realizarán de oficio y a través de medios electrónicos, por el órgano que tramite el procedimiento, sin perjuicio del derecho de los interesados a proponer aquellas actuaciones que requieran su intervención o constituyan trámites legal o reglamentariamente establecidos.

Las aplicaciones y sistemas de información utilizados para la instrucción de los procedimientos deberán garantizar el control de los tiempos y plazos, la identificación de los órganos responsables y la tramitación ordenada de los expedientes, así como facilitar la simplificación y la publicidad de los procedimientos.

Los actos de instrucción que requieran la intervención de los interesados habrán de practicarse en la forma que resulte más conveniente para ellos y sea compatible, en la medida de lo posible, con sus obligaciones laborales o profesionales.

En cualquier caso, el órgano instructor adoptará las medidas necesarias para lograr el pleno respeto a los principios de contradicción y de igualdad de los interesados en el procedimiento.

Por outra parte, o artigo 6 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, dispón que os órganos administrativos poderán dirixir as actividades dos seus órganos xerarquicamente dependentes mediante instrucións e ordes de servizo.

Polo exposto, proponse que, pola Xunta de Goberno:



Se tome razón do escrito enviado pola Deputación de Lugo ao Concello de Ribas de Sil o 15 de maio de 2019, así como dos acordos aprobados polo Concello de Ribas de Sil recibidos na Deputación o 23 de maio de 2019, ordenando o impulso desta acción colaborativa”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

8.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE INFORME SECTORIAL EN MATERIA DE ESTRADAS SOBRE O DOCUMENTO DE DATA XANEIRO 2019 DE “DELIMITACIÓN DE SOLO DE NÚCLEO RURAL: VILAÚDE, SAN PEDRO DE MOR, CONCELLO DE ALFOZ”.

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“En relación co escrito 2019RT001696 con data de entrada 22/04/2019 do Concello de Alfoz solicitando informe sectorial sobre o documento de “Delimitación de solo de núcleo rural: Vilaúde, San Pedro de Mor. Concello de Alfoz” de data Xaneiro 2019 e con sinatura electrónica do seu autor de data 15/04/2019, visto o informe do Servizo de Vías e Obras de 10 de maio de 2019 que di:

“No escrito de referencia indicábase un link para descarga do arquivo informático do documento de “Delimitación de solo de núcleo rural: Vilaúde, San Pedro de Mor. Concello de Alfoz” de data Xaneiro 2019 e con sinatura electrónica do seu autor de data 15/04/2019 o cal viña a substituír, para subsanación de erro, ao documento do mesmo título e data de redacción pero con sinatura electrónica de data 9/01/2019 que tiña sido presentado para informe en soporte CD mediante escrito de 6/02/2019.

Este último presentaba un erro de identificación do trazado na vía provincial afectada LU-P-0206, sendo obxecto dun informe de data 2/04/2019 por parte deste Servizo de Vías e Obras que foi trasladado ao Concello de Alfoz e que deu lugar á corrección realizada no último documento presentado, que é o obxecto do presente informe e do que xúntase unha copia realizada por este

Servizo de Vías e Obras sobre soporte dixital CD para constancia e facilidade de consulta do seu contido.

O presente informe sectorial emítase segundo as disposicións contidas na vixente redacción da Lei 8/2013, de 28 de xuño, de estradas de Galicia (LEG 8/2013) e do Regulamento xeral de estradas de Galicia aprobado por Decreto 66/2016, de 26 de maio sen prexuízo doutros informes que sobre aspectos urbanístico, ambiental ou xurídico puideran corresponder a outros servizos desta Deputación.

O treito viario de titularidade desta Deputación que resulta afectado polo documento presentado é o seguinte: estrada LU-P-0206 “San Antonio– Vilaúde– A Grela” entre os p.q. aproximados: 1+840 e 2+030 pola marxe dereita, e entre 1+820 e 1+920 pola marxe esquerda.

Do contido da Memoria, Ordenanza e Planos do documento dedúcese que en dito tramo adoptáronse criterios de fixación de aliñacións de viario provincial, con 8 m de semiancho de aliñación de viario e recuamento de 3 m da aliñación de edificación respecto á de viario, que se consideran conformes aos criterios xerais deste Servizo de Vías e Obras e polo tanto non requiren xustificación particular, establecendo ademais no apartado 3.2.- Condiciones de posición das Ordenanzas Reguladoras a necesidade de obtención previa da autorización desta Deputación para a execución de edificacións ou peches de fincas nas marxes da vía provincial.

Por todo o que antecede considérase que procede emitir informe sectorial de carácter favorable ao documento redactado en Xaneiro 2019 e con sinatura electrónica do seu autor de data 15/04/2019 de “Delimitación de solo de núcleo rural: Vilaúde, San Pedro de Mor. Concello de Alfoz” aos efectos da Lei 8/2013 de estradas de Galicia”.

Por todo o que antecede proponse á Xunta de Goberno a adopción do seguinte acordo:

1º.- Emitir informe sectorial de carácter favorable ao documento redactado en Xaneiro 2019 e con sinatura electrónica do seu autor de data 15/04/2019 de “Delimitación de solo de núcleo rural: Vilaúde, San Pedro de Mor. Concello de Alfoz”, aos efectos da Lei 8/2013 de estradas de Galicia e no que se refire ás estradas de competencia desta Deputación.



2º.- Notificar o presente acordo ao Concello de Alfoz”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

9.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE PLANS DE SEGURIDADE E SAÚDE NO TRABALLO.

Vistos os plans de Seguridade e Saúde das obras que se indican, presentados por os contratistas adxudicatarios, en cumprimento do disposto no art. 7 do R.D. 1627/1997 do 24 de outubro, polo que se establecen disposicións mínimas de seguridade e de saúde nas obras de construción, e informes emitidos polos directores técnicos das obras e polos servizos técnicos desta Excma. Deputación Provincial, vistos os informes dos Servizos desta Deputación así como a proposta do Sr. Deputado Delegado da Área de Xestión Territorial a Xunta de Goberno por unanimidade dos asistentes acorda:

1º.- Aprobar os Plans elaborados para a súa aplicación ás obras que se relacionan.

2º.- Comunicar esta aprobación aos directores técnicos e contratistas, para o seu cumprimento durante a execución das obras.

OBRAS CUXOS PLANS DE SEGURIDADE E SAÚDE SE APROBAN

- Rehabilitación de firme LU-P-0403 "Polígono industrial (LU-530)- Rego de Pereira- Quintá (LU-710)", pk 0+925 ao 4+000. BALEIRA.

Contratista: OVISA Pavimentos y Obras, SLU

- Rehabilitación de firme LU- P- 2301 "Guitiriz (N- VI)- Vilares (LU- 170)", pk 1+958 ao 5+088. GUITIRIZ.

Contratista: OVISA Pavimentos y Obras SLU

10.- ACEPTACIÓN DAS SUBVENCÍONS DIRECTAS PARA A FINANCIACIÓN DE PROXECTOS DE EMPREGO, AUTOEMPREGO E EMPRENDEMENTO COLECTIVO, DIRIXIDOS Á FINANCIACIÓN DE PROXECTOS DE EMPREGO, AUTOEMPREGO E EMPRENDEMENTO COLECTIVO, PARA AFRONTAR O RETO DEMOGRÁFICO NOS MUNICIPIOS DE MENOR POBOACIÓN AO AMPARO DO REAL DECRETO 1234/2018 DO 5 DE OUTUBRO DE 2018.

Logo de ver a proposta da Deputada Delegada da Área de Promoción Económica e Social do seguinte teor:

“No Boletín Oficial do Estado de data 6 de outubro de 2018 dáse publicidade ao Real Decreto 1234/2018 de 5 de outubro de 2018 do Ministerio da Política Territorial e Función Pública no que se establecen as bases para a concesión directa de subvencións a entidades locais para a financiación de proxectos de emprego, autoemprego e emprendemento colectivo, dirixidos a afrontar o reto demográfico nos municipios de menor poboación, no marco do Programa Operativo de Emprego Xuvenil do Fondo Social Europeo (axudas EMP– POEJ). Con data 11 de xaneiro de 2019 a Xunta de Goberno desta entidade aproba a concorrencia de 4 solicitudes- proxectos, dacordo aos obxectivos e medidas financiáveis ao amparo da convocatoria mencionada, cun orzamento inicial previsto de :

Medida	Gastos Formación	Axudas	Orzamento Total
8.2.3.1	58.650 €	20.178 €	78.828,00 €
8.2.3.3		19.869,30 €	19.869,30 €
8.2.3.4		19.869,30 €	19.869,30 €
8.2.4.2		76.616,00 €	76.616,00 €
TOTAL		136.532,60 €	195.182,60 €

Tendo en conta que con data 13 de maio de 2019 recepcionanse por parte da Deputación de Lugo as catro Resolucións da Dirección Xeral de Cooperación Autonómica e Local, pola que se



resolva a concesión directa de subvencións solicitadas o amparo da convocatoria, polas que se concede as seguintes subvencións polo importe reflectido no cadro seguinte:

Denominación	Medida	Nº Expediente	Orzamento	Subvención
Tu empleo Social en el Rural	8.2.3.3	349-281338	19.869,30 €	18.257,90 €
Tu empleo en el Rural	8.2.3.4	349-281342	19.869,30 €	18.257,90 €
Gente joven en el rural	8.2.4.2	349-281343	176.580,00 €	162.259,36 €
Generate tu empleo en el rural	8.2.3.1	349-290455	78.825,48 €	72.432,73 €
TOTAL			295.144,08 €	271.207,89 €

A taxa de cofinanciación é do 91,89% do total do gasto a subvencionar. Tendo en conta o Resolución da Dirección Xeral de Cooperación Autonómica e Local o período de execución é de 24 meses dende a data de solicitude da axuda, e dicir , dende o 14 de febreiro de 2019, para “Tu empleo en el Rural,Tu empleo Social en el Rural,Gente j6ven en el rural“e dende 21 de marzo de 2019 para “Genérate tu empleo en el rural”. Debendo presentar a xustificación da liquidación do proxecto dentro dos 2 meses seguintes a finalización real. Atendendo a obriga de execución do proxecto (máximo de 24 meses) o orzamento distribúese nas seguintes anualidades e aplicacións orzamentarias.

Denominación: Tu Empleo Social En El Rural

	Anualidades							
Orzamento	2019		2020		2021		Subvención	F. Propios
19.869,30 €	Subv.	F. Propios	Subv.	F.Propios	Subv.	F. Propios		
	3.651,58€	322,28 €	9.128,95€	805,70 €	5.477,37€	483,42 €		
	3.973,86 €		9.934,65 €		5.960,79 €		18.257,90 €	1.611,40 €
Aplicación Orzamentaria	2410.470							

Denominación : Tu empleo en el Rural

	Anualidades							
Orzamento	2019		2020		2021		Subvención	F. Propios
19.869,30 €	Subv.	F. Propios	Subv.	F.Propios	Subv.	F. Propios		
	3.651,58€	322,28 €	9.128,95€	805,70 €	5.477,37€	483,42 €		
	3.973,86 €		9.934,65 €		5.960,79 €		18.257,90 €	1.611,40 €
Aplicación Orzamentaria	2410.470							

Denominación : Gente joven en el rural

	Anualidades							
Orzamento	2019		2020		2021		Subvención	F. Propios
176.580,00 €	Subv.	F. Propios	Subv.	F. Propios	Subv.	F. Propios		
	32.451,87€	2.864,13€	81.129,68 €	7.160,32€	48.677,81€	4.296,19€		
	35.316,00 €		88.290,00 €		52.974,00 €		162.259,36 €	14.320,64 €
Aplicación Orzamentaria	2410.470							

Denominación : Generate tu empleo en el rural

	Anualidades							
Orzamento	2019		2020		2021		Sub.	Fondos Propios
78.825,48 €	15.765,10 €		39.412,74 €		23.647,64 €		72.432,73 €	6.392,75 €
Aplicación Orzamentaria	2019		2020		2021		Subvención	Fondos propios
2410.470	Subv.	F. Propios	Subv.	F. Propios	Subv.	F. Propios		
	11.792,34 €	1.040,76€	29.480,83 €	2.601,91€	17.688,49 €	1.561,15€		
	12.833,10 €		32.082,74 €		19.249,64 €		58.961,66 €	5.203,82€
2410.481	Subv.	F. Propios	Subv.	F. Propios	Subv.	F. Propios		
	2.694,21€	237,79 €	6.735,54€	594,46 €	4.041,32€	356,68€		
	2.932,00 €		7.330,00 €		4.398,00 €		13.471,07 €	1.188,93 €

Total orzamento dos catro proxectos

		Anualidades					
	Orzamento	2019	2020	2021	Subvención	Fondos Propios	
Total	295.144,08 €	59.028,82 €	147.572,04 €	88.543,22 €	271.207,89 €	23.936,19 €	

Deberase ter en conta que a tipoloxía de gasto dos distintos proxectos e a seguinte:

Medidas:

8.2.3.1 Formación para o emprendemento e promoción da cultura emprendedora.

Axudas para custes de formación e becas ao empresario e os mozos/as.



8.2.3.3 Axudas o autoemprego.

Axudas directas ao mozo/a que pon en marcha un proxecto a través da figura de autónomo.

8.2.3.4 Medidas para favorecer o autoemprego e o emprendemento colectivo no marco da economía social.

Axudas directas aos mozos/as que poñen en marcha un proxecto a través das modalidades incluídas dentro da economía social (cooperativa, sociedade laboral..)

8.2.4.2 Axudas o emprego para a contratación de mozos durante o período superior a 6 meses.

Axudas directas a empresarios para a contratación por conta allea dos mozos/as.

Por todo o anterior, proponse á Xunta de Goberno:

1º.- Aceptar as subvencións acordadas pola Dirección Xeral de Cooperación Autonómica e Local do Ministerio de Política Territorial por importe de douscentos setenta e un mil douscentos sete euros con oitenta e nove céntimos (271.207,89 €) para a realización dos proxectos detallados no seguinte cadro :

Denominación	Medida	Nº Expediente	Orzamento	Subvención
Tu empleo Social en el Rural	8.2.3.3	349-281338	19.869,30 €	18.257,90 €
Tu empleo en el Rural	8.2.3.4	349-281342	19.869,30 €	18.257,90 €
Gente joven en el rural	8.2.4.2	349-281343	176.580,00 €	162.259,36 €
Generate tu empleo en el rural	8.2.3.1	349-290455	78.825,48 €	72.432,73 €
TOTAL			295.144,08 €	271.207,89 €

2º.- Aprobar o orzamento coa seguinte distribución orzamentaria :

Denominación: Tu empleo Social en el Rural

	Anualidades							
Orzamento	2019		2020		2021		Subvención	F. Propios
19.869,30 €	Subv.	F. Propios	Subv.	F.Propios	Subv.	F. Propios		
	3.651,58€	322,28 €	9.128,95€	805,70 €	5.477,37€	483,42 €		
	3.973,86 €		9.934,65 €		5.960,79 €		18.257,90 €	1.611,40 €
Aplicación Orzamentaria	2410.470							

Denominación : Tu empleo en el Rural

	Anualidades							
Orzamento	2019		2020		2021		Subvención	F. Propios
19.869,30 €	Subv.	F. Propios	Subv.	F.Propios	Subv.	F. Propios		
	3.651,58€	322,28 €	9.128,95€	805,70 €	5.477,37€	483,42 €		
	3.973,86 €		9.934,65 €		5.960,79 €		18.257,90 €	1.611,40 €
Aplicación Orzamentaria	2410.470							

Denominación : Gente joven en el rural

	Anualidades							
Orzamento	2019		2020		2021		Subvención	F. Propios
176.580,00 €	Subv.	F. Propios	Subv.	F. Propios	Subv.	F. Propios		
	32.451,87€	2.864,13€	81.129,68 €	7.160,32€	48.677,81€	4.296,19€		
	35.316,00 €		88.290,00 €		52.974,00 €		162.259,36 €	14.320,64 €
Aplicación Orzamentaria	2410.470							

Denominación : Generate tu empleo en el rural

	Anualidades							
Orzamento	2019		2020		2021		Sub.	Fondos Propios
78.825,48 €	15.765,10 €		39.412,74 €		23.647,64 €		72.432,73 €	6.392,75 €
Aplicación Orzamentaria	2019		2020		2021		Subvención	Fondos propios
	Subv.	F. Propios	Subv.	F. Propios	Subv.	F. Propios		
2410.470	11.792,34 €	1.040,76€	29.480,83 €	2.601,91€	17.688,49 €	1.561,15€		
	12.833,10 €		32.082,74 €		19.249,64 €		58.961,66 €	5.203,82€
2410.481	Subv.	F. Propios	Subv.	F. Propios	Subv.	F. Propios		
	2.694,21€	237,79 €	6.735,54€	594,46 €	4.041,32€	356,68€		
	2.932,00 €		7.330,00 €		4.398,00 €		13.471,07 €	1.188,93 €



A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

11.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA PROGRAMACIÓN “LUGOTERMAL”.

Logo de ver a proposta da Sr. Deputada Delegada da Área de Promoción Económica e Social do seguinte teor:

“Que tendo en conta que a Deputación de Lugo dende o ano 2011 ven desenvolvendo programas de termalismo dirixidos as persoas maiores empadroadas en calquera concello da provincia de Lugo, en colaboración cos catro balnearios autorizados pola autoridade competente para utilizar as augas minero- medicinales declaradas de utilidade pública con fins terapéuticos e preventivos para a saúde, na provincia de Lugo, en aras de promover o benestar social dos seus cidadáns.

Que tendo en conta o informe do Servizo de Benestar Social e Igualdade relativo á posta en marcha dunha nova edición do programa “LugoTermal”, o cal axústase as liñas de actuación da Área de Promoción Económica e Social, xa que atópase encadrado dentro das accións para mellorar o benestar social, e a promoción da autonomía persoal, así como, a prevención e a detección precoz da dependencia, mediante o coidado da saúde a través de actividades de lecer e tempo libre, impulsando unha maior concienciación social para que as persoas maiores, que actualmente teñen autonomía persoal, poidan mantela mediante a posta en práctica de hábitos de vida que lles faciliten un envellecemento activo e saudable e manteñan o maior tempo posible a súa autonomía, previndo deste xeito a dependencia.

Tendo en conta todo o anteriormente establecido e vistos expediente administrativo relativo a “LugoTermal” proponse:

Aprobación da programación de “LugoTermal”.”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

12.- PROPOSTA DE PROLONGACIÓN DO SERVIZO ACTIVO DUN FUNCIONARIO PROVINCIAL.

Logo de ver a proposta do Deputado de Goberno Interior e Relacións Institucionais do seguinte teor:

“Visto que o pasado 8 de abril de 2019, D. Manuel García Mel, nacido o 13 de novembro de 1953, funcionario de carreira da Deputación Provincial de Lugo, titular do posto de traballo de Xefe do Servizo de Recursos Humanos, que presta servizos na Entidade dende o 1 de agosto de 1986; presentou un escrito dirixido á Presidencia desta Entidade, no que solicita: “lle sexa concedida a prórroga na situación de servizo activo”, é dicir, prolongar a súa permanencia no servizo activo despois de cumprir a idade regulamentaria de xubilación, situación que se produciría o 13 de xullo de 2019.

Tendo en conta que a Mesa Xeral de Negociación da Deputación Provincial de Lugo, o 14 de novembro do 2013, culminou un proceso de negociación cun Acordo sobre condicións de traballo do persoal funcionario e laboral da Entidade, que, en materia de xubilación, contén o seguinte texto:

“Anexo V

Xubilación do persoal funcionario e laboral

A conxuntura económica que estamos a vivir está acelerando un cambio cultural e de mentalidade nos empregados públicos, nomeadamente na toma de decisións referidas ao remate da carreira profesional e á xubilación, debido ao nivel de incerteza e inseguridade sobre a evolución futura do sistema público de pensións de Seguridade Social., como consecuencia das sucesivas modificacións lexislativas habidas nos últimos anos nesta materia.

Así púidose constatar nos últimos tempos unha realidade que mudou a actitude do persoal funcionario e laboral da Entidade, pasando dunha práctica moi xeneralizada de prolongar a carreira



profesional, máis alá do cumprimento da idade de xubilación ordinaria, a un escenario máis variable en canto ás expectativas e decisións finais sobre o abandono do servizo activo, acolléndose, en moitos casos, á xubilación anticipada que posibilita a normativa do Réxime Xeral da Seguranza Social.

É nese contexto de cambio no que debe ser xestionado o dereito dos empregados da Entidade a obter unha xubilación digna, trala correspondente carreira de cotización e, asemade, os intereses da organización de contar cun cadro de persoal acaído para o cumprimento dos seus obxectivos de servizo público, baixo os principios de eficacia, economía e eficiencia.

Consonte a este afán de facer compatible a atención ás necesidades e obxectivos da Entidade cos lexítimos dereitos e intereses do seu persoal, establécense os seguintes criterios sobre a xestión da xubilación do persoal funcionario e laboral:

Facilitarase a xubilación voluntaria, a solicitude do interesado, sempre que cumpra os requisitos e condicións que establece o Réxime Xeral de Seguridade Social para percibir a correspondente pensión.

A xubilación forzosa do persoal da Deputación declararase de oficio ao cumprirse a idade establecida na norma legal correspondente.

Poderase solicitar a prolongación de permanencia no servizo activo terá carácter excepcional e rexerase, na tramitación, polo establecido na Lei de Función Pública de Galicia. A resolución sobre as solicitudes de prolongación de permanencia no servizo activo serán motivadas aceptando ou denegando a pretensión da persoa solicitante.

En todo caso, a solicitada de prolongación de permanencia no servizo activo, despois da idade de xubilación forzosa, deberá ser aceptada cando o empregado ou empregada, reunindo a capacidade psicofísica para desempeñar o seu posto de traballo:

Non reúna os requisitos para ter dereito a pensión de xubilación.

Non acredite un período de tempo cotizado para acadar o 100% e teña mingua efectiva na pensión de xubilación por esta causa.

Atendendo á excepcionalidade destes supostos de prolongación do servizo activo, a súa concesión será por períodos anuais, previa solicitude da persoa interesada.”

Considerando que, en canto ao procedemento, en materia de xubilación do persoal funcionario e laboral da Entidade, segundo se estableceu no Acordo xa reproducido, a tramitación das solicitudes de prolongación de permanencia no servizo activo tras alcanzar a idade de xubilación ordinaria farase de conformidade á normativa derivada da Lei de Emprego Público de Galicia (Lei 2/2015, de 29 de abril; DOGA nº 82, de 4 de maio do 2015), conforme ás previsións recollidas no seu artigo 68.4.

Tendo presente que, á vista do disposto na lexislación xeral aplicable e o previsto no texto do precitado Acordo da MXN, sobre a xubilación, cabe destacar os seguintes aspectos relevantes:

A prolongación do servizo activo debe ser tramitada cando medie solicitude expresa do traballador ou traballadora, condición que opera de tal xeito que, de non producirse esta, deberase declararse a xubilación forzosa de oficio ao cumprir o funcionario os sesenta e cinco anos de idade.

A prolongación do servizo activo debe ser aceptada cando a persoa funcionaria ou laboral da Entidade non reúna os requisitos establecidos na lexislación de seguridade Social para ter dereito a pensión ou teña un período de carreira de cotización que lle xere dereito a pensión con mingua retributiva.

A prolongación do servizo activo pode ser aceptada cando sexa de interese para a Entidade dende o punto de vista organizativo, do seu funcionamento e sexa considerada como necesaria para o cumprimento dos seus obxectivos.

Outros factores a considerar, ademais das necesidades organizativas e funcionais, para determinar, de xeito obxectivo, a procedencia de conceder ou denegar a solicitude de prolongación



de permanencia no servizo activo son a avaliación do desempeño recibida pola persoa solicitante e o absentismo observado durante o ano inmediatamente anterior á data da solicitude.

Á vista de que, polo que fai referencia ao interese e necesidades organizativas, o funcionario solicitante desempeña un papel moi importante dentro da Entidade, realizando funcións básicas e imprescindibles para o funcionamento eficaz da organización e que a importancia cualitativa destas xunto coa experiencia acreditada converte nun proceso moi dificultoso a súa substitución, máxime tendo en conta que en datas recentes o Servizo de Recursos Humanos ven de soportar unha sensible baixa nos seus efectivos técnicos debido ao inesperado falecemento do titular do posto de Técnico Asesor en Recursos Humanos, Don Arximiro Fernández Arias.

Considerando que están debidamente acreditadas as causas organizativas e funcionais que xustifican a prolongación solicitada pola persoa funcionaria.

Tomando en consideración que no que fai referencia a resultados da avaliación do seu desempeño correspondente ao último período avaliado (1 de decembro de 2017 a 30 de novembro do 2018) ten acadado unha valoración de Moi Excepcional; e que, segundo informe dos rexistros do Sistema de Control horario e de presenza, o citado funcionario asiste regularmente ao seu posto de traballo, constatándose unha dedicación horaria excepcional; sen que exista constancia de absentismo inxustificado no seu expediente persoal.

Á vista de canto antecede, considerando que se acreditan a existencia de parámetros obxectivos e suficientes que xustifican a decisión, de considerarse oportuno, propónse á Xunta de Goberno desta Deputación Provincial de Lugo a adopción do seguinte acordo:

Acceder á pretensión do funcionario de carreira D. Manuel García Mel, de prolongar a permanencia no servizo activo, por un ano, é dicir, ata o 13 de xullo de 2020”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

13.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS FOLLAS NORMALIZADAS DO REXISTRO DE INTERESES DOS MEMBROS DA CORPORACIÓN.

“De conformidade co disposto no art. 75 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, e arts. 30, 31 e 32 do R.D. 2568/1986 polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais de 28 de novembro de 1986, así como co arts. 29 e 30 do Regulamento Orgánico desta Excma. Corporación, constitúese na Secretaría Xeral desta Corporación Provincial o Rexistro de Intereses dos membros da mesma, para a inscrición das Declaracións que deberán presentar os membros que resulten elixidos nas Eleccións Municipais recentemente celebradas.

Os citados Rexistros, que están baixo a persoal custodia e dirección do Secretario, conteñen os datos necesarios para a inscrición das correspondentes Declaracións nas que consten as circunstancias esixidas no art. 75.5 da Lei 7/1985, art. 31 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, e art. 30 do Regulamento Orgánico desta Excma. Corporación.

Vistos as follas normalizadas onde se recollerán as declaracións de bens e dereitos patrimoniais e declaracións sobre causas de posible incompatibilidade e actividades que formularán os Sr. Deputados Provinciais”.

Considerando que as follas normalizadas reúnen os requisitos esixidos pola lexislación vixente, a Xunta de Goberno por unanimidade dos asistentes acorda a súa aprobación.

14.- CONTA DO INFORME DA SECRETARÍA XERAL SOBRE A ACTUACIÓN XURÍDICA DOS MEMBROS DA CORPORACIÓN RESPECTO Á CELEBRACIÓN DE ELECCIÓNS MUNICIPAIS.

Dáse conta do infome emitido pola Secretaria Xeral, con data vinte do presente mes de maio, do seguinte teor literal:



“Ante as dúbidas xurdidas respecto á celebración de eleccións municipais e á situación xurídica dos Deputados cesantes tralas mesmas, esta Secretaría ten a ben emitir o seguinte informe:

O artigo 59 do Real Decreto 2568/1986, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, establece:

“1.- El mandato de los miembros de la Diputación es de cuatro años, contados a partir de la fecha de la elección.

2.- Una vez finalizado su mandato, los miembros de las Corporaciones cesantes continuarán sus funciones solamente para la administración ordinaria hasta la toma de posesión de sus sucesores, y en ningún caso podrán adoptar acuerdos para los que legalmente se requiera una mayoría cualificada”.

O art. 42.3 da Lei Orgánica do Réxime Electoral Xeral (LOREG), sinala:

“3.- En los supuestos de elecciones locales o de elecciones a Asambleas Legislativas de Comunidades Autónomas cuyos Presidentes de Consejo de Gobierno no tengan expresamente atribuída por el ordenamiento jurídico la facultad de disolución anticipada, los Decretos de convocatoria se expiden el día quincuagésimo quinto antes del cuarto domingo de mayo del año que corresponda y se publican al día siguiente en el Boletín Oficial del Estado o, en su caso, en el Boletín Oficial de la Comunidad Autónoma correspondiente.

Entran en vigor el mismo día de su publicación. Las elecciones se realizan el cuarto domingo de mayo del año que corresponda y los mandatos, de cuatro años, terminan en todo caso el día anterior al de la celebración de las siguientes elecciones”.

Pola sua parte a Disposición Adicional Quinta da Lei Orgánica do Réxime Electoral Xeral (introducida pola Lei Orgánica 3/1998, de 15 de xuño), dispón:

“En el supuesto de que en el mismo año coincidan para su celebración, en un espacio de tiempo no superior a cuatro meses, elecciones locales, elecciones a Asambleas Legislativas de

Comunidades Autónomas que celebraron sus elecciones el cuarto domingo del mes de mayo de 1995, con las elecciones al Parlamento Europeo, los decretos de convocatoria se expedirán el día quincuagésimo quinto anterior al de la fecha en que han de tener lugar las elecciones al Parlamento Europeo, en orden a asegurar la celebración simultánea. Los referidos decretos se publicarán al día siguiente de su expedición en el "Boletín Oficial del Estado" o, en su caso, en el "Boletín Oficial" de la Comunidad Autónoma correspondiente y entrarán en vigor el mismo día de su publicación. Los mandatos de los miembros de las Corporaciones Locales terminarán en todo caso el día anterior al de celebración de las siguientes elecciones”.

A esta misma cuestión se refiere o Real Decreto 2568/1986, de 28 de noviembre, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locales, nos seguintes artigos:

“Artículo 9

El Concejal, Diputado o miembro de cualquier entidad local perderá su condición de tal por las siguientes causas:

3. Por extinción del mandato, al expirar su plazo, sin perjuicio de que continúe en sus funciones solamente para la administración ordinaria hasta la toma de posesión de sus sucesores”.

Artículo 59

“1.- El mandato de los miembros de la Diputación es de cuatro años, contados a partir de la fecha de la elección.

2.- Una vez finalizado su mandato, los miembros de las Corporaciones cesantes continuarán sus funciones solamente para la administración ordinaria hasta la toma de posesión de sus sucesores, y en ningún caso podrán adoptar acuerdos para los que legalmente se requiera una mayoría cualificada”.



De maneira que a continuación ou *prorrogatio* de funcións dos Deputados Provinciais regúlase no artigo 59 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades, e como se viu ten lugar entre o día anterior ás eleccións locais,

Como vemos, no noso Dereito local a *prorrogatio* do mandato das Corporacións saíntes limítase á “administración ordinaria”, concepto xurídico indeterminado no seu enunciado pero que non admite máis ca unha soa solución xusta en aplicación a un suposto de feito determinado, aínda que a concreción desa única solución non é fácil.

Na estrutura do concepto indeterminado adoitase diferenzas un núcleo fixo o de “zona de certeza”, configurado por datos previos e seguros, unha zona intermedia ou de incertidume tamén chamada pola doutrina “halo del concepto”, máis ou menos imprecisa e, finalmente unha “zona de certeza negativa” tamén segura en canto á exclusión do concepto.

Habería que incluír na “zona de certeza negativa”, é dicir, excederían o concepto de “administración ordinaria”:

Acordos que requiran maioría cualificada, é dicir os previstos no número 2 do art. 47 LBRL.

Acordos que impliquen a elección dun modelo ou supoñan innovacións importantes do modo de actuar da entidade.

Que comprometan o futuro definitivamente ou por longo tempo.

Pouco habituais.

De gran importancia administrativa ou económica en relación coa actividade da entidade local.

Constituirían a zona de certeza, ou sexa, serían de administración ordinaria:

Actos de comprobación, actos debidos ou consecuencia necesaria doutros anteriores, que traduzan en termos operativos obxectivos predeterminados ou que supoñan valoracións segundo criterios predeterminados pola lei, os regulamentos, actos xenerais ou acordos corporativos.

Que comprometan o porvir por tempo curto.

Que se adoitan producir habitualmente ou de maneira reiterada.

Que teñan escasa relevancia dentro da total actividade da entidade local ou sexan de escaso montante económico dentro do presuposto da entidade.

Que non constitúan novo precedente para posteriores acordos.

En aplicación dos criterios anteriores pódese dicir, de maneira máis concreta que exceden da administración ordinaria as materias seguintes (seguindo a Alonso Higuera).

Aprobación de Ordenanzas e Regulamentos.

Creación de órganos desconcentrados.

Adopción ou modificación da bandeira, enseña ou escudo da Corporación.

Establecemento de prezos públicos.

Establecemento de novos servizos ou modificación da forma de xestión dos existentes.

Aceptación de competencias delegadas.

Actos nucleares en materia de persoal (aprobación do cadro de persoal, da oferta pública de emprego, da relación de postos de traballo; determinación do sistema de selección de persoal e aprobación das bases; nomeamento de funcionarios eventuais, etc.).



Alteración da cualificación xurídica dos bens demaniais e alleamento dos patrimoniais.

Tamén excedería desa administración ordinaria a aprobación de novos plans, fixando novos obxectivos e criterios, aprobando novas bases ou achegando financiación fóra do presuposto aprobado.

En cambio, a aprobación dunha fase dun plan, cuxas bases foron previamente aprobadas e que non require senón a comprobación de que os proxectos en cuestión se axustan a esas bases e se contén dentro dos límites financeiros previstos, constituiría administración ordinaria da Deputación. Sobre todo debe terse en conta que o acto de convocatoria do plan crea dereitos a favor dos posibles solicitantes; non a recibir unha determinada subvención, pero si a que se sigan os trámites para chegar (ou non) a recibila conforme ás bases.

En todo caso a apreciación de se un acordo concreto se inclúe dentro da administración ordinaria correspóndelle ó órgano que terá que adoptar ese acordo, dentro dos límites sinalados (como ocorre coa urxencia, p.ex., entendida por certo con certa laxitude tanto na actividade administrativa coma na aplicación do réxime de sesión).

E só pode dar lugar á anulabilidade, sempre que o acordo se manteña dentro do “halo del concepto”, da zona intermedia ou de incertidume.

Á vista de todo elo, tódolos membros da Corporación cesante asinarán os seus escritos como “Presidente en funcións”, ou “Deputado/a Delegado/a en funcións”, respectivamente, celebrándose a última Xunta de Goberno do equipo de goberno en funcións.

Logo de ver o anterior informe, a Xunta de Goberno por unanimidade dos asistentes acorda:

1º.- Quedar enterada do informe anteriormente transcrito.

2º.- Dar traslado do devandito informe aos Deputados Provinciais, membros desta Corporación, así como a tódolos departamentos desta Deputación vía correo electrónico.

15.- COMPARECENCIA NO PROCEDEMENTO Nº 157/2019.

Visto o escrito remitido polo Xulgado do Contencioso Administrativo nº 2 de Lugo polo que se reclama a esta entidade o expediente administrativo do recurso P.A. nº 157/2019 interposto por Francisco Ramón Pardo Blanco fronte á desestimación por silencio administrativo da reclamación patrimonial pola cantidade de 278,30 euros, importe dos danos e prexuícios sufridos polo reclamante; a Xunta de Goberno, a proposta do director da Asesoría Xurídica, por unanimidade dos asistentes, acorda:

1º.- A comparecencia desta entidade no recurso contencioso- administrativo referenciado.

2º.- A remisión do expediente ao Xulgado do Contencioso Administrativo nº2 de Lugo pola Unidade Administrativa encargada da súa elaboración.

3º.- O emprazamento de todos os que aparezcan como interesados no procedemento, incluído á compañía aseguradora, se fora preciso.

16.- COMPARECENCIA NO PROCEDEMENTO Nº 176/2019-J.

Visto o escrito remitido polo Xulgado do Contencioso Administrativo nº1 de Lugo polo que se reclama a esta entidade, o expediente administrativo do recurso P.A. nº 176/2019-J interposto por Digna Portela Ónega fronte a desestimación por silencio administrativo da reclamación por responsabilidade patrimonial pola cantidade de 610,30 euros, importe dos danos sufridos polo reclamante; a Xunta de Goberno, a proposta do director da Asesoría Xurídica, por unanimidade dos asistentes, acorda:



1º.- A comparecencia desta entidade no recurso contencioso- administrativo referenciado.

2º.- A remisión do expediente ao Xulgado do Contencioso Administrativo nº1 de Lugo pola Unidade Administrativa encargada da súa elaboración.

3º.- O emprazamento de todos os que aparezcan como interesados no procedemento, incluído á compañía aseguradora, se fora preciso.

17.- COMUNICACIÓNS DA PRESIDENCIA.

Non se presentan.

A S U N T O D E U R X E N C I A

Fóra da Orde do Día, e previa declaración de urxencia acordada por unanimidade dos asistentes, adoptouse o seguinte acordo:

Proposta de corrección, se procede, de erro material no acordo de adxudicación da contratación “De prestacións a persoas maiores, nos Centros de Atención de Trabada e Ribadeo, Lote 2: CAM Ribadeo.

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Visto o informe do Servizo de Contratación e Fomento:

Antecedentes

Na Xunta de Goberno desta Deputación Provincial de Lugo, en sesión extraordinaria celebrada o día 29 de abril de 2019, adoptouse acordo de adxudicación da contratación de prestacións a persoas maiores, nos centros de atención de Trabada e Ribadeo. Lote 2: CAM Ribadeo.

O punto 2º de dito acordo recolle o seguinte:

“2º.-A empresa adxudicataria comprométese a executar o Lote 2- CAM Ribadeo, respectando o tipo máximo de licitación previsto no PCAP, cumprindo coas determinacións establecidas nos pregos de cláusulas administrativas, nos pregos de prescricións técnicas e na súa oferta, e coa seguinte oferta:

Lote 2- CAM Ribadeo: CLECE S.A.

OFERTA ECONÓMICA	
PRESTACIÓN RESIDENCIAL	
Persoa con Autonomía	31,04 €/día
Persoa dependente	38,80 €/día
FOMENTO CONTR. INDEFINIDA	59%
PLAN DE FORMACION	
HORAS	40 horas
CONTIDOS	2 accións
AXUDAS TÉCNICAS	2.000,00 euros
ACOMPANÑAMENTO E ACTIV.	
BOLSA HORAS SEMANAIS (L-V)	12,00
BOLSA HORAS DOMINGOS	3,00
BOLSA HORAS FESTIVOS	1,00
BOLSA LIBRE DISPOSICION	26,00
PRESTAC. COMPLEMENTARIAS	
PERRUQUERIA-BARBERIA 1 c/ 2 meses	-
PERRUQUERIA-BARBERIA 1 c/ mes	1,00
QUIROPODIA 1 c/2 meses	-
QUIROPODIA 1 c/ mes	1,00

(...)

Cando debería figurar:

“2º.- A empresa adxudicataria comprométese a executar o Lote 2-CAM Ribadeo, respectando o tipo máximo de licitación previsto no PCAP, cumprindo coas determinacións establecidas nos pregos de cláusulas administrativas, nos pregos de prescricións técnicas e na súa oferta, e coa seguinte oferta:

Lote 2- CAM Ribadeo: CLECE S.A.



OFERTA ECONÓMICA	
PRESTACIÓN RESIDENCIAL	
Persoa con Autonomía	31,04 €/día
Persoa dependente	38,80 €/día
FOMENTO CONTR. INDEFINIDA	59%
PLAN DE FORMACION	
HORAS	40 horas
CONTIDOS	2 accións
AXUDAS TÉCNICAS	2.000,00 euros
ACOMPANÑAMENTO E ACTIV.	
BOLSA HORAS SEMANAIS (L-V)	12,00
BOLSA HORAS DOMINGOS	2,00
BOLSA HORAS FESTIVOS	1,00
BOLSA LIBRE DISPOSICION	26,00
PRESTAC. COMPLEMENTARIAS	
PERRUQUERIA-BARBERIA 1 c/ 2 meses	-
PERRUQUERIA-BARBERIA 1 c/ mes	1,00
QUIROPODIA 1 c/2 meses	-
QUIROPODIA 1 c/ mes	1,00

(...)

No acordo que se pretende corrixir, consta, por erro, a puntuación outorgada (3) en lugar das horas a realizar (2 horas). Trátase, por tanto, dun erro material de transcripción. A bolsa de horas para cada domingo ofertada é de dúas horas, tal e como consta na oferta da adxudicataria:

Compromiso de prestacións de actividade de acompañamento e actividades de ocio e tempo libre. A entidade que represento comprométese a prestar:

	SI /NON
Bolsa horas/semanais (L-S) (puntuación máxima 6 puntos)	
- Bolsa de 6 horas/semanais en horario de tarde (L-S), sendo unha ao día obrigatorio	SI ☐ NON ☐
- Bolsa de 12 horas/semanais en horario de tarde (L-S) sendo unha ao día obrigatorio	SI ☒ NON ☐
Bolsa horas para domingos e festivos. (puntuación máxima 5 puntos)	
- Bolsa de 1 hora/cada domingo	SI ☐ NON ☐
- Bolsa de 2 hora/cada domingo	SI ☒ NON ☐
- Bolsa de 1 hora/cada festivo	SI ☒ NON ☐
- Bolsa de 2 hora/cada festivo	SI ☐ NON ☐
Bolsa de a libre disposición da Deputación de Lugo. (puntuación máxima 15 puntos)	
- Bolsa de 26 horas/mensuais libre disposición do centro	SI ☒ NON ☐
- Bolsa de 52 horas/mensuais libre disposición do centro	SI ☐ NON ☐
- Bolsa de 78 horas/mensuais libre disposición do centro	SI ☐ NON ☐

Así viña especificado no PCAP (Anexo V: modelo para cumprimentar a oferta relativa a criterios cualitativos cuantificables mediante cifras, porcentaxes ou valores automáticos. Sobre C) non estando prevista bolsa de tres horas para cada domingo:

Compromiso de prestacións de actividade de acompañamento e actividades de ocio e tempo libre. A entidade que represento comprométese a prestar:

	SI /NON
Bolsa horas/semanais (L-S) (puntuación máxima 6 puntos)	
- Bolsa de 6 horas/semanais en horario de tarde (L-S), sendo unha ao día obrigatorio	SI ☐ NON ☐
- Bolsa de 12 horas/semanais en horario de tarde (L-S) sendo unha ao día obrigatorio	SI ☐ NON ☐
Bolsa horas para domingos e festivos. (puntuación máxima 5 puntos)	
- Bolsa de 1 hora/cada domingo	SI ☐ NON ☐
- Bolsa de 2 hora/cada domingo	SI ☐ NON ☐
- Bolsa de 1 hora/cada festivo	SI ☐ NON ☐
- Bolsa de 2 hora/cada festivo	SI ☐ NON ☐
Bolsa de a libre disposición da Deputación de Lugo. (puntuación máxima 15 puntos)	
- Bolsa de 26 horas/mensuais libre disposición do centro	SI ☐ NON ☐
- Bolsa de 52 horas/mensuais libre disposición do centro	SI ☐ NON ☐
- Bolsa de 78 horas/mensuais libre disposición do centro	SI ☐ NON ☐

Consideracións Xurídico-Administrativas:

Tense en conta tanto a Resolución 245/2016 a 281/2015 do Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuais, en canto á rectificación de erros materiais, aritméticos ou de feito, prevista no art. 105.2 da Lei 30/1992, do 26 de novembro (referencia esta que se pode entender feita na actualidade á Lei 39/2015 e normas complementarias), como a Xurisprudencia do TS, que acoutou con restritivo criterio o contorno da figura da rectificación de erros identificándoa con “aqueles casos cuxa corrección non implica un xuízo valorativo, nin esixe operacións de cualificación xurídica, por evidenciarse o erro directamente, ao deducirse con plena certeza do propio texto da resolución, sen necesidade de hipótese ou deducións”, ou ben “meras equivocacións elementais, que se aprecian de forma clara, patente, manifesta e ostensible, evidenciándose por si soas, sen que sexa preciso acudir a ulteriores razoamentos, nin a operacións valorativas ou aclaratorias sobre normas xurídicas”. Debe entenderse polo tanto que se trata dun mero erro ou equivocación elemental, de transcripción. dado que tanto na oferta da adxudicataria como no PCAP se acredita que a bolsa de horas para cada domingo é de dúas horas.



Estas resolucións sinalaban como posible solución, a utilización do cauce da rectificación de erros materiais, de feito ou aritméticos previsto, con carácter xeral, no artigo 105.2 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, e no artigo 75 do RGCAP (referencias estas que se poden entender feitas na actualidade á Lei 39/2015 e normas complementarias). Cabe citar, a estes efectos, os comentarios dispoñibles en <http://www.obcp.es>, no que analiza a oportunidade de sanear este tipo de erros.

Enténdese este erro como material por ser un erro patente, non sometido a opcións, non calificador de aspectos xurídicos, nin ser cuestionable por tratarse de cuestións opinables ou que esixen unha valoración xurídica. Se trata dun erro que, unha vez corrixido, non cambia o contido do acto administrativo no que se produciu o erro.

Dedúcese do conxunto de datos e antecedentes incorporados ao expediente e formúlase por razóns de claridade e transparencia.

O erro detectado cumpre coas esixencias fixadas pola xurisprudencia en relación co artigo 109.2 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, que co vixente artigo 105.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro. Trátase de un erro material, produto da transcripción de datos.

Por razóns de seguridade xurídica e transparencia e para que figure correctamente o dato no contrato a formalizar, é oportuno efectuar a rectificación.

Proponse que se inclúa este asunto na Xunta de Goberno de 24 de maio de 2019, con carácter de urgente, por detectarse o erro ao elaborar o documento de formalización do contrato e por asinarse o contrato na data de 24 de maio de 2019, sendo necesario procurar que exista coincidencia formal dos datos.”

Á vista do exposto propónse que pola Xunta de Goberno se adopten as seguintes resolucións:

1º.- Aprobar á rectificación do erro material (de transcripción) detectado no punto 2 do acordo de adxudicación da contratación de prestacións a persoas maiores, nos centros de atención de Trabada e Ribadeo. Lote 2: CAM Ribadeo.

Onde di:

“2º.- A empresa adxudicataria comprométese a executar o Lote 2- CAM Ribadeo, respectando o tipo máximo de licitación previsto no PCAP, cumprindo coas determinacións establecidas nos pregos de cláusulas administrativas, nos pregos de prescricións técnicas e na súa oferta, e coa seguinte oferta:

Lote 2- CAM Ribadeo: CLECE S.A.

OFERTA ECONÓMICA	
PRESTACIÓN RESIDENCIAL	
Persoa con Autonomía	31,04 €/dia
Persoa dependente	38,80 €/dia
FOMENTO CONTR. INDEFINIDA	59%
PLAN DE FORMACION	
HORAS	40 horas
CONTIDOS	2 accións
AXUDAS TÉCNICAS	2.000,00 euros
ACOMPANAMENTO E ACTIV.	
BOLSA HORAS SEMANAIS (L-V)	12,00
BOLSA HORAS DOMINGOS	3,00
BOLSA HORAS FESTIVOS	1,00
BOLSA LIBRE DISPOSICION	26,00
PRESTAC. COMPLEMENTARIAS	
PERRUQUERIA-BARBERIA 1 c/ 2 meses	-
PERRUQUERIA-BARBERIA 1 c/ mes	1,00
QUIROPODIA 1 c/2 meses	-
QUIROPODIA 1 c/ mes	1,00

(...)

Debe dicir:

“2º.- A empresa adxudicataria comprométese a executar o Lote 2- CAM Ribadeo, respectando o tipo máximo de licitación previsto no PCAP, cumprindo coas determinacións establecidas nos pregos de cláusulas administrativas, nos pregos de prescricións técnicas e na súa oferta, e coa seguinte oferta:



Lote 2- CAM Ribadeo: CLECE S.A.

OFERTA ECONÓMICA	
PRESTACIÓN RESIDENCIAL	
Persoa con Autonomía	31,04 €/día
Persoa dependente	38,80 €/día
FOMENTO CONTR. INDEFINIDA	59%
PLAN DE FORMACION	
HORAS	40 horas
CONTIDOS	2 accións
AXUDAS TÉCNICAS	2.000,00 euros
ACOMPANAMIENTO E ACTIV.	
BOLSA HORAS SEMANAIS (L-V)	12,00
BOLSA HORAS DOMINGOS	2,00
BOLSA HORAS FESTIVOS	1,00
BOLSA LIBRE DISPOSICION	26,00
PRESTAC. COMPLEMENTARIAS	
PERRUQUERIA-BARBERIA 1 c/ 2 meses	-
PERRUQUERIA-BARBERIA 1 c/ mes	1,00
QUIROPODIA 1 c/2 meses	-
QUIROPODIA 1 c/ mes	1,00

2º.- Aprobar a rectificación de erros con carácter urgente, xa que o erro detectouse ao elaborar o documento de formalización do contrato e o contrato asínase con data de 24 de maio de 2019, debendo procurar que exista coincidencia formal nas cifras”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

18.- ROGOS E PREGUNTAS REGULAMENTARIAMENTE FORMULADOS.

Non se formulan polos señores Deputados.

E non habendo máis asuntos de que tratar, o Presidente levanta a sesión, sendo as once horas e cincuenta minutos do día de referencia, de todo o cal eu, a Secretaria, certifico.